
ÁNGEL RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

Libro do Concello de Santiago (1416 - 1422)



GALLAECIAE MONUMENTA HISTORICA

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Libro do Concello de Santiago
(1416 - 1422)

ÁNGEL RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

Libro do Concello de Santiago (1216 - 1422)

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

GALLAECIAE
MONUMENTA
HISTORICA

Índice

12 INTRODUCIÓN

33 DOCUMENTOS

285 APÉNDICE

313 ÍNDICE DE CONTIDOS

369 ÍNDICES DE TEXTO

371 Introdución

373 Índice onomástico

411 Lugares e rúas de Santiago

415 Índice de materias

451 ÍNDICES DO APÉNDICE

453 Índice toponímico

461 Índice de materias

465 Índice onomástico

LIBRO DO CONCELLO DE SANTIAGO (1416 - 1422)

ÁNGEL RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

Introdución

Ángel Rodríguez González

Homenaxe á memoria de dona María de los Dolores de Cea Naharro y Rey, xa que gracias á súa comprensión e desinterese a cidade puido recupera-lo *Libro do Concello* que hoxe presentamos.

Coa publicación do *Libro do Concello de Santiago (1416-1422)* tratamos de contribuír a un mellor coñecemento de diversos aspectos da vida da cidade, aínda que desgraciadamente non en todos aqueles que puideran interesar ó historiador ou ó simple curioso da vida urbana compostelana nos derradeiros anos da Idade Media. Pero a pesar destas limitacións este Libro, único que se conserva no Arquivo Municipal escrito en galego, achega datos interesantes para ir cubrindo os grandes baleiros que aínda amosa a historia local e a de Galicia para ese período. Por outra parte coa publicación que ofrecemos complétase a alegría que nos produciu o feito da devolución da obra orixinal. E ademais remata o periplo itinerante dunha obra que estivo perdida arredor dun século e que sempre botaron de menos os estudiosos. Salvada dos incendios dos anos 1559 e 1761, sufridos polo Arquivo, cónstano-lo seu manexo polo Rexedor Don Bernardo de Millara, a mediados do século XVIII, para o seu libro manuscrito *Pertenencias de la Ciudad;* utilizouno amplamente Neira de Mosquera para as súas *Monografías de Santiago,* desaparecendo do fondo municipal e tendo tódolos autores posteriores que se ocuparon do século XV compostelano, que acudir ás noticias extractadas nesta obra. Así o fixeron: Vicetto, Barreiro Vázquez Varela, Pérez Costanti. En todos eles faise constalo lamentable de dita perda, sobre todo o Director de *Galicia Diplomática,* na súa revista (tomo I e tomo III) ocúpase do asunto, declarando que por máis dilixencias que fixera para encontralo con motivo do arranxo do Arquivo Municipal non o atopara, supoñendo que se prestara a algún curioso, e non se gardou a nota e recibo correspondentes en tales casos para a súa reclamación. No tomo III, pax. 18, no

artigo titulado: *El Primer Libro Capitular* fai referencia a que había 30 anos que a cidade posuía: *una joya histórica inapreciable, un códice de valor inmenso para Galicia, una crónica detallada, fiel, diaria, escrita en nuestra lengua gallega y durante seis años de aquel siglo XV tan sangriento y memorable en nuestro país y de aquel tan curioso como largo pontificado de Don Lope de Mendoza y hace siete años que hemos dado la noticia tristísima de su desaparición y pérdida.* Tiña a esperanza de refacer dalgunha maneira os documentos perdidos a través de preitos e o que conservaran os autores que o utilizaran. Á pregunta de como era posible que desaparecera, responde que non se pode conxecturar outra cousa *que se hubiera prestado a algún curioso, o fuese recogido por los herederos entre los papeles de algún regidor difunto, sin que se dejase en el Ayuntamiento la nota y recibo correspondiente. Todavía es posible que sea devuelto al Municipio, y nosotros suplicamos encarecidamente la restitución a aquellos que lo posean (ocultándolo de una manera nada honrosa y menos patriótica). Si son ricos deben hacer este espléndido regalo a la ciudad de Santiago; si son eruditos deben comprender que sólo en los archivos públicos tienen valor para la consulta los diplomas de este género, cuyas citas suelen acompañarse con la duda si permanecen ocultos en manos de particulares; y por si fueran pobres los que retienen el precioso libro capitular... rogamos al Excmo. Ayuntamiento lleve su celo y generosidad hasta el extremo de ofrecer algún premio por el hallazgo.*

A perda do libro acada carácter oficial con motivo do oficio que o 5 de marzo de 1909, dirixe o Gobernador Civil da Coruña, Don F. Crespo de Lara, ó alcalde de Santiago, Don Manuel Fuentes. No escrito dicíase: *Afirmándose en la segunda página, columna 4 del periódico titulado «El Correo Gallego» correspondiente al día 1º del actual, que se ignora el paradero del libro capitular del Concejo de esa Ciudad en que figuran las actas de las sesiones celebradas por el mismo en el siglo XV, sírvase manifestar si existe el Libro de Consistorios que comenzaba en 1502, según la nota que transcribe el Archivero Municipal.* O informe respondendo a este oficio foi emitido polo que daquela era o Arquiveiro do Concello, autor do artigo mencionado polo Gobernador, que deixou constancia do que opinaba da primeira autoridade provincial neste asunto nunha nota que figura na carpeta que contén o informe: *Una plancha del Gobernador.* No mesmo faise constar que o primeiro libro de consistorios existente no Arquivo Municipal é o que contén actas de 1502, fai referencia a *la incuria y el abandono de nuestros municipios respeto a custodia municipal* e dá as noticias coñecidas sobre a existencia do *Libro do Concello* e a súa desapari-

ción baseándose no dito por Barreiro Vázquez Varela. Así seguiron as cousas ata que no 1967, estando eu á fronte do Arquivo Municipal de Santiago, ó que acudía a miúdo dona María de los Dolores de Cea Naharro Rey interesada daquela pola figura de Neira de Mosquera e polos escudos dos municipios galegos, comunicoume que encontrara un manuscrito que, examinado debidamente, levounos á conclusión de que se trataba do *Libro do Concello*, do que tanto proveito tirara o autor citado. Desde o primeiro momento mostrouse a señora Cea disposta a devolve-lo manuscrito á cidade de Santiago á que pertencera. Desinteresadamente así o fixo o día 20 de marzo e na acta do Pleno do día 21, o alcalde don Francisco Lopez Carballo informou que recibira a Sra. Cea e mais o seu esposo Sr. Pintos Castro *los cuales dando muestras y haciendo gala de un gran cariño a la ciudad, hicieron entrega al alcalde del primer Libro de Actas del Concejo de Santiago correspondiente a los años de 1416-1422. Esta Alcaldía quiere destacar la importancia extraordinaria de este Libro, no sólo por lo que respecta a su significación para la historia de Santiago sino también para la de Galicia. Solicita, por tanto que conste en acta el agradecimiento de la Corporación a doña María de los Dolores de Cea Naharro y Rey y su esposo don Roberto Pintos Castro por su generoso gesto...* A Corporación Municipal, por unanimidade así o acordou. Deste xeito terminaba a peripecia itinerante deste fillo pródigo que definitivamente volvía á súa casa de onde nunca debeu saír. Dábase fin á especie de sebastianismo que se formara arredor súa.

Rexeitando a miña idea de que fixeramos xuntos a transcrición, alegando por unha parte a dificultade que para ela ofrecía a lectura do texto e por outra a urxencia dos devanditos traballos ós que estaba entregada, dediqueime á tarefa que hoxe felizmente remata coa súa publicación e que quixera servise de homenaxe persoal ó matrimonio Pintos Cea.

Como apéndice a esta edición engadimos 30 folios que sobre a cidade de Santiago existen na Biblioteca da *Real Academia de la Historia* de Madrid, que a pesar de que se dedican a temas rutinarios e ás veces monótonos, cremos serven para completa-lo cadro que recolle o resto do *Libro do Concello*.

O códice mide 326 m/m x 235 m/m de ancho. O lombo mide 35m/m de ancho e presenta tres nervios, dous dos cales están reforzados con grosas tiras de coiro de aproximadamente 48x35 m/m.

O pergameo utilizado na encadernación esta moi deteriodado, o mesmo que os debuxos da tapa e a contratapa.

A tapa, que presenta na parte superior o debuxo dun cabaleiro —posiblemente a figura de Santiago Matamouros—, e na inferior o escudo do Arcebispo don Lope de Mendoza, está rota polas esquinas. No reverso da tapa escribiuse o primeiro documento do *Libro do Concello*, a carta de vecindade.

A contratapa mide 340 m/m de ancho e prégase sobre a tapa. Vense os restos dun cordón que serviría para cerra-lo libro, ben cun broche ou ben cun nó. Consérvanse tamén as trazas dun escudo de difícil identificación; na parte superior aprécianse restos de tinta vermella e verde con finalidade descoñecida.

O *Libro do Concello de Santiago* está formado por oito caderniños: dous quinións, cinco senios e un cuaternión[1].

Os dous primeiros cadernos, cosidos entre si, actualmente están desprendidos do corpo do libro. O seu deterioro é patente, especialmente nas esquinas.

O pergameo dos cadernos é de corte irregular e de diferentes calidades; sen embargo, os últimos fascículos presentan unha factura máis regular.

Hai cadernos de papel que se coseron ós folios do pergameo, algúns desapareceron, apreciándose restos de fío e as puntadas na marxe dereita das páxinas correspondentes[2].

A numeración en letra e non en número está escrita en castelán cun tipo de letra diferente, posiblemente do século XVIII. Os erros de foliación débense á desaparición dalgunhas follas de papel ou a que outras de pergameo foron cosidas nunha orde incorrecta.

A escritura do *Libro do Concello de Santiago* é unha cortesana inicial de trazos sinxelos mais non exenta de certo sentido decorativo. Especialmente destacable é a regularidade de tódolos seus trazos; as formas cadradas e redondas son claramente perceptibles e manteñen a escritura nunha semicursividade moi lexible, a pesar dos envolventes característicos desta etapa, as palabras non se ven partidas como ocorre na cortesana plena.

---

[1] Os caderniños están formados por diferente número de follas, unha folla dobrada sobre si mesma recibe o nome de bifolio ou binión. Un cuaternión está formado por catro bifolios, un quinión por cinco e un senio por seis. Estes últimos atópanse raras veces nos códices, sendo o *Libro do Concello* un destes casos.

[2] Consérvanse cosidos ó pergameo os folios 63 ó 66 (unidos ó 67) e o 76 (unido ó 75). Desapareceron os folios 49 ó 51 e o 80. Outro prego de papel debeu estar cosido ó folio 68 pero desapareceu antes de que se numeraran os folios.

A publicación dos índices de persoas, lugares e materias, así como a *Regesta* dos asuntos tratados nas reunións do Concello, dispénsanos de facer un comentario amplo do contido do Libro que presentamos. Sen embargo queremos chama-la atención sobre algúns dos aspectos da cidade no breve espacio de tempo, seis anos, que comprende.

A cidade de Santiago preséntasenos rodeada das murallas herdadas da época anterior que, non sendo lixeiras modificacións, van perdurar ata a súa desaparición, e aínda que non teñen primordialmente un valor defensivo fronte ós inimigos estraños, serve, sen embargo, para sinalar claramente os límites da xurisdicción do Concello, os privilexios dos que residen no seu interior, e mesmo serán testemuñas das violentas sacudidas da loita señorial. Procúrase que a cerca estea libre dos aditamentos que anulasen o seu valor defensivo. Por eso o 7 de decembro de1416, tendo en conta que o Concello ordenara a demolición dunhas casas do mercador Gil Pérez, edificadas e levantadas entre as que habitaba o alfaiate Fernando Martínez e outras do mesmo Gil Pérez, que se atopaban a carón da muralla da cidade, perto da porta de Mazarelas, nas que vivia o zapateiro Juan de Melide; a razón do derrubamento era para *aver andameo e cerqua da dita cidade seguro que o agora han*. A cambio déuselle ó citado Gil Pérez, na pura e libre doazón e iur de herdade, un terreo na praza de Mazarelas, que limitaba coa casa do caldereiro Diego de Ferreiro, e coa rúa que sae da dita porta contra a de Mazarelas, onde se podía construír unha casa. Obedecendo ordes do arcebispo, don Lope de Mendoza, cando saíu da cidade, o Concello dispuxo que só se abrisen as portas do Camiño, da Pena, Trindade, Faxeira, Mazarelas, e que as demais portas e poxigos fosen pechadas, correndo o gasto que ocasionase, ó cargo do Concello. O 15 de marzo de 1419 fixeron preito homenaxe polas chaves das portas, Juan de Mazarelas pola de San Francisco; Juan Ares da Cana, pola da Mámoa; Juan Raposo pola de Trindade. Na porta e torre do Camiño, quitouse o preito homenaxe que por elas tiña feito, a Esteban Rodríguez Varela quen entregou as chaves ó seu fillo Pedro Varela, xuíz de Luou, e que quedaron nas mans de Vasco Troco, alcalde, quen fixo por elas o conseguinte preito homenaxe. Quitouse o da porta e torre de Mazarelas a Aras Pérez da Cana e entregáronllas a Vasco Pérez Abril. O mesmo día ordenouse ós procuradores que *adubasen e fezesen adubar e apostar as portas da dita çidade de aquelo que lles fezese mester.* O 1 de decembro ordenouse que se reparase a subida que estaba entre a porta do Camiño e o poxigo da Algalia, porque estaba nalgunhas partes

derrubada, e ordenouse o mesmo respecto a outro pedazo de cerca que caera en Baldomar. Un ano despois, o 30 de decembro ordenouse o amaño de *as gardas da fichadura* da porta de Mazarelas e que se restaurase o tellado desta torre, aposta-las portas da Algalia de Arriba e o poxigo de S. Francisco. O 17 de marzo do 1421 mandouse apostar e endereita-las portas da cidade das *fechaduras e ferrellos e palmelas e pedra e madeira,* que se precisara, e que estivesen abertas as portas do Camiño, Mazarelas, Faxeira e Trindade, e que puxesen gardas nelas, e que as outras portas estivesen pechadas. O 26 de decembro do 1421 ordenouse cerra-las portas, e que unha vez efectuada a medida, que o alcalde ordenase pregoar que ninguén ousara abrilas sen orde do Concello.

Escasas referencias nos dá o Libro das numerosas rúas que xa daquela formaban o entretecido urbano que unía as diferentes portas da cidade. Noméanse, sen embargo, as colacións ou parroquias, que á parte da súa función de coidado das almas, eran células fundamentais no goberno da cidade xa que tomaban parte na redacción do padrón de recadación das cantidades que figuraban nos repartimentos. As que se nomean son as de San Xoán Apóstolo, San Xoán Bautista, San Bieito, San Miguel, Sta. María do Camiño, San Fiz, Santa María Salomé, Santo Andrés, Santa Susana, San Fructuoso. Ó se crear no ano 1418 a Irmandade, ó lado dos alcaldes da Irmandade figuran catro cuadrilleiros por cada unha das devanditas parroquias. Non hai referencias á vida relixiosa, máis que as que nos falan do pagamento de 180 maravedís que recibía o racioneiro de Santiago Afonso Lourenzo, como capelán da capela dos Reis, *que chaman Santa Catalina que he sita enna iglesia de Santiago.* O pagamento facíase nos marcos que o Rei tiña anualmente na cidade. Tamén existía unha relación cordial do Concello coa Orde de San Domingos. O 13 de setembro do 1417 o Concello acordou conceder 300 maravedís, tendo en conta que ó presente íase celebrar Capítulo Xeral no mosteiro de San Domingos, para o cal o convento do dito mosteiro ía ter grandes *custas y expensas* para os frades que viñan a este Capítulo, polo que o Concello, *por amor de Dios y por compensación da dicha orden y por lo boo debido que os da dita çidade avian con o convento do dito mosteiro et doctores et fraires del et porque tiñan ende suas sepulturas.* A entrega do diñeiro fíxose de contado. E aínda existe outra proba dese afecto ó devandito convento: consta nos anos 1419 e 1420, que o Concello *por haçer graça, ayuda e boa obra* ó prior do convento, acordou que María Franca ou Franqueira, panadeira do citado convento non pagase o que lle correspondera

no repartimento e renda, e que esa cantidade se considerase errada. López Ferreiro recordounos, entre as moitas obras realizadas polo arcebispo Don Lope de Mendoza, a reparación de fontes. Hai no *Libro do Concello* unha referencia concreta sobre o interese do prelado pola subministración da auga á cidade. Por outra parte de todos é coñecido o interese que, alomenos desde Xelmírez, amosaron os arcebispos por este asunto tan importante para unha cidade que acollía no seu seo numerosa poboación. O 11 de xuño de 1417 deuse lectura no Concello a unha carta de Don Lope, datada o 1 do dito mes, na que dicía que fixeran relación de que algúns veciños e moradores da cidade rompían os canos do conducto da auga que viña para a pía que estaba na *Rua do Canpo,* e que *la echan e desvian por sus huertas e por otras partes por manera que la dicha agua no viene conplidamente a la dicha pila segund avia de venir,* e resolto a procurar solucións ordenaba que ninguén ousara rompe-los canos, nin tomara a auga, nin a desviara para as casas, herdades nin hortas e que debían deixar que a auga marchase directamente polos canos que agora tiñan para chegar á pía do Campo, castigando coa perda da casa, herdade ou horta a quen desviara a auga. A cantidade que se sacase desa confiscación dedicaríase para o arranxo da muralla. Ese mesmo día acordouse destinar 200 maravedís para trae-la auga á fonte da Rúa do Campo. Aínda merece esta fonte a atención do Concello, xa que o 1 de xullo do 1418, Mayor Aras, muller de Nuño Fernández, xurado que fora da cidade, prometeu no seu nome e no das súas voces, desde este mesmo día e para sempre, que os canos que traían a auga á praza do Campo estarían gardados e reparados de tal xeito que a auga que viña por eles ós tornos da dita praza non sufriran estrago ningún co obxecto de que os veciños e moradores da cidade puidesen aproveitarse da auga. Os gastos correrían á súa conta. A razón desto estaba en que o Concello concedéralle que a auga que saíse da pía da fonte podía levala a través da Rúa dos Ferreiros ata o agro da súa propiedade chamado de Nuño, que estaba *so a porta da Mamoa.* Por concesión do arcebispo ninguén podía facer uso da auga que a través deses canos ía ó antedito agro.

Non coñecémo-lo número de habitantes que tiña a cidade nos anos que comentamos. O que si sabemos é a posesión de diversos privilexios dos que gozaban os veciños e moradores da cidade; privilexios obtidos logo dun tenaz e continuo enfrontamento co seu señor, o prelado compostelano. Naturalmente que tamén estaban obrigados a contribuír ó sustento dos servicios debidos ó monarca e ó señor, dereitos e obrigacións que se perdían no momento en que se deixaba de ser veciño e morador,

tal como confirmamos co ocorrido a Leonor Jácome á que lle puxeran un imposto de 16 maravedís e que fai valer que xa non era moradora da cidade porque agora residía no mosteiro de Conxo. Diante desto o Concello acordou que non pagase a cantidade sinalada e que esta fose repartida entre os moradores da colación á que ata ese momento pertencera a recorrente. O mesmo ocorreu con Alfonso Rodríguez, morador na cidade de Santiago, que alegaba que el ata entón fora veciño dela e pagara o que se lle repartira en rendas e tallas, como o fan os veciños, pero agora *por algunas rasoes que a elo movían, que el de aqui endeante non entendía faser vesinança algua enna dita idade, nen gosar dos privillejos e libertades de que gosavan os outros vesiños da dita çidade e por ende que se lançava e lançou da vesinança e que protestava que de aquí endeante fose repartido en alguu maravedi que non fose obligado.* Outras veces ocorre que por circunstancias concretas rógase a determinadas persoas que baixo certas avantaxes viñesen residir á cidade, como é o caso do mestre Fernando, cirurxián. Ás veces tentábase atraer a persoas estranxeiras, como se deduce na sesión do 7 de xuño de 1420, na que o Concello acordou, que por canto Oliver Morin, bretón, *bulseiro,* e a súa muller, había pouco tempo que viñeran vivir na cidade, os licitadores da renda da colación de San Xoán Bautista, onde foran morar, repartírono na mesma *porque os estranjeiros que se viinan o quisesen viinr morar a a dita cidade avian de aver boa compañia e gasallado e no seeran agraviados,* non pagasen a renda na que foran postos nin pagasen as fallas nin refallas correspondentes á devandita renda e que se cargase todo sobre os moradores da citada colación. Non quere esto dicir que o estranxeiro estivera fóra de todo control, xa que o 16 de xullo de 1418, o pregoeiro declaraba que fixera o pregón da orde do arcebispo sobre que calquera veciño ou outra persoa moradora na cidade que recibira na súa casa ou na súa pousada *ome que seia estrangeiro* e dese estranxeiro facer algún mal ou dano tanto de noite como de día, o veciño ou persoa que a recibira *seja tiudo de pagar e emendar o dano ou malfeytoria que asy feser a tal persona que el acolleu en sua casa e pousada.*

Medida de transcendencia política foi a ratificación, como veciño, de Rui Sánchez de Moscoso. O 27 de xuño de 1421, coa presencia, ademais de alcaldes, rexedores, homes bos e hua arte da comunidade e vigarios das confrarias da dita çidade *ratificaron a dito Rui Sanchez de Moscoso a vecindade da cidade para que* fose dela vesiño, segundo e enna maneira que o era Bernald Yanes do Capo, a quen Deus perdone, e gosase dos privilegios e libertades de que gosavan os outros vesiños da dita çidade. E o dito Rui Sanches diso que asi o reçebia e prometeu de ajudar e defen-

der e gardar en quanto seu poder fose ao dito Concello, alcalldes e regidores e jurados e comunidades e vesiños os e moradores da dita çidade e a seus lavradores e omes aa boa fe e sen mao engano e que eso mesmo os ajudaria a gardar, teer e conprir os pleitos e omenajees que avian feitos e fizesen a noso señor el rey e ao señor arçobispo de Santiago e a cada uun deles. *Chama a atención non só a concesión da veciñanza senón as mesmas palabras do interesado, que non se caracterizou durante a súa vida precisamente polo respecto ó prelado.*

Entre os privilexios concedidos ós veciños de Santiago destacan, pola súa transcendencia económica, os referentes ó tránsito comercial. Por eso é de sinala-lo dado por Enrique II e confirmado polos seus sucesores, para o período que estudiamos, por Juan II o 22 de febreiro de 1420, concedendo ós veciños e moradores a exención de portádegos e peaxes en toda cidade, vila e lugar do reino, das mercadorías que trouxesen ou levasen a Santiago. Outro dos privilexios significativos a este respecto foi o dado por Juan II o 5 de marzo de 1419 polo que ordenaba que ningún cidadán de Santiago puidese ser peñorado nin embargado por débedas que o Concello debese a outro, e que só o podían ser por débedas ou fiadurías propias e sempre despois de seren oídos. Deuse a coñecer este privilexio ó Adiantado Maior de Galicia García Fernández Sarmiento e ó Conde de Trastámara, don Fadrique, tío do monarca. Aconteceran diversos casos do tipo que alí se sinalaban. Por exemplo, no Ribeiro, lugar onde Santiago tiña intereses e sobre o cal o 26 de marzo de 1418, o Concello fixo consta-la súa protesta polo embargo feito a algúns veciños por mandato do meiriño do Adiantado Maior de Galicia, e acordouse sinalar unha cantidade para que se fixese chega-la carta do Arcebispo contra a medida e para o salario do escribán que redactara dita misiva. Uns días despois o problema presentábase co mesmo Adiantado que embargara a veciños de Santiago co motivo de que o Concello desta cidade non lle pagara o importe do xantar que recibía por concesión do Rei. O 3 de marzo de 1421 o Conde de Arjona, en carta do 20 de febreiro, ratifica o seguro ós mercadores de Santiago en todo o territorio dos seus estados, pregando a Rui Sánchez de Moscoso que fixera respecta-lo seguro a eses mercadores de xeito *que los dichos mercadores de la dicha çibdat e sus onbres e bienes fuesen e sean seguros e puedan andar libremente e sen repelo alguno a buscar su vida e usar de sus mercadorias segundo que lo han de costunbre.* Xa o 18 de xaneiro dese mesmo ano, Dona Constanza, filla do Conde Don Pedro responde á carta que lle dirixira o Concello na que asegura que a intención do seu irmán non era a

de facer mal ós veciños de Santiago nin a ninguén, senón que pola contra era a de defendelos e honralos, asegurando que podían circular coas súas mercadorías polo territorio do condado: *non ajardes medo que vos ninhun faça mal nen daño* e que a intención do seu irmán era e fora de *os camiños andaren seguros e de vos defender a vos e a los outros que queran buscar sua vida e por ende non avedes de duldar de yrdes buscar vosas vidas por todo seu condado.* Sobre embargos no Ribeiro temos outra noticia correspondente ó 11 de marzo de 1419 pola que sabemos que Nuño González de Vilariño, escudeiro do Adiantado, apresara a Vasco Fernández de Piloño, veciño de Santiago, e tomáralle as bestas e o viño que tiña na cidade de Ourense polos maravedís do xantar do rei correspondente a este ano, maravedís que tiña o Adiantado por mercede do monarca, e que aquel traspasara ó seu escudeiro. O Concello para evitar máis problemas ordenou ós procuradores que de calquera cantidade que se recadase, fixérase efectivo os 720 maravedís do xantar.

Capítulo importante na vida da cidade é o referente ó abastecemento, sobre todo se se ten en conta que esta cidade é un centro importante de peregrinación. Noutro lugar estudiámo-lo abastecemento de Santiago ata o primeiro cuarto do século XVI, agora só queremos chama-la atención dos esforzos do Concello para asegurar este abastecemento e a garantía de que o consumidor non ía ser enganado á hora de merca-los productos, tanto no relativo á súa calidade como á cantidade. De aí as Ordenanzas sobre pesos e medidas. Todo vendedor tiña a obriga *de facer conçertar todas las medidas y pesos de pan y de vino y de carne* y *de aceite, porque de aqui endeante usen delas ben e verdadeiramente*. Importante polo representativa no aspecto do abastecemento é a Ordenanza do 12 de novembro de 1417, na que tendo en conta que era *feito e ordenado en proveyto da dita çidade e dos veçiños e moradores dela e procomun e porque a dita cidade se mantiiña de acarreo e os vesiños dela, que agora eran e fosen daqui endeante, e esto mesmo os romeus e estranjeiros que a ela viiñan a vesitar o corpo do apostolo señor Santiago, e outras quasquer personas que a ela viñan e veesen, ouvesen egual mercado das cousas que enna dita çidade se vendesen e venesen a vender, que acordavan e acordaron de poner regimento e regla enas ditas vendiçoes que se ende conpraren e vendesen, en maneira que aquelas personas que as vendesen non encargasen suas conciencias por los vender por mais contias das que devian e ouvesen ganancia comunal, e as personas que taes vendiçoes ouvesen de conprar non pagasen nen lles fose demandado mais contías de maravedís que aquelas que de bon gisado e rason devian pagar.* Salva-la conciencia dos vendedores e pro-

texer ó comprador, era sen dubida o principal para o Concello, pero para nós significa o coñecemento da variedade dos productos alimenticios que concorrían á praza de Santiago, con abundancia e variedade de peixes, que facían da cidade, como algún autor sinalou, o mellor porto de Galicia, capaz de se enfrontar ás necesidades creadas pola abstinencia de carne a que estaba suxeito o home medieval. Fálase dos prezos dos productos de alimentos, ferraduras, zapatos para homes e mulleres e nenos, e do xornal de carpinteiros e pedreiros, considerándose para estes salarios o período que ía desde o 15 de outubro ó 15 de marzo e desde este día deica o 15 de outubro: 4 maravedís para o primeiro e 5 para o segundo, sen dúbida debido á maior duración do horario no período de maior permanencia da luz natural.

Repítese a proclamación da Ordenanza do 11 de febreiro de 1418, ampliando a referencia a productos que non figuraban na anterior.

En realidade pode dicirse que os productos que ó longo da historia de Santiago foron obxecto dunha meirande atención, foron o peixe, a carne e mailo viño. Deste atopamos algunha referencia que confirma o que dicimos. En xaneiro de 1418, dáse un cambio no desempeño da fialdade do vino, poñendo tres fieis en vez de dous, e entre as razóns que se daban constaba: *porque a dita çidade viina todo o viño de carreto por moytas e diversas portas e era dificile de gardar e escrivir o dito viño a dous fiees.* Con esto parece que tamén se quería eliminar intermediarios e nomear na fieldade a persoas solventes economicamente: mercadores ou cambiadores. O que si fai esta noticia é botar por terra o monopolio que para a porta de Mazarelas sinala o Calixtino.

Para quen queira facer un estudio da relación prezos e salarios amais do pouco que ofrecen estas Ordenanzas deberá acudir ó que puideramos chamar presuposto municipal, ás contas dos procuradores, nas que se daba noticia do pagado ós servidores do Concello, alcaldes, procuradores, notarios, pagamentos por servicios, dietas de viaxe, copia de documentos, seguimentos de preitos, construcción do *rollo,* custo de arranxos, etc.

A lectura do *Libro do Concello* ofréceno-la visión da variada composición dos habitantes da cidade, adicados a diversas actividades laborais, que podemos ver expresadas no Índice que acompaña a nosa edición. Agrupados en confrarías, lograron ás veces ter un papel importante no goberno da cidade, asistindo os seus representantes como compoñentes do mesmo e como forzas de presión na pugna co Arcebispo en momentos conflictivos. No concello celebrado o 14 de outubro

do ano 1418 fanse indicacións sobre a Ordenanza, dada polo arcebispo Don Lope de Mendoza, para os *oulives,* na que se prohibía ter forxas nas súas casas, nin en ningures non sendo nas tendas e postos de costume. Interesante reunión tiveron as confrarías representadas polos seus vigairos na reunión celebrada na igrexa de San Fiz de Solovio o 5 de agosto de 1421. Alí encontrábanse os representantes das confrarías de zapateiros, carniceiros, peleteiros, xastres, mercadores, ferreiros, pedreiros e carpinteiros, silleiros e a confraría de San Sebastián. Na reunión tomáronse acordos para garanti-los gastos que se ocasionasen por mor das pretensións destas confrarías na Corte. Aínda que non figura nesa reunión, hai que menciona-la confraría do Cirial ou San Ildefonso, que estaba constituída polos cambiadores, a moitos dos cales vémolos desempeñando actividades na vida política.

No que respecta ó goberno da cidade, o *Libro do Concello*, é a peza fundamental utilizada en primeiro lugar por Neira de Mosquera e despois, recollendo as súas noticias e ampliándoas con outras aportacións documentais, por López Ferreiro. A importancia do esquema acrecéntase en canto hai que ter presente que o modelo municipal de Santiago serviu para moitas das vilas que formaron parte da Terra de Santiago. Atopámonos coa presencia de dous alcaldes segrares elixidos polo procedemento dos cobrados polo Arcebispo, señor da cidade, polo espacio dun ano, coas atribucións de administrar xustiza e todo o que se relacionaba co goberno da mesma. Unha vez nomeados polo prelado os alcaldes ou xustizas facían o obrigado xuramento de que eles *bien e verdadeiramente husarian do dito officio de alcaldia e gardarian serviço de noso señor el rey e do dito señor arçobispo e de su Iglesia de Santiago e obedeçerian suas cartas e mandado e harian prol e onrra da dita çidade e visiños dela e gardarian dereito e justiçia ao grande e ao menor. No 1420 dicíase que amarian prol e onrra da dita çidade e visiños e moradores dela*. O cargo estaba dotado dun salario e o importe das dereituras correspondentes ó período en que o exercían, dándoselles tres meses despois do seu cesamento para que presentasen a lista do contido de tales dereitos.

Cando se trataba no Concello de asuntos económicos de interese para toda a comunidade, caso das Ordenanzas e establecemento de prezos, era obrigatoria a concorrencia dos chamados alcaldes ou xustizas eclesiásticas nomeadas polo Cabido. A súa ausencia invalidaba os acordos aprobados sobre ditos asuntos. Outro elemento a ter en conta na organización municipal, ademais dos rexedores, eran os homes boos, *dos que, no caso que estudiamos, aparece unha referencia no concello de febreiro do 1417 na que se di:* por quanto noso señor o arçobispo de Santiago avia dado regimiento de

como se regese esta sua çidade, e entre outras contiudas eno dito regemento e ordenança por el feita sobre la dita rason avia mandado que o dito conçello, justicias e jurados elegisen en cada un año seis homes boos, vesiños por parte da comunidade ao repartir e derramar alguas rendas ou maravedís quando se ouvesen de repartir e derramar enna dita cidade. *E no nomeamento de febreiro do 1420, engádese a de toma-las contas ós procuradores do Concello e* a otro cualquiera persona que la tuviesen que dar a dicho Conçejo.

Deixando ós rexedores ocupámonos dos procuradores. Eran nomeados polo Concello para o prazo dun ano. Eran dous e dábaselles poder para que puidesen demandar e recibir tódalas *contias de moravedis que en este año fosen postos e lançados e repartidos enna dita çidade, asy de rendas como de enprestitos o en outra qualquer maneira e todas las outras contias de moravedis que fosen devidas ao dito Concello e geeralmente en todos los outros pleitos do dito Conçello e negocios movidos o por mover e para dar carta o cartas de pago do que reçebesen.* Sinalábaselles un salario e eximíaselles do pagamento de impostos durante o tempo da súa procaduría. Ás veces houbo necesidade de revogar algún nomeamento, como ocorreu en agosto de 1416 con García Rodríguez, que era *fraquo e jasia en cama* de xeito que non podía exerce-lo oficio por *la dolor que lle requesçera.* Outras veces vese claro un enfrontamento cos vigairos das confrarías, cando estas logran intervir no goberno da cidade chamando a atención as numerosas gratificacións e exencións que o Concello concedía. Ó remate da súa procaduría tomábaselles conta da súa xestión. A lectura destas contas dánolo presuposto dos ingresos e gastos da cidade con todo detalle, o que significa un coñecemento das diversas actividades que constituían a vida cotiá da cidade. Abonda, por exemplo, con examina-lo concello do 19 de xuño do 1419 para dármonos conta desto. Consta nel a totalidade do importe dos repartimentos que se facían sobre os compostelanos para facer fronte ás necesidades da cidade, comprendido o servicio do monarca e arcebispo, o pagamento do importe dos preitos que o Concello se vía obrigado para o sostenemento dos seus privilexios postos en dúbida polos seus contradictores, o amaño das portas e murallas, copia de escrituras, viaxes á Corte ou á residencia do Arcebispo cando este estaba ausente, o soldo dos funcionarios desde o dos alcaldes, procuradores, notarios, escribáns, cirurxián, pregoeiro, reloxeiro, verdugo e outros. A presencia do crego Juan de Boado, armador do reloxio situado na catedral, pero coidado polo Concello, salienta o aspecto da actividade mercantil e artesanal, que como puxo de manifesto Le Goff, necesitaba medir doutra

maneira o tempo urbano, máis complexo e refinado có simple da campiña medido polas campás. Tamén en Compostela *el mercader cristiano retiene el tiempo de la Iglesia como otro horizonte de su existencia. El tiempo donde se desenvuelve profesionalmente no es en el que vive religiosamente.*

En canto á preocupación pola presencia dun cirurxián, nada ten de estraño tendo en conta a frecuencia das epidemias, algunhas das cales, aínda que as testemuñas escasean, debeu facer presa profunda nunha cidade acolledora de xentes de tan variadas procedencias con motivo das peregrinacións e do atractivo que pola súa riqueza podía presentar. Así atopámo-lo acordo tomado polo Concello o 17 de decembro de 1417 en proveito do común, rogando ó mestre Fernando, da Coruña, cirurxián, que viñese morar a Santiago, porque na cidade non había cirurxián ningún, ofrecéndolle o salario anual que se lle dera ó mestre Fernando de Sevilla *a quien Dios perdone,* que aceptara establecerse en Santiago polo soldo de 150 maravedís, exención de impostos e repartimentos e exención de apousentar na súa casa hóspede algún. Nos cargos dos procuradores figura a nómina do cirurxián. Con respecto á saúde chámano-la atención outro acordo da mesma data que o anterior no que visto que na cidade non había máis ca un *canpeeiro* e era necesario outro que o axudase a enterra-los corpos dos finados, acordouse nomear para este cargo a Rui Mouriño de la Peña, por consideralo idóneo para o desempeño desa misión, polo que se lle exoneraba dos impostos e repartimentos e de acoller hóspedes na casa. Non sabemos se esta medida foi necesaria polo aumento das mortes na cidade debido á existencia dunha epidemia para nós descoñecida, porque non cremos teña que ver co clima de intranquilidade e violencia que puidese existir daquela e que daría como resultado a formación da Irmandade de 1418.

No tema pouco atractivo da morte, atopámonos coa nova da elección como verdugo, o 23 de outubro de 1416, do carniceiro Afonso da Cana, quen se comprometía, como servente do Concello, a realizar tales funcións de maneira que el persoalmente, ou por outro *faça e cunpla o que mandaren as ditas justiças ennos homes e molleres que eles prenderen ou mandaren prender e foren presos e postos enna cadea do conçello desta dita idade enforcando e açoutando ou degolando ou deçepando aquelas personas que foren sentenciadas enna dita cadea por los alcaldes.* Obrigábase a residir *para usar do dito oficio e que me non encorra nen absente a outras partes nen me poño en iglesia nen en moesteiro nen en outro lugar alguo coutado ou privilegiado nen en poder de cavaleiro nen escudeiro, dona nen donzela, nen de outra, nen de outra persona*

algua poderosa que me anparen e defendan que non use de dito oficio. E se por la Ventura me ausentar e fezer o contrario, obligome de susumir por meu corpo e bees aquela pena ou penas que a persona ou personas que eu avia de justiçar por mandato dos ditos alcaldes e mereçian aver e padeçer e non posa sobrelo nen sobre parte delo dizer nen alegar leis nen dereitos. O soldo que se lle atribúe é alto en relación ó doutros serventes ademais de gozar das exencións dos serventes de tal oficio. Ofréceselle o cargo de pregoeiro se o que no momento o exercía falecese antes que Afonso da Cana, *pero con condiçion que non leixedes nen vos escusedes nen posades escusar de usar do dito ofiçio de justifiçaro os malfeytores julgados segundo dito he...* En relación coa execución da xustiza está a noticia que aparece no concello do día 15 de maio de 1417, en que se declara ter recibido unha carta do arcebispo na que se dicía que en Santiago non había un lugar onde se executara a xustiza, polo que mandaba construír no monte Ouriz un *rollo,* segundo existían noutras cidades do Reino, para o que ordenara ós pedreiros e carpinteiros da cidade e o seu *Xiro,* tanto ós que eran oficiais da Igrexa como ós que non o eran, que cada un deles dera para axuda da devandita obra dous días de labor, sen levar por esto salario algún, e que o Concello puxese tódalas demais cousas que se precisaren. O Concello acordou dar certa cantidade para o pagamento dos operarios e para o que fose necesario.

A seguridade dos presos estaba nas mans do mordomo, designado polo arcebispo. No período que nos ocupa, o cargo estaba desempeñado por Bernal Yáñez, que nomeara como delegado seu a Juan Pica e máis tarde a Pedro Gómez de Sequelo. Era obriga te-la cadea, gardar ós presos, face-las entregas, remates e execución. Non sabémo-lo que ocorreu con Juan Pica, ó que o 29 de marzo do 1418 déronselle 40 maravedís, para a súa despensa, con obxecto de que fose a terra de Rui Sanchez de Moscoso a *sacar pesquisa,* xunto ó mordomo deste, sobre a razón dos labregos que algúns veciños do Concello de Santiago tiñan naquela terra, ós que mandara repartir certa cantidade por razón do pedido do monarca e especialmente os correspondentes ó ano de 1411. O 22 de novembro de 1418 encontramos os alcaldes da cidade na casa de Juan Pica, na presencia da muller deste, Constanza Fernández, á que lle preguntaron que fora de Lopo de Graval, que *fuera preso en cadea e posto en poder de Juan Pica,* como mordomo da cidade. A muller contestou que o preso fuxira da cadea e á pregunta sobre o paradeiro do seu marido, contestou Constanza que fora na procura do fuxido para, de atopalo, devolvelo á cadea. Os alcaldes fixeron constar que foran requeridos por Gomez de Rial, acusador de Lopo de

Graval, e que fuxido este non podían celebra-la audiencia. A ausencia de Juan Pica aínda non está explicada o 1 de decembro do mesmo ano, xa que ese día Bernal Yáñez, notificaba que el tiña o mordomado da cidade por mercede do arcebispo don Lopo de Mendoza, coas rendas e dereituras correspondentes, e que diante da ausencia de Juan Pica nomeaba para o cargo a Pedro Gómez de Ciquelo, criado de Martín de Santiago. Este prestou o xuramento o mesmo día. A súa presencia no cargo durou pouco porque o 5 de xullo de 1419, volve xurdi-la cuestión de que non había mordomo que levase a cabo a garda dos presos e outras obrigacións do mesmo, polo que ordenaron ós procuradores para que requerisen a Bernal Yáñez que nomease a persoa que ocuparía o cargo. Non sabemos en quen recaeu o nomeamento, pero o 28 de outubro de 1420 desempeñábao un Gonzalo Serpe. Con esa data o Concello tomou o seu acordo, no enfrontamento existente entre o devandito mordomo e os serventes xurados do Concello sobre as dereituras e maravedís que debían de goza-los moradores de fóra da cidade. Este enfrontamento acadara certa gravidade *enferiendose e chagando huus aos outros.* Da discusión parece que quedou claro que os dereitos do mordomo concretábanse tan só nos dos veciños e moradores da cidade, mentras que ós serventes xurados cobrarían os correspondentes ós que vivían fóra da mesma. O último mordomo que se cita, o 22 de maio do 1422, é Fernan Juliate, ó que toma xuramento o alcalde Juan Fernandez Abril, o que significa unha variación no sistema. Probablemente o servente máis nomeado ó longo do *Libro do Concello*, sexa o pregoeiro Domingo Longo, cumprindo a obriga de facer públicas as medidas tomadas polo Concello. O pregón facíase nas prazas e mercados públicos. No Libro que nos ocupa consérvanse algúns deses pregóns, xénero non moi abundante. As obrigacións do cargo tíñaas moi claras Domingo Longo, porque o 11 de marzo de 1419 con motivo de se presenta-lo bacharel en Decretos e Alcalde Maior do arcebispo, Martín de Figueiras, declarando no Concello que pretendía facer xustiza a Martin de Vaya, que estaba preso na Rocha Forte, e que non podía facela tan cumpridamente como quería sen axuda do Concello, rogáballes e pedía de gracia que enviasen e deran licencia a Domingo Longo, servente do Concello, para que fosen con el polas prazas da cidade para face-lo pregón, segundo era o costume ós que eran xulgados en caso semellante, e que tamén pedía como gracia especial ós citados alcaldes que fixesen compañía ata rematada a xustiza que el entendía facer en Martin de Vaya, facendo constar que esta gracia e axuda non causaría perxuízos ós privilexios, liberdades, usos e costu-

mes da cidade. O Concello acordou, por honra e rogo de Martin de Figueiras, dar licencia para que fose polas prazas da cidade con anafil face-lo pregón, segundo lle mandase o dito alcalde maior do arcebispo. Fíxose constar que todo esto non iría contra os privilexios e liberdades da cidade e que non servise de precedente para que o arcebispo nin os seus sucesores nin representantes puidesen chamar por esta causa a Domingo Longo. Este dixo que iría por onde fosen os alcaldes da cidade e que non estaba obrigado a máis.

Pero a parte que máis chamou a atención do *Libro do Concello* é a que narra a constitución da Irmandade de Santiago, da que xa Neira de Mosquera fixo unha ampla exposición, seguido por Vicceto e máis tarde, dunha maneira sistemática, crítica e documentada, por López Ferreiro, quen proxectou esa creación no marco histórico do reinado de Juan II, tanto durante a rexencia de Fernando de Antequera como despois que se fixo cargo da coroa, se ben coa asistencia dun Concello do que durante algún tempo formou parte don Lope de Mendoza, o que obrigou ó prelado a longas ausencias do territorio da súa diócese, á par que lle ocasionaron grandes gastos. Nese ambiente, o 6 de xullo de 1418, o Concello compostelano, en vista de que fora informado de que na cidade e arredores, o mesmo que outros lugares da Terra de Santiago, facíanse e queríanse facer *moytos roubos e furtos e omesios e mortes de homes e males e quebrantamentos de caminos e outras forças por mingoa de justiça polo* que tanto o arcebispo coma os veciños da cidade e arcebispado non podían estar protexidos nin defendidos *en dereito e justiça sin faser yrmandade,* acordaron facer por servicio do rei, do arcebispo e proveito de ditos moradores e para que a xente estivese en paz e sosego, unha irmandade segundo o mandaran os reis de Castela, cumprindo o que para este tipo de unión establecera no 1386, nas Cortes de Segovia, o monarca Juan I, seguindo o decretado por Alfonso XI. Introducía o Concello unha prudente cláusula, sinalando que se cumprise en canto fose mercede do rei e arcebispo e considerando os abusos que ás veces se cometían coa desculpa de *voz de hermandad,* alporizándose o pobo contra algunhas persoas, ordenaba que ningunha persoa *non fose ousada de lançar, nen chamar, nen braadir a vos da hermandade contra home de justiça e ofiçial que tena lugar de façer justiça e recadar dereituras de noso señor el rey e de noso señor o arçobispo e de outras personas que tengan ofiçio de justiça, nen veziño o contra veziño. De* seguido procedeuse ó nomeamento de dous alcaldes de Irmandade e a catro cuadrilleiros por cada unha das dez colacións existentes na cidade.

Non coñecemos nada da actuación da irmandade, pero o 18 de novembro de 1420 o Concello sinalaba que aínda que estaba establecida e ordenada polo arcebispo a irmandade, algunhas persoas *non temendo a Deus nen aa justiça de noso señor el rey e do dito arçobispo se atrevian de roubar e furtar e facer outros malefisios, asi enna dita cidade como fora dela, e se en elo non posese outro remedio que se farian peores cousas e maleficios ao adeante* e entendendo que sería proveitoso para o rei, arcebispo e veciños, aprobouse conserva-la irmandade e que se cumprise o que se ordena ó constituíla, prolongando por tres meses mais ós dous alcaldes, que eran os mesmos designados no momento da creación, en 1418, e ós cuadrilleiros das colacións. Desde entón o ambiente político enrarécese de tal maneira que ós desexos de liberdades maiores perseguidos polo Concello ó longo do tempo fronte ó prelado, uniuse a prevención manifestada polo rei contra o mesmo pola vinculación co infante don Enrique. De aí a actitude de Juan II, que chegou a declarar que se fixera entender que don Lope de Mendoza reunira xentes, sen permiso real, *por bolizar e escandalizar los mis reinos,* para o cal mandara repartir e derramar determinadas cantidades entre os vasalos e terras. Prohibía o monarca tales medidas e entre as persoas ás que encomendou o impedi-la medida do arcebispo estaba o seu grande inimigo Rui Sánchez de Moscoso, gran partidario de don Álvaro de Luna. Os acontecementos precipitáronse, chegando mesmo á utilización da excomunión por parte do prelado contra os seus inimigos. Gracias á documentación aportada por López Ferreiro podemos avanzar no coñecemento dos feitos que tiveron lugar posteriormente, porque o noso Libro chega ó seu remate. A actitude das confrarías, a súa intervención no goberno da cidade, as novas fórmulas de elección dalgúns dos cargos públicos aproxímannos a este período tan escuro e só nos quedan a esperanza de atopar novos documentos e unha nova lectura dos existentes para avanzar no coñecemento da intricada historia da Compostela do século XV, conmocionada pola situación política xeral de Galicia e do resto do territorio castelán, cos seus problemas sociais nos que, ó lado dun sector que abarca a nobreza, os mercadores, eclesiásticos e artesáns, non debemos esquecela presencia doutro, ó que, sen dúbida, non poderían aplicarse as restrincións que sobre gastos excesivos indicaba o Concello do 11 de febreiro de 1418. Referímonos ó grupo formado polos que nin tiñan saúde nin medios económicos, ós que poderiamos considerar como marxinados, e que, entre outros, poderiamos personalizar nun Gómez Afonso *cego e pobre mendigante,* ó que o concello do 15 de setembro eximiu do pagamento de impostos *considerando sua enfermidade e poblesa*.

O meu agradecemento ás distintas Corporacións municipais compostelanas polas facilidades que me deron para o manexo do orixinal. Ó profesor García Oro, que me proporcionou a copia do que constitúe o Apéndice deste traballo e a Pilar Rodríguez Suárez, que realizou o estudio do códice, corrección de probas e confección dos diversos Índices.

DOCUMENTOS

Nota da carta de visinança que se ha de dar a os vesiños da çidade quando van con sus mercadurias a algũas partes do Regno[1].

A todos los conçellos et alcalles et juizes et justiças et meirinos et alguasiis et outros ofiçiaes quaesquer et a os que collen et recabdan en renda ou en fieldade ou en outra maneira qualquer os portadgos et peajes de todas las çiudades, vilas et logares dos regnos et señorios de nosso señor el rey don Juan[2] que Deus manteña, asi realengos como abadengos et de ordés et señorios et a qualquer ou quaesquer de vos o conçello, alcalles et regidores jurados et omes bõos da çidade de Santiago vos enviamos soudar como aqueles para quen queriamos que Deus dese moyta onrra et boa ventura fazemosvos saber que o dito señor rey franqueou et feso exsentos et franquos por seu privellejo a todos los vesiños et moradores desta dita çidade de todos los ditos portadgos et peajes de todas las ditas çidades et vilas et logares. Et agora sabede que (en blanco) noso veziño morador en esta dita çidade vay ou envia a o que esta carta vos mostrara con suas mercadurias por algũas partes dos ditos reynos et señorios et trager outras para esta dita çidade porque vos disemos da parte do dito señor rey et vos rogamos da nosa que gardando o dito privillegio et o que o dito señor rey por el manda non tomedes nen prendades nen enbargedes nen consintades tomar nen prendar, nen enbargar a o dito (en blanco)[ou a o que por el vos] esta carta os mostrare cousa algũa do seu que levar ou trouxer en qualquer maneira por rason dos ditos portadgos et peajes nin por algũos deles, pois el he noso vesiño et morador en esta dita çidade et en esto faredes o que devedes et gardaredes et conpliredes o que dito señor rey vos manda et nos gradeçervos lo hemos et porque desto sejades çertos mandamoslle dar esta nosa carta de vesindade signada do signo de Fernan Peres escripvan de camara do dito señor rey et notario publico de numero de nos o dito conçello. Feita en Santiago (blanco) dias del

[1] Ó dorso.
[2] Sobre liña: Enrique.

mes de (blanco) anno do Nasçemento de Noso Señor Jhesu Christo de mill et quatroçentos et des et seys annos. Et esta carta non valla mais de hũu anno.

Et eu Ruy Martines, notario sobredito por mandado do dito conçello fis scripvir esta carta de veçindade et puge en ela meu signo en testemoyo de verdade que tal he.

Vaasco Damil?[3], Fernando Lopes, Pero da Arouça, canbeador, Alonso-Lopes, mercador, Afonso Fernandes de Bamela, Juan Danico, Fernando de Valay, Fernando de Ageda, Rui Fernandes, vesiño de Santiago, Pero Comes o Vello, mercador, vesiño de Santiago[4], Vaasco de Barcala noso vesiño, Rui Fernandes[5], vesiño de Santiago. Nosos vesiños Juan Gonçales de Bamela et Lopo Seleiro, mercadores, Alonso Lopes et Afonso Eanes, mercadores, (...) do Vilar, Pero Parente, Jacome da Manteyga, Jacome de Medin, nosos vesiños Lopo Ferrador

(Fol. 1)[6]

moravedi que o dito Garçia Rodriges enprestara ao dito conçello et o dito conçello mandara dar ao bachiller Gomes Rodriges eta ao dito Rui Martines, notario, para a custa da yda que hiran a la vila de Betanços en segimento do pleito que o dito conçello avia ante o corregidor de noso señor el rey con os conçellos de Pontedeume et Villalva et Ferrol. Testemoyas, Juan Bugeirete, Vaasco Peres Abril, Alvaro Gil, Martin Fagundes, Pero Leal et Alvaro Peres da Caña, viziños da dita çidade. D'aqui a juso por lo notario.

1416, xuño, 20.

Viinte dias do mes de juyo. Sabean todos que seendo o conçello, justiças et regidores jurados da çidade de Santiago juntados por crida de anafil enno sobrado da notaria de min Ruy Martines, notario da dita çidade, segundo que he de costume, presentes ende Martin Serpe et Vaasco Femandes Troquo, justiças da dita cidade, Fernan Gonçalves do Preguntoiro, Alvaro Afonso Juliate, Juan Ares da Canna,

---

[3] Aparecen as sinaturas de diferentes persoas, en diversos lugares do folio, algunhas ilexibles polo estado do pergameo. Lémo-las que indicamos.

[4] O nome do testado.

[5] O nome do testado.

[6] Como se faltaran folios, aínda que a numeración fíxose neste que, vese, é continuación.

Martin Galos, Afonso Femandes Abril, homes bõos jurados enna dita çidade et en presença de min o dito Ruy Martines, notario et das testemoyas scriptas, logo enton o dito conçello, justiças et jurados diseron que por quanto eles de presente non tĩinan maravedis algũus de que se acorresen para seus menesteres que lles era nesçesario de logo enviar a a Corte de noso señor el rey para segir hũa apelaçon que por parte do dito conçello et dos conçellos das vilas de Noya et Padron fora interposta d'ante o doutor Juan Sanches de Çubiaçu, correjdor et justiça por noso señor el rey enno Reyno de Gallisia sobre rason de hũ pleito que a eles et a os ditos conçellos fora movydo por parte dos conçellos de Pontedeume et Ferrol et Vila Alva et eles avian rogado a cataren en prestado a Gil Peres et a Garçia Rodriges, seus procuradores, que presentes estavan, que catasen enprestados mill maravedis, contando branqua a tres dineiros, que avian menester logo de presente para enviar prosegir o dito negoçio. Et os sobreditos por seu rogo sacaron enprestados os ditos maravedis et os tĩinan en seu poder para os dar onde lles mandasen; por ende que llos querian et lles plazia que os ditos procuradores se entregasen dos ditos mill maravedis da dita moeda dos primeiros que por lo dito conçello ouvesen de recabdar et acaeçendo que os ditos procuradores non ouvesen de (roto + -10 espacios) durante o tenpo de seu procuratorio maravedis algũus por lo dito conçellos que eles se obligavan (roto + -12 espacios) mos et a todos seus bẽes para dar et pagar aos ditos Gil Peres et Carçia Rodriges a cada ũu (roto + -12) mill maravedis en dineiros contados sen outra exençon et contenda algũa et que renunçiavan a toda exençon (+ -5) canonico ou çevie que non disese delo o contrario. Et desto en como pasou os ditos Gil Peres et Garçia Rodriges pediron a min, o dito notario publico, estormento para guarda do seu dereito. Esto foy enno dito lugar, mes et anno sobreditos. Ts. que foron presentes, Pero Eanes Abraldes, Vaasco Peres Abril, Va Garçia, Juan Fernandes de Grado vesiños da dita çidade.

(Fol. 1 vº) Sepan quantos esta carta viren como nos o conçello, alcalles et regidores, jurados et omes bõos da çidade de Santiago seendo juntados en conçello en Quintãa de Paaços enno sobrado da notaria de Rui Martines, notario da dita çidade por crida de anafil segundo que avemos de uso et de costume de nos juntar a noso conçello et estando y con vos Martin Serpe et Vaasco Fernandes Troquo, alcaldes enna dita çidade et Gomes Rodriges, bachiller en decretos, Juan Aras da Cana, Alvaro Afonso Juliate, Fernan Gonçalves do Preguntoiro, Afonso Fernandes Abril omes

bõos jurados enna dita çidade, todos a hũa vos et de hũu acordo fasemos et ordenamos et estableçemos por nosos procuradores abundantes et sofiçientes a Maartin Fernandes Monapolio, alcalle de nosa señora a reyna dona Catalina, et a Pero Gonçalves de Castroverde, escrivan de noso señor el rey et a Gonçalvo de Millares, vesiños da dita çidade a todos tres en hũu et cada ũu deles por sy, en tal maneira que a condiçon de hũu non seja mayor nen menor que a do outro, mays que cada ũu deles seja reçebido cada que vier et paaraesçer et espeçialmente damos poder a os ditos nosos procuradores et a cada ũu deles insolidum, porque por nos et en noso nome posan paresçer et parescan ante noso señor el rey et ante a señora reyna doña Catalina, madre do dito señor rey et sua tutora et regidora de seus regnos et ante os señores do Consello do dito señor rey et oydores da sua Audiençia et notarios et alcalles da sua corte et chancelleria et ante qualquer deles en seguimiento de hũa apelçon que por nosa parte foy interposta d'ante Juan Sanches de Cuhaçu, doutor en leys et oydor enna audiençia do dito señor rey et seu corregidor enno regno de Galisa sobre rason de hũu pleito que ante o dito corregidor nos foy movido por los procuradores dos conçellos das vilas de Pontedeume et Ferrol et Vilalva et seus alfoses, que son de Nuño Freyre d'Andrade en rason dos moravedis do repartimento do pedido do dito señor rey dos annos pasados et espeçialmente do anno que pasou de mill et quatroçentos et honze annos. Et porque os ditos nosos procuradores cada ũu deles posan trautar et seguir en noso nome con os sobreditos o dito pleito ante o dito señor rey ou ante a dita señora reyna ou ante os señores do consello do dito señor rey et oydores, notarios et alcalles da sua corte et chançellaria et por ante cada ũu deles et por ante outros quaesquer juises et alcalles eclesiasticos et seglares que do tal pleito posan et devan oyr, connosçer et librar para demandar, responder, defender, negar conosçer eixenções et defensões, replicações et todas outras boas rasões, diser et alegar et poer et para faser jura ou juras, asy de calunnia como deçesorio ou outro qualquer juramento que lles de dereyto por nos for demandado et para dar et tomar as ditas juras a a outra parte ou partes se mester for et para presentar testemoyas et provanças as que a nos conpriren et contradiser et enpunar as que a outra parte ou partes presetaren ou quisesen presentar contra nos, asy en dereitos como en personas et para gaanar carta ou cartas do dito señor rey ou da dita señora reyna, sua tutora, et dos ditos oydores et a os notarios et alcalldes ou de qualquer deles aquela ou aquelas que a nos conpriren et testar, enbargar as que a outra parte ou partes gaanar ou quiseren gaanar contra nos

et entrar en juiso sobre la testaçon et enbargo delas para faser frontas, requirimentos et protestações as que a nos conpriren et pedrir et tomar sobre lo testimoyo ou testemoyos et para concludir etençarrar rasões et oyr sentença ou sentenças (+ -15) quitorias et defenitiva et consentir ou apelar et agravear et suplicar dela ou delas et tomar et segir alçada, vista, agraveo et suplicaçon para aly donde de dereyto deveren et presentare enno (...) que deveren et que relaarse dos juyses se ella non outorgasen et para jurar custas et pedir (+ -5) las tasar et jurar et para pedir exse-
(Fol. 9)[7] cuçon das sentença ou sentenças dadas por // nos et para faser, diser et rasoar asy en juysso como por fora del todas aquelas cousas et cada hũa delas que bõos et leaas et verdadeiros procuradores poden et deven faser de dereito et que nos meesmos fariamos et poderiamos faser, diser et rasoaar et procurar presentes seendo aynda que sejan taes et de aquelas cousas que segundo dereito requiren aver espeçial mandado; outrosy damos poder conprido dos ditos nosos procuradores et a cada ũu deles para que en seu lugar et en noso nome posan faser et sostituyr hũu procurador, dous ou mays quaes et quantos queseren et por ben deveren asy ante do pleito contestando como despoys et para que os posan et posan revocar cada que quiser et queseren et tornar en sy de cabo o ofiçio da procuraçon mayor et tan conprido et ese mesmo damos et outorgamos aos ditos nosos procuradores et a cada ũu delos et a os sues sostituyto et sustitutos et relevamos a os ditos nosos procuradores et a cada ũu deles et a os seus sostituyto et sustitutos de toda carga de satisdaçon et obligaçon et fiadoria et de aquela clausola que he dita en latin judicium sisty judiatum solui ca nos obligamos a nos et a nosos bẽes de estar ao juyso et conprir et pagar o que contra vos for julgado. Et porque esto seja certo outorgamos esta carta de poder por ante o notario publico et testemoyas a juso scriptas que foy feita et outorgada enno dito lugar viinte et dous dias do mes de juyo anno do nasçemento de Noso Señor Ihesu Christo de mill et quatroçentos et des et seis annos. Testemoyos que a esto foron presentes Vaasco Rodriges do Cabo, mercador et Fernan Rodriges, criado de Alvaro Afonso Juliate et Gonçalvo Peres, servente do dito conçellos et Afonso Peres, escrivan.

Predito, O dito conçello, justiças et jurados, madaron a Garçia Rodriges, seu procurador, que presente estava que dos mill maravedis que el e Gil Peres enpres-

[7] Foliado con número 9, sen embargo debe considerarse como o 2, xa que segue a narración do 1vº.

taran a o dito conçello que dese ende a o dito Gomes Rodriges, bachiller, quatrocentos et quoreenta maravedis, contando branqua en tres dineiros que o dito Gomes Rodriges emprestara a o dito conçello de esta gisa: que dou a o escrivan do corregidor Juan Sanches por lo presetamento das escripturas que antel presentou enno pleito que o dito conçello et os outros conçellos et vilas de noso señor o arçobispo ante o dito señor corregidor con os conçellos de Pontedeume et Vilalva et Ferrol sobre los repartimentos do pedido de noso señor el rey seseenta maravedis et que dou mais por lo treslado dos proçesos et apelações que por parte deles et dos ditos conçellos foron entrepostos dante o dito corregidor tresentos maravedis et que dou mais a o procurador da vila de Noya para sua despensa por quanto que dou con o dito escrivan para trager as ditas scripturas oytenta maravedis et asi son cumplidos os sobreditos quatroçentos et quoreenta maravedis da sobredita moeda et que mandavan que fosen reçebidos en conta a o dito Garçia Rodriges os ditos maravedis. Testemoyas, os sobreditos.

Predito. O dito conçello, justiça et jurados mandaron a Gil Peres seu procurador que dos mill maravedis que Garcia Rodriges lles enprestara que dese ende a o
(Fol. 9vº) mesajeio que avian de enviar aa corte // en segimento da apelaçon que avian ynterposta d'ante o corregidor çento et çinquoennta maravedis, branqua a tres dineiros para sua despensa et que lle dese mais duas coroas d'ouro para o presentamento das scripturas que avia de presetar et que lle desen mais çinco floríis d'Aragon para dar a Diego Fernandes de Burgos porque tomase cargo do dito negoçio et que dese mais a min o dito notario seseenta maravedis da dita moeda por meu selario das apelações que ante o dito corregedor por min poseron et que mandavan que lle fosen reçebidos en conta os ditos maravedis. Testemoyas, os sobreditos.

Na parte superior do folio aproveitouse o espacio para intercalar dúas liñas que din:

Non son de reçeber en conta do dito Gil Peres mais dos ditos çinquo floríis et duas coroas, por quanto dos outros contiudos en este mandado fui feito despois outro mandado por min notario, o qual jas escripto en este libro a postrimeiro dia de jullio.

Predito. O dito conçello, justiças et jurados, mandaron ao dito Garçia Rodriges, procurador, que enbiase hũu mesajeiro que fose a Pontevedra et Noya et Padron a

levar cartas que o dito conçello enbiava aas ditas vilas et que mandavan que fose reçibido en conta ao dito Garçia Rodriges os maravedis que dese a o dito mensajeiro para sua despensa. Testemoyas os sobreditos.

D'aqui a juso por lo scusador.

1416, xullo, 14.

Quatorze dias do mes de julio. Sabean todos que seendo o conçello, justiça et homes bõos, regidores da çidade de Santiago juntados por crida de anafil, segundo que han de costume enno sobrado da notaria de Rui Martines notaryo publico da dita çidade, presentes enno dito conçello Martin Serpe, justiça enna dita çidade et Martin Galos, Alvaro Afonso Juliate, Afonso Fernandes Abril, Fernan Gonçalves do Preguntoiro et en prensença de min, Feman Yanes, notario publico de noso señor el rey enna sua corte et todos los seus regnos et scusador por lo dito Rui Martines, notario et das testemoyas adeante scriptas. Enton o dito conçello, justiça et omes bõos, regidores diseron que por mesteres que de presente avian et por quanto devian çertas contias de moravedis de jantar et marcos do noso señor el rey et de noso señor o arçobispo et de presente non avian para pagar os taes maravedis et jantar et outras devedas que devian a outras personas et para segir os pleitos do dito conçello, as quas devedas desian que eran neçesarias de se logo pagar et por quanto entendian que era mais proveito do dito conçello et moradores da dita çidade que se deitase renda en ela para se pagaren as ditas devedas et os mesteres en que estavan que mandavan et mandaron que se recabdasen terço da renda de triinta mill moravedis que seerian des mill maravedis, branqua en tres dineiros, et que mandavan et mandaron a Gil Peres, procurador do dito conçello, que presente estava, que el et Garçia Rodriges, procurador eso mesmo do dito conçello, que era absente recabdasen logo o dito terço da renda, por los infintos que estavan feitos et que dos primeiros maravedis que recabdasen que fezesen logo apostar as portas da dita cidade en tal gisa que fosen apostadas d'ante dia de Santiago (± 32) mingoa de se adubaren as ditas portas non viese dapno a a dita çidade et porque fosen agiña apostadas que mandavan et mandaron a o dito Martin Serpe et Vaasco Troquo, absente, justiçias enna dita çidade que tomasen a madeira que fose mester para as ditas portas onde quer a achasen et a pagasen a seus dopnos dos dineiros do dito conçello et mesme constregesen a os carpenteiros que lavrasen as

(Fol. 2)[8] ditas portas et lles pagasen seus jornaas. // Et eso mẽesmo tomasen onde quer que achasen a pedra que lles fose mester et outrosi mandavan et mandaron aas ditas justiçias que fezesen logo pagar a dita renda et faser adubar as ditas portas en maneira que conprido en elo mandado de noso señor o arçobispo et non no fazendo asi as ditas justiças que o dito señor arçobispo se tornase por elo a eles et non ao dito conçello. Testemoyas que foron presentes, Juan Bugeirete et Alvaro Gil, Vaasco Peres Abril, Pero Leal, Gonçalvo de Covas, Martin Fagundes, Jacome Gomes et Fernan da Prova, Migell Rodriges, Pero Rodriges Sopas, Juan Duran, Bernald Yanes do Camiño, Juan Garçia de Vilarente, Gonçalvo Garçia, demandador, Gonçalvo Abril, Gonçalvo Rodriges do Camiño, Pero Femandes da Cotiña, vesiños da dita çidade.

Predito. O dito conçello mandaron que as personas que tinan as chaves das portas da dita çidade que as fezesen çarrar cada noyte porque non viese por elas dano a a dita çidade. Testemoyas, os sobreditos.

1416, xullo, 31.

O postremo dia dos mes de julio. Sabean todos que nos o conçello, justiçias, jurados et omes bõos da çidade de Santiago que aavemos de usso et de custume, presentes ende nos Martin Serpe et Vaasco Fernandes Trouquo justiças da dita çidade et Gomes Rodriges, bachiller en decretos, Fernan Gonçalves do Preguntoiro, Afonso Fernandes Abril, Martin Galos, Alvaro Afonso Juliate, Johan Aras da Cana, omes bõos jurados enna dita çidade, entendendo et seendo çertos que esto adeante contiudo he feyto en nosso proveyto et avendo primeiramente sobrelo por moytas vezes o noso acordo et consello et deligente inquisiçon, por ende outorgamos et conosçemos que aforamos et damos en afforamento et por rason de foro doje este dia endeante, para todo senpre a vos Martin de Brion, criado de Bernald Yanes do Canpo, morador que sodes enna dita çidade, que afforamos por vos et por vosos herdeiros et suçessores aquel terreo de herdade que esta enno Outeiro de Santa Susana, junto con as casas que vos o dito Martin de Brion ende agora levantastes novamente et o qual dito terreo suya sẽer barreira da dita çidade ennos tenpos antigoos et o qual vos afforamos

[8] Debido o cambio de foliación que indicamos anteriormente, vólvese a este folio 2.

segundo que vay topar de longo de parte de juso enno camiño que vay para Padron et da outra parte contra çima ven topar enno camiño que vay para a vila de Noya; et o qual tarreo vos afforamos segundo dito he con suas entradas et saidas et con todas suas perteenças et dereituras que lle perteesçen et perteesçer deven asy de feito como de dereito, por lo qual vos et vosas vozes avedes de dar et pagar a os procuradores que agora son de nos o dito conçello et a os que foren d'aqui endeante duas libras en cada hũu anno de moeda vella que fasen viinte soldos vellos a libra (+ -5) por los tenpos adeante segintes porque se pagaren os alugeios das casas enna dita çidade; as quaes duas libras avedes de dar por dia de San Juan de juyo sen desconto algũu (± 18) nen vosas vozes non devedes de vender, nen sopeñorar, poẽr nen traspasar en outra persona sen primeiro o faser saber aos procuradores de nos o dito conçello se o queren para nos tanto por tanto et non o querendo eles que enton o posades vender, poẽr et traspasar et concanbear en quen quiserdes en tanto que seia persona (+ -5) que de et pague o dito foro en cada ũu anno et nos non vos avemos de tyrar este dito foro por mays nen por menos nen por al tanto que outro por elo queira dar nen por outra cosa algũa (± 6) de pas por los fiẽes de nos o dito conçello que vos para elo obligamos et eu o dito Martin de Brion que presente estava, por min et por mĩas vozes asi o reçebo et outorgo et obligo meus bẽes et de mĩas vozes para dar o dito foro en cada ũu anno et para cumprir et agardar as outras condiçoes sobreditas (± 18) nos contra esto enno conprir et agardar pague aa outra parte que o agardar et conprir por pena mill maravedis et a pena pagada ou non pagada todavya este instromento et as cousas en el contiudas fiquen firmes et vallan para senpre. Testemoyas que foron presentes: Pero Eanes Abraldes, Alvaro Gil et Juan Bogeyrete, visiños da dita çidade et Gil Peres procurador do dito conçello, Domingo Longo et Juan d'Oural serventes da dita çidade. Feito pra Martin de Brion.//

(Fol. 2 vº)

Predito.- O dito conçello, justiças et jurados et omes bõos mandaron que fose reçebido en conta a a Gil Peres, procurador os çento et oyteenta moravedis branqua en tres dineiros, que dou por seu mandado a Gonçalvo de Millares por la yda que foy a a corte de noso señor et rey por mandado do dito conçello et os noventa et tres moravedis da dita moeda que dou a min Rui Martines, notario publico por las scripturas que dey signadas et que levou o dito Gonçalvo de Millares a a dita corte et que se testase o outro mandamento que ja sobresto avian feito.

Predito. O dito conçello, justiças et omes bõos, diseron que por quanto por parte de Feman Aras Xarpa, lles era mostrada hũa carta de livramento de mil et

seisçentos moravedis de moeda vella dos marquos de noso señor el rey, os quaes del ten en merçed o dito Fernan Aras, librada a dita carta por Fernan Gonçalves, recabdador este anno enna dita çidade; por ende que mandavan et mandaron a Gil Peres, procurador que de quaesquer moravedi que recabdava et recabdase por lo dito conçello que dese et pagase a o dito Fernan Aras os ditos mill et seisçentos moravedis et que reçebesen del a dita carta de livramento et con ela et con este mandamento lle seerian reçebidos en conta os ditos mill et seisçentos moravedis. Testemoyas os sobreditos.

Predito. O dito conçello, justiças et omes bõos jurados disseron que por quanto Mayor Dominges avoa de Johan Bõo, clerigo do coro da Iglesia de Santiago, era moller pobre et tal que non tĩina por que pagar renda nen fallas nen outros tributos que se lançavan enna dita çidade et porque outrosy morava et estava en poder et casa do dito seu neto et o servia; por ende que mandavan et mandaron que daqui endeante a dita Mayor Dominges non fosse posta nen encanavada en renda nen fallas nen en outros tributos algũos que se posessen et repartisen enna dita çidade et aquel postor ou postores ou encanavadores que a posessen ou repartisen ou encanavase daqui endeante en taes rendas et fallas et refallas ou outros tributos algũos que os pagasen por ela ou se tornassen os moravedis en que assy fosse posta et encanavada onde ela morasse et ela non fose obligada a pagar taes moravedis. Testemoyas os sobreditos.

DIA SABADO O PRIMEIRO DIA DE agosto; ANNO DOMINI Mº CCCCXVI ANNOS.

1416, agosto, 3.

Dia lũes tres dias do mes de agosto. Sabean todos que seendo o conçello, justiças et omes bõos et regidores jurados da çidade de Santiago juntados por crida de anafil segundo que han de custume enna notaria de min Rui Martines, notario publico da dita çidade, presentes ende Martin Serpe et Vaasco Fernandes Troquo, justiças enna dita çidade et Alvaro Afonso Juliate et Fernan Gonçales do Preguntorio, Afonso Fernandes Abril, Juan Aras da Cana, jurados enna dita çidade et en presença de min o dito Rui Martines, notario et das testemoyas adeante scriptas. Enton o dito conçello, justiças et omes bõos jurados disseron que por quanto eles

avyan costituido por seu procurador en este dito anno a Garçia Rodriges, canbeador et o dito Garçia Rodriges era fraquo et jasia en cama en tal maneira que non podia husar do dito procuratorio et o enbiaran requrir que declarasse se podia ou entendia husar do dito ofiçio et enviara diser que non podia husar do dito procuratorio por la dolor que lle requesçera daquela (roto + -9) saao, por ende que revocavan et revocaron do dito procuratorio a o dito Garçia Rodriges et que fasian et feseron por procurador doie este dia endeante ata hũu anno primeiro seginte a Bemald Yanes do Camiño, canbeador da dita çidade, que presente estava, et que lle davan tal et tan conprido poder como avyan dado a [Garçia Rodriges] para usar do dito ofiçio et que querian que el por rason do dito offiçio ouvese outras tantas contias de moravedis como ouvo de aver o dito Garçia Rodriges et fose quito de renda et de pousadaria durante o tenpo de seu ofiçio et o dito Bernald Eanes (roto 4 +-) offiçio de procuratorio et feso jura sobre signal de Crus que husaria do dito ofiçio o mellor (roto + -5) dese a entender. Testemoyas que foron presentes Gil Peres, procurador do dito conçello et Juan Gonçalves deVilarente atanbor et Domingo Longo servente do dito conçello.

1416, agosto, 14.

Quatorse dias do mes de agosto. Sabean todos que seendo o conçello, justiças et omes bõos, regidores da çidade de Santiago juntados enno sobrado da notaria de min Rui Martines, notario publico jurado da dita çidade, por crida de anaffil segundo que han de custume, presentes ende Martin Serpe et Vaasco Fernades Troquo, justiças, et Martin Galos, Alvaro Alfonso Juliate, Afonso Fernandes Abril, Juan Ares da Cana et Gomes Rodriges, bachiller en Decretos, jurados enna dita çidade et Martin Fagundes et Pero Leal et en presença de min o dito Rui Martines, notario, et das testemoyas adeante scriptas, enton o dito conçello, justiças et omes bõos, regidores diseron que mandavan et mandaron a Gil Peres et a Bernald Eanes, procuradores do dito conçello que presentes estavan que de quasquer moravedis que avian de recabdar ou recabdasen por lo dito conçello que desen et pagasen a Fernan Ares Xarpa os mill et seisçentos moravedis de moeda vella, dos marquos de noso señor el rey (que lle foran librados enno dito conçello este dito anno) et que reçebese del la carta de livrança que lle avya dado Fernan Gonçalves recabdador et

con ela et con este mandamento lles seerian reçebidos en conta os ditos mill et seiscentos moravedis. Testemoyas: Pero Eanes Abraldes et Juan Bugeyrete et Garçia Rodriges et Rui Fernandes, notario apostolico et Fernan Eanes notario del rey, visiños da dita çidade.

Predito. O dito conçello, justiças et omes bõos jurados diseron que mandavan et mandaron a o dito Gil Peres que dese a min o dito notario dose moravedis por meu selario da carta de repartimento que o señor arçobispo feso de çertos moravedis en çertos conçellos de seu arçobispado para a custa do pleito que os taes conçellos han con os conçellos da Pontedeume, Vilalva et Ferrol. Testemoyas, os sobreditos.

Predito. O dito conçello, justiças et omes bõos, mandaron a o dito Gil Peres, procurador, que dese a Sueiro da Enfesta, servente do dito conçello quorenta moravedis, branqua en tres dineiros, para seu selario de yr publicar a dita carta de repartimento a os conçellos a quen o dito negoçio tangia et enna dita carta eran declarados et que lle seerian reçebidos en conta. Testemoyas, os sobreditos.

Predito. O dito conçellos, justiças et omes bõos mandaron a o dito Gil Peres que dese a Ruy Fernandes, notario apostolico onse moravedis et medio, branqua en tres dineiros, que por mandado do dito conçello gastara en çertas cousas que lle mandara faser. Testemoyas, os sobreditos.

Predito. Sabean todos que eu Martin Serpe, alcallde da çidade de Santiago, connosco et outorgo que reçebi de vos Juan Garçia, canbeador, procurador que fostes do dito conçello o anno pasado que se fiinçeu por lo mes de mayo primeiro pasado deste anno da feyta desta carta mill et tresentos maravedis de moeda vella contando branqua a tres dineiros, os quaes maravedis eu ouve de aver do dito conçello este dito anno (+ 12) do selario de alcaldia tresentos maravedis (+ -12) por coller a renda mill maravedis et asi son conplidos os ditos mill et trescentos et dos quaes confeso et outorgo que so entrego et ben pagado et renunçio etc. etc a a ley etc Et eu Juan Garçia asi o reçebo. Testemoyas Gomes Rodriges, bachiller en Decretos, Pero Eanes Abraldes et Bernald Eanes do Camiño et Gil Peres, Canbeador et Juan Serpe, fillo do Dito Martin Serpe.

1416, agosto, 21.

(Fol. 3 vº) Esta feira viinte et hũu dias do mes de agosto. Sabean todos que seendo o conçello, justiças jurados et omes bõos regidores da çidade de Santiago juntados por crida de anafil segundo que han de custume enno sobrado da notaria de Rui Martines, notario da dita çidade,presentes ende Martin Serpe et Vaasco Fernandes Troquo, justiças enna dita çidade et Martin Galos et Afonso Fernandes Abril Alvaro Afonso, Juan Aras da Cana omes bõos regidores da dita çidade et con eles Pero Eanes Abraldes et Alvaro Gil et Pero Leal et Martin Fagundes, visiños da dita çidade et en presença de min Fernan Eanes, notario publico de noso señor el rey enna sua corte et en todos los seus regnos et escusador por Rui Martines notario publico da dita çidade et das testemoyas adeante scriptas, enton o dito conçello et regidores disseron que por quanto eles avyan reçebido et reçebian de cada dia moytas ajudas et obras boas de Diego Lopes de Toledo, si ennos repartimentos que se repartía a o dito conçello et seus omes lavradores como ennas outras cousas que cumplian a o prol comũu da dita çidade et a os moradores dela; por ende que mandavan et mandaron a Gil Peres et a Bernald Eanes do Camiño que presentes estavan que dessen et pagasen a o dito Diego Lopes ou a quen os por el ouvesse de dar dous mill moravedis, branqua en tres dineiros, cada ũu a medade et tornasen carta de pago do dito Diego Lopes ou de aquel que os por el ouvese de aver et con ela et con este mandamento lles seerian reçebidos en conta os ditos dous mill moravedis. Testemoyas Juan Sanches de Noya, Gonçalvo Eanes do Canpo, mercador, et Gonçalvo Abril et Garçia Rodriges, canbiadores, visiños da dita çidade et Françisquo Fernandes de Noya, scrivano del rey et Domingo Longo et Fernan Beeites, serventes do dito conçello.

Predito. O dito conçello, justiças et omes bõos et regidores mandaron a Gil Peres, procurador que pagase a Gonçalvo Rodriges, canbeador, os seisçentos moravedis et sasenta et tres moravedis et medio, branqua en tres dineiros, que enprestou a o dito conçello para çertos menesteres que lle requerieron et que garda a conta que o dito Garçia Rodriges dou enno dito conçello en como et para qu et para quaes cousas avya enprestado os ditos seisçentos saseenta et tres moravedis et medio et que acadase del sua carta de pago et con ela et con este mandamento lle seerian reçebidos en conta os ditos seisçentos maravedis. Testemoyas os sobreditos. Et he a contia desde mandamento seisçentos et sasenta et tres moravedis et medio.

Predito. O dito conçello mandou que Garçia Rodriges, canbeador, non pagase os viinte moravedis que lles acaesçia de pagar eno terço desta renda que se agora recabdava de dos mill moravedis porque lle fasian della quita por lo traballo que levara en quanto durara o tenpo que serveu enno ofiçio do procuratorio (...) dado este dito anno et que mandavan a Bernald Eanes do Camiño que lle non devian dar os ditos viinte moravedis que los reçeberian en conta do seu recabdamento. Testemoyas supra.

Predito. O dito conçello mandaron a Garçia Rodriges que outorgase a o dito Bernald Oanes os peños que tĩina que foran tomados (...) por rason do pan cosido para que os tevese ata que o conçello os mandase entregar. Testemoyas, os sobreditos.

Predito. O dito conçello et justiças et omes bõos jurados, diseron que quitavan a Juan Ferrnades Mariño o pleito et omenajes que tiiña feito por las chaves da porta de San Françisco, por quanto as agora tĩina de presente Gil Peres, procurador do dito conçello. Testemoyas, os sobreditos.

1416, setembro, 5.

Çinquo dias do mes de setenbre. Sabean todos que seendo o conçello, justiças jurados et homes bõos da çidade de Santiago juntado por crida de anafil segundo que han de costume enno sobrado da notaria de Rui Martines, notario da dita çidade, presentes ende Martin Serpe et Vaasco Fernandes Troquo, justiças, et Maartin Galos et Alvaro Afonso Juliate, jurados enna dita çidade et Johan Bugeirete et Pero Leal, vesiños da dita çidade et en presença de min Fernan Yanes, notario publico de noso señor el rey enna sua corte et en todos los seus regnos et escusador por Roy Martines, notario publico da çidade de Santiago jurado et das testemoyas adeante escriptas; enton o dito conçello justiças e homes bõos jurados, mandaron a Gil Peres e a Bernald Yanes do Camiño, procuradores do dito conçello, que presentes estavan, que desen et pagasen a Juan Peres alfayate, vesiño da dita çidade mill et dozentos moravedis contando branca en çinco dineiros que o dito conçello devia a o endeantado de Galiza do jantar de noso señor el rey deste dito anno, os quaes moravedis, o dito Johan Peres avia de recabdar en nome de Nuno Gonçalves de Vilarino, escudeiro do dito endeantado a o qual o dito endeantado librara os ditos

moravedis enno dito conçello sua carta de recudimento, firmada de seu nome. Et que pagasen os ditos moravedis en esta maneira: o dito Bernald Eanes os seisçentos moravedis, et o dito Gil Peres os outros seisçentos moravedis et que acadasen o poder que o dito Juan Peres avia do dito Nuno Gonçalves para reçeber os ditos moravedis et sua carta de pago et o traslado da dita carta de recodimento do dito endeantado et con elo lle seerian reçebidos en conta os ditos mill et dosentos moravedis, branqua en çinquo dineiros. Testemoyas: Ruy Nunes et Fernan Rodriges de Soneira et Juan Serpe et Juan de Vilazide et Gonçalvo Eanes de Covas o moço, et Juan Duran mercadores vesiños da dita çidade et Domingo Longo et Fernan Vieytes, serventes do dito conçello.

Conçello, alcalles et onbres buenos de la çidade de Santiago. Yo el adelantado de Gallizia vos enbio mucho saludar como a aquellos para quien queria que Dios diese mucha honrra e bonaventurança. Bien sabedes como este anno de mill et quatroçientos et diez et seis annos me devedes et avedes de dar seisçientos maravedis de moneda vieja contando quatro brancas por moravedi de la jantar del rey (...) en ellos mill et dosientos maravedis de moneda branca porque vos digo que recudades et avedes de recodir con los dichos mill et dosientos moravedis de la dicha moeda blanca a Nuño Gonçalves Villariño, mi escudero, por quanto los ha de aver para en cuenta de su terra que de mi tiene et recodylde con ellos este dicho anno et de aqui adelante en cada un anno por quanto (...) fuer et tomad del dicho Nuño Gonçalves su carta de pago o del que lo ovier de recabdar (...) que con ella et con esta mi carta o con su traslado della signado de scripvano publico en cada uno de los dichos annos vos seeran reçebidos en cuenta los dichos mill et doçientos moravedis que le assi dieredes
(Fol. 4 vº) enmentre mi voluntad fuer. Et para la dicha rason le doy mi poder conplido// para que vos faga et pueda fazer todas las prendas et premias et requerimentos et todas las otras cosas que vos yo poderia fazer presente seyendo. Fecha miercoles primero dia de julio anno de mill et quatroçientos et diez et seis annos. Garçia Sarmiento.

Concertada por lo original scripto en papel et firmado do dito endeantado et segundo por el paraesçia a o qual deron autoridade Martin Serpe et Vaasco Troquo justiças enna dita çidade a pedimento de Juan Peres alfayate vesiño da dita çidade que presentou por nome de Nuno Gonçalves. Testemoyas, os sobreditos.

Predito. Sabean todos que eu Juan Peres alfayate, vesino et morador enna çidade de Santiago, en nome de Nuño Gonçalves de Vilariño, escudeiro de Garçia Fernandes Xarmento, endeantado de Galisa, do qual ey poder para esto adeante con-

tiudo por carta de poder escripta en papel et firmada de seu nome et firmada do nome et signal de Juan deSanta Maria, notario publico del rey, da qual seu thenor he este que se sige:

Conçello et alcalles et homes bõos de çidade de Santiago, en Nuño Golçalves de Vilariño me envio moyto encomendar en vosa graça como aqueles a quen faria todas las cousas que a vosas honrras conpriesen. Sabede que meu señor o endeantado de Galisa me livrou em vos outros en ese conçello o jantaar del rey que son mill et dusentos pares de branquas este anno da era de mill et quatroçentos et des et seis annos et dende endeante en cada hũu anno en quanto sua merçede for segundo mais conpridamente veeredes por sua carta et livramento que me en vos feso aquel vos e la envio con Juan Peres alfayate, vesino et morador en esta dita çidade et vos tomade o treslado do dito meu livramento et dade a o dito Johan Peres o original para que mo torne et con o dito treslado do dito livramento et con esta mina (sic) carta pagando vos os ditos mill et dusentos pares de branquas a o dito Juan Peres voso vesiño et tornade del coñosçemento como llos pagastes eu me outorgo deles por ben pago para o qual sobre la dita rason dou poder conprido a o dito Juan Peres que vos posa faser et faça en meu nome todos los requerimientos et protestacões que vos eu mesmo en este caso faria seendo a elo presente: et porque esto he çerto escripvi aqui meu nome et por mayor abastança rogey a o notario de juso scripto que a signase de seu signo Feita en Çea, triinta dias de agosto anno de noso Salvador Jhesu Christo de mill et quatroçentos et des et seis annos. Testemoyas que foron presentes: Gonçalvo d'Ariin et Vaasco de Moreda et Golçalvo de Pereda moradores enna aldea de Çea et Lourenço de Senorin et outros. Nuño Gonçalves. Eu Johan de Santa Maria, notario publico por noso señor el rey ennas terras de Chãao de Castella enno Bubal et Bolo de Senda en todo o regno de Galisa a esto que dito he presente fui con as ditas testemoyas en miña presença o fiz escripvir et aqui meu nome et signal fis en testemoyo de verdade que tal he Juan de Santa Maria, notario. Et eu o dito Juan Peres por vertude do dito poder a min dado por lo dito Nuño Gonçalves para o que sobredito he, outorgo et conosco por esta presente carta que reçeby de vos Bernald Yanes do Camiño et Gil Peres, procuradores que sodees do dito conçello da dita çidade, os ditos mill et dosentos moravedis, contando branca en çinco dineiros de vos os ditos Bernald Yanes os seisçentos moravedis et de vos o dito Gil Peres os outros seisçentos moravedis et de vos o dito Gil Peres os outros seisçentos moravedis da dita moeda branca en çinquo

dineiros, et os quaes mill et dosentos moravedis da dita moeda me pagastes en nome do dito conçello et eu de vos reçeby en nome do dito Nuno Gonçalves et pasaron de voso poder a o meu en dineiros contados renunçio a toda exepçon que non diga ende o contrario et a a ley do aver non dado et pagado et contado visto et reçebido en presença do notario et testemoyas et a a ley que diz que a dita exepçon
(Fol. 5) se pode opoer en termino de hũu anno, dous annos.// Et os quaes moravedis son do jantar de noso señor el rey que ha en cada hũu anno enna dita çidade os quaes o endeantado de Galisa ten do dito señor rey o qual endeantado livrou os ditos maravedis enno dito conçello a o dito Nuno Gonçalves por carta de recodimento por manda do seu nome. Et os quaes moravedis son do jantar deste anno da feita desta carta et en nome do dito Nuno Gonçalves por vertude do dito poder dou por quito et livre para todo senpre a o dito conçello et a vos os ditos seus procuradores en nome del dos ditos mill et dusentos maravedis, branca en çinco dineiros que eu de vos ey reçebido en nome do dito Nuno Gonçalves et para el. Et porque he çerto outorgey ende esta carta de pago por ante o notario et escusador et testemoyas adeante escriptas que foy feita et outorgada enna dita çidade anno, dia et mes sobreditos. Testemoyas que foron presentes: Roy Nunes et Fernan Rodriges de Soneira et Juan Serpe et Juan de Vilazide et Gonçalvo Yanes de Covvas, o moço, et Juan Duran, mercadores, vesiños da dita çidade et Domingo Longo et Fernan Bieytes, serventes do dito conçello.

D'aqui a uso por lo notario.

1416, setembro, 24.

Viinte et quatro dias do mes de setenbro. Sabean todos que eu Diego Lopes de Toledo, connosco et outorgo que reçebo de vos Bernald Eanes do Camiño et de Gil Peres procuradores do conçello da çidade de Santiago dous mill maravedis de moeda vella contando blanqua a tres dineiros, os quaes maravedis me pagastes por mandado do dito conçello que mos mandou dar en enmenda de ajudas et graças que de min reçeberon et dos quaes maravedis me outorgo por entrego et ben pagado et renunçio a toda exençon que non diga ende o contrario et a a Ley que dis que a paga deve seer feita vista et reçebida en presença do notario et testemoya. Et eu Bernald Yanes por min et en nome do dito Gil Peres esto reçebo. Feita et outorga-

da enna çibdade de Santiago anno, dia et mes sobreditos. Testemoyas que foron presentes Martín Serpe cidadãao de Santiago et Lopo Abraldes et Juan Rodriges Alvariño et Nuño Vinagre, mercadores, Vesiños da dita çidade.

1416, outubro, 6.

Seys dias do mes de oytubre. Sabeen todos que seendo o conçello et homes bõos jurados et regidores da çidade de Santiago juntados por crida de anaffil, segundo que han de costume enno sobrado da notaria de Rui Martines notario publico da dita çidade, presentes enno dito conçello Vaasco Femandes Troquo, alcallde enna dita çidade et Martin Galos et Alvaro Afonso Juliate, Juan Ares de Cana, homes bõos jurados enna dita çidade et con eles Martin Fagundes, vesiños da dita çidade et en presença de min (...) notario publico de noso señor el rey et escusador por lo dito Rui Martines et das testemoyas adeante escriptas. Enton o dito conçello mandaron a Bernald Eanes, procurador do dito conçello, que presente estava, que dese a Alvaro de Mandayo, criado de noso señor o arçobispo de Santiago don Loppe des coroas d'ouro para que as levase a Diego Fernandes de Burgos, bachiller en decretos, procurador do dito conçello pra segimento do pleito que o dito conçellos ha con os conçellos da Pontedeume et Ferrol et Vilalva et que lle serian reçebidas as ditas des coroas et que desen mais a o dito Alvaro de Mandayo quinse maravedis, branqua en tres dineiros. Testemoyas Juan Raposo et Johan Rodriges Alvariño et
(Fol. 5 vº) Fernan Juliate vesinos da dita çidade.//

1416, outubro, 23.

Viiente et tres dias do mes de oytubre. Sabean todos que eu Afonso da Cana, carneçeiro, morador enna çidade de Santiago de mĩa propia et livre voontade outorgo et connosco que faço aviinça con vosco Martin Serpe alcallde enna çidade de Santiago et con Martin Galos et Gomes Rodriges, jurados enna dita çidade et con o conçello da dita çidade que seedes juntados por crida de anafil enno sobrado da notaria de Roy Martines, notario, segundo que avedes de uso et de costume asi et tal maneira que eu des oje esto dia endeante en tenpo de mĩa vida use de ofiçio

de servente enna dita çidade con os alcalldes que agora son et foren de aqui endeante da dita çidade, conven a saber: que eu por min ou por outro faça et cunpla o que mandaren as ditas justiças ennos homes et molleres que eles prenderen ou mandaren prender et foren presos et postos enna cadea do conçello desta dita çidade enforcando et açoutando ou degolando ou deçepando aquelas personas que foren sentençiadas enna dita cadea por los alcalldes que agora son et foren de aqui endeante ou por cada hũu deles et obligome de estar residente para usar do dito ofiçio et que me non encorra nen absente a outras partes nen me ponna en eglesia nen en moesteiro nen en outro lugar algũo coutado ou privilegiado nen en poder de cavaleiro nen escudeiro, dona nen donzela nen de outra persona algũa poderosa que me anparen et defendan que non use do dito ofiçio. Et se por la ventura me ausentar et fezer o contrario, oligome de susubir por meu corpo et bẽes aquela pena ou penas que a persona ou personas que eu avia de justiçar por mandado dos ditos alcalldes et meresçian aver et padesçer et non posa sobrelo nen sobre parte delo dizer nen alegar leis nen dereitos exepções nen defensões algũos, et posto que as diga ou alege quero et outorgo que me non sejan reçebidos nen seja sobrelo oydo por min nen por outro en juiso nen fora del et nos o dito conçello et alcallde et homes bõos jurados que presentes somos assi o reçebemos et prazennos, queremos et outorgamos que vos o dito Afonso da Cana ajades de nos o dito conçello en cada hũu anno por rason do dito ofiçio trezentos moravedis de moeda vella contando branqua en tres dineiros ou sua valor por eles et voso vestiario segundo que o han cada hũu dos outros serventes de nos o dito conçello, os quaes trezentos moravedis vos han de sẽer pagos por los terços de cada hũu anno et a paga deste primeiro anno vos ha de sẽer feita en esta maneira: os çen moravedis doje a triinta dias primeros segintes et os outros dozentos moravedis por terços deste dito anno et outrosi avedes de aver mays outro tal selario et rendas que cada hũu dos outros ofiçiaas han de aver por rason dos seus ofiçios et usar de enprazar et das outras cousas perteesçentes a o ofiçial et servente da dita çidade et devevos sẽer gardadas as libertades et privilegios que se acustumaron et acustuman gardar a os ofiçiaas et serventes de tal ofiçio. Et outrosi que ayades o ofiçio que agora ten de nos o dito conçello Domingo Longo finandose el ante que vos, pero condiçon que non leixedes nen vos escusedes nen posades escusar de usar do dito ofiçio de justiçar os malfeytores julgados segundo dito he. Et eu o dito Afonso de Cana asi o outorgo et reçebo. Et esto nos o dito conçello et eu o dito Afonso de Cana prometemos teer, con-

prir et agardar et non viinremos contra elo so obligaçon (...) de nos o dito conçello que para elo obligamos et so obligaçon dos bẽes moveles et rayzes (...) por aver de min o dito Afonso de Cana que esso mẽesmo para elo obligo et so pena de dous mill maravedis que page a parte de nos que o non conprir et agardar a a outra parte que o agardar et conprir por pena. Et a pena pagada ou non pagada todavia este instromento et as cousas en el cotiudas fiquen firmes et vallan segudo dito he. Testemoyas que foron presentes Martin Fagundez, Pero Yanes Abraldes, Alvaro Gil, Nuno Vinagre zibicheiro et Alvaro Garçia, vesiño da dita çidade.

Predito. O dito conçello mandou a Bernald Yanes et a Gil Peres, procuradores que presentes era que pagasen a os serventes do dito conçello os seus vestiarios et selarios que avian de aver por rason de seus ofiçios este dito anno et que pagasen a Golçanvo de Millares triinta et tres brancas que pagou (...) Fontoyras para os asentamentos da notaria. Testemoyas os sobreditos. //

(Fol. 6)

Predito. O dito conçello mandaron a os ditos procuradores que pagasen a Gomes Rodriges, bachiller, os quatroçentos moravedis, brancas en tres dineiros, que avia de aver por rason de seu selario de avocaçia deste dito anno. Testemoyas, os sobreditos.

Predito. O dito conçello mandou que Gomes Rodriges, bachiller et Pero Yanes Abraldes visen as custas que Juan Duran dezia que fezera enno pleito que ouvera por lo dito conçello con Fernan Garçia alfayate sobrerason da renda conçellavel que dezia que non devya pagar et que taixasen as ditas custas segundo deles ben visto fose. Testemoyas. Os sobreditos.

Predito. O dito conçello mandou a Gil Peres, procurador do dito conçello que non demandase a Afonso de Leon o vello, zivicheyro, os viinte moravedis da renda que agora recabdava et que los reçeberian en conta. Testemoyas, os sobreditos.

1416, outubro, 24.

Viinte et quatro dias do mes de oytubre. Sabean todos que eu Gomes Rodriges, bachiller en Decretos, jurado da dita çidade de Santiago, outorgo et connosco que reçebi de vos Bernald Eanes do Camiño et Gil Peres, procuradores do conçello da dita çidade quatroçentos maravedis de moeda vella, contando branqua a tres dineiros, os quaes eu ey de aver do dito conçello por lo ofiçio de avocaçia este anno da feita desta

carta et os quaes maravedis reçeby en esta guysa de vos o dito Bernald Eanes, dusentos maravedis, et de vos o dito Gil Peres os outros dusentos maravedis et renunçio a toda eçepçon que non diga ende o contrario et a a ley do aver non dado et contado, visto et reçebido en presença do notario et testemoyas. Et nos os ditos Bernald Eanes et Gil Peres asi o reçebemos. Testemoyas Martin Serpe, alcallde enna dita çidade et Juan Fernandes et Fernan de Sobrado homes do dito Martin Serpe.

1416, outubro, 27.

Viinte et sete dias do mes de oytubre. Sabbean todos que eu Garcia Rodriges, canbeador, morador enna çidade de Santiago outorgo et connosco que reçeby de vos Gil Peres, procurador do conçello da dita çidade seysçentos et saseenta et tres moravedis branca a tres dineiros; os quaes me devya o dito conçello et mandou a vos o dito Gil Peres que mos pagasedes. Et os quaes ey en meu jur et poder et renunçia a toda exepçon que non diga ende o contrario et a a ley do aver non dado et contado, visto et reçebydo en presença do notario et testemoyas. Et dou por quito et livre a o dito conçello dos ditos seysçentos et saseenta et tres maravedis para senpre. Et eu o dito Gil Peres en nome do dito conçello asy o reçebo. Testemoyas que foron presentes Afonso Yanes d'España, mercador et Fernan Montesynno, criado de Ruy Martines, vesiños da dita çidade.

Predito. Domingo Longo, servente do conçello da dita çidade outorgose (...) Bernald Yanes do Camiño, procurador do dito conçello de çento et viinte moravedis, branqua en tres dineiros, para (...) do salario et vistiario que ha de aver do dito conçello este anno et renunçio a a ley etc que non desesse ende o contrario. Testemoyas Fernan Beeites, servente do dito conçello et Juan Rodriges da Baldomar et Aras de Brion.//

1416, outubro, 30.

(Fol. 6 vº) Triinta dias do mes de oytubre. Martin Serpe et Vaasco Fernandes Troquo, justiças, et Alvaro Julieate et Afonso Fernandes Abril et Gomes Rodriges, bachiller, et Martin Galos et Johan Aras da Cana, omes bõos jurados enna çidade de Santiago,

mandaron a Gil Peres et Bernald Yanes do Camino, mercadores, procuradores do dito conçello que fosen ou enbiasen recabdar os moravedis que foran et eran repartidos ennos conçellos de Pontevedra et Noya et Muros para o pleito que han con os conçellos da Pontedeume, Neda et Ferrol et a custa que sobre elo fesesen que o scripvisen et juntasen aas outras custas que sobre elo eran feitas et que lles seerian reçebidos en conta. Testemoyas Gonçalvo Rodeiro et Juan Duran et Nuno Vinagre et Juan Martin visinos da dita çidade.

1416, novembro, 5.

Çinquo dias do mes de novenbro. Sabean todos que eu Juan Dural et eu Fernan Vieytes, serventes do conçello da çidade de Santiago, entregamos et connosçemos que reçebemos de vos Bernald Yanes do Camiño, procurador do dito conçello çento et oyteenta moravedis, branca en tres dineiros. Eu o dito Juan d'Oural os noveenta moravedis et eu o dito Fernan Bieytes os outros noventa moravedis; os quaes son do selario que aviamos e aver do dito conçello este anno da feita desta carta et os quaes moravedis avemos en noso jur et poder et renunçio a toda exepçon que non digamos ende o contrario et a a ley do aver non dado et contado, visto et reçebido en presença do notario et testemoyas. Et eu o dito Bernald Yanes asi o reçebo. Testemoyas Pero Afonso, notario apostolico et Afonso Eanes de Toda et Afonso de Salnes criado de Juan d'España.

Sabean todos que nos o conçello, alcalles, regidores et omes bõos da çidade de Santiago seendo juntados en conçello enno sobrado da notaria de Rui Martines, notario da dita çidade por crida de anafil segundo que avemos de uso et de costume de nos juntar en noso conçello et estando y con nos Martin Serpe et Vaasco Fernandes Troquo, alcalles enna dita çidade et Gomes Rodriges, bachiller en Decretos et Afonso Fernandes Abril, Martin Galos Alvaro Afonso Juliate, Juan Ares da Cana,homes bõos jurados enna dita çidade et Benarld Eanes do Camiño et Gil Peres, procuradores do conçello dadita çidade todos a hũa vos et de hũu acordo fasemos et ordenamos et estabelesçemos por nosos procuradores abundantes et sofiçientes a Diego Fernandes de Burgos, bachiller en Decretos et coengo enna igresia de Santiago et a o dito Gomes Rodriges, bachiller, anbos et dous en hũu et cada hũu deles in solidum, en tal maneira que a condiçon de hũu non seja mayor nen menor que a do outro mais que cada

hũu deles seja reçesbido cada que vier aparesçer et especialmente damos poder a os ditos nosos procuradores et a cada hũu deles pra que por nos et en noso nome posan paraesçer et parescan ante noso señor el rey et ante nosa señora a reyna madre do dito señor rey et sua tutora et regidora de seus regnos et ante os senores do consello do dito señor rey et oydores et da sua audiençia et notarios et alcalles da su corte et chançelaria et ante qualquer deles en segimento do pleito et pleitos que nos avemos enna corte do dito señor rey con os conçellos das vilas de Pontedeume et Ferrol et Vilalva et seus alfoses que son de Nuno Freire d'Andrade sobre rason do repartimento do pedido do
(Fol. 7) dito señor rey do anno que pasou // de mill et quatroçentos et honse annos et de outros annos et damos todo noso poder conplido a os ditos nosos procuradores et a cada hũu deles para que por nos et en noso nome posan trautar et segir et procurar os sobreditos pleitos ante os dito señor rey ou ante a dita señora reyna sua tutora ou ante os señores do consello do dito señor rey et oydores et notarios et alcalles da sua corte et chaçelaria et por ante cada hũu deles et por outros quaesquer juises et alcalles eclesiasticos et seglares que dos ditos pleitos posan et devan oyr, connoscer et livrar para demandar, responder, defender, negar exepções et defensões, replicaçoes et todas outras boas rasõos dar et alegar et poer et para faser jura ou juras, asi de calupnia como de çesorio ou outro qualquer juramento que lles de dereito por nos for demandado et para dar et tornar as ditas juras a a outra parte ou partes se mester for et para presentar testemoyos et provanças as que a nos conpriren et contradiser et enpunar as que a outra parte ou partes presentaren ou quiseren presentar contra nos, asi en dereitos como en personas et para gaanar carta ou cartas do dito señor rey ou da dita señora reyna ou dos ditos oydores et notarios et alcalles ou de qualquer deles aquela ou aquelas que a nos conpriren et testar et enbargar as que a outra parte ou partes gaanaren ou quiseren gaanar contra nos et entrar en juiso sobrela testaçon et enbargo delas et para façer frontas, querimentos et protestaçoes, as que a nos conpriren et pedir et tomar sobrelo testemoyo o testemoyos et para concludir etençarrar rasoos et oyr sentença ou sentenças interloquitorias e defenetiva e consetir ou apelar et agravear et suplicar dela ou delas et tomar et seguyr a alçada vista agraveo et suplicaçon para ali donde de dereito devesen et presentarse enno grado que devesen et querelarse dos juises sella non outorgasen et para jurar custas et pedirlas et veerlas tasar et jurar et para pedir exsecuçon das sentença ou sentenças dadas por nos et para faser, dar el rasoar aquelas cousas et cada hũa delas que bõos et leaas et verdadeiros procuradores poden e deben façer de dereito el que nos mesmos fariamos et poderiamos faser dar et raso-

ar et procurar presentes seendo aynda que sejan taes et de aquelas cousas que segundo dereito requireren aver espeçial mandado o outrosi damos poder conplido a os ditos nosos procuradores et a cada hũu deles para que en seu lugar et en noso nome posan facer et sostituyr hũu procurador, dous ou mais quaes et quantos quiseren et por ben toveren asi ante do pleito contestado como despois et para que os posa et posan revocar cada que quiser et quiseren et tomar en si do cabo o ofiçio de protestaçon mayor et tan conprido poder como nos avemos para esto que dito he outro tal et tan conprido et eso memo damos et outorgamos a os ditos nosos procuradores et a cada hũu deles et a os seus sostituto o sostitutos et relevamos a os ditos nosos procu-
(Fol. 7 vº) radores // et a cada hũu deles et a os seus sostituto et sostituos de toda carga de satisdaçon et obligaçon et fiadoria et de aquela clausola que he dita en latin judicium sisti judicatum solui ca nos obligamos a nos et a nosos bees de estar a o juiso et a conprir et pagar o que contra nos for julgado. Et porque esto esto seja çerto outorgamos esta carta de poder por ante o notario publico et testemoyas, ajuso escriptas que fui feita et outorgada enno dito lugar a sete dias do mes de desenbre do anno do naçemento de Noso Señor Jhesu Christo de mill et quatroçentos et des et seis annos. Testemoyas que a esto foron presentes Alvaro Peres da Cana et Juan Bugeyrete çidadãaos de Santiago et Golçalvo Sopas canbeador et Afonso do Barquo çarralleiro, et Gonçalvo da Mella, armeiro, vesiños da dita çidade et Fernan Montesiño, escripvan. feita et dada a Bernald Yanes do Camiño.

Predito. O dito conçello, justiças et jurados, mandaron a Bernald Yanes do Camiño, seu procurador, que presente estava que de quaesquer maravedis que por lo dito conçello recabdava ou avia de racabdar que dese ende a seis beesteiros do dito conçello que avian de yr por gia con çertos maravedis de noso señor el rey quoreenta et oyto maravedis, contando blanqua a tres dineiros, para sua despensa dos ditos beesteiros et que mandavan que lle fosen reçebidos en conta os ditos quoreenta et oyto maravedis. Testemoyas os sobreditos.

Paga dos banquos del auditorio de alcalldes.

Predito. O dito conçello, justiças et jurados, mandaron que fose reçebido en conta a o dito Bernald Yanes os maravedis que el disese que gastara en faser os banquos da notaria de min o dito notario. Testemoyas, os sobreditos.

Et logo en esta dita ora o dito Bernald Yanes diso que lle custaran a faser os ditos banquos et con cravos et fontoiras et cabros et jornaes de meesteirais quoreenta et nove maravedis contando branqua a tres dineiros.

Predito. O dito conçellos, justiças et jurados, mandaron a o dito Bernald Yanes, procurador, que pagase a Alfonso da Cana servente do dito conçello çen maravedis contando braqua a tres dineiros para en pago do pleito do selario que avia de aver do dito conçello este dito anno et que mandavan que lle fosen reçebidos en
(Fol. 8) conta os ditos çen maravedis.//

1416, decembro, 7.

Septe dias do mes de desenbre. Sabean todos que nos o conçello, alcalles et regidores jurados et homes bõos da çidade de Santiago seendo juntados enno sobrado da notaria de Rui Martines, notario da dita çidade por crida de anafil, segundo que avemos de uso et de costume, presentes enno dito conçello nos Martin Serpe et Vaasco Fernandes Troquo, alcalles enna dita çidade, Martin Galos, Alvaro Afonso Juliate et Afonso Fernandes Abril et Gomes Rodriges, bachiller en Decretos et Juan Ares da Canna, regidores jurados enna dita çidade por quanto nos somos çertos que o conçello derribou et mandou derribar hũas casas de vos Gil Peres, mercador, as quaes estavan feitas et edeficadas et levantadas ontre as casas en que agora mora Fernan Martines alfayate et outras casas de vos o dito Gil Peres que estan juntas con o muro da dita çidade, çerqua da Porta de Maçarelas ennas quaes agora mora Juan de Melide, çapateiro, et a qual casa o dito conçello mandou derribar para aver andameo et çerqua da dita çidade segundo que o agora han por ende nos o dito conçello, justiças jurados et omes bõos en comenda et correjemento da dita casa que asi fui derribada a vos o dito Gil Peres, damosvos et outorgamos en pura et livre doaçon por jur de herdade doje este dia endeante pra senpre o terratorio que jas enna praça de Maçarelas junto por parede con a casa de Diego de Ferreiro, caldereyro, et da outra parte ven topar enna rua publica que sal enna dita porta contra a porta de Maçarelas, o qual terratorio he denos o dito conçello et o qual vos damos para que posades faser et façades en el hũa casa et para que posades faser et façades do dito terratorio et casa que asi en el edeficaredes et levantaredes toda vosa voontade para senpre asi como de vosas cousas propias et todo jur, señorio, posison, propiedade, vos, auçon et dereito que o dito conçello et nos avemos enno dito terratorio tiramoslo et quitamoslo de nos et de nosos subçesores et poemoslo et traspasamos en vos o dito Gil Peres et de vosos herdeiros et subçesores et daqui

endeante façades de todo elo et de parte delo todo o que quiserdes et por ben toverdes asi como de vosas cousas propias libres, quitas et desenbargadas et por esta dita carta et con ela apoderamos en todo elo a vos o dito Gil Peres para que por vos mesmo cu por quen vos quiserdes posades entrar et tomar de vosa propia autoridade sen licençia et mandado de aguo juis nen alcallde nen outro ofiçial qualquer o sobre dito terratorio que vos asi damos en doaçon et a posison del. Et prometemos de non revocar esta doaçon nen procuremos que seja revocada por nos nen por outro en noso nome en algũo tenpo nen por algũa maneira en juiso nen fora del so penna de çinquo maravedis que nos obligamos de pagar por pena a vos ou a vosa vos se contra elo viermos et a penna pagada ou non pagada todavia esta doaçon et as cousas en esta carta contiudas fiquen firmes et vallan para senpre et sobre esto et sobre parte delo renunçiamos a todas las leys et dereitos escriptos et non escriptos canonicas et çevires, libertades, usos et custumes et a pedir benefiçio de restityçon in integrum et a todas las outras boas rasoes et eixencoos et defensores quepor nos et en nosa ajuda et por revocar et contradiser esta doaçon poderiamos diser et alegar que o non digamos nen alegemos por nos nen por outro et posto que o queiramos diser et alegar que nos non valla nen sejamos sobrelo oydos en juiso nen fora del et eu o dito Gil Peres que presente soo por min et por miñas voses asi o reçebo feita et outorgada esta carta de doaçon enno dito lugar anno, dia et mes sobreditos. Testemoyas que a esto foron presentes Juan Bugeirete, et Alvaro Peres da Canna, çidaaos de Santiago et Gonçalvo Sopas, canbiador et Afonso do Barquo, carralleiro, et Gonçalvo da Mella, armeiro, vesiños da dita çidade et Fernan Montesiño criado do dito Rui Martines, notario. Dada a Gil Peres por lo scusador.// (Fol. 8 vº)

1416, decembro, 17.

Des et siete dias do mes de desenbre. Sabean todos que eu Sueyro Afonso de Enfesta et Gonçalvo Peres de Baldomar, serventes do conçello da çidade de Santiago, outorgamos et connosçemos que reçebemos de vos Gil Peres, procurador do conçello da dita çidade çento et oytenta moravedis, contando branca en tres dineiros cada ũu de nos noveenta maravedis os quaes son de nosos selario que avemos de aver do dito conçello deste anno de mill et quatroçentos et des et seis annos et se fiinçera enno mes de janeiro que ven enno anno do Nasçemento de Noso Señor

Jhesu Christo de mill et quatroçentos et des et sete annos onde confesamos que somos delo entregos et renunçiamos a toda eixençon que non digamos onde o contrario et a a ley etc. Testemoyas Juan Rodriges Alvariño et Pero Gomes do Ciquelo, visiños da dita çidade et Juan Meendes, notario de Vigo et Afonso Peres, scrivan.

ESTA FEIRA DIA DE NATAL VIINTE ÇINQUO DIAS DE DESENBRE ANNO DOMINI Mº CCCCmo DECIMO SEPTIMO.

1417, xaneiro, 2.

Enno anno do Nasçemento de Nosso Señor Jhesu Christo de mill et quatroçentos et des et sete annos, dia sabado dous dias do mes de janeiro. Sabean todos que seendo o conçello da çidade de Santiago juntado por crida de anafil segundo que han de custume enno moesteiro de San Payo d'Antealtares da dita çidade, presentes ende Martin Galos, Alvaro Afonso Juliate, Afonso Fernandes Abril et Fernan Gonçalves do Preguntoyro et Juan Ares da Canna, Martin Serpe, jurados et regidores enna dita çidade, enton o dito Martin Serpe por mandado o dito conçello tomou juramento sobre signal de Crus en lugar do Santos Avangeos, de Pero Eanes Abraldes et de Fernan Ares Xarpa que presentes estavan, os quaes nosso señor o arçobispo de Santiago don Lopo nonbrou et dou pos justiças enna dita çidade este dito anno que ben et verdadeiramente ussarian do dito ofiçio de justiçado et gardarian serviço de noso señor el rey et do noso señor arçobispo et da sua iglesia de Santiago et obedeesçerian suas cartas et mandado et amarian por la onrra da dita çidade et visiños et moradores dela et gardarian dereito et justiça a o grande et a o menor. Et os sobreditos Pero Eanes et Fernan Aras asy o juraron et prometron de faser et conprir. Et feyto o dito juramento o dito conçello regidores jurados et omes bõos diseron que reçebian et reçeberon por justiças da dita çidade este dito anno a os sobreditos Pero Eanes et Fernan Aras Xarpa. Testemoyas Vaasco Peres Abril et Vaasco Troquo, Aras Fernandes do Vilar et
(Fol. 9) Gonçalvo Abril, visiños da dita çidade. //

(Fol. 11) Estas duas follas que de aqui faleçen tirey eu Rui Matines, notario, deste libro por quanto os escrivãaos de miña notaria lançaron ende algũas escripturas que non devian ser aqui asentadas.

1417, xaneiro, 1.

Predito. O dito conçello, justiças et regidores jurados diseron que por cuanto era ordenança de noso señor el rey que os conçellos das çidades, vilas et lugares de seus regnos et señorios posesen fiẽes en caada hũu anno por lo primeiro dia do mes de janeiro ennas suas rendas de alcavalas para que os taaes fiẽes desen conta con pago de todo o que rendesen as ditas rendas enno tenpo de suas fieldades a os arrendadorees que arrendasen as ditas rendas de alcavalas ou a aquel que o ouvese de aver et recabdar por lo dito señor rey, por enden que eles en conprindo a ordenança do dito señor rey sobresta raçon feita que poynan et poseron por fiẽes ennas rendas de alcavalas desta dita çidade et seu giro deste dito anno a estas personas que aqui dira, primeiramente. Iten poseron por fiẽes enna alcavala do pan a Fernan Varela do Camiño et Juan de Viveiro et Afonso Domiges. Iten poseron enna alcavala do viño a Vaasco Peres Abril et Aras Fernandes do Vilar, Juan Rodriges do Çiquelo et Gonçalvo de Covas. Iten enna alcavala da carne Johan de Gardo et Aras Chatreiro, Pero Nunes do Camiño et Garçia Varela.

Iten enna alcavala do pescado Johan Martines do Vilar et Garçia Oanes et Juan Peres Desẽedor et Pero Nunes do Camiño.

Iten enna alcavala dos paños Juan Duran et Juan de Canas Pero Gomes et Garçia Posse et Juan Rodriges Alvariño, o canbeador. Iten poseron por fiẽes enna alcavala da çapataria a Gonçalvo de Viço et Fernan Mercador, çapateiro et Pero Bravo. Iten enna alcavala da madeira poseron por fiẽes Gonçalvo de Millares, alfayate et Ruy de Lamas. Iten enna alcavala da froyta Garçia Troquo, Afonso Dominges, Golçanvo Oanes, Golçanvo Nunes. Iten enna alcavala da salvagina Juan do Outeiro, Gomes de Baltar, Juan Abraldes, Garçia Galos, Jacome Gomes et Toribio Sibul.

Iten enna grosura Juan Jacob et Juan do Outeiro, canbiador et Fernan Varela, home de Martin Serpe. Iten enna alcavala da çera poseron por fiẽes a Rui Peres de Valadares et a Afonso Peres, alfayate. Iten enna alcavala da plata poseron por fiel a Juan Rodriges Alvarino, canbeador. Iten enna alcavala das cassas et herdades os notarios. Iten enna pedra et barro Gomes Cochias et Johan Alvarote et Afonso Gardado, alfayate. Iten enna alcavala das aves Gomes Cochias et Golçalvo de Savaseda. Iten enna alcavala das bestas Juan Garçia Nabeiro et Fernan Pasete et Gomes de Castro. Iten enna alcavala do ferro poseron por fiẽes a Vaasco Rodriges, tendeiro et Juan Abraldes.

Et postos et nomeados asy os ditos fiẽes ennas ditas rendas de alcavalas o dito conçello et omes bõos jurados diseron que mandavan a os ditos Pero Eanes et Fernan Ares justiças que tomasen jura sobre sanctos Avangeos dos ditos fiẽes et de cada hũu eles que husasen ben et verdadeiramente das ditas fieldades et desen delas boa et verdadeira conta con pago aos arrendadores que arrendasen as ditas rendas de alcavalas este dito anno ou a aquel que o ouvese de aver por lo dito señor rey segundo que o dito señor rey mandava por seu caderno et cartas feito en rason das ditas alcavalas et diseron mays o dito conçello, justiças et regidores que por eles poseren mais fiẽes ennas ditas rendas dos que eran ordenados a por lo dito señor rey que esto era por quanto este anno era perdoança enna iglesia de Santiago et porque entendia et eran çertos que a esta dita çidade verrian en romaria muytas conpañas et de diversas partes et por ende que era neçesario de se poeren mays fiẽes ennas ditas rendas dos que se devian poẽr, porque fose posto bõo recabdo en elas et por ende que protestavan de non encorrer por elo en penna algũa. Testemoyas: Juan Rodriges Alvariño, Vaasco Peres Abril, Vaasco Fernandes Troquo, Alvaro Gil, Juan Bugeyrete, Ares Fernandes da
(Fol. 11 vº) Canna et Golçalvo Abril vesiños da dita çidade. //

Predito. O dito conçello, justiças et homes bõos mandaron a min notario, que dese cartas acostumadas a os vesinos da dita çidade. Testemoyas, os sobreditos.

Predito. O dito conçello, justiças et jurados diseron que davan liçençia a Martin Serpe et a Vaasco Femandes Troquo, justiças que foron enna dita çidade este anno pasado para que en termino de dous meses primeiros segintes podesen recadar as dereituras que lles eran devidas et lles quedaran a dever o dito anno por rason dos ditos ofiçios de alcaldyas. Testemoyas os sobreditos.

1417, xaneiro, 4.

Quatro dias do mes de janeiro. Sabean todos que seendo o conçello, justiças et omes bõos et regidores jurados da çidade de Santiago juntados por crida de anafil segundo que han de costume enno sobrado da notaria de min Rui Martines, notario publico da dita çidade, presentes ende Fernand Ares Xarpa et Pero Eanes Abraldes, alcalles et Martin Serpe et Fernan Gonçalves do Preguntoiro, Alvaro Afonso Juliate, Martin Galos, Afonso Fernandes Abril et Juan Ares da Canna, homes bõos jurados et regidores enna dita çidade et en presença de min o dito

notario et das testemoyas adeante escriptas, enton o dito conçello et regidores diseron que mandavan et mandaron a Bernald Yanes do Camiño, procurador do dito conçello, que presente era, que dese et pagase a Pero Afonso, notario da dita çidade de çento et viiente maravedis, branqua en tres dineiros, que ouvera de aver de seu selario do anno pasado de mill et quatroçentos et des et seys annos por rason do dito seu ofiçio de notaria et que lle seerian reçebidos en conta os ditos maravedis. Testemoyas Ares Chantreiro, Juan Rodriges Alvariño, Afonso Fiel, ourives, et Juan Garçia, canbeador.

1417, febreiro, 9.

Nove dias do mes de fevereiro. Sabean todos que eu Vaasco Fernandes Troquo, vesiño da çidade de Santiago connosco et outorgo que reçeby de vos Bernald Yanes do Camiño, canbeador, procurador do conçello da dita çidade de Santiago tresentos et triinta et tres maravedis et dous coroados, branca a III dineiros, os quaes maravedis eu ouve de aver asi como alcallde da dita çidade que fuy este anno primeiro pasado por rason do selario do terço de hũa renda que se reparteu enna dita çidade o dito anno pasado, cual eu ajudey a coller et dos quaes ditos maravedis me outorgo por entrego et ben pagado et renunçio a toda exençon que non diga ende o contrario et a a ley, etc. Et eu o dito Bernald Eanes asi o reçebo. Testemoyas que a esto foron presentes Fernand Ares Xarpa, alcallde enna dita çidade et Gomes Garçia, notario et Juan Garçia de Vilarente, canbeador et Gonçalvo Xerpe, home de noso señor o arçobispo.

1417, febreiro, 10.

Des dias do mes de fevreiro. Sabean todos que seendo o conçello, justiças et regidores jurados et homes bõos da çidade de Santiago juntados enno sobrado da notaria de min Ruy Martines, notario da dita çidade, por crida de anafil, segundo he de uso et de costume presentes ende Fernand Ares Xarpa et Pero Eanes Abraldes, justiças da dita çidade et Martin Serpe, Martin Galos, Alvaro Afonso Juliate, Afonso Fernandes Abril, Juan Ares da Canna, jurados et regidores enna dita çida-

de et en presença de min o dito Rui Martines, notario, et das testemoyas adeante scriptas, logo enton os sobreditos diseron que mandavan et mandaron a Bernald do Camiño, procurador do conçello da dita çidade que presente estava, que de quaesquer moravedis que por lo dito conçello recabdava ou avia de recabdar en qualquer maneira este dito anno que dese et pagase a Fernan Gonçalves de Oviedo, vesiño de Abilles et recabdador que fuy enno arçobispado de Santiago, çertos annos pasados por Diego Fernandes de Leon, recabdador mayor de suso señor el rey enno dito arçobispado, seysçentos et triinta et nove maravedis de moeda vella ou quatro branquas por cada hũu maravedi et mays viinte et seys maravedis de blanquas, contando duas brancas por hũu moravedi; os quaes moravedis diseron que lle quedaran devendo de çertos annos pasados fasta en fin do anno de mill et quatroçentos et quinse annos dos marcos que noso señor el rey ha en cada hũu anno enna dita çidade et que mandavan ao dito Bernald Yanes que reçebese carta de pago do dito Fernan Gonçalves de como lle fasia a dita paga dos ditos maravedis en nome do dito conçello et que con ela et con este mandado lle seerian reçebidos en conta et en paga os ditos maravedis. Testemoyas Vaasco Fernandes Troquo, Juan da Caña, Alvaro Nunes do Camiño, Juan Fernandes de Grado, Gonçalvo Garçia, demandador.

Sepan quantos esta carta viren como yo Fernan Gonçalves de Oviedo, recabdador del arçobispado de Santiago con el obispado de Tuy por Diego Fernandes de Leon, recabdador mayor por nuestro señor el rey del dicho arçobispado et obispado çertos annos pasados, outorgo et conosco por esta carta que fise cuenta con voso Bernald Yanes do Camiño, canbeador, procurador del conçello de la çidade de Santiago de los moravedis que la dicha çidade devian de los marcos que han a dar a nuestro señor el rey desdel anno que paso del señor Jhesu Christo de mill et quatroçientos et nueve annos fasta en fin del anno que paso de mill et quatroçientos et quinze annos et fallose por la dicha cuenta que devia el dicho conçejo de los dichos annos abatido los que en ellos era livrado et pagado seysçientos et treynta et nove maravedis et seys dineiros de moeda vieja contando quatro blancas por un maravedi et mas veynte et seys maravedis de moeda blanqua contando dos blanquas por un moravedi que monta estos maravedis contando a blanqua a tres dineiros seteçientos et ochenta et tres maravedis et seys dineros, los quales dichos moravedis me diestes et pagastes vos el dicho Bernald Eanes en nome del dicho concejo e asi como su procurador en dineiros contados de que me otorgo de vos por entre-

go et bien pagado et do ende dellos por libre et quito al dicho conçejo de la dicha cibdad de Santiago et a vos el dicho Bernald Yanes, su procurador, et a todos sus bienes para sienpre et porque es verdad escripvi en esta carta de pago mi nonbre et por mas firmesa rogue a Rui Martines, notario de la dicha çibdat de Santiago que la signase con su signo. Fecha en la dicha çibdad de Santiago quinta feira diez dias del mes de Febrero, anno del Nascemiento del Nuestro Señor Jhesu Christo de mill et quatroçientos dies et septe annos. Fernan Gonçalves. Et eu Ruy Martines, notario publico da çidade de Santiago jurado por la iglesia de Santiago a rogo do dito Fernan Gonçalves que en esta carta escripveu seu nome puge aqui meu nome et signal en testemoyo de verdade que tal he. Conçertada con o original por mi Ruy Martines, notario, era escripta en papel et firmada do nome do dito Fernan Gonçalves et signada do signo de min o dito notario.

Conçello, alcalles et jurados et onbres buenos de la çibdat de Santiago, yo Fernan Gonçalves de Oviedo, recabdador del arçobispado de Santiago con el obispado de Tuy este anno de la fecha desta carta vos digo que los mill et seysçientos maravedis de moeda vieja que vos devedes et avedes a dar a nuesto señor el rey dos ditos marcos desa dicha cibdad deste dicho anno que los dedes a Fernan Arias Sierpe, vuestro vesiño por quanto me fiso obligaçion Martin Serpe de me dar libramiento dellos aa çerto plaso o me los pagar aquelos al plaso que los avedes a dar al dicho señor rey et non tomedes del nin del que lo ovier de recabdar por el otra carta de pago que con esta mi carta vos reçebire en cuenta los dichos mill et seyscientos maravedis de la dicha moeda vieja. Et porque es verdad escripvi aqui mi nonbre et por mayor fieldad rogue al notario de juso escripto que la signase de su signo. Fecho siepte dias de julio anno del nasçemiento del Nuestro Señor Jhesu Christo de mill et quatroçientos et diez et septe annos. Fernan Golçalves. Et eu Rui Martines, notario publico da çidade de Santiago jurado, por la iglesia de Santiago a rogo do dito Fernan Gonçalves que en esta carta de libramento escripveu seu nome, puge aqui meu nome et signal en testemoyo de verdade, que tal he. Conçertada con o oreginal por min Rui Martines, notario, era escritpa en papel et firmada do nome do dito Fernan Gonçalves et outrosi signada do signo de min o dito notario. //

(Fol. 12 vº)

[9] "omes bõos" engadido.

1417, febreiro, 15.

Quinse dias do mes de fevereiro. Sabean todos que seendo o conçello, alcalles et regidores jurados et omes bõos[9] da çidade de Santiago juntados enno sobrado da notaria de min Rui Martines, notario publico da dita çidade por crida de anafil, segundo que han de uso et de costume, presentes ende Pero Eanes Abraldes et Fernan Ares Xarpa, alcalles da dita çidade et Martin Serpe et Gomes Rodriges, bachiller en Decretos, Afonso Fernandes Abril, Martin Galos, Fernan Gonçalves do Preguntoiro, Juan Ares da Cana, homes bõos jurados enna dita cidade et en presença de min o dito Rui Martines, notario et das testemoyas adeante escriptas paraesçeu Juan Fernandes de ... coengo enna iglesia de Santiago et recabdador de noso señor o arçobispo de Santiago don Lope et presetou et fiso leer por min o dito notario hũa carta de toma do dito señor arçobispo, escripta en papel et firmada de seu nome et seelada ennas espaldas de seu seelo posto sobre çera colorada segundo que por ela claramente[10] paresçia, e da igual dita carta o thenor e este que se sigue: "Nos el arçobispo de Santiago, capellan mayor de nuestro señor el rey et su notario mayor del regno de Leon et oydor de la su Audiençia, por rason que nos avemos de aver çiertos maravedis de nuestro señor el rey este anno de mill et quatroçientos et dies et siepte annos de los quales fasta aqui non nos es fecho libramiento algũo et por quanto al presente estamos en menester para fazer et conprir algunas cosas que cunplen al serviçio del dicho señor rey atrevyendonos a la su merçed, otorgamos et conosçemos que tomamos et fasemos toma de vos los fieles et cogedores et arrendadores de las alcavalas de la nuestra çibdad de Santiago deste dicho anno de mill et quatroçientos et dies et siepte annos, de quantia de veynte mill maravedis de moeda blanqua, contando blanqua en çinco dineiros en esta guisa: del alcavala del pan, quinentos maravedis; del alcavala del vino nueve mill e tresçientos maravedis del alcavala de la carne dos mill et quatroçientos maravedis, del alcavala del pescado mill et ocho cientos maravedis; del alcavala del gros quinientos maravedis; del alcavala de la salvagina seteçientos maravedis; del alcavala del fierro seysçientos maravedis; del alcavala de la fruta dosientos maravedis; del alcavala de los paños dos mill et quatroçientos maravedís; del alcavala de la çapataria mill maravedis; del alcavala de la çera tresientos maravedis; del alcavala de la madera, tresientos mara-

[10] "Claramente", testado.

vedis. Así son cunplidos los dichos veynte mill maravedis con los quales vos mandamos que recurrades et fagades recodir a Juan Fernandes de (...) canonigo de Santiago, nuestro recabdador que los ha de aver et de recabdar por nos este dicho anno et tomar carta de pago et con ella et con esta nuestra carta nos otorgamos dellos por pagado et por esta nuestra carta mandamos a vos el conçejo et alcalles et omes buenos de la dicha nuestra çibdad que costrengades et apremiedes a los dichos fieles para que den et paguen luego los dichos maravedis al dicho Juan Fernandes segundo dicho es et non fagades ende al, so penna de la nuestra merçed et de seysçientos maravedis a cada uno para la nuestra camara. Et por esta dicha nuestra carta rogamos a los contadores et recabdadores de nuestro señor el rey que resçiban et fagan resçebir en cuenta a vos los dichos fieles et arrendadores los dichos veynte mill maravedis et los descuenten a nos de qualesquier maravedis que avemos o ayamos de aver del dicho señor rey este dicho anno et por que dello seades çiertos dimos ende esta nuestra carta de toma firmada de nuestro nonbre et sellada de nuestro sello escripta en la nuestra cibdad de Santiago (en blanco) dias del mes (en blanco) anno del Nasçemiento del vuestro Señor Jhesu Christo de mill et quatroçientos et dies et siepte annos. Lupus, archie-
(Fol. 13) piscopus Conpostellanus.//

A qual carta de toma presentada et liuda, o dito Johan Fernandes frontou et requiren a o dito conçello, justiças et jurados sobreditos que fesesen repartir os maravedis contiudos enna dita carta ennas rendas de alcavalas da dita çidade segundo que enna dita carta era declarado et que llos fesesen logo dar et pagar segundo que o dito señor arçobispo lles mandava. Et o dito conçello, justiças et jurados diseron que obedesçian aa dita carta do dito señor arçobispo con a reverençia que devian et que por quanto non podian resistir nen contradiser seu mandado por quanto era seu señor, por ende que mandavan et mandaron de parte do dito señor arçobispo a os fiees que eran postos ennas rendas contiudas enna dita carta de toma que repartisen os maravedis contiudos enna dita carta ennas ditas rendas segundo que enna dita carta era declarado et que recodisen con os maravedis en ela contiudos ao dito Johan Fernandes, segundo que o dito señor mandava por la dita sua carta et que quando fesesen pagados ditos maravedis que reçebesen en sy a dita carta de toma oreginal et tomasen carta de pago do dito Johan Fernandes en como lles fasian paga dos ditos maravedis et outrosy que mandavan aas ditas justiças que costrengesen a os fiẽes que eran postos ennas ditas rendas que pagasen os maravedis contiudos enna dita toma ao dito Johan Fernandes segundo que enna dita carta se contiña. Et desto en como pasou o dito Johan Fernan-

des pedeu a min o dito notario testemoyo signado para sua guarda. Esto fuy enno dito lugar, anno, dia et mes sobreditos. Testemoyas que a esto foron presentes Diego Lopes de Toledo et Martin da Figeiras, bachiller en decretos, alcallde do dito señor arçobispo et Vaasco Fernandes Troquo et Alvaro Gil et Vaasco Gomes de Marçoa et Juan da Cana veciños da dita çidade et Gil Peres procurador do conçello da dita çidade.

1417, febreiro, 17.

Des et sete dias do mes de fevereiro. Sabean todos que eu Martin Serpe jurado da çidade de Santiago outorgo et connosco que reçeby de vos Gil Peres, procurador do conçello da dita çidade de Santiago tresentos maravedis, branqua a tres dineiros os quaes maravedis eu ouve de aver asi como alcallde que fuy da dita çidade este anno primeiro pasado por rason do selario do terço de hũa renda que se reparteu enna dita cidade o dito anno pasado a qual eu ajudey a coller et dos quaes ditos maravedis me outorgo por entrego et ben pagado et renunçio a toda eixençon que non diga ende o contrario et a a ley etc. Et eu o dito Gil Peres asy o reçebo. Testemoyas que a esto foron presentes Pero Fernandes de Trivaldes coengo enna iglesia de Santiago et Alonso Peres et Fernan Montesiño, criados do notario adiante escripto.

Predito. Sabean todos que eu Pero Afonso servente do conçello da çidade de Santiago, outorgo et connosco que reçeby de vos Gil Peres, procurador do conçello da dita çidade noveenta maravedis de moeda vella, contando branqua en tres
(Fol. 13 vº) dineiros, os quaes maravedis eu ouve de aver // este anno pasado de mill et quatroçentos et dez et seis annos por rason de vestuario que do dito conçello ouve de aver o dito annos pasado et dous quaes confeso etc. Et renunçio a toda eixençon que non diga delo o contrario et a a ley etc. Et eu o dito Gil Peres asy o reçebo. Testemoyas: Pero Fernandes de Trivaldes, coengo enna iglesia de Santiago et Fernan Montesiño et Alonso Peres criados do notario adeante escripto.

1417, Febreiro, 17.

Dez et sete dias do mes de fevereiro. Sabean todos que seendo o conçello, justiças et regidores jurados et omes bõos da çidade de Santiago juntados enno sobra-

do da notaria de min Rui Martines, notario da dita çidade por crida de anafil segundo han de uso et de costume ende Fernan Aras Xarpa et Pero Yanes Abraldes, justiças enna dita çidade et Martin Serpe, Alvaro Alonso Juliate, Alonso Fernandes Abril, Fernand Gonçalves do Pregontoiro, Gomes Rodriges, bachiller, Juan Ares da Cana et Martin Galos homes bõos et jurados enna dita çidade et en presença de min o dito Rui Martines, notario et das testemoyas adeante escriptas, logo enton o dito conçello justiças et jurados diseron que por quanto eles avian de servir este dito anno a noso señor o arçobispo de Santiago don Lope de Mendoça con viinte mill maravedis de moeda vella contando blanqua a tres dineiros et eso mesmo avian de pagar os marcos et jantar que noso señor el rey ha en cada ũu anno en esta dita çidade et os marcos do dito señor arçobispo et para pagar o selario que han de aver este dito anno as justicas et notarios et os serventes do dito conçello et para outros custos nesçesarios que avian de conprir que acordavan et acordaron que se repaartise et derramase en esta dita çidade hũa renda de contia de triinta mill maravedis de moeda vella, contando blanca a tres dineiros et que mandavan a Bernald Yanes et a Gil Peres, procuradores do dito conçello que presentes estavan que comecasen logo a coller et recabdar a dita renda por los infintos porque se collera et recabdara o anno primeiro pasado de mill et quatroçentos et des et seis annos outra renda que se collera o dito anno de otra tanta contia como esta que agora mandavan coller, porque querian que se algũa das colacões da dita çidade entendia que estava agraviada enno dito repartimento et quisese emendar seu infinto que o podesen faser et que mandavan a min notario que dese copia dos ditos infintos a aquelas colações que os quisesen (...) et quelles davan termino doje a oyto dias primeiros segintes a que tenuesen corregidos et enmendados os ditos infintos et non o trajendo corregidos et enmendados os ditos infintos enno dito termino que dende endeante non os podesen emendar et que mandava que se collesen os ditos maravedis por los ditos infintos do dito anno pasado segundo de suso avian mandado. Testemoyas que a esto foron presentes: Vaasco Troquo et Vaasco Gomes de Marçoa et Juan Fernandes da Cana et Fernan Gomes et Vaasco Peres Abril et Gonçalvo de Covas et Fernan de San Lourenço, alfaiate, et Juan Ares do Vilar et Domingo Longo et Pero Alonso, serventes do dito conçello.

Predito. O dito conçello, justicas et jurados, diseron que por quanto noso señor o arçobispo de Santiago avia dado regimento de como se regese esta sua çidade et ontre outras cousas contiudas enno dito regemento et ordenança por el feita sobre la dita

rason avia mandado que o dito conçello, justiças et jurados elegisen en cada ũu anno seis homes bõos vesiños da dita çidade para que fosen con eles presentes por parte da comonidade a o repartir et derramar de algũas rendas ou maravedis quando se ouvesen de repartir et derramar enna dita çidade, por ende que eles en conplindo o que por lo dito señor arçobispo fora mandado que elegian este dito anno a estas personas que aqui dira para que fosen presentes por parte da dita comonidade a o repartir et derramar dos ditos quando se ende ouvesen de repartir. As quaes personas que asi para esto nonbrasen este dito anno son estes que se siguen: Vaasco Troquo, Vaasco Gomes de Marçoa, Juan Ares do Vilar, Gonçalvo de Canas, Juan Raposo, canbeador, Fernan de San Lourenço, alfaiate, os quaes asi nonbrados diseron que mandavan et mandaron aos sobreditos que veesen a os conçellos et cosistorios quanto et a casa que se ouvesen de faser et fosen requiridos para elo, so penna de LXº moravedis por cada vez que asi non quisesen faser. Testemoyas os sobreditos. //

(Fol. 14)

Predito. O dito conçello, justiças et jurados, mandaron que quaesquer personas que agora usavan de vender ou vendesen de aqui endeante aseite enna dita cibdade que tovesen medidas çertas porque vendesen o dito aseite por maneira que aquelas personas que o ouvesen de conprir non reçebise engano algũo et que mandavan a os ditos alcalles que fesesen logo dar pregon por las praças desta çidade que as personas que usavan de vender o dito aseite fosen marquar as medidas por que o ouvesen de vender por la marqua do dito conçello que ten Juan Golçalves, plateiro, para o qual lles davan termino doje a oyto dias primeiros segintes et que mandavan que o dito Juan Golçalves levase por seu traballo por rason da dita marqua que asi avia de põer ennas ditas medidas hũa blanca de cada hũa et non mais et outrosi que mandavan que se despois do dito termino fose achada algũa persona que vendese o dito aseite por medidas que non fosen marquadas que pagase por pena LXª maravedis, a meidade para os muros da dita çidade et a otra meidade para os ditos alcalles por cada ves que fose achado que vendia por las taes medidas por marquar. Testemoyas, os sobreditos.

1417, febreiro, 18.

Dez et oyto do mes de fevereiro. sabean todos que en presença de min Ruis Martines, notario publico da çidade de Santiago et das testemoyas adeante escriptas, pare-

çeu Domingo Longo, servente do conçello da dita çibdade et diso que el por mandado de Fernando Aras Xarpa et de Pero Yanes Abraldes, justiças enna dita çibdade pregoara altas voses por las praças desta çidade estas cousas que se sigen: "Mandan diser os alcalles jurados et homes bõos da çidade de Santiago que todos aqueles que vende et venderen aseite enna dita çibdade que doje a oyto dias vãa marquar as medidas todas porque venderen o aseite a casa de Juan Gonçalves, oulives, que ten as medidas marquadas dereitas que ordenou o conçello por que se vendan os ditos aseites et que des aqui endeate nihũu non seseja tiudo de medir aseite salvo por las ditas medidas dereitas marquadas por lo dito Juan Golçalves et aquel que o vender por outras medidas que non sejan marquadas que page por cada ves que os acharen sesenta maravedis para os alcalles et para os muros do dito conçello". Testemoyas que foron presentes a este fe que o dito Domingo Longo dou Alonso Peres et Fernan Montesiño, escrivanos.

1417, febreiro, 22.

Viiente et dous dias do mes de fevereiro. Sabean todos que seendo o conçello, justiças et regidores jurados et homes bõos da çidade de Santiago juntados enno sobrado da notaria de min Rui Martines, notario da dita çidade por crida de anafil, segundo han de uso et de costume, presentes ende Fernan Aras Xarpa et Pero Yanes Abraldes, justiças da dita çidade et Martin Serpe, Martin Galos, Fernan Gonçalves do Pregontoiro, Juan Ares da Cana, Afonso Fernandes Abril, homes bõos jurados enna dita çidade et en presença de min o dito notario et das testemoyas adeante escriptas enton o dito conçello, justiças diseron que por quanto Gomes Rodriges bachiller en decretos, jurado da dita cibdade, que presente estava, os requirira que lle fesesen pagar os moravedis dos marquos de noso señor o arçobispo que el ten por merçed en cada ũu anno do dito señor et que avia de aver este dito anno, por ende que mandavan et mandaron a Bernald Yanes do Camiño et a Gil Peres, procuradores que presentes estavan que e quaesquer maravedi que por lo dito conçello recabdavan et avian de recabdar en este dito anno que desen et pagasen ende en este mes de março primeiro que ven a o dito Gomes Rodriges ou a aquel que o ouvese de aver por el, os maravedis que asi avia de aver este dito anno dos ditos marquos por vigor da merçed que delo lle fesera o dito señor et que tomasen carta de pago do dito Gomes Rodriges ou de aquel que o por el ouvera de aver et con ela et con este mandado lles seerian reçebidos en conta os ditos

maravedis et que mandavan a os ditos procuradores que cada hũu pagase a medade que delles lle coubese a pagar, por maneira que vos cunplisen a dita paga. Testemoyas que a esto foron presentes: Vaasco Gomes de Marçoa et Juan Ares do Vilar et Fernan
(Fol. 14 vº) de San Lourenço et Vaasco Troquo et Juan Duran, vesiños da dita çidade. //

1417, febreiro, 25.

Viiente et çinquo dias do mes de fevereiro. Sabean todos que eu Gomes Rodriges, bachiller en Decretos, jurado da çidade de Santiago confeso et outorgo que reçeby de vos Bernald Eanes do Camiño et Gil Peres procuradores do conçello da dita çidade os maravedis dos marquos que noso señor o arçobispo de Santiago ouvo de aver do dito conçello este anno da feita desta carta, os quaes maravedis eu del teño en merçed en cada huu anno et os quaes maravedis dos ditos marcos me pagastes et eu reçebi de vos en dineiros contados de que me outorgo por entrego et ben pagado a mĩa voontade sen mingoa algũa et renunçio a ley do aver non dado nen contado, visto nen reçebido nen pagado en presença do notario et testemoyas et a toda outra eixençon que nunca delo diga o contrario, et dou por quito et libre a o conçello da dita çidade et a vos os ditos procuradores en seu nome dos ditos marquos que eu en nome do dito señor ouve de aver este dito anno, por quanto me foron pagados segundo dito he. Et he a saber, que este ditos maravedis que me asi pagastes et eu reçebi de vos segundo dito he me ouveran de seer pagados enno mes de março primeiro que ven en este dito anno et vos os ditos procuradores pagastemos ante do dito tenpo por me faserdes graça et boa obra et porque esto seja çerto, outorgey esta carta de pago por ante o notario publico et testemoyas ajuso escriptos, que fuy feita et outorgada enna dita çibdad, anno, dia et mes susoditos. Testemoyas que a esto foron presentes, Feran Rodriges de Betanços, bachiller en decretos, coengo enna iglesia de Santiago et Juan Fernandes Abril et Vaasco Fernandes Troquo, vesiños da dita çibdade.

1417, marzo, 1.

O primeiro dia do mes de março. Sabean todos que seendo o conçello, justiças et regidores jurados et homes bõos da çidade de Santiago juntados enno sobrado

da notaria de min Rui Martines, notario da dita çidade por crida de anafil segundo han de usso et de costume, presentes ende Pero Yanes Abraldes, justiça enna dita çidade et Martin Serpe, Fernan Golçalves do Preguntoiro, Juan Aras da Cana, Afonso Fernandes Abril, Alvaro Afonso Juliate, Maartin Galos, homes bõos jurados da dita çidade et presentes outrosi Vaasco Fernandes Troquo et Vaasco Gomes de Marçoa et Juan Aras do Vilaar et Golçalvo de Covas et Juan Raposo, canbeador et Fernan de San Lourenço, os quaes o dito conçello, justiças et jurados eligieron este dito anno para que por parte da comonidade estovesen presentes ao repartimentos de quaesquer maravedis que enna dita çidade se ouvesen de dar et coller et derramar et en presença de min o dito Ruy Martines, notario et das testemoyas adeante escriptas paraesçeu ende Juan Fernandes de Canas, coengo de Santiago et recabdador de noso señor o arçobispo de Santiago don Lopo de Mendoça et presentou et fezo leer por min o dito notario hũa carta de noso señor o arçobispo don Lope de Mendoça, escripta en papel et firmada de seu nome, da qual o thenor he este qu se sigue: "Conçejo et alcalles et jurados et homes bõos de la nuestra çibdad de Santiago, nos el arçobispo de Santiago vos enbiamos mucho saludar. Fazemos vos saber que por los menesteres que nos han recresçido et recresçen de cada dia et en espeçial agoa de presente en la partida que avemos de partir para la corte de nuesto señor el rey, segun creemos que sabedes que nos fue neçesario de nos servir de vosostros et de los otros conçejos de las otras nuestras villas et logares et tierras del nuestro arçobispado de çierta quantia de maravedis de los quales mandamos fazer repartimento, en el qual repartimento vos copo a pagar veynte mill maravedis de moeda vieja contando blanca en tres dineiros. Por que vos rogamos et mandamos que si serviçio et plazer nos avedes de fazer considerando los dichos nuestros menesteres et neçesidades que luego vista esta nuestra carta repartadaes entre vos los dichos maravedis et los dedes cogidos et recabdados a Juan Fernandes de Canna nuestro recabdador que los ha de aver et de recabdar por nos et tomad su carta de pago et con ella et con esta nuestra carta mandamos que vos sean reçibidos en cuenta. Escripta en la dicha nuestra cibdat de Santiago, veynte dias del mes de enero, anno del Nasçemiento del Nuestro Señor Jhesu Christo de mill et quatroçientos et diez et siete annos. Lupus, archiepiscopus compostellanus.

(Fol. 15) A qual carta presentada et liuda // por min o dito Johan Fernandes frontou et requireu a o dito conçello, justiças, jurados et homes bõos sobreditos que conprisen a dita carta do dito señor arçobispo en todo et por todo segundo que se en la

contiinan et en conprindoa que fisesen logo repartir os ditos maravedis et lles desen collidos et recabdados segundo que o dito señor arçobispo lles mandava por la dita sua carta et logo o dito conçello, justiças et jurados et omes bõos sobreditos diseron que ellos avian ja mandado repartir et derramar enna dita çidade hũa renda de triinta mill maravedis, contando blanca a tres dineiros para pagar os ditos viinte mill maravedis et esto meesmo para outras devedas que devian et que os mandaran ja coller et recabdar et por ende que mandavan et mandaron a Bernald Yanes do Camiño et a Gil Peres suos procuradores que presentes estavan que dos ditos maravedis que asi avian de recabdar dese et pagase a o dito Juan Fernandes en nome do dito señor arçobispo os ditos viinte mill maravedis da sobredita moeda con que servian este dito annoa o dito señor arçobispo et que quando fesesen a dar paga que lles mandavan que reçebesen en si a dita carta de repartimento original do dito señor arçobispo et tomasen carta de pago do dito Juan Fernandes de como lle fasian paga dos ditos maravedis et con elas et con este mandado lles seerian reçebidos en conta et en pago os ditos viinte mill maravedis. Testemoyas que a esto foron presentes Vaasco Peres Abril et Juan da Cova et Juan de Viveiro et Juan Ares do Vilar vesiños da dita çidade.

Predito. O dito conçello, justiças et jurados et homes bõos sobreditos, mandaron aos ditos Vaasco Yanes et Gil Peres, procuradores que de quaesquer maravedis que por lo dito conçello avian de recabdar este dito anno que desen ende a Martin Garçia, porteiro de noso señor o arçobispo seseenta maravedis de moeda vella contando branqua a III dineiros que era sua voontade de lle mandar dar este dito anno para quanto o achavan diligente ennas cousas que conprian a o dito conçello et aos vesiños da dita çidade et que mandavan que lles fose resçebido en conta os ditos LX maravedis. Testemoyas os sobreditos.

1417, marzo, 3.

Tres dias do mes de março. Sabean todos que eu Gomes Rodriges, bachiller en decretos et jurado enna çidade de Santiago, outorgo et connosco que reçeby de vos Gil Peres, que presente sodes et de Bernald Yanes do Camiño, que he absente, procuradores que sodes do conçello da dita çidade todas las contias de maravedis que o dito conçello devia a noso señor o arçobispo de Santiago don Lopo dos marquos

que o dito señor arçobispo ha en cada ũu anno enna dita çidade. Et os quaes eu del teño en merçet en cada ũu anno et os quaes moravedis dos ditos marquos que me asi pagastes son deste anno da feita desta carta et dos quaes moravedis deste dito anno outorgo et connosco que so entrego et ben pagado et renunçio a toda exeiçon que non diga ende o contrario et a a ley que dize que a paga deve sẽer feita so a vista et reçebida en presença do notario et testemoyas. Et do por livre et quito a o dito concello et a vos os ditos seus procuradores en seu nome, dos ditos marquos que asi aviades de pagar este dito anno por quanto me fezestes delo paga segundo dito he et se outra carta de pago paraesçer que eu vos ouvese dado sobre esta rason non valla salvo esta. Et eu o dito Gil Peres por min et por lo dito Bernald Yanes asi o reçebo. Testemoyas que a esto foron presentes, Fernan Passete et Nuno Golçalves Vinagre et Garçia Rodriges, canbeador, visiño da dita çidade.

D'Aqui ajuso por lo escusador.

1417, marzo, 15.

Dia lũus, quinze dias do mes de março. Sabean todos que seendo o conçello, alcalles et regidores jurados et homes bõos da çidade de Santiago juntados en consistorio enna notaria de Rui Martines, notario publico da çidade de Santiago, segundo que hes de costume, presentes enno dito consistorio Pero Yanes Abraldes, (Fol. 15 vº) alcallde enna dita çidade et Martin Serpe et Martin Galos // et Afonso Fernandes Abril et Fernan Golçalves do Preguntoiro et Juan Aras da Cana, jurados enna dita çidade et en presença de min Fernan Yanes, notario publico de noso señor el rey enna sua corte et en todos los seus regnos et escusador por Rui Martines, notario publico da çidade de Santiago jurado et das testemoyas adeante scriptas; enton o dito conçello, alcallde et regidores diseron que mandavan et mandaron a Fernan Pasete et Johan Rodriges Alvariño veziños da dita çidade que estevesen enna casa do pescado da dita çidade ou fora dela con os pesos que estavan hordenados para pesar o pescado fresquo et secuo que se vendese enna dita çibdad et que pesasen ou fezesen pesar por los ditos pesos do dito conçello todo o pescado que fose vendido por las pescadeyras da dita çidade et por outras personas que o a ela trouvesen a vender et podesen entrar enna dita casa quando et cada que quisesen para pesar et faser pesar o dito pescado, et aquela persona que achasen que o non pesava por los

pessos dereitos da dita çidade segundo que estava hordenado que fesesen delo relaçon aos alcalles da dita çidade para que fesesen exsecuçon en bẽes das taes personas que vendesen o tal pescado por los pesos non çertos. Testemoyas Vaasco Gomes de Marçoa et Juan da Cana et Gonçalvo de Canas, Ares Chantreiro, Johan Garçia et Juan Dominges de Linares veciños da dita çidade et Gil Peres et Bernal Yanes, procuradores do conçello da dita çidade.

1417, marzo, 17.

Dez et seis dias de março. Sabean todos que seendo o conçello, alcalldes, regidores jurados et homes bõos da çidade de Santiago juntados en conçello por crida de anafil enna dita notaria segundo que han de costume presentes enno dito conçello Pero Yanes Abraldes et Fernan Aras Xarpa alcalles da dita çidade et Martin Galos, Afonso Fernandes Abril, Fernan Gonçalves do Preguntoiro, Alvaro Alonso Juliate et Juan Aras da Cana jurados enna dita çidade et en presença de min o dito Fernan Yanes, notario et escusador et dos testemoyas adeante escriptas; enton o dito conçello et alcalles et regidores diseron que por quanto Fernan Gonçalves, alfayate, veziño da dita çidade, ayer lles dera querela de Gonçalvo Rodriges del Regno, que reçebera del çertas injurias et desonrra, que entendian de enviar sobrelo petiçon a noso señor o arçobispo, para que proveesse sobrelo como sua merçed fose et que mandavan a Gil Peres, procurador do dito conçello que dese para o mesejeiro que levase a dita petiçon et para o que escripvise et para papel quoreenta et duas brancas et que lles seerian reçebidos en conta. Testemoyas, os sobreditos.

1417, marzo, 22.

Lũus viinte et dous dias do mes de março. Sabean todos que seendo o conçello, regidores jurados et omes bõos da çidade de Santiago juntados enna notaria de Rui Martines, notario publico da dita çidade por crida de anafil segundo que han de costume, presentes enno dito conçello Pero Yanes Abraldes et Fernand Ares Xarpa, alcalles enna dita çidade et Martin Serpe, Afonso Fernandes Abril, Fernan Gonçales do Preguntoiro, Martin Galos, Alvaro Afonso Juliate et Juan Ares da

Cana et con eles Vaasco Fernandes Troquo, Gonçalvo de Covas, Juan Raposo, canbeador et Juan Ares do Vilar regidores et vẽedores dos feitos do dito conçello et en presença de min Fernan Yanes, notario publico da çidade de Santiago jurado et das testemoyas adeante escriptas, logo enton o dito conçello justiças et regidores et vẽedores diseron que por quanto eles avian reçebido et reçebian de cada dia moytas ajudas et obras boas de Diego Lopes de Toledo, asi ennos repartimentos que se repartian a o dito conçello et seus homes lavradores como ennas outras cousas que conprian a o prol comũu da dita çidade et aos moradores dela, por ende que man-
(Fol. 16) davan // et mandaron a Gil Peres, que estava presente et a Bernald Yanes do Camino que era absente, procuradores do dito conçello que desen et pagasen a o dito Diego Lopes ou a quen os por el ouvese de aver dos mill maravedis, branca en tres dineiros cada hũu a meadade et tomasen carta de pago do dito Viego Lopes ou de aquel que os por el ouvese de aver et con ela et con este mandamento lle seerian reçebidos en conta os ditos dous mill maravedis. Testemoyas Fernan Rodriges, Vaasco Peres Abril, Juan Garçia de Maçarelas, Juan da Caña, visiños da dita çidade.

Predito. O dito conçello, regidores et vẽedores, mandaron que fosse reçebido en conta a Gil Perez, procurador do dito conçello, os quoreenta maravedis, blanca en tres dineiros que gastara enna yda que fora a Padron a noso señor o arçobispo con a querela que fora dada de Gonçalvo Rodriges de Regno et da custa da pençon et carta que sobre elo enbiaran a o dito señor o arçobispo. Testemoyas os sobreditos.

1417, marzo, 30.

Triinta dias do mes de março. Sabean todos que eu Alvaro de Mandayo, criado de noso señor arçobispo de Santiago don Lope, connosco et outorgo que reçebi de vos Bernald Yanes do Camino, canbeador, procurador do conçello da çidade de Santiago des coroas d'ouro de conto et de peso do cuno del rey de França et mais viinte maravedis de moeda vella, contando blanca a III dineiros, as quaes coroas et maravedis me destes para que as dese a Diego Fernandes de Burgos, bachiller en decretos et coengo enna igllesia de Santiago a o qual vos enbiastes as ditas coroas et maravedis por mandado do conçello da dita çidade. O qual dito conçello llas mandou enbiar para prosegimento do pleito que o dito conçello ha en corte de nuestro señor el rey con os conçellos de Pontedeume, et Ferrol et Vilalva et as quaes coroas et maravedis eu dey a o

dito Diego Fernandes por mandado de vos o dito Bernald Yanes, as quaes el reçebeu de min, segundo que se conten en hũa sua carta de conoçemento que del trouxo, a qual eu dey et entregey a vos o dito Bernald Yanes para vosa garda et porque esto he çerto outorgey esta carta de conosçemento ante o notario publico et testemoyas a juso scriptas. Feita a carta enna çidade de Santiago, anno dia et mes susoditos. Testemoyas que a esto foron presentes, Martin das Figaras, bachiller en decretos alcallde de noso señor o arçobispo et frey Gonçalvo do Roeiro fraire do mosteiro de San Domingo de Bonaval et Pero Alonso, criado de min notario a juso scripto.

1417, abril, 2.

Dous dias do mes de abril. Sabean todos como eu Fernan Aras Xarpa, alcallde da çidade de Santiago, connosco et outorgo que reçebi de vos Bernald Yanes do Camino et Gil Peres, procuradores do conçello da dita çidade de Santiago mill et seisçentos maravedis (de moeda vella) contando blanca a III dineiros, os quaes me pagastes en nome do conçello da dita çibdade que os devia a nosso señor el rey dos marquos que o dito señor rey ha en cada ũu anno enna dita çidade, os quaes maravedis eu del teño en merçed en cada hũu et os quaes maravedis que me asi pagastes son do anno pasado de I mill CCCCXVI annos et os quaes me foron librados enno (roto de + -14 espacios) por Fernan Gonçalves de Oviedo, recabdador do arçobispado de Santiago con obispado de Tuy por Diego Fernandes (roto de + -14 espacios) do dito señor rey enno dito arçobispado et obispado o ditto anno segundo que se conten en hũa carta de libramento que o dito Fernan Gonçalves (de Oviedo) (roto) rason a qual eu dey et entregey a vos os ditos procuradores por quanto vos por vigor dela me fesestes (roto + -14 espacios) dos quaes maravedis me outtorgo por entrego et ben pagado et renunçio a toda exençon que nunca ende diga o contrario (roto) apaga deve sẽer feita vista et reçebida en presença do notario et testemoyas et por ende dou por quito et libre doje este dia para senpre ao dito conçello et a vos os ditos seus procuradores en seu nome dos ditos maravedis por quanto vos os sobreditos todos os ditos maravedis entregamente cada ũu a medade. Et nos os ditos Bernald Yanes et Gil Peres asi o reçebemos. Testemoyas que a esto foron presentes: Martin Serpe et Afonso Fernandes Abril et Alvaro Afonso Juliate jurados da dita çibdade.

Predito. Sabean todos que seendo juntados en consistorio enna notaria de min Rui Martines, notario publico da çidade de Santiago, segundo que han de custume Fernan Aras Xarpa et Pero Eanes Abraldes, alcaldes et Martin Serpe, Fernan Gonçales do Preguntoiro, Alvaro Afonso Juliate, Afonso Fernandes Abril et Juan Aras da Cana, jurados et regidores enna dita çidade et en presença de min o dito Rui Martines, notario et das testemoyas adeante scriptos, enton os sobreditos alcaldes et regidores diseron que por quanto Garçia Fernandes Sarmento endeantado Mayor de Galisa lles enviara rogar por sua carta que recudisen et fesesen recudir a Nuno Gonçales de Vilariño seu scudeiro con os mill et dusentos moravedis, branqua en çinquo dineiros que el o dito Endeantado tiiña en merçed en cada ũu anno de noso señor el rey do jantar que o dito señor rey ha de aver en cada hũu anno enna dita çidad, porque sua voontade era que tevese del en merçed o dito Nuno Gonçales os ditos mill et dusentos moravedis, et agora o dito Nuno Gonçales lles enviara rogar que fesesen dar et pagar os ditos moravedis que avya d'aver este anno a Fernan Rodriges da Triindade, viziño da dita çidade et dandollos que el se outorgava deles por pago, segundo que mais conpridaves, era contiudo enna dita carta do dito Nuno Gonçalves firmada de seu nome et de notario publico, por ende que eles os ditos alcaldes jurados et regidores, mandavan et mandaron a Gil Peres, procurador do conçello da dita çidade que presente estava que de quaesquer moravedis que por lo dito conçello avia reçebidos ou reçebese que dese et pagase a o dito Fernan Rodriges para o dito Nuno Gonçalves os ditos mill et dusientos moravedis da dita moeda branqua en çinquo dineiros et que reçebese en sy a dita carta do dito Nuno Gonçales et carta de pago do dito Fernan Rodriges et con elas et con este mandamento lle seerian reçebidos en conta os ditos mill et dusientos moravedis. Testemoyas: Martin das Figeiras, bachiller en decretos, alcalde mayor del noso señor o arçobispo de Santiago et Bernald Yanes do Camino, procurador do dito conçello et Juan Peres deseedor et Afonso Peres scripvan et Domingo Longo et Fernan Beeites, serventes do dito conçello.

Predito. Os sobreditos mandaron que fosen recebidos en conta a o dito Gil Peres os quoreenta et oyto moravedis, branqua en tres dineiros que avya dado aos beesteiros que foron por gia con os moravedis de noso señor el rey que levou Rui Gonçales da Costanilla. Testemoyas os sobreditos.

1417, abril, 4.

Quatro dias do mes de abril. Sabean todos que eu Fernan Rodriges da Triindade, mercador visiño et morador enna çidade (de Santiago) outorgo et connosco que reçeby de vos Gil Peres, procurador do conçello da dita çidade mill et dusentos moravedis contando branqua en çinquo dineiros; os quaes moravedis me pagastes en nome do dio conçello et eu de vos reçebi... de Nuno Gonçalves de Vilariño, scudeiro do adeantado de Galisa et por vigor de hũu poder que el para elo me deu et os quaes son do jantar que noso señor el rey ha en cada ũu anno enna dita çidade et os quaes moravedis del ten en merçed o dito Endeantado; o qual Endeantado mandou con eles recudir a o dito Nuno Gonçalves seu scudeiro et son do jantar dese anno da feyta desta carta et os quaes mill et dusentos moravedis son branqua en çinco dineiros eu ey en meu jur et poder et renunçio a toda eixençon que non diga ende o contrario et a a ley do aver non dado et contado visto et reçebido et pagado en presença do notario et testemoyas (+ - 9 espacios) as outras leys et dereitos scriptos et non scriptos que contra esta carta de pago poderia diser et a alegar por (roto) ela que o non diga nen alegue en juiso nen fora del et en nome do dito Nuno Gonçalves dou por (roto) quito para todo senpre ao dito conçello et a vos o dito Gil Peres en nome del dos ditos mill et dusentos moravedis (roto) çinquo dineiros, que me destes et pagastes como dito he et eu o dito Gil Peres que presente so por min et en nome do dito conçello asy o reçebo. Testemoyas que a esto foron presentes Pero Fernandes de Mendoça dotor en leys et arçidiago de Tras Tamar enna igllesia de Santiago et Afonso de Carrança coengo enna dita igllesia et
(Fol. 17) Vaasco Rodriges, clerigo et criado do dito arçediago. //

1417, abril, 3.

Trese dias de abril. Sabean todos que eu Afonso Lourenço, raçoeiro enna igllesia de Santiago et capelan da capela de Santa Catalina que he sita enna dita iglesia connosco et outorgo que reçeby de vos Bernald Yanes do Camino, procurador do conçello da çidade de Santiago çento et oyteenta maravedis de moeda vella, contando blanqua a tres dineiros, os quaes moravedis me pagastes en nome do conçello da dita çidade et os quaes maravedis eu ey de aver en cada ũu anno por rason da

ditta capelania et an de seer pagados dos moravedis dos marquos que nos o señor el rey ha en cada hũu anno enna ditta çidade. Et os quaes moravedis que me asi pagastes son do anno pasado que se fiinçeu por lo primeiro dia de março postromeiro que agora pasou en este anno da feita desta carta et dos quaes moravedis me outorgo por entrego et ben pagado et renunçio a toda eixençon que non diga delo o contrario et a ley etc. Et eu o dito Bernald Yanes en nome do dito conçello asi o reçebo. Testemoyas que a esto foron presentes: Pero Varela, coengo de Santiago et Jacome Peres, criado do arçediago de Trastamara et Affonso de criado de noso señor o arçobispo.

1417, abril, 15.

Quinse dias do mes de abril. Sabean todos que eu Diego Lopes de Toledo connosco et outorgo que reçebi de Bernald Yanes do Camiño et Gil Peres, procuradores do conçello da çidade de Santiago dous mill maravedis de moeda vella, contando moravedi a tres dineiros, os quaes me pagastes en nome do dito conçello o qual dito conçello me mandou dar os ditos maravedis este anno de feyta desta carta por rason de graças et ajudas que de min reçebera et os quaes maravedis me pagaron en esta guisa: que me pagou o dito Bernald Yanes mill maravedis et o dito Gil Peres outros mill maravedis e asi son cunplidos et pagados os ditos dous mill maravedis da sobredita moeda et dos quaes me outorgo por entrego et ben pagado et renunçio a toda eixençon que nunca diga o contrario et a a ley etc. Feita enna çidade de Santiago anno, dia et mes susoditos. Testemoyas que a esto foron presentes Juan Fernandes de Atares, coengo de Santiago et Lopo Alvares de Leon escudeiro do dito Diego Lopes.

Outorgo eu Rui Martines, notario da çidade de Santiago que reçebi de Gil Peres, procurador do conçello da dita çidade quoreenta et seis libras, as quaes eu ouve da aver este anno da feita desta carta por rason do salario que teño do dito conçello et que ey de aver por rason do dito ofiçio de notaria et das quaes me outorgo por entrego et ben pagado et renunçio a toda eixençon que non diga delo o contrario et porque esto seja çerto escrivi aqui meu nome. Feita VII dias de abril anno Domini MºCCCCºXVII.- Rui Martines, notario (signo).

1417, abril, 19.

Dez et nove dias do mes de abril. Sabean todos que seendo juntados en consistorio enno sobrado da notaria de min Rui Martines, notario, Fernand Ares Xarpa et Pero Yanes Abraldes alcalles da çidade de Santiago et Martin Serpe et Fernan Gonçalves do Preguntoiro, Afonso Fernandes Abril, Johan Aras da Cana, Martin Galos, omes bõos jurados enna dita çidade et en presença de min o ditto Rui Martines, notario et das testemoyas adeante scriptas, logo enton os ditos alcalles et regidores diseron que mandavan et mandaron a Gil Perez, procurador do conçello da dita çidade que presente estava que de quaesquer moravedi que por lo dito conçello recabdara ou avia de recabdar que dese et pagase ende a Juan de Voado, clerigo çento et çinquoeenta maravedis, contando branca a tres dineiros que o dito con-
(Fol. 17 vº) çello lle avia de dar en cada hũu anno por seu salario de armar o relogio que // el avia de aver do dito seu selario este anno corrente et que lle mandavan que tomase carta de pago do dito Juan de Voado et con ela et con ese mandado lle seerian reçebidos en conta os ditos çento et çinquoeenta moravedis. Testemoyas que a esto foron presentes Vaasco Perez Abril et Gonçalvo de Covas et Bernald Yanes do Camiño veciños et moradores enna dita çidade.

Predito. Os ditos alcalles et regidores mandaron que todas las personas que foran peñoradas por rason do repartimento et dos moravedis que lles foran repartidos este anno enna alcavala do vyño da toma que noso señor o arçobispo fezera enna dita renda que d'oje a tercer dia quitasen todas las prendas que por la dita rason lles foran peñoradas et non nas quitanto ao dito termino que mandavan a os fiẽes da dita alcavala do viño que fezesen vender segundo costume da dita çidade todas las prendas que por la dita rason lles peñoraran. Et que as taes personas a quen as ditas prendas fosen vendidas por la dita rason que as non podesen despois demandar a os ditos fiẽes nen a algũo deles. Et deste mandado que os ditos alcalles et regidores feseran Vaasco Perez Abril, que presente esta por sy et en nome dos outros fiẽes que con el foron postos enna dita renda pedeu a min o dito notario que llo dese asi signajdo para gardar do seu dereito. Testemoyas que a esto foron presentes Bernald Yanes do Camiño et Gil Peres, procuradores do dito conçello et Gonçalvo de Covas, mercador et outros.

1417, abril, 24.

Viiente et quatro dias do mes de abril. Sabean todos que eu Juan de Voado, clerigo, connosco et outorgo que reçeby de Gil Peres, canbeador, procurador do conçello da çidade de Santiago çento et çinquoeenta maravedis, contando blanqua a tres dineiros, os quaes maravedis me el pagou en nome do dito conçello et os quaes eu ouve de aver este anno da feita desta carta por rason de meu selario de armar o relogio et dos quaes moravedis me outorgo por entrego et ben pagado et renunçio a toda eixençon que non diga ende o contrario et a a ley etc. Testemoyas Martin Serpe cidadãao da dita çidade et Gonçalvo de Millares alfayate, vesiño da dita çidade.

1417, maio, 10.

Dos dias do mes de mayo. Sabean todos que seendo juntados en consistorio enno sobrado da notaria de min Rui Martines, notario da çidade de Santiago, os alcalles et regidores jurados[11].

1417, maio, 10.

Des dias do mes de mayo. Sabean todos que seendo os alcalles e regidores jurados et omes bõos da çidade de Santiago juntados en consistorio enno sobrado da notaria de min Rui Martines, notario da dita çidade, segundo que han de uso et de costume, presentes ende Fernand Ares Xarpa et Pero Yanes Abraldes, alcalles da dita çidade et Martin Serpe et Gomes Rodriges, bachiller en Decretos, Fernan Gonçalves do Preguntoiro, Afonso Fernandes Abril, Martin Galos, Juan Ares da Cana, regidores jurados enna dita çidade et en presença de min o dito Rui Martines, notario et das testemoyas adeante scripttas; logo enton os ditos alcalles et regidores diseron que por quanto Bernald Yanes et Gil Peres, procuradores do conçello da dita çidade et Juan da Caña, fiel de alcavala dos paños da dita çidade lles

[11] Este parágrafo está testado e pouco despois comeza o texto do acordo que se ía poñer aquí.

(Fol. 18) feseran // relaçon disendo os ditos procuradores que ouveran piñorado çertas prendas a algũos vesiños da dita çidade por quanto lles non quiseran pagar os maravedis en que foran repartidos da renda que este anno se collera et repartira enna dita çidade et eso mesmo lles disera o dito Juan da Cana en como el et os outros fiẽes que con el foran postos enna dita renda da alcavala dos paños tomaran çertas prendas a algũos outros vesiños da dita çidade por quanto non quiseran pagar os maravedis en que eles os repartiran da toma que noso señor o arçobispo de Santiago fesera este dito anno enna dita renda et que as taes personas a quen asy ouveran tomado as ditas prendas non as querian quitar nen pagar os maravedis que sobre elas devian por la qual rason eles diseran que non podian pagar os moravedis que asi foran repartidos enna dita çidade as da dita renda como eso mesmo da dita toma poys que os non podian cobrar daqueles que os devian et lles pediran et requireran que proveesen sobrelo; por ende que eles querendo remediar sobrelo mandavan et mandaron a Domingo Longo, servente et pregoeyro do conçello da dita çidade que dese pregon publicamente por las praças da dita çidade que todas personas a quen os sobreditos ouveran tomado prendas algũas por la dita rason que doje a terçer dia as viesen quitar et non as quitando ao dito termino que mandavan aos sobreditos que as vendesen a quen por eles mays dese segundo costume da dita çidade et que as ditas personas cujas eran as ditas prendas non as podesen despoys demandar aos sobreditos. Testemoyas que a esto foron presentes Vaasco Fernandes Troquo et Juan Duran, mercador vesiños da dita çidade et Fernan Vieytes, servente do dito conçello et outros.

Predito. Os ditos alcalles et regidores sobreditos, mandaron a Gil Peres, procurador do dito conçello, que presente estava que de quaesquer maravedis que por lo dito conçello recabdava ou avia de recabdar que dese et pagase ende a Afonso da Cana servente do conçello da dita çidade çen maravedis, contando blanqua a tres dineiros para en pago de seu selario que el avia de aver do dito conçello este dito anno et que mandavan que fosen reçebidos en conta a o dito Gil Peres os ditos çen maravedis. Testemoyas os sobreditos.

Predito. Os ditos alcalles et regidores, mandaron a Bernald Yanes do Camiño, procurador do dito conçello que presente estava que dos maravedis que avia de cobrar de Juan Duran, mercador, da renda que este anno fora repartida enna dita çidade et en que el fora repartido que lles descontase ende quoreenta maravedis, contando blanqua en tres dineiros que o dito Juan Duran gastara en prosegimentto do pleito que lle fora

movido por Fernan Garçia alfayate disendo o dito Fernan Garçia que o dito Juan Duran asi como postor et encanavador que fora da dita renda enna colaçon de San Vieyto o encanavara maliçiosamente enna dita renda seendo el escusado de pagar en ela por sẽer ofiçial da iglesia de Santiago. Testemoyas os sobreditos.

1417, maio, 15.

Quinse dias do mes de mayo. Sabean todos que seendo os alcalles et regidores jurados et omes bõos da çidade de Santiago juntados en consistorio enno sobrado da notaria de min Rui Martines, notario da dita çidade segundo que han de uso et de costume, presentes ende Fernand Ares Xarpa et Pero Yanes Abraldes, alcalles da (Fol. 18 vº) dita çidade et Martin Serpe // et Gomes Rodriges, bachiller en decretos et Fernan Gonçalves do Preguntoiro et Afonso Fernandes Abril, Martin Galos, Alvaro Afonso Juliate, Juan Ares da Cana regidores juntados enna dita çidade et en presença de min o dito Rui Martines, notario et das testemoyas adeante scriptas; logo enton, os ditos alcalles et regidores sobreditos diseron que por quanto oje este dia lles fora mostrada hũa carta mesajera que noso señor o arçobispo de Santiago don Lope lles enbiara, enna qual se contiinan entre as outras cousas que o dito señor lles enviara a diser que por quanto enna tal çidade como esta non avia lugar perteeçente en que se exsecutase a justiça, que acordara de mandar faser enno lugar que disen Monteooris hũu rollo segundo que estava ennas outras çidades do regno, para o qual enviara mandar a os pedreiros et carpenteiros da dita çidade et de seu giro asi os que eran ofiçiaes da obra da sua igllesia como aos outros que o non eran que cada hũu deles dese para ajuda da dita obra dous dias de lavor sen levar por elo preço algũo et que mandara a o dito conçello que mandase dar para elo todas las outras cousas que fosen neçesarias segundo que fose ben visto por eles os ditos alcalles et por lo dito Martin Serpe aos quaes o dito señor enviara encargar et encomendar a carga da dita obra. Por ende que eles por conprir mandado do dito señor arçobispo et outrosi porque os taes pedreiros et ofiçiaes et serventes que ouvesen de estar enna dita obra ouvesen mais voontade de estar en ela que mandavan et mandaron a Bernald Yanes do Camiño et a Gil Peres, procuradores do dito conçello, que presentes estavan, que de quaesquer maravedis que por lo dito conçello recabdavan ou avian de recabdar que desen et pagasen ende a cada pedreiro dos que estovesen

enna dita obra a cada ũu tres maravedis, contando blanqua a tres dineiros et a os serventes que esto mesmo estevesen enna dita obra a cada hũu quinse dineiros da dita moeda et que desen mays todas las outras cousas que fosen necesarias para o dito lavor segundo que lle mandasen os ditos Fernand Ares et Pero Yanes et Martin Serpe aos quaes fora dado o cargo da dita obra por lo dito señor et que mandavan que llos fose reçebido en conta et en por os ditos jornais que asi avian de diser aos pedreiros et serventes et todas las outras cousas que gastasen et desen por mandado dos sobreditos para a dita obra. Testemoyas que a esto foron presentes Vaasco Peres Abril, canbeador et Vaasco Troquo vesiños da dita çidade e Domingo Longo et Fernan Vieytes, servente do dito conçello.

1417, maio, 17.

Des et sete dias do mes de mayo. Sabean todos que eu Afonso da Cana, servente do conçello da çidade de Santiago, connosco et outorgo que reçeby de vos Gil Peres procurador do conçello da dita çidade çen maravedis de moeda vella contando branqua a tres dineiros, os quaes maravedis me pagastes en nome do dito conçello et os quaes reçeby para en conta et en pago do selario que teño do dito conçello este anno da feita desta carta et das quaes maravedis me outorgo por entrego et ben pagado et renunçio a toda eixençon que non diga ende o contrario et a a ley etc. Testemoyas: Fernan Vieytes servente do conçello da dita çidade et Fernan
(Fol. 19) Montesiño escrivan. //

1417, xuño, 2.

Dous dias do mes de juyo. Sabean todos que seendo o conçello, os alcalles et regidores jurados et omes bõos da çidade de Santiago juntados enno sobrado da notaria de min Rui Martines, notario da dita çidade por crida de anafil segundo an de uso et de costume, presentes ende Fernan Aras Xarpa et Pero Yanes Abraldes, alcalles enna dita çidade et Martin Serpe, Gomes Rodriges, bachiller, Fernan Gonçalves do Pregontoiro, Alvaro Alonso Juliate et Alonso Fernandes Abril, regidores jurados enna dita çidade et en presença de min o dito Rui Martines notario, et das

testemoyas a juso scriptas; logo enton o dito conçello alcalles et regidores sobreditos diseron que mandavan et mandaron a Vernaldo Yanes do Camiño, procurador do dito conçello que presente estava que de quaesquer moravedis que por lo dito conçello recabdara ou avia de recabdar que dese ende a Juan Abraldes visiño da dita çidade, çento et çinquoeenta maravedis contando maravedis a III dineiros, que lle ouveran de dar por çerta pedra que del conpraran para o rollo que se fasia en Montooris et que mandavan que lle fosen reçebidos en conta os ditos maravedis. Testemoyas, Ares Fernandes do Vilar et Vaasco Gomes de Marçoa canbeadores et Bernaldo Yanes do Camiño et Gil Peres procuradores do dito conçello.

Predito. Os sobreditos mandaron a Bernaldo Yanes do Camiño, procurador que non cobrase de Gonçalvo, çapateiro amo de Diego Lopes de Toledo os moravedis en que fora repartido da que este anno se derramara enna dita çidade por quanto sua voontade eran dello faser quita deles a rogo do dito Diego Lopes que lles lo avian rogado et que mandavan que se tornase en fallas a o dito conçello os maravedis en que o dito Gonçalvo Yanes fora repartido da dita rrenda. Testemoyas os sobreditos.

Predito. Mandaron ao dito Bernaldo Yanes que pagase a Alvaro da Rocha, pedreiro, por seu jornal nove maravedis a III dineiros, cada dia et a o moço que con el estava tres maravedis et a os outros pedreiros que estevesen de graça enna obra do rollo que se agora fas en Montooris a cada ũu tres maravedis cada dia et aos serventes que estevesen enna dita obra a cada hũu maravedis et que lles camease a pagar esto des ayer martes que fui o primeiro dia deste mes de juyo. Testemoyas os sobreditos.

1417, xuño, 1.

Onse dias do mes de juyo. Sabean todos que seendo o conçello, alcalles et regidores jurados et omes bõos da çidade de Santiago juntando enno sobrado da notaria de min Rui Martines, notario da dita çidade por crida de anafil segundo an de uso et de costume, presentes ende, Fernan Ares Xarpa et Pero Yanes Abraldes, alcalles enna dita çidade et Fernan Gonçalves do Preguntoiro et Martin Serpe et Juan Ares da Caña, Martin Galos, Afonso Fernandes Abril, regidores jurados enna dita çidade et en presença de min o dito Rui Martines, notario et das testemoyas ajuso escriptas paraesçeu (...) ende Alvaro Gil, canbeador, vesiño da dita çidade et presentou et feso leer por min

o dito notario en presença dos sobreditos hũa carta de noso señor o arçobispo de Santiago don Lopo de Mendoça escripta en papel et firmada de seu nome et seelada ennas espaldas con seu seelo posto sobre çera colorada et da qual dita carta o thenor he este que se sige:"Nos el arçobispo de Santiago fazemos saber a vos el conçejo, alcalles et omes buenos da la nuestra çibdad de Santiago, que a nos fue fecha relaçion en como algunos veziños et moradores desta dicha nuestra çibdad quebrantan los canos del agua que viene para la pila que esta en la Rua do Canpo de la dicha nuestra cibdad et que la echan et desvian por sus huertas et por otras partes por manera que la dicha agua non viene conplidamente a la dicha pila segund avia de venir et nos queriendo çerca dello prover de remedio convenible, mandamos dar esta nuestra carta para vos sobre la dicha rason por la qual defendemos et mandamos a vos los sobredichos et a qualquier de vos que de aqui adelante non quebrantedes los dichos canos nin tomedes la dicha agua nin la echedes nin desviedes por vuestras casasl, heredades et huer-
(Fol. 19 vº) tas nin por otras algunas por manera que la dicha agua venga derechamente por los // canos que agora estan fechos et ayan libremente su curso para venyr a la dicha pila et non fagades ende al so penna de perder las casas o heredades o huertas por donde la asi lançardes et faziendo vos o qualquier de os el contrario de lo sobredicho que por ese mesme fecho ayudes perdido lo que dicho es et sean confiscadas por ese mesmo fecho para los muros et repartimiento de la açerca desa dicha nuestra cibdad las casas et heredades et huertas en que asi tirardes et sacardes la dicha agua contra este dicho nuestro defendemiento et porque a vos los sobredichos sea notorio este defendimiento por nos fecho porque despues non podades alegar ynorançia mandamos so penna de la nuestra merçed a los alcalles desa dicha nuestra cibdad que lo fagan asi pregonar publicamente delante escrivano publico por las plaças et mercados acostunbrados et los unos nin los otros non fagades ende al so las dichas pennas. Dada en la dicha nuestra çibdad de Santiago el primero dia de junio, anno Domini MºCCCCº deçimo septimo. Lupus, archiepiscopus conppostellanus.

A qual carta presentada et liuda por min o dito notario, o dito Alvaro Gil pedeu et requireu a o dito conçello, justiças et jurados que conprisen a dita carta do dito señor arçobispo en todo et por todo segundo que se en ela contiinan et en conprindoa que mandasen a pregoar o contiudo enna dita carta por las plaças et mercados acostumados desta dita çidade et o dito conçello, alcalles et regidores sobreditos diseron que obedesçian a dita carta do dito señor arçobispo con aquela reverençia que devian et que eran prestes de a conprir en todo et por todo serviço

que se en ela contiinan et en conprindoa mandaron a Domingo Longo, servente et pregoeiro do conçello da dita çidade, que presente estava, que pregoase altas voses con anafil tangido todas las contiudas enna dita carta por las praças et mercados da dita çidade et que dese o dito pregon en presença de min o dito notario porque eu delo fesese fe quando mester fose publico et notorio para que despois non se podese alegar inorançia. Et desto en como pasou, o dito Alvaro Gil pedeu a min o dito notario testemoyo signado para o mostrar a o dito señor arçobispo. Esto fuy enno dito lugar, dia et mes et anno susoditos. Testemoyas que a esto foron presentes Fernan Rodriges de Betanços, bachiller en decretos, coengo enna iglesia de Santiago et Afonso Yanes d'Espagna et Gonçalvo de Covas et Nuno Vinagre et Vaasco Peres Cabeça, vesiños da dita çidade.

Predito. O dito alcalles et regidores sobreditos, mandaron a Bernald Yanes do Camiño et Gil Peres seus procuradores que de quaesquer maravedis que por lo dito conçello recabdaran ou avian de recabdar que desen ende a Martin Serpe et a Alvaro Gil dusentos maravedis, contando blanqua a tres dineiros para ajuda de trager a agoa a a pia do canpo et que mandavan que lles fose reçebido en conta, os ditos maravedis. Testemoyas os sobreditos.

1417, xuño, 4.

Quatro dias do mes de juyo. Sabean todos que seendo o conçello, alcalles et regidores jurados et omes bõos da çidade de Santiago juntados enno sobrado da notaria de min Rui Martines, notario da dita çidade, por crida de anafil, segundo an de uso et de costume, presentes ende Pero Eanes Abraldes et Fernand Aras Xarpa, alcalde enna dita çidade et Martin Serpe, Fernan Gonçales do Preguntoiro, Gomes Rodriges, bachiller, Alvaro Afonso Juliate, Juan Ares da Caña et Afonso Fernandes Abril, regidores jurados enna dita çidade et en presença de min o dito Rui Martines, notario et das testemoyas adeante escriptas paresçeu ende Juan Fernandes de Canas, coengo enna igllesia de Santiago et recabdador de noso señor o arçobispo de Santiago don Lopo et presentou et feso leer por min o dito notario duas cartas de toma do dito señor arçobispo, escriptas en papel et firmadas de seu
(Fol. 20) nome et seeladas ennas espaldas de seu seelo posto sobre çera colorada // segundo claramente por elas paresçia et das quaes os thenores delos hũu en pos o outro son

estes que se siguen: Nos el arçobispo de Santiago, capellan mayor de nuestro señor el rey et su notario mayor del regno de Leon et oidor de la su audiençia otorgamos et connosçemos que tomamos et fasemos toma de vos los fieles del alcavala del vino de la nuestra çibdad de Santiago deste anno de mill et quatroçientos et dies et siete annos, de quantía de quinse mill maravedis de moeda blanca, contando blanca en çinco dineros, los quales tomamos de vos atreviendonos a la merçed de nuestro señor el rey para en cuenta de los maravedis que nos son librados en Diego Fernandes de Leon recabdador mayor del nuestro arçobispado con el obispado de Tuy este dicho anno de la nuestra quitaçion que del dicho señor rey tenemos con el ofiçio de la oydoria este dicho anno con los quales dichos quinse mill maravedis vos mandamos que recudades et fagades recodir a Juan Fernandes de Cañas nuestro recabdador o al que lo oviere de aver por el et tomar su carta de pago et con ella et con esta nuestra carta, rogamos al dicho Diego Fernandes, recabdador que vos los reçiban en cuenta a vos los dichos fieles et los descuenten a nos de los diclhos maravedis que ennos son librados este dicho anno de la dicha nuestra quitaçion. Et por esta nuestra carta mandamos al conçejo et alcalles de la dicha nuestra çibdad que costrengan et apremien a vos los dichos fieles para que dedes et pagedes luego los dichos quinse mill maravedis al dicho Juan Fernandes de Cañas nuestro recabdador o al que lo oviere de aver por el et los unos nin los otros non fagades ende al por alguna manera so penna de la nuestra merçet et de dos mill maravedis a cada un de vos para la nuestra camara. Escripta en la nuestra çibdad de Santiago (en blanco) dias de junio, anno del Nasçimiento del Nuestro Señor Jhesu Christo de mill et quatroçientos et dies et siete annos. Lupus, archiepiscopus Conpostelanus.

Nos el arçobispo de Santiago capellan mayor de nuestro señor el rey et su notario mayor del regno de Leon et oidor de la su audiençia, otorgamos et conosçemos que tomamos et fasemos toma de vos los fieles del alcavala de los paños et del alcavala de la carne de la nuestra çibdad de Santiago deste anno de mill et quatroçientos et dies et siete annos de quantia de çinco mill maravedis de moeda blanqua, contan blanqua en çinquo dineros en esta gisa: De vos los fieles del alcavala de los paños, dos mill maravedis et vos los fieles del alcavala de la came tres mill maravedis. los quales tomamos de vos, atreviendonos a la merçed de nuestro señor el rey para en cuenta de los maravedis que nos son librados en Diego Fernandes de Leon, recabdador mayor del nuestro arçobispado con el obispado de Tuy este dicho anno de la nuestra quitaçion que del dicho señor rey tenenos con el ofiçio de la oydoria

este dicho anno con los quales dichos çinquo mill maravedis vos mandamos que recudades et fagades recodir a Juan Fernandes de Canas nuestro recabdador o al que le oviere de aver por el et tomad su carta de pago et con ella et con esta nuestra carta, rogamos al dicho Diego Fernandes, que los reçiba en cuenta a vos los dichos fieles et los descuente a nos de los dichos maravedis que en el nos son librados este dicho anno de la dicha nuestra quitaçion. Et por esta nuestra carta mandamos al conçejo et a los alcalles de la dicha nuestra çibdad que costrengan et apremien a vos los dichos fieles para dedes et pagedes luego los dichos çinquo mill maravedis al dicho Juan Fernandes de Cañas, nuestro recabdador o al que lo oviere de aver por el et los unos nin los otros nin por algunas manera so pena de la nuestra merçed et de dos mill maravedis a cada un de devos para la nuestra camara. Scripta en la nuestra çibdad de Santiago (en blanco) dias de junio, anno del Nasçimiento del Nuestro Señor Jhesu Christo de mill et quatroçientos et dies et siete annos. Lupus, archiepiscopus Conpostelanus.

As quaes cartas de toma presentadas et liudas, o dito Juan Fernandes frontou et requireu a o dito conçello justiças et regidores jurados sobreditos que fesesen repartir os moravedis contiudos ennas ditas cartas ennas ditas rendas de alcavalas, segundo que ennas ditas cartas era declarado et quellos fesesen logo dar et pagar segundo que o señor arçobispo lles mandava. Et o dito conçello, justiças et regido-
(Fol. 20 vº) res jurados diseron que obedesçian // aas ditas cartas do dito señor arçobispo con a reverençia que devian et que por quanto non podian resistir nen contradiser seu mandado por quanto era seu señor, por ende que mandavan et mandaron de parte do dito señor arçobispo a os fiẽes que eran postos ennas rendas contiudas ennas ditas cartas de toma que repartisen os moravedis contiudos ennas ditas cartas ennas ditas rendas, segundo que ennas ditas cartas era declarado et que recodisen con os moravedis en elas contiudos a o dito Juan Fernandes segundo que o dito señor mandava por las ditas suas cartas et que quando fesesen paga dos ditos moravedis que reçebesen en sy as ditas cartas de toma originaes et tomasen cartas de pago do dito Juan Fernandes en como lle fasian paga dos moravedis et outrosy que mandaran aas ditas justiças que costrengesen a os fiẽes que eran postos ennas ditas rendas que pagasen os moravedis contiudos ennas ditas cartas de toma a o dito Juan Fernandes segundo que ennas ditas cartas se continan e desto en como pasou o dito Juan Fernandes pedeu a min o dito notario testemoyo signado para sua guarda. Esto foy enno dito lugar, anno dia et mes sobreditos. Testemoyas que a esto

foron presentes Vaasco Fernandes Troquo et Afonso Eanes d'España et Juan da Canna et Garçia Gonçales Porra et Pero Gomes et Juan Rodriges Alvariño, visiños da dita çidade.

1417, agosto, 3.

Tres dias do mes de agosto. Sabean todos que seendo o conçello et regidores jurados et homes bõos da çidade de Santiago juntados enno sobrado da notaria de min Rui Martines, notario da dita çidade por crida de anafil segundo que an de uso et de costume, presentes ende Fernan Ares Xarpa, alcallde da dita çidade et Martin Serpe, Gomes Rodriges, bachiller en Decretos, Fernand Gonçales do Preguntoiro, Afonso Fernandes Abril, Juan Ares da Canna et Martin Galos, regidores jurados da dita çidade et en presença de min o dito notario et das testemoyas adeante escriptas, logo enton o dito conçello, alcallde et regidores sobreditos diseron que por quanto noso señor o arçobispo de Santiago don Lopo fesera toma en çertas rendas de alcavalas da dita çidade deste dito anno de çertas contias de moravedis segundo que se contiña ennas cartas de toma que sobrelo dera et era ordenança de noso senor el rey que quando algũo señor ou outra persona poderosa fesese toma ennas suas rendas que o conçello onde a tal toma fose feita, presentase a tal toma fasta çerto tenpo ante os seus contadores mayores ou ante o seu recabdador que fose da comarqua onde a tal toma fose feita et diseren que por quanto Diego Fernandes de Leon recabdador mayor de noso señor el rey enno arçobispado de Santiago con o obispado de Tuy estava agora en esta dita çidade, por ende que mandaran et mandaron a Vaasco Peres Abril et a Gonçalvo de Covas et Juan Rodriges do Çiquelo fiẽes que eran da alcavala do viño da dita çidade que presentes estavan que presentasen por ante min notairo a o dito Diego Fernandes, recabdador as cartas de toma originaes que o dito señor arçobispo fesera este dito anno ennas rendas de alcavalas do dito señor rey desta dita çidade et eso mẽesmo que presentasen as cartas de pago que dos moravedis das ditas thomas foran dadas a os fiẽes das rendas do se fisera a dita thoma. Et os ditos Vaasco Peres et Juan Rodriges et Gonçalvo de Covas diseron que eran prestes de presentar as ditas tomas et cartas de pago delas ao dito Diego Fernandes por segundo o conçello lles lo mandara. Esto fuy enno dito lugar, dia, mes et anno susoditos. Testemoyas que a esto

foron presentes Bernald Yanes do Canpo vasalo del rey et Vaasco Fernandes Troco (sic) et Juan da Caña et Gonçalvo de Millares, vesiños da dita çidade.

1417, agosto, 6.

Seis dias do mes de agosto. Sabean quantos esta carta viren como eu Juan Fernandes de Cañas, coengo de Santiago et recabdador de meu señor o arçobispo de Santiago don Lopo, connosco et outorgo que reçeby de vos Bernald Yanes do Canpo, procurador do conçello da çidade de Santiago des mill maravedis, contando branqua a tres dineiros, os quaes me pagastes en nome do dito conçello para en conta et en pago dos viiente mill moravedis da dita moeda con que o conçello da dita çidade serveu a o dito señor arçobispo este anno da feita desta carta et os quaes moravedis me pagastes et eu reçeby de vos en nome do dito señor arçobispo et como seu recabdador et dos quaes moravedis me outorgo por entrego et ben pagado a a mĩa voontade sen mingoa algũa et renunçio a ley do aver non dado nen contado nen reçebido nen pagado en presença do notario et testemoyas et a toda outra eiçepçon que nunca de lo diga o contrario et por ende por vigor do poder que para esto ey do dito señor arçobispo, dou por libre et quito a o dito conçello et vesiños et moradores la dita çidade et a vos o dito Bernald Yanes seu procurador dos ditos des mill moravedis por quanto mos pagastes et os eu receby de vos segundo dito he. Et eu o dito Bernald Yanes, que presente soo asi o reçebo. Feita a carta enna çidade de Santiago, anno, dia et mes sobreditos. Testemoyas que a esto foron presentes Ruy Fernandes de Veix, cardeal enna iglesia de Santiago et Pero Fernandes de Trivaldes coengo enna dita iglesia et Pero Afonso, notario da dita cidade et Afonso Peres scripvan.

1417, agosto, 11.

Onze dias do mes de agosto. Sabean todos quantos esta carta viren como eu Juan Fernandes de Cañas coengo de Santiago et recabdador de meu señor o arçibispo de Santiago don Lopo, connosco et outorgo que reçeby de Gil Peres, procurador do conçello da çidade de Santiago dez mill moravedis, contando branqua a

tres dineiros, os quaes me pagou en nome do dito conçello para en conprimento dos viinte mill moravedis da dita moeda con que o conçello da dita çidae serveu a o dito señor arçobispo este anno da feyta desta carta e et os quaes moravedis me pagou et eu del reçeby en nome do dito señor arçibispo et como seu recabdador et dos quaes moravedis me outorgo por entrego et ben pagado a a mĩa voontade sen mingoa algũa et renunçio a a ley do aver non dado nen contado nen reçebido nen pagado en presença do notario et testemoyas et a toda outra eixençon que nunca delo o contrario et por ende por vigor do poder que para esto ey do dito señor arçobispo dou por libre et quito ao conçello et visiños et moradores da dita çidade et a
(Fol. 21vº) o dito Gil Peres seu procurador dos ditos // des mill moravedis por quanto mos pagou o dito Gil Peres et os eu reçebi del segundo dito he. Feyta a carta enna dita çidade anno, dia et mes sobreditos. Testemoyas que a esto foron presentes Afonso Sanches d'Avila (+-15) mestrescola enna dita iglesia de Santiago. Gonçalvo de Millares. alfayate et Rui de Lamas viziños da dita çidade et Lopo de Vilaverde, notario do condado.

1417, agosto, 13.

Trese dias do mes de agosto. Sabean todos, que nos o conçello et regidores jurados[12] et omes bõos da çidade de Santiago seendo juntados enna notaria de Rui Martines, notario publico da dita çidade por crida de anaffil segundo que avemos de uso et de custume, presentes ende Fernan Ares Xarpa, alcalde enna dita, cidade et Martin Serpe, Martin Galos, Fernan Gonçales do Preguntoiro, Afonso Fernandes Abril et Juan Aras da Cana regidores jurados da dita çidade outorgamos et connosçemos que fasemos et estabelesçemos por nosos bidemos (?) procuradores des oje este dia ata hũu anno primeiro seginte, conven a saber a Alvaro Gil et Pero Leiteiro, canbeadores, visiños et moradores enna dita çidade aos quaes procuradores et a cada hũu deles damos et outorgamos livre et conprido poder para que en este dito anno por nos et en nome de nos o dito conçello possa et possan demandar reçeber et acadar todas las contias de moravedis que en este anno por que os fasemos por nosos pro-

[12] "urados" sobre a liña.

curadores foren postos, lançados et repartidos en esta çidade asy por rendas como por enprestidos et en outra qualquer maneira et todas las outras contias de moravedis que a nos o dito conçello foren devidos et gẽeralmente os fasemos nosos procuradores en todos los outros pleitos et negoçios de nos o dito conçello movidos et por mover de nos contra qualquer persona ou personas et qualquer ou quasquer contra nos et sobre quaesquer cousas et para que posan eles et cada hũu deles dar carta et cartas de pago et de quitamento de todo o que por nos et en noso nome reçeberen et acadaren et para que posan sobre esto que dito he et sobre parte delo entrar en juiso se mester for por ante noso señor el rey et por ante os seus alcaldes juises[13] et oydores da sua corte et audiencia et por ante noso señor o arçobispo de Santiago et por ante seus vigarios juises et oydores et por ante cada hũu deles et por ante outro qualquer juis et ofiçial ecclesiastica et seglar que de nosos pleito ou pleitos posan et devan conosçer de dreito para faser, pedir, demandar, responder, defender, contradiser, começar, propõer, anparar, reçeber, recusar, reconbiinr, recontar, frontar, protestar libelo ou libelos, dar et a outros responder eixenços põer pleito ou pleitos entrar et contestar et en nosas almas et de cada hũu de nos jurar juramento de calupnia et deçesorio et de diser verdade et outro qualquer juramento que lles por nos et por cada hũu de nos for demandado et entrar por autores et defendedores, nomear et dar (outro aou outras) carta et cartas, gaanar et outras purgar testar enbargar contradiser et a absolçon de las pedir beneficio de restituiçon in integram et d'absoluçon simple et a captela, pedir, reçeber, provar, reprovar, concludir sentença et sentenças pedir et oyr apelar et suplicar et a resposta et appllos pedir et requirir et appelaçon et suplicaçon sigir custas pedir et presentar et jurar et veer taixar et reçeber os moravedis da dita taixaçon et outro ou outros procurador ou procuradores sustituir et revocarlos quando quisesen despois da revocaçon o offiçio de procuraçon en si tomar et tomar et yr por los pleitos ou pleitos cabo... et faser sobre esto que dito he et sobre parte delo todas aquelas cousas et cada hũa delas que nos fariamos si fueramos presentes seendo aynda que soia en tal caso et sobre taes cousas que de dereito demanden et requiran et ajan mester espeçial mandado et quanto por los ditos nosos procuradores et por cada ũu deles et por los seus sustituido ou sustituitos ou por qualquer deles sobre esto que dito he et sobre parte delo, feyto for et procurado, reçebido et acadado carta et cartas de pago dadas

[13] Juises, borrado.

et outorgadas por eles et por cada hũu deles nos outorgamos todo et o avemos et averemos por firme et estavele para todo senpre et prometemos et outorgamos os teer conprir et agardar et non vĩirmos contra elo nen contra parte delo en algũo tenpo
(Fol. 22) nen por algũa maneira et relevamos a os ditos procuradores// et a cada hũu deles et a seus sustituito et sustituitos deles et de cada hũu deles de toda carga de satisfaçon, obligaçon et fiadoria et de aquela clausula que he scripta en latin judicium sist judicatum solui con sua clausulas acustumadas que nos obligamos a elo os bẽes do dito conçello et para estarmos a o juiso conprir[14] et pagar[15] o que contra nos for julgado et aynda que por nos a algũu pleito vaamos non entendemos por ende esta protestaçon revocar et por que esto he çerto outorgamos ende esta carta de poder por ante o dito Rui Martines, notario et testemoyas infra scriptas, que foy feyta et outorgada enna dita çidade anno, dia et mes sobreditas. Testemoyas que a esto foron presentes, Juan Aras do Vilar, Bernald Yanes do Camiño, canbeadores et Fernan Coxo, teneleyro et Afonso Gonçales Tranbollo, mercador, visiños da dita çidade et Fernan Montesiño, criado de min o dito Rui Martines, notario.

Predito. O dito conçello, alcalde et regidores jurados et omes bõos mandaron que os ditos procuradores ouvesen por rason de seu selario et traballo do procuratorio mill moravedis, branqua en tres dineiros cada ũu et fosen quitos este anno por rason do dito ofiçio de procuratorio de renda et fallas et posadaria. Testemoyas, as sobreditas.

1417, setembro, 13.

Treze dias do mes de setenbre. Sabean todos que seendo o conçello et regidores et omes bõos. jurados da çidade de Santiago, juntados en consistorio enno sobrado da notaria de Ruy Martines, notario publico da dita çidade, segundo que han de custume presentes enno dito consistorio Fernan Aras Xarpa, alcalde enna dita çidade et Martin Serpe, Martin Galos, Afonso Fernandes Abril et Gomes Rodriges, bachiller en decretos homes bõos jurados enna dita, cidade et Vaasquo Gomes de Marçoa, Alvaro

[14] corrixido en conprimus.
[15] corrixido en pagarnus.

Gil et Juan Aras do Vilar, Fernan de San Lourenço, Pero Leiteiro, vesiños da dita çidade et en presença de min Fernan Eanes, notario publico de nosso señor el rey et scusador por lo dito Rui Martines, notario publico da dita çidade et das estesmoyas adeante escriptas, enton o dito conçello alcalde et regidores et con eles sobreditos Vasco Gomes et Alvaro Gil et Juan Ares et Fernan de San Lorenço et Pedro Leiteiro, diseron que por quanto agora de presente se avia de çelebrar capitolo general enno mosteiro de San Domingo da dita çidade por los fraires da dita ordẽe para o qual o convento do dito mosteiro avia mester grandes custas et expensas para os fraires que viinan ao dito capitolo, por ende que eles o dito conçello por lo amor de Deus et por conpensaçon da dita Ordẽe et por lo bõo devido que os da dita çidade avian con o convento do dito mosteiro et doctores et fraires del et porque tĩinan ende suas sepulturas, que mandavan et mandaron que Gil Peres, procurador que foi do dito conçello dese a Frey Pedro Nunes fraire do dito mosteiro para ajuda das ditas expensas tresentos moravedis, branqua en tres dineiros que tiia ou devia ao dito conçello et que con carta de pago do dito frey Pedro Nunes et con este mandamento lle seerian reçebidos en conta estos sobreditos tresentos moravedis branquos. Testemoyas Gonçalvo de Millares et Pero Gomes do Çequelo et Afonso Eanes, alfayate, vesiños da dita çidade.

1417, setembro, 15.[16]

Quinse dias do mes de setenbro. Sabean todos que eu frey Pedro Nunes da Ordee de San Domingo... outorgo et connosco que reçebi de Gil Peres, procurador que fuy do conçello da çidade de Santiago (tresentos moravedis), contando branqua a tres dineiros, os quaes mos el dou por mandado do conçello da dita çidade para (ajuda das) expensas et custas que o convento do dito mosteiro avia mester para o capitolo gẽeral (que se) celebrava enno dito mosteiro de San Domingo onde confesso, et renunçio etc a ley etc. Testemoyas: Afonso Martines, coengo enna iglesia de Santa Maria d'Iria de Padrón et Afonso Peres, escrivan.

[16] Falta un anaco na parte dereita do folio, que xa faltaba no século XVIII cando o rexedor Millara sacou testemuño deste acordo. Restituíno co acordo anterior. O restituído vai entre corchetes.

1417, novembro, 8.

(Fol. 22 vº) Oyto dias do mes de novenbro. Sabean todos que seendo os alcalles et regidores jurados et omes bõos da çidade de Santiago juntados en consistorio enna notaria de Rui Martines, notario publico da dita çidade segundo que han de custume, presentes ende Fernan Aras Xarpa et Pero Eanes Abraldes, alcalles enna dita çidade et Fernan Gonçales do Preguntoiro, Martin Galos et Martin Serpe et Gomes Rodriges et Johan Aras da Cana, regidores jurados enna dita çidade et em presença de min Fernan Eanes, notario publico de nosso señor el rey enna sua corte et en todos los seus reynos et escusador por lo dito Rui Martines, notario et das testemoyas, adeante scriptas, logo enton os ditos regidores disseron que por quanto oje este dia lles fora mostrada hũa carta mensajeyra que doña Maria de Limea moller que fuy de Afonso Suares de Deça lles enviara enna qual se contiina ontre as outras cousas que lles rogava que contresjessen a Juan Peres das Moças para que quitase a Pero Fero de hũa fiadoria en que o dito Pero Fero et Fernan Dias da Algarara quen Deus perdon, et o dito Juan Peres fiara a a dita dona Maria de çertas contias de moravedis contra Diego Fernandes de Leon et esto por quanto ela avya pagos os taes moravedis a o dito Juan Peres para que os pagase por sy et por los sobreditos Pero Fero et Fernan Dias et agora que ha requiria a dito Pero Fero que o quitase da dita fiadoria teendo ela pago en outra maneira que ela faria peñora por elo a os visiños da dita çidade segundo que mais conpridamente hera contiudo enna dita carta por ende que eles os ditos regidores frontavan et requirian a os ditos alcaldes que costrengesen ao dito Juan Peres en tal guisa que contentase o dito Pero Fero et pagasse os moravedis que avya reçebidos para faser a dita paga porque os visiños da dita çidade non fosen peñorados por la dita rason en outra maneira que os ditos alcaldes fosen obligados a pagar todas las perdas et dapnos et menoscabos que por elo requisçessen ao conçello da dita çidade et visiños dela. Testemoyas que a esto foron presentes: Vaasco Gomes de Marçoa et Juan da Canna, Juan Gonçales de Fajeiras, Messtre Fernando, Juan Fernandes, Mariño, visiños da dita çidade.

Predito. Os sobreditos alcalles et regidores jurados diseron que por quanto Juan de Montaos, morador enna dita çidade era ome prove et miserable persona, en tal maneira que non tĩina (roto) a renda que lle poyna, por ende que mandavan et mandaron que fosen quitos ao dito Juan de Montaos os dose moravedis, branqua en tres dineiros que lle foran et eran postos desta dita renda que se posera enna dita çidade et que se tomasen en fallas da colaçon enna qual morava. Testemoyas os sobreditos.

(Fol. 23) Predito. Os ditos alcaldes et regidores jurados et homes bõos diseron que por quanto Lionor Jacome non era morador enna dita çidade et morava enno mosteiro de Santa Maria de Conjo et lle foron postos des et seys maravedis de renda, os quaes ela non devia pagar pus non morava enna dita çidade, por ende que mandavan et mandaron que lle fosen demandados os taes maravedis et que se tornasen en fallas aa colaçon onde a dita Leonor Jacome soia morar quando fora posta por tal renda. Testemoyas os sobreditos.

1417, novembro, 12.

Doze dias do mes de novenbre. Sabean todos, que seendo o conçello da çidade de Santiago juntado por crida de anafil segundo que han de costume enno sobrado da notaria de Ruy Martines, notario da dita çidade, presentes enno dito conçello Fernan Ares Xarpa et Pero Eanes Abraldes, alcalles et Martin Galos et Martin Serpe et Alvaro Afonso Juliate, Fernan Gonçales do Preguntoiro, Afonso Fernandes Abril, Gomes Rodriges et Juan Ares da Cana, regidores et omes bõos, jurados enna dita çidade et en presença de min Fernan Eanes, notario publico de noso señor el rey enna sua corte et en todos los seus regnos et escusador por lo dito Rui Martines, notario et das testemoyas adeante escritas, enton o dito conçello et alcalles, regidores et omes bõos jurados diseron que por quanto via que esto adeante contiudo era feito et ordanado en proveyto da dita çidade et dos vesiños et moradores dela et pro comun et porque a dita çidade se mantiina de acarreo et os vesiños dela que agora eran e fosen daqui endeante et esto mesmo os romeus et estranjeiros que a ela viina a vesitar o corpo do Apostolo Señor Santiago et outras quasquer personas que a ela vina e veesen ouvesen egual mercado das cousas que enna dita çidade se vendesen e veesen a vender, que acordavan et acordaron de poẽr regimento et regla ennas ditas vendiçioes que se ende conprasen et vendesen en maneira que aquelas personas que as vendesen non encargasen suas conçiencias por las vender por mais contias das que devian et ouvesen ganançia comunal et as personas que taes vendiçoes ouvesen de conprar non pagasen nen lles fose demandado mais contias de maravedis que aquelas que de bon gisado et rason devian pagar, por ende que fasian et feseron et ordenaron estar ordenaçoes adeante contiudas segundo que aqui dira, as quaes mandaron que se cumprisen et fosen gardadas d'oje este dia endeante en quanto fose

voontade do dito conçello, estando presentes a a publicaçon das ditas ordenanças Juan Martines de Noya, cardeal mayor enna iglesia de Santiago et vigario da dita Iglesia. As quaes ordenanças son estas que se siguen:

Primeiramente, que se venda o pan cosido en esta maneira, que quando valier a oytava de trigo a seseenta maravedis, que façan as pãadeiras pan de dineiro que pese seis onças desque for cosido que seja o dito pan bõo et ben cosido et dende ajuso et dende arriba a este respeito segundo vala a oytava de triigo.

Iten que se venda o pescado en esta maneira: a libra dos sacadores et das sollas et dos bodiõos, dos polvos et das fanequas et das rayas et das langostas et das sibias et das luras a tres dineiros cada libra.

Iten a libra dos corvelos et mugees et robalos et robaliças et reos et vesugos et douradas et do evo e do praginaas a quatro dineiros cada libra. Iten a libra dos rodavallos et do mero a seis dineiros cada libra. Iten as ostras eschousas a seis dineiros
(Fol. 23 vº) cada libra. // Iten das ostras cascudas quatro a o dineiro.

Iten a libra das pescadas frescas et dos congros a seis dineiros cada libra. Et çerca do dito pescado fresquo que se vendese segundo esto et por outra ordenança que fuy feita por lo dito conçello et outorgada por las pescadeiras.

Iten que se venda a leña en esta maneira: a carga de leña sequa que seja boa agisadamente a seis branquas et dende ajuso a este respeito segundo for a carga.

Iten a carga dos çerqueiros et de outra leña verde que seja boa carga a quatro branquas et dende ajuso.

Iten o carro de leña a viiente et çinquo branquas et que seja ben carregado et dende ajuso seguno for o carro de leña. Et que desto seja a vista de cada hũu dos alcalles ou jurados ou procuradores da çidade que primeiro poder sẽer avido.

Iten que se venda a ferrajẽe en esta maneira: a ferradura do cavalo lançada enno pẽe a quatro branquas.

Iten a ferradura mular et dos albardoes lançada enno pẽe a tres branquas et hũu coroado.

Iten cada referrada de cavalo lançada enno pẽe hũa branqua et dous coroados.

Iten cada referrada mular et de albardões, lançada enno pẽe hũa branqua et hũu coroado.

Iten que se vendan os çapatos en esta maneira: os çapatos de corda para sobre calça acostumados a trese branquas et hũu coroado et os çapatos de ome de pẽe et de lavrador trése branquas et hũu coroado.

Iten tacões para estes çapatos seis branquas et dous coroados. Iten çapatos para moços pequenos de quinse annos a juso, oyto branquas. Iten tacões para estes çapatos quatro branquas. Iten çapatos de ome ou moller solados et sobresolados viinte branquas. Iten por solar calças, des et seis branquas et dous coroados. Iten por encabeçar botas et borcegiins con suas solas, trese branquas et hũu coroado.

Iten que os carpenteiros et pedreiros que leven por jornal de cada dia de lavor, desde quinse dias d'oytubre ata quinse dia de março (+ - 15) quatro maravedis et desde quinse dias de março ata quinse dias d'oytubre, çinquo maravedis et que todas las personas ofiçiaes de todas las cousas sobreditas que sejan tiudos de faser et vender et ussar cada hũa das ditas cousas et ofiçios segundo que seya, en maneira que a dita çidade seja bastiçida das cousas sobreditas so penna de seseenta maravedis para os muros da çidade por cada ves et de jazer enna cadea triinta dias. Iten que regaton nen regateira nen outra persona algũa non seja ousado de conprar enna çidade nen fora dela duas legoas arredor cousa algũa para a regatar et vender outra ves so pena adeante contiuda. Et qualquer que o contrario desto et de cada cousa delo ferser que page cada ves quinse maravedis de moeda vella que seja a terça parte para os alcalles et os dous terços para os muros da çidade et que sejan acusadores os procuradores que son et foren a adeante et se algũo outro quiser acusar que o posa faser pero que as penas que seian para os ditos muros et para os alcalles. Outrosi ordenaron que os alcalles da çidade con as justiças da iglesia façan conçertar todas las medidas et pesos do pan et do viño et da carne et azeyte ata viinte dias primeiros segintes, porque dende endeante usen delas verdadeiramente.

As quaes ordenanças feitas por los sobreditos et liudas et publicadas por min o dito notario et escusador enno dito conçello, o dito conçello alcalles et regidores et omes bõos jurados et con eles o dito cardeal mayor et Vaasco Marques, cardeal enna dita iglesia que presentes eran en nome do Dean et cabidõo da dita iglesia diseron que avyan por firmes as ditas Ordenanças et que querian et outorgavan que fosen conpridas et agardadas segundo suso eran et son declaradas et que mandavan et mandaron a Domingo Longo, servente do Conçello da dita çidade que a altas voses pregoase as ditas Ordenanças por las plasas acostumadas da dita çidade porque as personas que contra elas quisessen yr et pasar non podesen por sy alegar ynorançia que non veeran a sua notiçia. Testemoyas que a esto foron presentes: Vaasco Gomes de Marçoa, Juan da Cana, Juan Ares do Vilar, Aras Chantreiro, Jacome Gomes et Gotier Gomes et Juan Martines do Vilar, visiños da dita çidade.

1417, novembro, 13.

Despois desto, treze dias do dito mes de novenbre, o dito Domingo Longo a altas voses pregoou as sobreditas Ordenanças en Quintãa de Paaços, prasa publica da dita çidade, estando eu notario e escusador presente a o dito prego et dou fe que fesera o dito pregon por las outras plasas et mercados da dita çidade. Testemoyas: Gomes Garçia notario da dita çidade et Afonso Ballón, notario de Ribadulla et Garçia Peres, Diego Garçia d'Onsoa, visiños da dita çidade.//

1417, novembro, 19.

(Fol. 24) Des et nove dias do mes de novenbre. Sabean todos que estando Fernand Ares, alcalle enna çidade de Santiago ante as portas da notaria de Ruy Martines, notario da dita çidade et estando ende presentes Martin Galos et Afonso Fernandes Abril et Fernan Gonçales do Preguntoiro homes bõos, regidores enna dita çidade et en presença de min Fernan Yanes, notario publico de noso señor el rey enna sua corte et en todos los seus regnos et escusador por lo dito Ruy Martines et das testemoyas adeante escritas, enton os ditos jurados et regidores frontaron et requiriron a o dito Fernand Ares que fesese cunprir et agardar as Ordenanças que eran ordenadas por eles et por lo conçello da dita çidade en rason das vendições que se en ela vendian et vendesen d'aqui endeante et non no querendo asi faser o dito Fernand Ares, que protestavan de se querelar del a noso señor o arçobispo et se y ouvese algũa persona ou personas que fose reveles et non quisese cunprir as ditas ordenanças et si o dito Fernand Ares ouvese mester ajuda para faser exsecuçon en bẽes das taes personas por la pena ordenada et estabeleçida ennas ditas ordenanças que eles eran prestes para yren con el a faser a dita exsecuçon. Et desto pediron testemoyo. Et o dito Fernand Ares diso que era presto para faser cunprir et agardar as ditas ordenanças et cada hũa delas. Testemoyas que a esto foron presentes: Nuno Vinagre, vesiño da dita çidade et Gomes de Baltar et Rui Garçia, omes do dito Fernand Ares.

1417, novembro, 26.

Viiente et seis dias do mes de novenbre. Sabean todos que seendo os alcalles et regidores jurados et omes bõos da çidade de Santiago en consistorio enno sobrado da notaria de Rui Martines, notario da dita çidade, presentes Fernand Ares Xarpa et Pero Eanes Abraldes, alcalles enna dita çidade Fernan Gonçales do Preguntoiro, Afonso Fernandes Abril, Juan Ares da Cana, Gomes Rodriges, bachiller, Martin Galos, regidores et omes bõos da dita çidade et en presença de min Fernan Eanes, notario publico de noso señor el rey enna sua corte et en todos los seus regnos et escusador por lo dito Rui Martines et das testemoyas adeante escritas, enton os ditos regidores et omes bõos, jurados frontaron et requiriron a os alcalles que fesesen cunprir et agardar as hordenanças que eran feitas et outorgadas por eles et por lo conçello da dita çidade sobre rason das vendiçoes que se vendian e vendiesen enna dita çidade et se y ouvese algũa persona ou personas que as non quisesen cunprir et agardar que fesese exsecuçon en seus bẽes por la pena contiuda ennas ditas ordenações et fasendoo asi os ditos alcalles que farian ben et dereito. En outra maneira que protestavan de se querelar deles a noso señor o arçobispo et se recreçese algũo dapno ou menoscabo ao dito conçello que eles o susubisen et pagasen todo por sy et por seus bẽes. Et os ditos alcalles diseron que eran prestes de faser a dita exsecuçon quando fosen requiridos por algũo dos visiños da dita çidade en aquelo que seu poder fose. Testemoyas Vaasco Peres Abril et Pero Leiteiro et Vaasco Troquo et Martin Fernando soligian, vesiños da dita çidade.

1417, novembro, 29

Viinte et nove dias de novembre, seendo en consistorio enna notaria Fernan Aras Xarpa et Pero Eanes Abraldes alcalles et Martin Galos et Alvaro Afonso, Fernan Gonçales do Preguntoiro, Afonso Fernandes, Aras da Cana, regidores estes sobreditos mandaron a Pero Leiteiro procurador que dese viinte moravedis, branqua en tres dineiros a Sueiro da Enfesta para sua despensa de yr levar as cartas das Ordenanças ao arçobispo. Testemoyas: Gonçalvo de Covas, Juan da Cana, Juan Raposo, canbeadores.

Daqui a juso por lo notario.

1417, decembro, 17

Era sobredita, dia esta feira des et sete dias do mes de dezenbre, este dito dia seendo o conçello, alcalles et regidores jurados et omes bõos da çidade de Santiago, juntados enno sobrado da notaria de min // Ruy Martines, notario da dita çidade, po crida de anafil segundo que han de uso et de costume, presentes ende Fernand Ares Xarpa et Pero Eanes Abraldes, alcalles enna dita çidade et Alvaro Afonso Juliate, Gomes Rodriges, bachiller, Martin Galos, Fernan Gonçales do Preguntoiro et Afonso Fernandes Abril, jurados da dita çidade et presentes outrosi Vaasco Troquo et Vaasco Gomes de Marçoa et Juan Ares do Vilar, vesiños da dita çidade, os quaes o dito conçello, justiças et jurados elegiron este dito anno para que por parte da comonidade estevesen presentes a o repartimento de quaesquer maravedis que enna dita çidade se ouvesen de dar et coller et derramar et en presença de min o dito Ruy Martines, notario et das testemoyas adeante escritas logo enton o dito Fernand Ares mostrou et feso leer por min o dito notario hũa carta de libramento de Diego Fernandes de Lleon, recabdador mayor de noso señor el rey enno arçobispado de Santiago con obispado de Tuy este dito anno, a qual era escrita en papel et firmada de seu nome, segundo que por ela paresçia et da qual o thenor de verbo a verbo he este que se sigue:

(Fol. 24 vº)

Conçejo e alcaldes et jurados et ofiçiales et omes buenos de la çibdat de Santiago. Yo Diego Fernandes de Leon, recabdador mayor por nuestro señor el rey en el arçobispado de Santiago con el obispado de Tuy, este anno de la fecha desta carta, vos digo que bien sabedes en como devedes et avedes a dar al dicho señor rey et a mi en su nonbre este dicho anno mill et seisçentos maravedis de moeda vieja de los marcos que avedes a dar en cada anno al dicho señor rey en que monta tres mill et dozientos maravedis de moeda blanqua contando dos blancas por un moravedi a rason de dos maravedis de la dicha moeda blanqua por un moravedi de la dicha moeda vieja los quales ha de aver Ferrant Arias, fijo de Arias Garçia Serpa de su merçed que del dicho señor rey tiene en cada anno para en toda su vida et le en mi fueron librados este dicho anno por que vos digo de parte del dicho señor rey que dedes et paguedes al dicho Ferrante Arias o al que lo ouver de recabdar por el los dichos mill et seisçientos maravedis de la dicha moeda vieja o los dichos tres mill et dosientos moravedis de la dicha moeda blanqua que ha de aver de la dicha su merçed este dicho anno, como dicho es et datgelos a los plazos el en la manera que

los avedes a dar al dicho señor rey et a mi en su nonbre et non tomedes del nin del que lo ouvier de recabdar por el otra carta de pago que con esta mi carta vos seran reçebidos en conta los dichos mill et seisçientos maravedis de la dicha moeda vieja. Fecha dos dias de dezenbre, anno del naçimiento del Nuestro Salvador Jhesu Christo de mill et quatroçientos et dies et siepte annos. Diego Fernandes.

A qual carta presentada por lo dito Fernand Ares et liuda por min o dito notario, o dito Fernand Ares frontou et requireu ao dito conçello et regidores et omes bõos sobreditos que conprisen a dita carta segundo que se em ela contiinan et en conprindoa que lle fesesen logo dar et pagar os ditos maravedis en ela contiudos pois que o termo a que vos ouveran de pagar era ja pasado et o dito conçello et segidores et omes bõos sobre ditos diseron que eles devian os ditos maravedis contiudos enna dita carta de libramento por rason dos ditos marquos do dito señor rey avia de aver en cada hũu anno enna dita çidade et por ende que mandavan et mandaron a Alvaro Gil canbeador et procurador do dito conçello que adsente estava que de quaesquer maravedis que por lo dito conçello recabdava ou avia de recabdar que dese et pagase e ende ao dito Fernand Ares mill et seteçentos maravedis contando blanqua a tres dineiros por rason dos ditos marquos et que mandavan ao dito procurador que quando lle fesese paga dos ditos maravedis que tomase en sy a dita carta de libramento original et que con ela et con este mandado lle serian reçebidos en conta os ditos mill et seteçentos maravedis da sobredita moeda. Esto fui enno dito lugar dia et mes et anno sobreditos. Testemoyas que a esto foron pre-
(Fol. 25 sentes Juan da Cana et Fernan Rodriges de Soneira et Domingo Longo et // Fernan Bieytes vesiños da dita çidade.

Predito.- O dito conçello, alcalles et regidores et omes bõos sobreditos, diseron que por quanto eles por proveito comũu rogaran a mestre Fernando da Cruña, solorgian que morase en esta dita, cidade por quanto aquy non avia de presente solorgian algũu et que lle darian seu selario en cada hũu anno por rason do dito ofiçio segundo que o davan a meestre Fernando, natural da çidade de Sevilla a quen Deus perdon et o dito Meestre Fernando por rogo de algũas persoas que llo diseran de parte do dito conçello lle prasia de viver et morar en esta dita çidade con tal condiçon, que o dito conçello lle dese en cada hũu anno seu selario conpetente e o escusase et fesese quito das cousas que rasonablemente devia sẽer escusado segundo que o era o dito Meestre Fernando. Por ende que eles considerando en como era proveito comunal de todos os moradores enna dita çidade que o dito Meestre Fer-

nando morase regidentemente enna dita çidade que querian que o dito meestre Fernando desde o primeiro dia de janeiro primeiro que ven emdeante en quanto fose voontade do dito conçello et a el prouvese de morar enna çidade que ouvese do dito conçello de seu selario en cada hũu anno por rason do dito ofiçio çento et çinquoeenta maravedis de moeda vella contando branqua a tres dineiros et de mais que fose quito et escusado de quaesquer rendas et tallas et enprestidos que de aqui endeante en quanto fose voontade do dito conçello et el morase et estevese regidentemente enna dita çidade se ouvesen de repartir et derramar enna dita çidade et eso mesmo que querian que fose quito de pousentadoria et que mandavan a os alcalles que agora eran et fosen de aqui endeante enna dita çidade que non apousentasen nen desen pousada a persona algũa enna casa donde o dito Meestre Fernando morase contra sua voontade et que mandavan aos procuradores do dito conçello que agora eran et fosen por los tenpos adeante segintes que pagasen en cada hũu anno a o dito Meestre Fernando ou a seu çerto recado os ditos çento et çinquoeenta maravedis da moeda sobredita en quanto fose voontade do dito conçello et el morase enna dita çidade segundo dito he. Et que con o traslado deste mandado et con carta de pago do dito Meestre Fernando lles serian reçebidos en conta et en pago os ditos maravedis que asi lle desen et pagasen en cada hũu anno segundo dito he. Et outrossi que mandavan a Pero Leiteiro et a Alvaro Gil, procuradores que agora eran do dito conçello que quasquer maravedis que por lo dito conçello recabdaran ou avian de recabdar que desem et pagasen ende ao dito Meestre Fernando, çento et çinquoenta moravedis contando branqua a tres dineiros et que era sua voontade de lle mandar dar para ajuda da custa que el fezera en estar regidentemente en esta dita çidade despois que lle fora dito de parte do dito conçello que morase et estevese enna dita çidade et que querian que fose reçebidos en conta aos ditos Alvaro Gil et Pero Leiteiro os ditos çento et çinquoeenta maravedis que asi avian de pagar a o dito Meestre Fernando por o dito tenpo pasado, segundo de suso he declarado. Et desto en como pasou o dito Meestre Fernando pedeu a min o dito notario que lle dese delo publico instrumento para garda do seu dereito. Et esto fuy enno dito lugar dia et mes et anno susoditos. Testemoyas que a esto foron presentes: Juan da Cana et Fernan Rodriges de Soneira et Domingo Longo et Fernan Bieytes, vesiños da dita çidade.- Feita et dada a o dito Meestre.

Predito.- O dito conçello, alcalles et regidores sobreditos diseron que por quanto que eles moveran pleito a Vaasco Peres Cabeça, vesiño da dita çidade a quen

Deus perdon (...13 + -) seisçentas maravedis contando branqua a tres dineiros que lle demandavan. Por ende que (... 14 + -) do pleito et de contenda que feseran
(Fol. 25 vº) aviinça con Gil Peres cambeador[17] // do dito Vaasco Peres et con Lionor Fernandes, sua moller que fuy en esta gisa: que o dito Gil Peres pagase por los bẽes do dito Vaasco Peres dusentos et setenta maravedis et que a dita Lionor Fernandes que pagase çento et triinta maravedis que montava por todo quatroçentos maravedis, contando branqua a tres dineiros. Por ende que mandavan et mandaron a Alvaro Gil et Pero Leiteyro, procuradores do dito conçello que presentes estavan que do que[18] recabdasen dos ditos Gil Peres et Lionor Fernandes, os ditos quatroçentos maravedis enna maneira que dita he et que jos pagasen a o bachiller Gomes Rodriges que os avian de aver de seu salario que tĩinan do dito conçello en cada hũu anno por rason de os ajudar ennos pleitos et negoçios do dito conçello et os quaes maravedis diseron que el avia de aver do dito seu salario do anno que pasou de mill et quatroçentos et des et septe annos que se fiinçera enno mes de fevereiro primeiro que ven deste dito anno et que mandavan a os ditos procuradores que quando fezesen paga a o dito Gomes Rodriges dos ditos maravedis que tomasen del carta de pago dos ditos maravedis[19] et que seerian reçebidos en conta. Testemoyas que a esto foron presentes Juan Fernandes da Cana, canbeador, et Fernan Rodriges de Soneira et Domingo Longo et Fernan Bieites, serventes do dito conçello.

Predito.- Conçello, alcalles et regidores sobreditos mandaron a Pero Leyteiro et a Alvaro Gil, canbeadores, procuradores do dito conçello que presentes estavan que fezesen aviinça con Lopo Gomes, carpenteiro, por las escaleiras que avia de fazer para o rollo, et que os maravedis que lle ouvesen de dar por las ditas escaleiras que os demandasen a Gil Peres procurador que fuy do dito conçello ao qual mandavan que os pagase para en conta dos maravedis que quedara devendo ao dito conçello et que mandavan que fosen reçebidos em conta ao dito Gil Peres os maravedis que assi dese a os ditos procuradores para pagaren ao dito Lopo Gomes por las ditas escaleiras que asi avia de faser para dito rollo. Testemoyas, os sobreditos.

Predito. O dito conçello, alcalles et regidores sobreditos diseron que por quanto em esta çidade non avia agora de presente mais de hũu canpeeiro et era necesa-

[17] Os espacios que se sinalan non se len por estaren na parte inferior do folio e moi borrosos.
[18] "do que" borrado.
[19] "dos ditos maravedis" borrado.

rio outro con el, que o ajudase a enterrar os corpos dos finados et que por quanto Rui Mouriño da Peña, que presente estava era ydonio et perteesçente para usar do dito ofiçio, por ende, que lle proveyan et proveeron del et que lle mandavan et mandaron que usase de aqui endeante do dito ofiçio et que querian que el ouvese por rason del seus dereitos acostumados segundo que os ouveran os outros canpeeiros da dita çidade que por los tenpos foran et outrosy que querian et mandavan que o dito Rui Mouriño fose de aqui endeante quito de renda et de pousentadoria
(Fol. 26 et que mandavan que non fose repartido nen encanavado en rendas // nen em tallas que enna dita çidade aqui endeante se ouvesem de repartir et derramar et que posto que em elas fose repartido que querian que el non pagase os maravedis que o asi repartisen et que mandavan a os alcalles da dita çidade que agora eran et fosen por los tenpos adeante segintes que non apousentasen en desem pousada enna casa donde o dito Rui Mouriño mourase a persona algũa, et desto en como pasou, o dito Ruy Mouriño pedeu a min o dito notario publico ynstrumento para sua garda. Esto fuy enno dito lugar anno, dia et mes susoditos. Testemoyas que a esto foron presentes: Juan Fernandes da Cana canbeador et Fernan Rodriges de Soneyra et Domingo Longo et Fernan Bieytes, vesiños da dita çidade.

FUY DIA DE NATAL EN SABADO A VIINTE ET ÇINQUO DIAS DE DEZENBRE ET COMENÇASE ESTE DIA O ANNO DOMINI M^{o}CCCC^{o} DEÇIMO OYTAVO.

1418, xaneiro, 1.

Enno anno do Nasçemento de Nosso Señor Jhesu Christo de mill et quatroçentos et dez et oyto annos, o primeiro dia do mes de janeiro, este dito dia seendo o conçello, alcalles et regidores jurados et omes bõos da çidade de Santiago juntados enno moesteiro de San Payo d'Ante Altares por crida de anaffil segundo han de usso et de custume, presentes ende Fernan Aras Xarpa et Pero Eanes Abraldes, alcalles, enna dita cidade et Juan Aras da Caña, Fernan Gonçalves do Preguntoiro Afonso Fernandes Abril, Martin Gales, Gomes Rodriges, bachiller en Decretos, Alvaro Afonso Juliate, regidores jurados enna dita çidade et en presença de min Rui Martines, notario publico jurado da dita çidade et das testemoyas adeante scriptas, logo enton o dito conçello et alcalldes et regidores et omes bõos sobre ditos disseron que por quanto segundo custume antigoa et as abinças et conposições que foran feytas

et outorgadas entre os arçobispos que foron enna iglesia de Santiago et o dean et cabidõo da dita iglesia et entre o dito conçello en que se contiian que o dito conçello dese en cada hũu anno ao dito señor arçobispo de Santiago ou a seu vigario ou a aquel que seu poder ouvese para elo dose omes bõos visiños da dita çidade por cobres so seelo do dito conçello para que dos ditos dose omes o dito señor arçobispo o a quel que seu poder para elo touvese tomase et eligise dous deles que os lle aprovuese et os dese por alcalles enna dita çidade en quel anno que lle foron dados por cobres, por ende que deles en conprindo et agardando as (costumes antigoas?)
(Fol. 26 vº) // et aviinças et conposiçoes que sobre esta rason pasaran et foran outorgadas ontre os ditos señores arçobispo et cabidõo et entre o dito conçello et outrosi que por quanto era de usso et de costume apoblado et husado de longo tenpo a esta parte que o dito conçello nomease hũu home bõo que fose visiño da dita çidade que nomease os dous et que aqueles dous por el nomeados nomeasen onse omes et aqueles ende nomeasen dose omes bõos por cobres, por ende que eles davan et deron poder conprido a Bernald Eanes do Canpo que presente estava para que nomease os ditos dous omes et logo o dito Bernald Eanes por vigor do dito poder que para esto lle foy dado por lo dito conçello nomeou aos ditos Gomes Rodriges et Alvaro Afonso, os quaes nomearon os onse que son estes que se sigen: Johan Gonçales da Fageyras demandador et Turibio Fernandes et Rui Martines, zibicheiros et Fernan Peres et Gonçalvo Gomes, toneleiros, et Juan Rasquino et Aras Fernandes, correeiros et Garçia Eanes criado do dito Alvaro Afom et Pero Cerviño o vello, et Fernan Varela do Camiño et Fernan Beeites, visiños da dita çidade et estes onse omes nomearon por cobres a Gomes Rodriges, bachiller, Maartin Galos, Juan Fernandes Abril, Aras Chantreiro, Vaasco Fernandes Troquo, Vaasco Gomes de Marçoa, Aras Peres da Cana, Afonso Fernandes Abril, Vaasco Peres Abril, Johan Aras da Cana, Juan da Cana, Juan Martines, os quaes asi nomeados nomeou por o dito conçello fiel ao dito Pero Cervino ao qual foy dado poder que presentase en nome do dito conçello et por o seelo das tavoas do dito conçello et por seelo das tavoas do dito conçello os nomes dos ditos dose omes bõos que avian declarados por cobres a nosso señor o arçobispo de Santiago don Lope para que o dito señor arçobispo dese dous deles por justiças este anno aqueles que aprovuese aa sua merçed. Testemoyas que a esto foron presentes, Pero Leiteiro et Alvaro Gil, procuradores do dito conçello et Juan Martines do Vilar, Rui Fernandes, notario appostolico et Jacome Gomes, canbeador, et Pero de Fecha et Vaasco do Cabo, visiños da dita çidade.

Despois desto en este dito dia, estando o moyto onrrado en Christo padre et señor don Loppe de Mendoça, arçobispo de Santiago ennos seus paaços que son açerqua da sua igllesia de Santiago et en presença de min o dito Rui Martines, notario et das testemoyas adeante scriptas, paresçeron ante o dito señor arçobispo os sobreditos Pero Leiteiro et Alvaro Gil, procuradores do conçello da dita çidade et presentaron dito conçello os ditos cobres que levavan en scripto so o dito seelo das tavoas do dito conçello et pedironlle que os reçebese et de como lles presentavan pedian a min, notario, testemoyo para garda do dito conçello et seu en nome del. Et o dito señor arçobispo diso que reçebia os ditos cobres et que os avya por presentados. Esto foy ennos ditos paaços, anno, dia et mes sobreditos. Testemoyas que a esto foron presentes: don Fadrique, conde de Trastamara et Pero Afonso, notario
(Fol. 27) da dita çidade et Juan Alonso de Camora contador do dito arçobispo. // Despois desto en este dito dia, estando o dito señor arçobispo en hũa camara dos ditos seus paaços et en presença de min o dito Rui Martines, notario, et dos testemoyas (sic) infra scriptos, enton o dito señor arçobispo disso que por quanto oje este dito dia os procuradores do conçello da dita çidade avyan presentado ante sua merced en escripto et so o seelo das tavoas do dito conçello os nomes de dose omes bõos vesiños da dita çidade por cobres para que el dito señor arçebispo dese dous destes omes bõos por alcaldes enna dita sua çidade este dito anno, segundo custume antigooa que el reçebera os ditos cobres et por ende que visto os ditos que lle asy foran dados et presentados so o dito seello como dito he, que dava et nomeava et eligia por alcaldes enna dita çidade este dito anno a Martin Galos et a Juan Ares de Caña que presentes estavan et dos quaes logo tomou juramento sobre santos Avangeos que corporalmente con suas maos tengeron que eles et cada hũu deles hussassen do dito offiçio ben et verdadeiramente gardando serviço de noso señor el rey et do dito señor arçobispo et da sua igllesia de Santiago et prol comũu da dita sua çidade et dos visiños et moradores dela et fesesen conprimento de dereito assy a o grande como ao pequeño et os ditos Martin Galos et Juan Aras asy o juraron et prometeron faser et conprir. Testemoyas que a esto foron presentes: don Afonso Garçia de Santa Maria, doctor en Leys et Dean enna dita Igllesia et don Pedro de Mendoça, arçidiago de Trastamara et don Juan Nunes de Medin, arçidiago de Nendos et Juan Fernandes de Canas, coengo enna dita Igllesia.

1418, xaneiro, 2.

Dous dias do mes de janeiro. Sabean todos que seendo o conçello et regidores jurados et omes bõos da çidade de Santiago, juntados enno moesteiro de San Paayo d'Antes Altares, por crida de anaffil segundo que han de custume presentes ende Martin Serpe et Martin Galos, Alvaro Afonso Juliate, Afonso Fernandes Abril, Fernan Gonçalves do Preguntoiro, Gomes Rodriges, bachiller en Decretos et Juan Ares da Cana, jurados et regidores da dita çidade et en presença de min Rui Martines, notario publico jurado da dita çidade et dos testemoyas infra scriptos; enton Pero Eanes Abraldes, que presente estava por mandado do dito conçello et regidores jurados et omes bõos tomou juramento sobre la signal de Cruz en lugar de Santos Avangeos dos ditos Martin Galos et Johan Aras por alcalles enna dita çidade este dito anno que eles ben et verdadeiramente usarian do dito ofiçio de alcaldia et guardaria serviço de noso señor el rey et do dito señor arçobispo et de sua iglesia de Santiago et obedeesçerian suas cartas et mandado et amarian prol et onrra da dita çidade et visiños et moradores dela et a guardarian dereito et justiça a o grande et a o
(Fol. 27 vº) menor et os sobreditos // Martin Galos et Juan Aras asy o juraron et prometeron de faser et conprir et feyto o dito juramento o dito conçello et regidores jurados et omes bõos disseron que reçebian et reçeberon por alcalles da dita çidade a este dito anno a os sobreditos Martin Galos et Johan Aras. Testemoyas que a esto foron presentes Fernan Aras Xarpa, Vaasco Fernandes Troquo, Migell Rodriges do Vilar, Juan Aras Chanteiro, Juan Rodriges do Çiquẽelo, visiños da dita çidade.

1418, xaneiro, 4.

Quatro dias do mes de janeiro. Sabean todos que seendo o conçello, alcalles, regidores et omes bõos da çidade de Santiago juntados por crida de anaffil enno moesteiro de San Paayo d'Ante Altares segundo que han de custume, presentes ende Martin Serpe et Juan Ares da Cana, Martin Galos, alcalles, Martin Serpe et Alvaro Afonso Juliate, Fernan Gonçalves do Preguntoiro, Afonso Fernandes Abril, Gomes Rodriges, bachiller en Decretos, regidores jurados enna dita çidade et en presença de min Rui Martines, notario publico jurado da dita çidade et dos testemoyas infra scriptos. Enton o dito conçello, alcalldes et regidores et omes bõos dis-

seron que por quanto era ordenança de nosso señor el rey que os conçellos das çidades, vilas et lugares dos seus regnos et señorios posessen fiẽes en cada hũu anno por lo primeiro dia do mes de janeiro ennas suas rendas de alcavalas porque os ditos fiẽes desen conta con pago de todo o que rendesen as ditas rendas enno tenpo de suas fieldades aos arrendadores que arrendassem as ditas rendas de alcavalas ou a aquel que ouvese de aver et recabdar por lo dito señor rey; por ende que eles en conprindo a dita ordenança do dito señor rey sobre esta rason feyta que poynan et poseron por fiẽes ennas rendas de alcavalas desta dita çidade et seu giro deste dito anno a estas personas que aquy dira: primeiramente. Iten poseron por fiẽes enna alcavala do pan a Juan Falquon, alfayate et a Afonso Pinto[20], escrivan. Iten enna alcavala de viño a Rodrigo Eanes, criado de Ares Fernandes do Vilar et a Afonso Rodriges canbeador, criado de Juan Fernandes de Canas. Iten enna alcavala da carne a Johan Martines do Vilar et Vasquo do Cabo. Iten enna alcavala do pescado a Juan Duran et Pero Gomes do Feal. Iten enna alcavala da froyta Pero Gomes criado de Juan Aras et Garçia Eanes, canbeador. Iten enna alcavala da salvagina Jacome Gomes et Juan do Outeiro, canbeadores. Iten enna alcavala da grosura Fernan Peres, home de Fernan Ares et a Johan de Guisande. Iten enna alcavala da çapataria Afonso da Torre, capateiro et Gonçalvo do Castro. Iten enna alcavala da madeyra Gonçalvo de Millares, alfayate et Rui de Lamas. Iten enna alcavala do ferro Aras Chantreiro et Johan Garçia Nabeyro, canbeadores. Iten enna alcavala das bestas a Johan da Mella et Gomes de Castro. Iten enna alcavala da prata Afonso Fiel et Pero Cerviño, ourives. Iten enna alcavala da çera Gomes de Baltar et Rui Peres de Valadares. Iten enna alcavala de pedra et barro, Gomes Cochias. Iten enna alcavala de casas et herdades Gonçalvo de Millares, alfayate. Iten enna alcavala das aves Johan Fernandes do Escurelo et Johan de Millan, çapateiro. Iten (...) et nomeados asy os
(Fol. 28) ditos fiẽes ennas ditas rendas de alcavalas segundo susso // he declarado o dito conçello, regidores et omes bõos sobreditos diseron que mandavan os ditos Johan Ares da Cana et Martin Galos, alcalles que eles ou cada hũu deles tomasen jura sobre Sanctos Avangeos por ante min o dito notario dos ditos fiẽes et de cada ũu deles que husassen ben et verdadeiramente das ditas fieldades e desen delas boa et verdadeiramente conta con pago aos arrendadores que arrendasen as ditas rendas de

[20] Á marxe: Ha de dar Afonso Pinto fiador et non o dando que non use da fieldade que.

alcavalas este dito anno ou a aquel que o ouvese de aver por lo dito señor rey segundo que o dito señor rey mandava por seu caderno et cartas feyto en rason das ditas alcavalas et que mandavan que os ditos fiẽes non husasen das ditas fieldades a menos de faseren a dita jura. Esto foy enno dito lugar, anno, dia et mes sobreditos. Testemoyas que a esto foron presentes, Alvaro Gil et Pero Leyteiro, procuradores do dito conçello et Fernan Ares Xarpa, Vaasco Fernandes Troquo, Migell Rodriges Johan Aras Chentreiro, Juan Rodriges do Çiquelo, visiños da dita çidade.

Predito.- O dito conçello, justiças et omes bõos mandaron a min o dito notario que dese cartas acostumadas a os visiños da dita çidade. Testemoyas os sobreditos.

Predito.- O dito conçello, alcalles, regidores, jurados e et omes bõos, diseron que davan liçençia a Fernan Ares Xarpa et a Pero Eanes Abraldes, alcalles que foron enna dita çidade este anno pasado para que en termino de dous meses primeiros segintes podesen recabdar as dereituras et enprasos et quaesquer cousas que lles eran devidas et lles quedavan a dever por rason dos ditos ofiçios de alcaldyas o sobredito anno. Testemoyas: os sobreditos.

1418, xaneiro, 6.

Seis dias do mes de janeiro. Sabean todos que eu Fernan Aras Xarpa, cidadao de Santiago, outorgo et connosco que reçeby de vos Alvaro Gil, procurador do conçello da dita çidade, mill et septeçentos moravedis, branqua a tres dineiros, os quaes moravedis me foron livrados enno dito conçello por Diego Fernandes de Leon, recabdador mayor por noso señor el rey enna dita çidade et arçobispado de Santiago este anno da feita desta carta segundo se conten en hũa sua carta de livramento firmada de seu nome, a qual vos dou et entrego en presença do notario et testemoyas infra scriptos et os quaes moravedis son dos marquos que dito señor rey ha en cada ũu anno enna dita çidade, os quaes marquos eu del teño en merçed en cada ũu anno et os quaes moravedis dos ditos marquos son do anno pasado de Noso Senor Jhesu Christo de mill et quatroçentos et des et septe annos et renunçio a toda eixepçon que non diga ende o contrario et a ley do aver non dado contado visto et reçevido en presença do notario et testemoyas et a a ley que dis que se pode opoer esta eixepçon en çerto tenpo et eu o dito Alvaro Gil en nome do dito conçello asy o reçebo. Testemoyas que a esto foron presentes: Pero Leiteiro et

Afonso Rodrigez, canbeadores et Domingo Longo et Fernan Beeites, serventes do dito conçello.

1418, xaneiro, 8.

Sabado oyto dias do mes de janeiro este dito dia, seendo o conçello, alcalles et regidores jurados et omes bõos da çidade de Santiago, juntados enno sobrado da notaria de min Rui Martines, notario da dita çidade por crida de anafil segundo an de uso et de costume, presentes ende Martin Galos et Juan Ares da Cana, alcalles
(Fol. 28 vº) // enna dita çidade et Gomes Rodriges, bachiller en Decretos, Martín Serpe, Afonso Fernandes Abril, Alvaro Afonso Juliate, regidores jurados enna dita çidade et en presença de min o dito notario et das testemoyas adeante escritas, logo enton o dito conçello, alcalles et regidores sobre ditos diseron que por quanto eles ouveran posto por fiẽes enna alcavala do viño da dita çidade deste dito anno a Rodrigo Yanes criado de Ares Fernandes do Vilar et Adefon Rodriges criado de Juan Fernandes de Canas, coengo de Santiago et os ditos Afonso Rodriges et Rodrigo Yanes non eran contiosos nen aboados para husar da dita fieldade nen quiseron dar fianças para dar conta con pago de todo aquelo que recabdasen durante o tenpo de sua fieldade a os arrendadores da dita renda ou a aquel que ouvese de aver por noso señor el rey et outrosi por quanto os sobreditos diseran que non podian usar da dita fieldade et que se querian absentar a outras partes, por ende que eles entendendo que era serviço do dito señor rey et prol de suas rendas que quitavan et amovian a os ditos Rodrigo Yanes et Afonso Rodriges da dita fieldade et que lles mandavan que no husasen dela et que agora novamente poynan por fiẽes enna dita renda a Ares Chantreiro et a Juan Ares do Vilar, canbeadores et a Pero Gomes, mercador enna Rua do Çiquelo, visiños da dita çidade et que poynan estes tres fiẽes enna dita renda por quanto entendian que era serviço do dito señor rey et prol de suas rendas segundo dito avian et por que a esta dita çidade viina todo o viño de carreto por moytas et diversas portas et era deficele de gardar et escrivir o dito viño a dous fiẽes. Outrossi diseron que por quanto entendian que era serviço do dito señor rey et prol de suas rendas que tiravan et amovian a Juan Martines do Vilar, criado de Alvaro Afonso Juliate, da fieldade da alcavala da carne et que o poynan et poseron por fiel enna alcavala do pescado da dita çidade a Juan Duran, da qual

renda diseron que quitavan et tiravan ao dito Pero Gomes do Ciquelo que en ela fora posto por fiel et que en lugar del poynan por fiel enna dita alcavala da carne a Garçia Eanes canbeador et porque a dita renda fose mellor gardada que cadian con os ditos Vaasco Rodriges et Garçia Eanes a Juan Abraldes vesiño da dita çidade et outrosi que cadian por fiel enna alcavala da çapataria con Gonçalvo de Castro et Afonso da Torre a Juan de Ferreira, capateiro, vesiño da dita çidade. Outrosi diseron que por quanto Gomes de Baltar vesiño da dita çidade disera que entendia yr a outras partes et que non quisera nen queria açeptar a a alcavala da çera da dita çidade et que poseran por fiel por ende que o quitavan et amovian dela et que mandavan que usase da dita fieldade Rui Peres de Valadares que en ela ouveran posto por fiel. Esto fui enno dito lugar et dia et mes et anno sobreditos. Testemoyas que a esto foron presentes: Fernand Ares Xarpa, Vaasco Fernandes Troquo, Pero Yanes Abraldes, Martin Rodriges do Vilar, Juan Ares Chantreiro, Juan Rodriges do
(Fol. 29) Çiquelo, vesiños da dita çidade. //

1418, febreiro, 11[21]

Enna çidade de Santiago, dia esta feira honse dias do mes de fevereiro, anno do Naçemento de Noso Señor Jhesu Christo de mill et quatroçentos et des et oyto annos, este dito dia, seendo o conçello, alcalles et regidores jurados et omes bõos da çidade de Santiago juntados enno sobrado da notaria de min Rui Martines notario da dita çidade, por crida de anafil segundo que han de uso et de costume, presentes ende Martin Galos et Juan Ares da Cana, alcalles enna dita çidade et en presença de min o dito Rui Martines et das testemoyas infra escritas, logo enton o dito conçello et alcalles et regidores et omes bõos sobreditos diseron que por quanto entendian que esto adeante contiudo era feito et ordenado en proveito da dita çidade et dos vesiños.

[21] Deixouse sen rematar e repítese na partida seguinte.

1418, febreiro, 11

Enna çidade de Santiago dia esta feira, honse dias do mes de fevereiro anno do naçemento de Noso Señor Jhesu Christo de mill et quatroçentos et des et oyto annos, este dito dia, seendo o conçello, alcalles et regidores jurados et omes bõos da dita çidade de Santiago juntados enno sobrado da notaria de min Rui Martines, notario da dita çidade, por crida de anafil, segundo que han de uso et de costume, presentes ende Martin Galos et Juan Ares da Cana, alcalles enna dita çidade et Martin Serpe, Afonso Fernandes Abril, Fernan Gonçalves do Preguntoiro, jurados et regidores enna dita çidade et en presença de min o dito Rui Martines, notario et das testemoyas infra escritas, logo enton o dito conçello et alcalles et regidores et omes bõos sobreditos diseron que por quanto entendian que esto adeante contiudo era feito et ordenado en proveito da dita çidade et dos vesiños et moradores dela, que agora eran et fosen de aqui adeante et eso mesmo porque esta dita çidade se mantiiña de acarreo et de cada dia ocurrian et viina a ela moytas personas de diversas parte que viiña a vesitar o corpo do ben aventuradi Apostollo Santiago; por ende et porque as taes personas ouvesen ygoal mercado de todas las cousas que a ela se viesen a vender et vendesen para proveemento et manteemento de todos, que acordavan et acordaron de poẽr regimento et regla çerqua das ditas vendições et cousas, porque as personas que as vendesen et trouxesen a vender non encargasen suas conçiençias por las vender por mayores preços do que valiesen et os que as conprasen ouvesen ygoal mercado, a qual ordenança diseron que feseran et fasian por mandado de noso señor o arçobispo de Santiago don Lopo de Mendoça et con acordo de Vaasco Marques, cardeal de Santiago et de Juan Davila, coengo enna dita iglesia, justiças clerigas este dito anno, que presentes estavan, as quaes ordenanças logo deron en escritura a min o dito notario et das quaes o thenor he este que se sige:

Primeiramente ordenaron et mandaron que se venda o pan cosido en esta maneira, que quando valuer a oytava do trigo a saseenta maravedis que façan as paadeiras pan de dineiro que pese seis onças desque for cosido et que seja o dito pan bõo et ben cosido et dende ajuso et dende arriba a este respecto segundo valuer a oytava do triigo. Iten que se venda a libra de carne viinte onças por libra a dous dineiros et o quarto de carne que seja bõo a des blanquas. Iten que se venda o pescado en esta maneira: a libra dos sacadores et das sollas et dos bodiõos et dos polvos et das fanequas et das rayas et das langostas // et das sibias et das luras a tres (Fol. 29 vº)

dineiros a libra. Iten a libra dos corvelos et mugẽes et robalos et robaliças et tẽes et vesugos et douradas et evo et praginãao a quatro dineiros cada libra.

Iten a libra dos rodavallos et do mero a seis dineiros cada libra. Iten a libra das ostras paradas a seis dineiros cada libra. Iten as pescadas frescas et congros frescos que se vendan a ollo rasonablemente. Iten as ostras cascudas, tres a dineiro et çerqua do dito pescado fresco que se venda segundo esto susodeclarado et segundo a outra ordenança que fui feita por lo dito conçello et outorgada por las pescadeiras. Iten a leña que se venda en esta maneira: a carrega de leña seca que seja boa carrega a seis branquas et dende ajuso a este respecto segundo for a carrega. Iten a carrega dos çerqueiros et de outra leña verde a quatro blanquas. Iten o carro de leña a viinte blanquas que seja ben cargado et dende ajuso segundo for o carro da leña et que desto seja a vista de cada ũu dos alcalles ou jurados ou procuradores da çidade que primeiro poder sẽer avido. Iten, billardos oyto a dineiro. Iten que se venda a ferrajẽe et ferramenta en esta maneira: a ferradura do cavalo lançada enno pẽe, a quatro blanquas. Iten a ferradura mular et dos albardõos lançada enno pẽe a tres blanquas et hũu coroado. Iten cada lançada enno pẽe do cavalo hũa blanqua et dous coroados. Iten cada referrada mular et albardooes lançada enno pẽe hũa blanqua et hũu coroado. Iten o machado novo, trese blanquas et hũu coroado. Iten a fouçe nova dous blanquas. Iten o arado novo dos blanquas. Iten o legon novo trese blanquas et hũu coroado. Iten cada referrada lançada enno pẽe do cavalo hũa blangua et dous coroados. Iten o calçamento do arado çinquo blanquas. Iten acalçar o legon seis blanquas et dous coroados. Iten que se vendan os çapatos en esta maneira: os çapatos de corda para sobre calça que non sejan muy altos a trese blanquas et hũu coroado. Iten çapatos de ome de pẽe et de lavrador trese blanquas et hũu coroado. Iten tacoes para estes çapatos seis blanquas et dous coroados. Iten çapatos para moços pequeños de quinse annos ajuso des blanquas. Iten tacoes para estes çapatos, quatro blanquas. Iten çapatos para ome ou moller solados et sobresolados viinte blanquas. Iten por solar calças des et seis blanquas et dous coroados. Iten por encabeçar botas et borçeguis con suas solas, trese blanquas et hũu coroado. Iten que o par dos capõos bõos çevados vallan viinte blanquas. Iten o par de capõos de pena quinse blanquas. Iten o par das galiñas, des blanquas. Iten o par dos polos et polas, seis blanquas et dous coroados. Iten o par das perdises et perdigoes dose blanquas. Iten o par das perdises et perdigoes dose blanquas. Iten o pato çevado des blanquas. Iten o pato vivo, seis blanquas. Iten arçeas et poonbos troquados, cada ũu

duas blanquas. Iten outros poonbos miudos et tortoras cada hũu hũa blanqua. Iten tordos et melrras cada hũu a coroado. Iten petos et pegas et agoanetas a quatro coroados cada ũu. Iten pasaros miudos et ouos a coroado. Iten que os carpenteiros
(Fol. 30) et pedreiros que leven por jornal cada dia de lavor desde quinse dias // d'oitubre ata quinse dias de março quatro maravedis por cada jornal et desde quinse dias de março ata quinse dias d'oytubre çinquo maravedis por cada jornal et que lles den de comer. Iten que destas ditas cousas et cada hũa delas que non leven os que as asi venderen mayores preços desto susodeclarado, salvo desde ajuso segundo se ygoalaren et que todas las personas et ofiçiaes dos ofiçios susoditos que sejan tiudos de faser et de vender et husar et levar cada hũa das ditas cousas so pena de seseenta maravedis a cada hũa que o non quiser asi faser et conplir por cada bes et de jaser enna cadea triinta dias et que destas penas que seja a terça parte para os alcalles et os dous terços para o muro da çidade et se os ditos alcalles foren neglijentes en demandar et executar as ditas penas que qualquer outro que ante os ditos alcalles o acusar et eles foren neglijentes que o tal acusador aja a dita terça parte da dita pena en que asi encorrer o que feser o contrario et os outros dous terços que sejan para os muros do conçello.

Outrosi mandan que os alcalles da çidade con a justiça clerigas de cada anno façan conçertar todas las medidas et pesos do pan et do vino et da carne et do aseite, porque de aqui endeante usen delas ben et verdadeiramente.

Iten ordena mais o dito conçello, que qualquer que feser voda ou batisterio o entrada de casa ou diser misa nova ou Avangeo que non de aves nihũas de comer a nihũa persona que asi convidar para cada hũa destas honrras et cousas que asy quiser faser et fasendo o contrario que qualquer persona que o asi feser que page por pena por cada ves que feser o contrario seisçentos maravedis, o terço para o acusador et os dous terços para o muro do conçello.

Esta ordenança susodita fas o dito conçello por mandado espal de noso señor o arçobispo de Santiago don Lopo, o qual a confirmou et mandou que se conprise et gardase, segundo que se en ela conten. As quaes ditas ordenanças presentadas et liudas et publicadas enno sobredito lugar por min o dito notario, o dito conçello et alcalles et regidores et omes bõos sobreditos et os ditos Vaasco Marques et Juan Davila, justiças clerigas diseron que as avian por firmes et estables et que querian et mandavan que fosen cunplidas et agardadas et que se conprisen et agardasen de aqui endeante en quanto fose voontade do dito conçello segundo et enna maneira

que se en elas contiinan et de mais porque a dita regla et ordenança fose mellor cunplida et agardada et algũo no podese dolo alegar inorançia que mandavan et mandaron a Domingo Longo, servente et pregoeiro do conçello da dita çidade que presente estava que altas voses et con anafil tangido pregoase todo o contiudo enna dita ordenança por las plaças et mercados da dita çidade.

Esto fui enno dito lugar, dia et mes et anno susoditos. Testemoyas que a esto foron presentes: Vaasco Peres Abril, Gonçalvo de Covas, Fernan Juliate, Juan Pose, vesiños da dita çidade. Pero Leiteiro et Alvaro Gil, procuradores do dito conçello.

Iten desposis desto en este dito dia o dito Domingo Longo en presença de min o dito notario et das testemoyas infra scritas pregou altas voses con anafil tangido todas las cousas et cada hũa delas enna dita ordenança contiudas, en Quintaa de Paaços plaça publica da dita çidade et diso et dou fe que assi a pregoara por las outras plaças da dita çidade. Testemoyas que foron presentes ao dito pregón: Afonso Fiel, oulives, et Alvaro Reyno, canbeador, vesiño da vila et Fernan Vieytes et Sueiro da Enfesta, moradores enna dita çidade. //

(Fol. 30 vº) Predito. O dito conçello et alcalles et regidores et omes bõos sobreditos diseron que por quanto noso señor o arçobispo de Santiago don Lopo de Mendoça por proveito comuu et bõo regimento da dita sua çidade lles dera regimento et regla de como se avia de reger a dita sua çidade enno qual regimento et ordenanças por el feitas et mandadas gardar entre las outras cousas en elas contiudas et declaradas se contiinan hũa clausula que desia asi: "outrosi ordena et manda o dito señor arçobispo que por prol da comunidade sejan tomados et elegidos quatro homes que esten con os procuradores aas posturas et derramamentos de todas las quantias de maravedis que se ouveren de poer et derramar enna dita sua çidade et a o tomar das contas et que non se posan poer nen derramar maravedis algũos enna dita sua çibdade nen tomar as ditas contas sen os ditos homes bõos que asi foren elegidos et tomados sẽer presentes enna mayor prol deles, etc". Por ende que eles en cunplindo o mandado do dito señor arçobispo sobresta rason feito que elegian et nonbravan a estas personas que aqui dira, conven a saber: por parte dos mercadores et dos outros oficios et comonidade da dita çidade Ares Chantreiro et Juan Garçia de Vilarente et Juan Durán et Gil Peres et Garçia Rodriges. canbeador et Migell Rodriges do Vilar, vesiños da dita çidade para que doje este dito dia fasta hũu anno conplido estevesen presentes con os ditos alcalles et regidores et procuradores ao tomar das contas et ao repartimento de quaesquer maravedis que en este dito

tenpo se ouvesen de dar et repartir et derramar enna dita çidade et que mandavan et mandaron aas ditas personas suso nonbradas et por eles tomados et elegidos que veesen aos conçellos et consistorios que en este dito anno se ouvesen de faser quando et cada que se fesesen posto que non fosen requeridos sobre elo so pena de seseenta maravedis a cada hũu que pagase por pena por cada ves que o asi non fisese et cunplise. Esto fuy enno dito lugar, dia et mes et anno sobreditos. Testemoyas que a esto foron presentes: Vaasco Peres Abril et Gonçalvo de Covas et Fernan Juliate et Juan Pose vesiños da dita çidade et outros.

Á marxe do folio hai unha nota que di:

Por esta nota se ha de faser o auto de quando eligisen en cada ũu anno as personas que an de estar presentes con os jurados et alcalles et procuradores ao tomar das contas et a o repartimento de quaesquer maravedis que enna dita çidade se ouvesen de repartir et derramar et dar segundo se conten enno regimento sobresta rason feito por noso señor o arçobispo.

1418, febreiro, 18.

Des e oito dias do mes de febreiro. Sabean quantos esta carta vieren como eu Gomes Rodriges, bachiller en Decretos, jurado da çidade de Santiago, connosco e outorgo que resçebi de vos Alvaro Gil, canbeador, procurador do Conçello da dita çidade, quatroçentos maravedis, contando blanca a tres dineiros, os quaes maravedis me pagastes en nome do dito Conçello por quanto eu os ouve de aver por rason do salario que do dito conçello teño en cada ũu anno por o ajudar ennos pleitos e negoçios que lle foren movidos e os quaes maravedis que asi ouve de aver do dito salario son do anno pasado que se fiinceu em este mes de febreiro que agora anda e dos quaes ditos maravedis me outorgo por entrego e ben pagado por quanto os ouve ja en meu jur e poder ben e cunplidamente sen mingoa algũa e renunçio a eixençon do aver non dado nen contado nen rescebido nen pagado en presença do notario e testemoyas e a toda outra eixençon que nunca delo diga o contrario. E eu o dito Alvaro Gil que presente sõo por min e en nome do dito conçello asi o reçebo. Feita a carta enna çibdade de Santiago, anno, dia e mes sobreditos. Testemoyas que a esto foron presentes, Gomes Garçia, notario de dita çibdade e Gil Peres, canbeador e Alonso Peres, escrivan.

1418, febreiro, 28.

(Fol. 31) Lũus viinte et oyto dias do mes de fevreiro, este dito dia sendo o conçello, alcalles et regidores, jurados et homes bõos da çidade de Santiago juntados enno sobrado da notaria de min Ruy Martines, notario publico da dita çidade por crida de anafil segundo que ham de usso et de costume, presentes ende Johan Aras da Cana a Martin Galos, alcalles enna dita çidade e Martin Serpe, Fernan Gonçales do Preguntoiro, Gomes Rodriges, bachiller en Decretos, Afonso Fernandes Abril, Alvaro Afonso Juliate, regidores, jurados enna dita çidade et presentes outrosi Juan Garcia de Vilarente et Migell Rodriges do Vilar, canbeadores et Johan Duran, mercador, os quaes o dito Conçello, alcalles et regidores jurados eligiron este dito anno para que por parte dos mercadores et dos outros ofiçios et cumunidade da dita çidade estevesen con os ditos alcalles et regidores et procurasen con os ditos alcalles et regidores et procuradores a as posturas et derramamentos de quaesquer contias de maravedis que enna dita çidade se ouvesen de dar et coller et repartir este dito anno et ao thomar das contas et en presença de min o dito Roy Martines, notario et das testemoyas ynfra escriptas. Logo enton, o dito Conçello, alcalles et regidores et homes bõos sobreditos diseron que por quanto eles avian de servyr este dito anno a noso señor o arçobispo de Santiago don Lope de Mendoça con viinte et çinco mill maravedis de moeda vella, contando branca a tres dineiros et outrosy avian de pagar os marquos et jantar que noso señor el rey ha en cada hũu anno em esta dita çidade et os marquos que o dito señor arçobispo ha eso mẽesmo de aver et outrosi para pagar o selario que han de aver este dito anno as justiças e notarios et os serventes do dito conçello et para outros custos neçesarios que avian de cunplir et por quanto a o presente non tĩinan maravedis algũos por donde conprisen as cousas sobreditas, salvo se as repartisen ennos veziños da dita çidade. Por ende para cunprir et pagar as cousas sobreditas, que acordavan e acordaron que se repartisen et derramasen en esta dita çidade hũa renda de contia de triinta mill maravedis de moeda vella, contando branca a tres dineiros et que mandavan e mandaron a Pero Leyteiro et a Alvaro Gil procuradores do dito conçello que presentes estavan que comesçasen logo a coller et recabdar a dita rrenda por los ynfintos porque se collera et recabdara o anno pasado de mill e quatroçentos et dez e sete annos, outra rrenda de outra tanta contia como esta que agora mandavan coller, pero que querian que si algũos das colaçõos da dita çidade entendera que fora agra-

veada enno dito repartimento et quisese enmendar seu ynfinto que o podese fazer
(Fol. 31 vº) et que mandavan a min notario que dese copia dos ditos ynfintos a aquelas // colaçõos que os quisesen sacar et que lles davan termino doje a oyto dias primeiros segentes a que trouxesen corregidos et enmendados os ditos ynfinitos et non os tragendo corregidos e enmendados enno dito termino que dende endeante non os podesen enmendar et que mandavan que se collesen os ditos maravedis por los ditos ynfintos do dito anno pasado segundo de suso avian mandado; et outrosy que mandavan aos ditos alcalles que costringesen et apremiasen a todas las personas veziños da çidade que estavan encanavados et avian de pagar enna dita renda para que pagasen aos ditos procuradores as contias de maravedis en que cada ũu era repartido et lle coubese de pagar por los ditos ynfintos por maneira que os ditos procuradores cobrasen os ditos maravedis o mais en breve que seeren podese para os dar e pagar a aquel que o ouvese de aver en nome do dito señor arçobispo et para pagar as outras cousas susoditas que o dito Conçello devia et avia de pagar este dito anno. Esto fuy enno dito lugar, dia, mes e anno susoditos. Testemoyas que foron presentes, Pero Afonso, notario da dita çidade e Vaasco Peres Abril, Juan da Cana, Juan Ares do Vilar, Rui Lourenço, criado de Alvaro Gil, Jacome Gomes, canbeador, vesiños da dita çidade.

Preditos.- O dito Conçello, alcalles e regidores sobreditos outorgaron et connosçeron que eran entregos e ben pagados de Bernald Eanes do Camiño e de Gil Peres, canbeadores, procuradores que foron do dito Conçello o anno pasado de noso Señor Ihesu Christo de mill e quatroçentos e dez e septe annos de quatro mill e duzentos maravedis, branqua en çinquo dineiros, que eles en nome do dito Conçello reçeberan dos Conçellos das vilas de Pontevedra e Padron e Noya e Muros, os quaes moravedis foron repartidos aos ditos Conçellos por carta de noso señor o arçobispo de Santiago don Lope e lles coubo pagar para prosigimento do pleito que os sobreditos Conçellos e eso mesmo este dito Conçello avyan enna corte de noso señor el rey con os Conçellos das vilas de Pontedeume e Ferrol e Vilalva, que son de Nuno Freire d'Andrade et os quaes moravedis os ditos Bernald Yanes e Gil Peres reçeberan en esta guisa; do dito Conçello de Pontevedra mill e oytoçeentos moravedis e do dito Conçello de Padron duzentos moravedis por quanto avyan paga do outros duzentos moravedis enno siguimento do dito pleito, os quaes lles foran descontados dos dos quatroçentos moravedis que lles coubo pagar por lo dito repartimento e que reçeberan do dito Conçello de Noya mill e treçentos

moravedis e do dito Conçello de Muro noveçentos moravedis e asy eran conpridos os ditos quatro mill e duzentos moravedis da dita moeda branqua en çinco dineiros, e dos quaes moravedis diseron que se outorgavan por pagos segundo susodito he, por quanto diseron que os sobreditos Bernald Eanes e Gil Peres os avya pagos por seu mandado a Pero Leiteiro, procurador que agora era do dito Conçello a que renunçiavan a toda eixençon que non disesen ende o contrario e que davan e deron por livres e quitos dos ditos maravedis aos sobreditos Bernald Eanes e Gil Peres e a suas vozes para sempre. E outrosy que obligaran os bẽes do dito conçello para faser deles quitos a os sobreditos e a cada ũu deles. Testemoyas, os sobreditos. Feyta e dada a o Bernald Yanes.

1418, marzo, 2.

(Fol. 32) Quarta feira, dous dias do mes de março, este dito dia seendo o conçello, alcalles e regidores jurados e omes bõos da çidade de Santiago juntados enno sobrado da notaria de min Rui Martines notario publico da dita çidade por crida de anafil, segundo que han de usso e de custume, presentes ende Martin Galos e Juan Aras da Cana, alcalles enna dita çidade e Martin Serpe e Alvaro Afonso Juliate e Afonso Fernandes Abril, Gomes Rodriges, bachiller en Decreto e Fernan Gonçalves do Preguntoyro, regidores jurados enna dita çidade e presentes outrosy Gil Peres e Juan Garcia de Vilarente, Aras Chantreiro, Migell Rodriges do Vilar et Johan Duran, vesiños e moradores enna dita çidade, os quaes o dito conçello, alcalles e regidores jurados eligiron este dito anno para que por parte dos mercadores e dos outros ofiçios et comunidade da dita çidade estevesen con os ditos alcalles e regidores e procuradores a as posturas et derramamentos de quaesquer contias de moravedis que enna dita çidade se ouvesen de dar e coller e repartir este dito anno e ao tomar das contas. Et en presença de min o dito Ruy Martines, notario, e das testemoyas infra scriptas paraesçeu ende Johan Fernandes de Canas, coengo de Santiago e recabdador de noso señor o arçobispo de Santiago don Lope de Mendoça e presentou e feso leer por min o dito notario hũa carta do dito señor arçobispo scripta en papel e firmada de seu nome, da qual o tenor he este que se sigue: Conçejo e alcalles e jurados e omes buenos de la nuestra çibdat de Santiago. Nos el arçobispo de Santiago vos enviamos mucho saludar fazemosvos saber que por los

menesteres en que al presente estamos e nos recresçen de cada dia que nos fue neçesario de nos servir de vos e de los otros conçejos e logares del nuestro arçobispado de çiertas quantias de maravedis este anno de la data desta nuestra carta de las quales mandamos fazer repartimento en el qual vos copo a pagar veynte e çinco mill maravedis de moeda vieja, contando blanca en tres dineros, porque vos rogamos e mandamos que sy plazer e serviçio nos avemos de fazer que luego, vista esta nuestra carta repartades entre vos los dichos maravedis e los dedes luego cogidos e recabdados a Juan Fernandes de Canas, nuestro recabdador que los ha de aver e de recabdar por nos e tomad su carta de pago o del que lo ovier de aver por el e con ella e con esta nuestra carta, mandamos que vos sean resçibidos en cuenta los dichos maravedis e non fagades ende al. Dada en la nuestra çibdat de Santiago, quinze dias de enero, anno del Nascimiento del Nuestro Señor Jhesu Christo de mill e quatroçientos e dies e ocho annos. Lupus. archiepiscopus Comppostellanus.

A qual carta presentada e liuda por ante min o dito notario, o dito Juan Fernandes frontou e requirio ao dito Conçello, alcalles e regidores jurados e omes bõos que conprisen a dita carta do dito señor arçobispo en todo e por todo segundo se en ela contiinna e en conprindoa que fose sen logo repartir os ditos morabedis e llos desen collidos e recabdados segundo que o dito señor arçobispo lles mandava por la dita sua carta. Et logo o dito conçello, alcalles e regidores jurados diseron que eles avyan ja mandado repartir e derramar enna dita çidade hũa renda de triinta mill moravedis, contando branqua en tres dineiros para pagar os ditos viinte e çinquo mill maravedis e outras devedas que devyan e que os mandaran ja coller e recabdar et por ende que mandavan e mandaron a Alvaro Gil e Pero Leiteiro, seus procuradores que presentes estavan que dos ditos moravedis que asy avyan de recabdar desen e pagaen ao dito Johan Fernandes en nome do dito señor arçobispo os ditos viinte e çinquo mill moravedis da sobredita moeda con que servian este dito anno ao dito señor arçobispo tanto que fosen recabdados e que lles mandavan que quando fezesen a dita paga que reçebesen en sy a dita carta de repartirnento original do dito señor arçobispo e tomasen carta de pago do dito Juan Fernandes de como lle fasian a paga dos ditos moravedis e con elas e con este mandolles seerian reçebidos en conta e en pago os ditos viinte e çinquo mill moravedis. Testemoyas que a esto foron presentes, Fernan Aras Xarpa, e Pero Eanes Abraldes e Juan Serpe e Vaasco Gomes de Marçoa, visiños da dita çidade.

Predito.- O dito conçello, alcaldes e regidores sobreditos diseron que por quanto Gomes Rodriges, bachiller en Decretos e regidor enna dita çidade, que presente esta-

va, os requirira e requiria que lle fesesen pagar os moravedis dos marquos de noso señor o arçobispo que el ten del en merçed en cada hũu anno et que avya de aver este
(Fol. 32 vº) dito anno e lle avian de pagar[22] // en este mes de março, por ende que mandavan e mandaron aos ditos procuradores, que presentes estavan que de quaesquer moravedi que por lo dito conçello recabdavan e avyan de recabdar este dito anno que desen e pagasen ende en este dito mes de março ao dito Gomes Rodriges ou a quen o por el ouvese de aver os moravedis que asy avia de aver este dito anno por rrason dos ditos marquos por vigor da merçed que delo lle fesera o dito señor arçobispo e que tomasen carta de pago do dito Gomes Rodriges ou de aquel que por el ouvese de aver e con ela e con este mandado lles seerian reçebidos en conta os ditos moravedis e que mandavan aos ditos procuradores que cada hũu pagase a medade que deles lle coubese pagar, por maneira que anbos conprisen a dita paga. Testemoyas as sobreditas.

Predito.- Mandaron mays aos ditos procuradores que pagasen a Domingo Longo e a Pero Afonso e a Sueyro da Enfesta e a Fernan Beeites os seus selarios que lles eran devidos do anno pasado de mill e quatroçentos e dez e septe annos que se fiinçeu o postromeiro dia de janeiro deste dito anno.Testemoyas, os sobreditos.

1418, marzo, 7.

Lũes septe dias do mes de março, este dito dia seendo o conçello alcalles e regidores jurados e omes bõos da dita çidade de Santiago, juntados por crida de anaffil enno sobrado da notaria de min Rui Martines, notario publico da dita çidade, segundo que han de usso et de custume, presentes ende Martin Galos et Juan Aras de Caña, alcalles enna dita çidade et Alvaro Afonso Juliate et Fernan Gonçales do Preguntoyro, e Afonso Fernandes Abril et Gomes Rodriges, bachiller en decretos, jurados enna dita çidade et presentes outrosy Johan Garcia de Vilarente et Gil Peres et Migell Rodriges e Juan Duran, visiños et moradores enna dita çidade a os quaes o dito conçello, alcalles et regidores (jurados) et omes bõos eligiron este dito anno para que por parte dos mercadores et dos outros ofiçios et comunnidade da dita çidade estevesen con os ditos alcalles et regidores (jurados) et procuradores da

[22] Sobre o borrado que dicía: "e seerlle".

dita çidade e as posturas et derramamentos de quaesquer contias de morabedis que enna diga cidade se ouvesen de dar e coller et repartir este dito anno et a o tomar das contas et en presença de min o dito Rui Martines, notario et das testemoyas infra scriptas. Logo enton o dito conçello, alcalles et regidores et omes bõos sobreditos disseron que por quanto Diego Lopes de Toledo lles avya feyto e fazia de cada dia moytas ajudas et boas obras, asy ennos repartimentos dos pedidos que foron repartidos ao dito conçello et a seus lavradores como eso, meesmo enna ajuda que lles fezera enno pleito que avyan enna corte de nosso señor el rey con os conçellos das vilas de Pontedeume et Ferrol e Vilalva que son de Nuno Fleire d'Andrade sobre lo repartimento do pedido de noso señor el rey e porque era rason e guisado dello reconosçer e gradesçer, por ende todo, considerando que era sua voontade de lle dar este dito anno dous mill morabedis, branqua en tres dineiros, et por ende que mandavan et mandaron a Pero Leiteiro et Alvaro Gil, procuradores do dito conçello que presentes estavan que desen a o dito Diego Lopes ou a quen o por el ouvese de aver os ditos dous mill moravedis da dita moeda de quaesquer moravedis que por lo dito conçello recabdaran o recabdasen este dito anno et que tomasen carta de pago do dito señor Diego Lopes dos ditos moravedis et con ela et con este mandamento lles seerian reçebidos en conta os ditos dous mill moravedis. Testemoyas: Pero Eanes Abraldes, visiños da dita çidade et Pero Fariña viziño da vila de Padron et Johan Lopes de Geemil, visiño da vila de Betanços.

1418, marzo, 14.

(Fol. 33) Quatorse dias do mes de março: sabean todos que em presença de min Rui Martines, notario publico jurado da çidade de Santiago e dos testemoyas adeante scriptos paraesçeron Martin Galos et Johan Aras da Canna, alcalles enna dita çidade e Fernan Gonçales do Preguntoyro et Afonso Fernandes Abril, regidores jurados et (omes bõos) da dita çidade e diseron que lles foran requiridos por hũu escudeiro de Afonso Lopes de Valladolid, despenseiro de noso señor el rey que lle desen gya para levar çertos moravedis que tĩina enna dita çidade que eran para a despensa do dito señor rey e por ende que mandavan e mandaron a Pero Leiteiro, procurador do conçello da dita çidade, que presente estava, que de quaesquer moravedi que por lo dito conçello recabdava ou recabdase este dito anno que dese a Gonçalvo Sopas, que era presente,

quorenta et oyto moravedis, branqua en tres dineiros para sua custa et doutros çinquo besteiros que mandavan que fosen con o dito scudeiro que levava os taes moravedis ata a vila de Arçua et que tomase carta de pago do dito Gonçalvo Sopas et que con el et con este mandamento lle seerian reçebidos en conta os ditos quoreenta et oyto moravedis et logo o dito Gonçalvo Sopas diso que se outorgava por entrego et pago dos ditos quorenta et oyto moravedis, os quaes reçebera para sy et para os outros beesteiros que con el avyan de yr enna dita gya. Testemoyas que a esto foron presentes Domingo Longo, Gil Peres et Rui Peres, ferreiro.

1418, marzo, 21.

Viinte et hũu dias do mes de março. Sabean quantos esta carta viren como eu Gomes Rodriges, bachiller en Decretos jurado, da çidade de Santiago, outorgo et connosco que reçebi de vos Pero Leiteiro, procurador do conçello da dita çidade os maravedis dos marcos que noso señor o arçobispo de Santiago ha de aver en cada hũu anno enna dita çidade, os quaes maravedis eu teño por merçed en cada hũu anno do dito señor arçobispo et os quaes maravedis que me asi pagastes por rason dos ditos marcos son deste anno da feita desta carta e dos quaes me outorgo por entrego e ben pagado e renunçio e eixençon do aver non dado, nen contado, nen reçebido, nen pagado en presença do notario e testemoyas et a toda outra eixençon que nunca delo diga o contrario et por ende dou por quito et libre para todo senpre a o dito conçello et veziños e moradores da dita çidade dos ditos marquos que asi ouve de aver este dito anno por vigor da dita merçed que me delo feso o dito señor arçobispo segundo dito he. Et eu o dito Pero Leiteiro, que presente sõo, por min et en nome do dito conçello asi o reçebo. Feita a carta enna dita çidade de Santiago, anno, dia et mes sobreditos. Testemoyas que a esto foron presentes: Juan Ares da Cana, alcalde enna dita çidade et Gil Peres et Juan da Cana, veziños da dita çidade.

1418, febreiro, 28.

Enno anno do Naçemento de Nosso Señor Jhesu Christo de mill et quatroçentos et des et oyto annos, lues, viinte et oyto dias do mes de fevereiro. Sabean quan-

tos esta carta viren, como nos o Conçello et alcalles et regidores jurados et omes
(Fol. 33 vº) bõos da çidade de Santiago, seendo juntados enno sobrado da notaria // de Rui Martines, notario da dita çidade por crida de anafil, segundo avemos de uso et de custume, presentes ende Juan Ares da Cana et Martin Galos, alcalles enna dita çidade et Martin Serpe, Fernan Gonçales do Preguntoiro, Gomes Rodriges, bachiller en decretos, Afonso Fernandes Abril, Afonso Juliate, regidores jurados enna dita çidade et Pero Leiteiro et Alvaro Gil, nosos procuradores et presentes outrosy Johan Duran et Juan Garçia de Vilarente et Migell Rodriges do Vilar vesiños da dita çidade, os quaes nos o dito conçello et alcalles et regidores sobreditos eligimos para que por parte dos mercadores et dos outros ofiçios et comunidade da dita çidade estevesen con nos os ditos alcalles et regidores et procuradores a as posturas et repartimentos de quaesquer contias de maravedis que enna dita çidade se ouvesen de dar et coller et repartir et derramar este dito anno et ao tomar das contas, outorgamos et connosçemos que reçebemos de vos Benald Yanes do Camiño et Gil Peres nosos procuradores que fostes o anno de mill et quatroçentos et des et seis annos que se começou a quinse dias do mes de mayo do dito anno et de fiinçeu enno mes de mayo do anno que pasou de mill et quatroçentos et des et septe annos, boa conta, çerta, leal et verdadeira, asi por lo graande como por lo miudo de contia de quoreenta et quatro mill et septeçentos et noveenta et dous maravedis moeda vella, contando blanqua a tres dineiros, os quaes ditos maravedis vos os sobreditos por nos et en noso nome et como nosos procuradores reçebestes et recabdastes o sobredito anno en esta guisa que se sigue: primeiramente que recadastes hũa terça de hũa renda de triinta mill maravedis que monta des mill maravedis da dita moeda en esta guisa: vos o dito Bernald Yanes, çinquo mill e tresentos et triinta et seis morabetinos et quatro coroados das çinquo colações de bayxo et vos o dito Gil Peres acadastes das çinquo colações de çima quatro mill et seisçentos et sessenta et tres morabedis et dous coroados, que fasen asy os ditos des mill morabedis. Iten que acadastes mais outra renda enteira de triinta mill moravedis de moeda vella que nos mandamos coller dos quaes vos o dito Bernald Eanes acadastes das çinquo colações de çima trese mill et noveçentos et noveenta moravedis et vos o dito Gil Peres das çinquo colações de baixo acadastes des et seis mill et des maravedis que fasen asi os ditos triinta mill maravedis. Iten que acadastes de Afonso Dominges da Pena da portajẽe et peso que de nos ten arrendado do derradeiro terço deste dito anno et dos dous terços do dito anno de mill e quatroçentos et des et septe annos,

tres mill et dusentos moravedis dos quaes acadastes vos o dito Bernald Yanes os dous terços et medio et vos o dito Gil Peres medio terço. Iten que acadastes vos o dito Gil Peres de Juan Garcia, noso procurador que foy, tresentos et des et oyto moravedis da dita moeda; Iten que acadastes mais vos o dito Gil Peres de Juan Peres desẽedor da casa do pescado que de vos ten arrendada, quinentos et çinquoenta moravedis do dito anno. Iten que acadastes vos o dito Gil Peres das aviinças dos moleiros da ribeira de Sarela et de duas viuvas, dusentos et seseenta moravedis de moeda vella que nos avian de dar o dito anno. Item que recadastes vos o dito Bernald Eanes estas aviinças de çertas personas ajuso contiudas que nos avian a dar o dito anno primeramente de Pero Nunes triinta moravedis et de Juan Costas quoreenta moravedis et de Mestre Rojel viinte moravedis et de Afonso Gomes canbeador quoreenta moravedis et de Mestre Xufreu quoreenta moravedis et de Juan Paes, alfayate viinte et quatro moravedis et de Afonso Fernandes, peliteiro, viinte moravedis que monta asy estas aviinças de suso ditas dusentos et quatorse moravedis. Item que recadastes mais vos o dito Bernald Eanes de aviinça de Fernan Guardado viinte et çinquo moravedis et de Costança Asivada des moravedis et de Afonso de Leon asibicheiro triinta maravedis et de dona Maria a que finquo de Juan Nunes seseenta maravedis et de Martin de Bugeiros çinquoeenta maravedis et de Martin de Brion de foro da casa que de nos ten aforada aa Porta de Fajeiras çinquo
(Fol. 34) moravedis et de dous bitunqueiros (?) saseenta moravedis // et de Juan Garçia Orellas des moravedis, que monta asi dusentos et çinquoenta moravedis da dita moeda et asi son conpridos os ditos quoreenta et quatro mill et septeçentos et noveenta et dous moravedis de moeda sobredita, que vos os ditos Bernald Eanes et Gil Peres por nos et en noso nome reçebestes et recabdastes o dito anno enna maneira que dita he et segundo que suso he declarado, et os quaes ditos maravedis por noso mandado destes et pagastes en esta guisa: Iten que pagastes a Fernand Ares Xarpa dos marcos del rey que avya de aver este dito anno de que fostes nosos procuradores mill et seisçentos moravedis de moeda vella os quaes pagastes cada hũu a medade. Iten que destes a Juan Peres, alfayate que pagase ao Endeantado do do jantar del rey que avia de aver este dito anno de que fostes procuradores septeçentos et viinte moravedis da dita moeda, os quaes pagastes cada hũu a medade. Iten que destes vos o dito Bernald Eanes a Alvaro de Mandayo que dese a Diego Fernandes de Burgueiros noso procurador que estava enna corte de noso señor el rey ennos pleitos que avemos con os conçellos de Pontedeume et Ferrol et Vilalva

quatroçentos et oyteenta maravedis da dita moeda. Iten que destes vos o dito Bernald Eanes a o dito Alvaro de Mandayo por noso mandado por levar os ditos moravedis a o dito Diego Fernandes quinse moravedis da dita moeda. Iten que pagastes vos o dito Bernal Yanes a Fernan Gonçales, recadador por noso mandado dos moravedis que lle deviamos das pujas dos marcos de noso señor el rey dos annos pasados que non foron librados ao dito Fernand Ares septeçentos et oyteenta et tres moravedis et seis dineiros de moeda vella. Iten que pagastes a Gomes Rodrigues (sic), bachiller que avia de aver o dito anno dos marcos do arçobispo do dito anno mill et oytoçentos et cinquoeenta moravedis da dita moeda, os quáes pagastes cada ũu a meadade. Iten que pagastes a Diego Lopes que lle nos deviamos dous mill moravedis da dita moeda, os quaes pagastes cada ũu a meadade. Iten que pagastes a Martin Serpe et a Vaasco Troquo, alcalles que foron o dito anno por coller o terço da dita renda seisçentos et sesenta et seis maravedis et quatro coroados que pagastes cada hũu a meadade. Iten que pagastes vos o dito Bernald Eanes a Afonso Lourenço raçoeiro por la capelania de Santa Cathalinna çento et oyteenta moravedis da dita moeda. Iten que pagastes vos o dito Gil Peres aos beesteiros que foron en gia con os moravedis del rey que levou Rui Gonçales da Costanilla, quoreenta et oyto moravedis da dita moeda. Iten que pagastes vos o dito Bernald Eanes a Garçia Rodriges, canbeador, por lo afan de sẽer noso procurador dous meses viinte maravedis. Iten que pagastes a Gomes Rodriges, bachiller por lo selario que ha de aver de nos por sẽer noso avogado este dito anno, quatroçentos moravedis, os quaes pagastes cada hũu a meadade. Iten que pagastes vos o dito Bernald Eanes por fontoiras para os sejes do sobrado da notaria et cravos et jornaes dos carpenteiros et vianda para eles, çinquoeenta et nove moravedis. Iten que pagastes vos os sobreditos a Martin Garçia, porteiro de noso señor o arçobispo, seseenta moravedis, que lle nos mandamos dar. Iten que pagastes mays vos os sobreditos a Pero Eanes Abraldes et a Bernald Yanes do Camiño por lo selario das taboas do conçello. triinta et dous maravedis. Iten que pagastes vos o dito Bernald Yanes a Alvaro de Mandayo quando trouxo as cartas de Castela de Diego Fernandes, des moravedis. Iten que pagastes vos o dito Bernald Yanes ao que fui leer as cartas descomoyo aos concellos que pagasen os maravedis do repartimento para o pleito quoreenta moravedis. Iten que destes vos o dito Bernald Eanes ao moço que escriveu as cartas des moravedis. Iten que destes vos o dito Bernald Yanes a Rui Martines por la procuraçon para Diego Fernandes, nove maravedis. Iten que destes vos o dito Gil

Peres a Diego Garçia d'Ansõo para yr en segimento do enplaso ante o Correjedor que nos feseron os conçellos de Pontedeume et Ferrol et Vilalva, sateenta moravedis. Iten que destes vos o dito Gil Peres a o dito Diego Garçia para presentar ante o Correjedor as escrituras, triinta moravedis. Iten que destes vos o dito Gil Peres a Garcia Rodriges, canbeador, noso procurador que fui que el diso que gastara por nos et para en pago dos tresentos maravedis que el dou a Gomes Rodriges et a Rui Martines notario quando foron a Betanços en segimento do dito pleito que avemos con os ditos conçellos dusentos et des maravedis da dita moeda. Iten que des-
(Fol. 34 vº) tes vos o dito Gil Peres a o mensajeiro que // enviamos a a Corte en segimento da apelaçon que por nos fui interposta ante o dito Correjedor que a levase a Diego Fernandes que a presentase çento et çinquoenta moravedis. Iten que destes vos o dito Gil Peres para presentar a dita apelaçon enna corte noveenta et seis moravadis. Iten que destes vos o dito Gil Peres a Gonçalvo de Millares que enbiamos a corte despois en segimento do dito pleito, çento et oyteenta moravedis. Iten que destes vos o dito Gil Peres a Rui Martines, notario, por dar as escrituras que pertẽeçia en publica forma para enviar a a corte noveenta et tres moravedis. Iten que destes vos o dito Gil Peres ao dito Rui Martines, notario, por la carta do repartimento que o dito señor arçobispo feso en que pagasen os conçellos os maravedis das custas que fasiamos enno dito pleito, dose moravedis. Iten que destes vos o dito Gil Peres a Sueiro da Enfesta, noso servente, por yr publicar as ditas cartas de repartimento aos ditos conçellos de Pontevedra et Noya et Muro et Padron quoreenta moravedis. Iten que destes a Rui Fernandes vos o dito Gil Peres que diso que gastara enno dito pleito que avemos con os ditos conçellos, onse moravedis et medio. Iten que reçebemos en conta a vos o dito Bernald Eanes, do terço da renda en que fui repartido Johan Garçia Orellas, que non avia de pagar por rason da aviinça que con nos tĩina feita por quanto cabia enna vosa copia que aviades de recadar seis maravedis et quatro coroados. Iten que destes vos o dito Gil Peres a Garçia Rodriges, noso procurador que fui que dise que gastara por nos este dito anno seisçentos et seseenta et tres moravedis et medio da dita moeda. Iten que destes e pagastes vos o sobreditos a Diego Lopes de Toledo que lle deviamos o anno que pasou de mill et quatroçentos et des et septe annos, dous mill maravedis de moeda vella. Iten que pagastes anbos a Afonso da Caña, noso servente, dusentos moravedis que ha de aver do seu salario que an de aver de nos este dito anno dusentos et quoreenta et dous maravedis et quatro coroados. Iten que pagastes vos o dito Bernald Eanes a

Domingo Longo noso servente çento et viinte moravedis et a Juan d'Oural noso servente noveenta moravedis et a Fernan Bieites noso servente, noveenta moravedis que monta todo tresentos maravedis que an de aver de selario este dito anno de nos. Iten que destes vos os sobreditos a Rui Martines por los infintos de terça renda que vos mandamos coller viinte moravedis et que lle destes por los infinitos da renda dos triinta mill moravedis viinte et seis moravedis que monta todo quoreenta et seis moravedis. Iten que pagastes anbos a Pero Rodriges Sopas que el de nos ha de aver este dito anno por lo peso do conçello por rason de nosa casa do conçello da carniçaria, çento et des maravedis. Iten que pagastes vos o dito Bernald Yanes a seis beesteiros que foron en gia con os dineiros al rey este dito anno quoreenta et oyto moravedis. Iten da renda et fallas de vos o dito Gil Peres da terça renda que colleu o dito Bernald Yanes que aviades de sẽer quito por rason do dito procuratorio quoreenta et hũu morevedi et septe dineiros. Iten que pagastes vos o dito Bernald Yanes a Juan Duran por las custas que feso enno pleito que avia por nos con Fernan Garçia, alfayate, quoreenta moravedis. Iten que despendestes en viño et froyta et papel et çera quando seelaron os cobres para facer os alcalles por janeiro, quatorse moravedis. Iten que pagastes vos o dito Gil Peres a Pero Afonso et a Sueiero da Enfesta et a Gonçalvo Peres nosos serventes que avian de aver de seu selario este dito anno dusentos et septeenta moravedis. Iten que destes vos o dito Gil Peres por lo traslado do enpraso et testemoyas et resposta que nos demos a os ditos conçellos de Pontedeume et Vilalva et Ferrol et que destes a Alonso Peres escrivan por sẽer deligente en escrivyr as escrituras dos moravedis et medio. Iten que destes por la escarçela para levar estas escrituras et que gastastes en viño et troyta con o notario en tres dias que poseron en as escrivir, trese maravedis et dous dineiros.

Esta folla que de aqui faleçe tirey eu Ruy Martines notario de aqui por quanto o scrivano que escrivio esta carta en este libro errou (...) partido dela de guisa que se non.

Iten que destes vos o dito Gil Peres por hũa cousela para levar as petiçoes a a Reyna, tres moravedis et por çera para seelar as peticões quatro blanquas et por papel para os testimoyos et traslados et petições hũu moravedi. Et que destes a o moço que trasladou a carta de Diego Fernandes de Burgos et que gastastes en vino et froyta quando seelaron as ditas petições en casa de Pero Yanes Abraldes, dous maravedis, que monta todo oyto maravedis et septe dineiros. Iten que destes vos o dito Gil Peres a Rui Martines por lo traslado do repartimento que noso señor o arçobispo feso aos conçellos de Pontevedra et Noya et Muro et Padron et dous maravedis et quatro

dineiros et por hũa carta descomoyo porque pagasen et por outra carta de peñora para que os peñorasen dose moravedis, et que destes ao que tirou as custas que nos fesemos en este pleito que estavan escritas enno noso livro que feseron Juan Garcia et Ares Chantreiro nosos procuradores que foron, trese dineiros que monta todo quinse moravedis et septe dineiros. Iten que destes vos o dito Gil Peres ao moço que levou as procuraçoes dos ditos conçellos a Diego Fernandes noso procurador a a corte del rey des moravedis. Iten que pagastes vos o dito Gil Peres a Juan de Boado, clerigo, que de nos ha de aver por selario do relogio este dito anno, çento et çinquoenta moravedis. Iten que gastastes vos o dito Gil Peres en apostar as portas do muro da çidade a de San Françisco et a da Pena por seis pontõos de cada ũu septe moravedis et por duas travesas et hũu cabro et outra madeira para elas, honse moravedis et por quatro levuas de çerna que mercastes a Fernan Peres, toneleiro por honse moravedis et que destes por triinta et tres cravos de branqua cada hũu nove moravedis et nove dineiros que monta eso todo septeenta et tres moravedis et nove dineiros que monta esto todo septeenta et tres moravedis et nove dineiros. Iten que destes ao correjador que carrejou aas portas a madeira, tres moravedis et seis dineiros et que custaron mais cravos de dineiro para as ditas portas et outros cravos mais pequeños des et septe moravedis et oyto dineiros et que destes a Juan Trigo por apostar hũa palmela da porta tres moravedis et que destes por hũu cantolrron que deytaron a a porta de Maçarelas seis dineiros que monta todo viinte et quatro moravedis et septe dineiros. Iten que destes a Fernan das Mariñas et a outros dous carpenteiros que apostaron as ditas portas en dous dias a cada hũu nove moravedis que monta çinquoeenta et quatro moravedis et que destes a Afonso do Barquo por apostar a fechadura et por los cravos para a deytar des et seis moravedis et hũu dineiro que monta todo seseenta moravedis et hũu dineiro. Iten que reçebemos en conta a vos o dito Gil Peres da terça da renda que
(Fol. 35 vº) collestes et das dereituras çinquo colações da renda et fallas de Fernand Afonso // Xar (...) triinta et quatro moravedis et dous coroados et da terça renda et fallas de Maior Ares, sua sogra des et septe moravedis et quatro coroados que monta todo çinquoeenta et dous moravedis. Iten mais que reçebemos en conta a vos o dito Gil Peres da terça renda de Vaasco Troquo alcalle triinta et seis moravedis et quatro coroados et da terça renda et fallas de Bernald Yanes noso procurador triinta et tres moravedis et dous coroados et da terça renda et fallas de Fernan Alfonso da Algara que lle quitamos a rogo de Pedro Vermuũs, quatorse moravedis et dous coroados et da terça renda et fallas de Afonso de Leon viinte moravedis et medio que

monta todo çento et des e nove moravedis et hũu coroado. Iten que pagastes vos o dito Gil Peres et despendestes en apostar a nosa casa do pescado primeiramente que destes por çinquo moyos et medio de tella a onse moravedis o moyo que monta seseenta moravedis et medio et que destes por duas cargas de ripias dose moravedis et por dous cabros para o tellado oyto branquas et por hũu cabro de oyto covedos oyto blanquas et por quatorse taboas çinquoeenta et seis moravedis que monta todo çento et quoreenta et hũu moravedi et tres dineiros. Iten que destes a tres carpenteiros que esteveron enna apostar quatro dias que eran dose jornaes a cada carpenteiro, que monta çento et oyto moravedis. Iten que pagastes vos anbos de por medio por suso mandado a noso señor o arçobispo do serviço con que servimos o anno de mill et quatroçentos et des et septe annos viinte mill moravedis de moeda vella. Iten que destes vos o dito Gil Peres por quatro medidas de ferro por que se marqasen as medidas do azeyte desta dita çidade quinse moravedis. Iten que destes vos o dito Gil Peres por duas cartas descomoyo para todos os que tĩinan algũas escrituras do conçello et para os alcalles que fesesen vender o pescado a o peso dose moravedis. Iten que pagastes vos os sobreditos a Pedro Eanes Abraldes et a Fernan Ares, alcalles que avian de aver de seu selario por rason dos ofiçios et por coller a renda dos triinta mill moravedis dous mill et seisçentos moravedis. Iten que despendestes vos o dito Bernald Yanes en viño et froyta en casa do bachiller quando cataron as escrituras que eran ontre nos et o cabidõo, cinquo moravedis. Iten que reçebemos en conta a vos o dito Bernald Yanes estas fallas da renda dos triinta mill moravedis destas personas a juso declaradas primeiramente da renda et fallas de Pedro Yanes Abraldes, alcalle çento et viinte et seis moravedis. Et da renda et fallas de vos o dito Bernald Yanes çento et quatro moravedis que monta dusentos et triinta moravedis. Iten da renda et fallas de Fernand Ares Xarpa
(Fol. 36 çen moravedis // et da renda et fallas de Mayor Ares çinquoeenta moravedis et da renda et fallas do anno de Diego Lopes viinte et nove moravedis, que monta çento et septeenta et nove moravedis. Iten da renda et fallas de Fernand Afonso da Algara que quitamos a Pedro Vermũus quoreenta et dous moravedis et da renda et fallas de Juan Gonçalves, çapateiro, que quitarnos a o arçobispo quoreenta et tres moravedis que monta oyteenta et çinquo moravedis. Iten que reçebemos a vos o dito Gil Peres da vosa renda et fallas çento et viinte et çinquo moravedis. Iten que reçebemos de vos o dito Gil Peres da renda et fallas de Martin de Bugueiros çinquoeenta moravedis et da renda et fallas do marido da pãadeira do cabidõo que

quitamos a o Dean dose moravedis et da renda et fallas de Johan de Montaaos que quitamos a o Dean dose moravedis et medio et da renda et fallas de Juan Garcia Orellas viinte moravedis et da renda et fallas de Johan Rodriges criado do arçediago da Reyna que quitamos ao dito arçediago dose moravedis que monta çento et seis moravedis et medio. Iten que pagastes vos o dito Gil Peres a Martin Serpe et a Alvaro Gil para a agoa do Canpo, dusentos moravedis vellos. Iten que destes vos o dito Gil Peres ao mesajeiro que levou a querela de Gonçalvo Rodriges de Reyno ao arçobispo dose moravedis et seis dineiros et que despendestes vos o dito Gil Peres quando enbiamos sobrelo ao arçobispo a Padron quoreenta moravedis que monta todo çinquoeenta et dous moravedis et seis dineiros. Iten que pagastes vos o dito Gil Peres a Fernan Rodríguez da Treyade que pagase por nos ao Endeantado do jantar del rey que lle deviamos do dito anno de mill et quatroçentos et des septe annos septeçentos et viinte moravedis. Iten que destes vos o dito Gil Peres por lo traslado da demanda que contra nos poso Juan Bõo dose dineiros. Iten que destes en conta vos o dito Gil Peres que gastarades en custos miudos por nos de que non escrivirades que eran seseenta moravedis et a vos o dito Bernald Yanes que gastarades en outros custos miudos que non escrivirades seseenta moravedis que monta çento et viinte moravedis. Iten que pagastes vos o dito Bernald Yanes a Juan Abraldes por la pedra de Monteoris para faser o rollo de Monteoris çento et çinquoeenta moravedis. Iten que despendestes vos o dito Gil Peres enna obra de Montooris esta feira viinte dias de mayo que se começou a faser et sabado siginte a oyto carpenteiros et a o moço de Alvaro da Rocha a cada ũu tres moravedis por cada dia, que son des et oyto jornaes que monta çinquoeenta et quatro moravedis. Iten que destes vos o dito Gil Peres a des et nove serventes do Girio que esteveron a servir estes dous dias de suso a cada hũu moravedi que monta des et nove moravedis. Iten que destes ao lũes seginte a Alvaro da Rocha et a seu moço dose moravedis et seis carpenteiros outros a cada hũu oyto moravedis et a outro carpenteiro oyto moravedis que monta todo seseenta et oyto moravedis. Iten que destes mais ao martes seginte ao dito Alvaro da Rocha et seu moço dose moravedis et a septe carpenteiros aos seis a oyto moravedis et a hũu tres moravedis et a tres serventes do Girio tres moravedis que monta seseenta et seis moravedis. Iten que destes quinta feira seginte a outros carreteiros que andaron a carretar pedra viinte moravedi et a Juan Rodriges Alvariño por dous dias que procorou des moravedis que monta triinta moravedis. Iten esta feira seginte esteveron enna dita obra o dito Alvaro da Rocha

et seu moço a quen destes dose moravedis et mais a septe carpenteiros a cada ũu oyto moravedis que monta saseenta moravedis. Iten que destes a o sabado seginte ao dito Alvaro da Rocha et a seu moço dose moravedis et a septe carpenteiros a cada ũu oyto moravedis et a outro carpenteiro tres moravedis et a dose serventes do Girio dose moravedis que monta todo oyteenta et tres moravedis. Iten que destes a Afonso Peres et Juan das Mariñas et a outros dous carpenteiros que foron coller madeira a Fecha et esteveron dous dias enna coller a cada ũu cada dia tres moravedis et que destes a Vaasco Peres Cabeça por quatro dias que estevo a procu-
(Fol. 36 vº) rar a obra viinte moravedis que monta quoreenta et quatro moravedis. // Iten que destes aos carreteiros que trouxeron a madeira de Fecha para o rollo viinte moravedis et que destes por duas palmelas et dous golfoos et cravos para o gindastes dose moravedis que monta triinta et dous moravedis. Iten que destes mais por tres cargas et quarta de cal quoreenta et oyto moravedis et que destes a Vaasco Peres Cabeça a alende os quatro dias que estevo enna obra por viinte et quatro dias que estevo despois por cada dia çinquo moravedis que monta todo çento et seseenta et oyto moravedis. Iten que destes en conta vos o dito Bernald Yanes que despenderades enna obra do rollo martes o primeiro día de juyo a Alvaro da Rocha et seu moço dose moravedis et a quatro carpenteiros a cada ũu tres moravedis et a dous serventes da vila oyto moravedis et a des e seis serventes do Girio des et seis moravedis que monta quoreenta et oyto moravedis. Iten quarta feira seginte, que destes ao dito Alvaro da Rocha et seu moço dose moravedis et a çinquo carpenteiros a cada ũu tres moravedis et a des e nove serventes do Girio des et nove moravedis, que monta quoreenta et seis moravedis. Iten a quarta feira seginte, que destes a o dito Alvaro da Rocha et seu moço dose moravedis et a Fernan de Rex oyto moravedis et a seis carpenteiros a cada ũu tres moravedis et a dous serventes da vila oyto moravedis et a des et nove serventes do Girio des et nove moravedis que monta seseenta et çinquo moravedis. Iten esta feira seginte ao dito Alvaro da Rocha et a seu moço dose moravedis et a dous serventes da vila oyto moravedis et a tres carpenteiros a cada hũu tres moravedis et a des serventes do Girio des moravedis et a outros oyto carpenteiros a cada hũu oyto moravedis, que monta todo çento et tres moravedis. Iten ao sábado seginte destes ao dito Alvaro da Rocha et seu moço dose moravedis et a tres carpenteiros a cada ũu tres moravedis et a oyto carpenteiros a cada hũu oyto moravedis et a dous serventes da vila oyto moravedis et a des et nove serventes do Girio hũu moravedi a cada hũu, que monta çento et dose moravedis.

Iten lũus septe dias destes ao dito Alvaro da Rocha et a seu moço dose moravedis et a outros oyto carpenteiros oyto moravedis a cada hũu et a hũu carpenteiro tres moravedis et a dous serventes da vila oyto moravedis et a septe serventes do Girio septe moravedis que monta noveenta et quatro moravedis. Iten ao martes seginte destes ao dito Alvaro da Rocha et seu moço dose moravedis et a dous carpenteiros seis moravedis et a seis carpenteiros a cada ũu oyto moravedis et dous serventes da vila oyto moravedis et por tres carros de pertegas seis moravedis et a seis carros que eran dose omes, dose moravedis que monta noveenta et dous moravedis. Iten quarta feira seginte destes ao dito Alvaro da Rocha et seu moço dose moravedis et a quatro carpinteiros tres moravedis a cada ũu et a septe carpenteiros a cada hũu oyto moravedis et a dous serventes da vila nove moravedis et a septe serventes do Girio septe moravedis que monta noveenta et seis moravedis. Iten que destes por quatro cargas de cal para o rollo a quinse moravedis por cada carga que monta seseenta moravedis. Iten esta feira seginte destes ao dito Alvaro da Rocha et seu moço dose moravedis et a nove carpinteiros a cada hũu oyto moravedis, que monta cento et oyto moravedis. Iten sabado seginte destes ao dito Alvaro da Rocha et a seu moço dose moravedis et a nove carpenteiros oyto moravedis a cada hũu et a dous serventes da vila nove moravedis et a quinse serventes do Girio quinse moravedis, que monta çento et oyto moravedis. Iten lũus quatorse dias, destes ao dito Alvaro da
(Fol. 37) Rocha et seu moço dose moravedis // et a çinquo carpenteiros a cada hũu oyto moravedis et a quatro serventes da vila des et oyto moravedis et a des serventes do Girio des moravedis et ao carrejador que levou o calabre para o guidaste çinquo branquas, que monta oyteenta et hũu moravedi et medio. Iten a o martes seginte destes ao dito Alvaro da Rocha et seu moço dose moravedis et a septe carpenteiros oyto moravedis a cada ũu et a quatro serventes da vila des et oyto moravedis et a septe serventes do Girio septe moravedis et por tres libras de chunbo para as portas septe moravedis et medio que monta çen moravedis et medio. Iten quinta feira seginte destes ao dito Alvaro da Rocha et seu moço dose moravedis et a oyto carpenteiros a cada ũu oyto moravedis et a quatro serventes da vila des et oyto moravedis et a des serventes do Girio des moravedis por hũa fechadura et hũu ferrollo para o rollo, trese moravedis et medio que monta çento et des et septe moravedis et medio. Iten quinta feira seginte destes ao dito Alvaro da Rocha et seu moço dose moravedis et a des carpenteiros oyteenta moravedis et a quatro serventes da vila des et oyto moravedis e quatorse serventes do Girio quatrose moravedis, que monta

çento et viinte et quatro moravedis. Iten esta feira seginte destes ao dito Alvaro da Rocha et seu moço dose moravedis et a nove carpenteiros septeenta et dous moravedis et a quatro serventes por dineiro des et oyto moravedis et a onse serventes do Girio honse moravedis que monta çento et trese moravedis. Iten sabado siginte destes ao dito Alvaro da Rocha et a seu moço dose moravedis et a des carpenteiros oyteenta moravedis et a quatro serventes por dineiro des et oyto moravedis et a onse serventes do Girio honse moravedis et a hũu carpenteiro tres moravedis et que destes por nove cravillas para as traves viinte moravedis, que monta çento et quoreenta et quatro moravedis. Iten lũus viinte dias destes ao dito Alvaro da Rocha et a seu moço dose moravedis et a oyto carpenteiros seseenta et quatro moravedis et a quatro serventes da vila des et oyto moravedis et a septe serventes do Girio septe moravedis et que monta noveenta et nove moravedis. Iten martes seginte destes ao dito Alvaro da Rocha et seu moço dose moravedis et a çinquo carpenteiros, quoreenta moravedis et a des serventes do Girio des moravedis et a quatro serventes da vila des et oyto moravedis et por hũa carga de pertegas hũu moravedis que monta oyteenta et hũu moravedis. Iten quarta feira seginte destes ao dito Alvaro da Rocha et a seu moço dose moravedis et a seis carpenteiros quoreenta et oyto moravedis et a quatro serventes da vila des et oyto moravedis et a onse serventes do Girio honse moravedis et por duas cargas de pertegas dous moravedis et ao carrejador que levou a corda a casa de Fernan Gonçales, quatro blanquas, que monta noveenta et dous moravedis et dous dineiros. Iten esta feira seginte destes ao dito Alvaro da Rocha et a seu moço dose moravedis et a septe carpenteiros çinquoeenta et seis moravedis et a quatro serventes por dineiro des et oyto moravedis et a des serventes do Girio des moravedis que monta noveenta et seis moravedis. Iten sabado seginte destes ao dito Alvaro da Rocha et seu moço dose moravedis et a septe carpenteiros cinquoeenta et seis moravedis et a quatro serventes des et oyto moravedis et a oyto serventes do Girio oyto moravedis hũa aparelloa çinquo moravedis
(Fol. 37 vº) que monta noveenta et nove moravedis. // Iten lũus viinte et septe dias, destes ao dito Alvaro da Rocha et a seu moço dose moravedis et a septe carpenteiros çinquoeenta et seis moravedis et a quatro serventes des et oyto moravedis et a seis serventes do Girio, seis moravedis que monta noveenta et dous moravedis. Iten que pagastes quinta feira triinta dias ao dito Alvaro da Rocha et seu moço dose moravedis et a septe carpenteiros çinquoeenta et seis moravedis et a quatro serventes des et oyto moravedis et a oyto serventes do Girio oyto moravedis que monta noveen-

ta et quatro moravedis. Iten esta feira seginte destes ao dito Alvaro da Rocha et seu moço dose moravedis et a septe carpenteiros çinquoeenta et seis moravedis et a quatro serventes des et oyto moravedis et a septe serventes do Girio septe moravedis, que monta noveenta et tres moravedis. Iten que destes a Alvaro da Rocha et a seu moço quando feseron as almeas dose moravedis et a des carpenteiros oyteenta moravedis que monta noveenta et dous moravedis. Iten que destes vos o dito Gil Peres aos fraires de Santo Domingo para o capitolo, tresentos moravedis. Iten do selario de vos o dito Bernald Yanes et Gil Peres, nosos procuradores que aviades de aver de noso dito anno por rason do dito procuratorio dous mill moravedis. Iten que destes vos o dito Bernald Yanes a des serventes do Girio que serveron aos carpenteiros que feseron as almeas des moravedis. Iten que destes vos o dito Gil Peres a Pero Leiteiro noso procurador çento et çinquoeenta et dous moravedis et tres dineiros. Et asi son cunplidos et pagados os ditos quoreenta et quatro mill et septeçentos et noveenta et dous moravedis da sobredita moeda, os quaes ditos moravedis, vos os ditos Bernald Yanes et Gil Peres destes et pagastes por noso mandado aas personas suso contiudas et enna maneira que dita he, segundo que de suso he declarado. Et dos quaes ditos moravedis nos outorgamos por entregos et ben pagados et renunçiamos a exençon do aver non dado nen contado nen reçebido nen pagado en presença do notario et testemoyas et a a ley que dis que se pode opoer esta exençon et que se feso a confeson so asperança de paga et renunçiamos aas leis que disen que as ditas eixençoes se poden opoer fasta çertos tenpos. Et por ende damos por quitos et libres doje este dia endeante para todo senpre a vos os ditos Bernald Yanes et Gil Peres et a vosos herdeiros et subçesores et de cada ũu de vos dos ditos quoreenta et quatro mill et septeçentos et noveenta et dous moravedis da moeda sobredita que asi reçebestes et recabdastes en noso nome et como nosos procuradores que fostes o sobredito anno por quanto os destes et pagastes por noso mandado enna maneira que dita he et segundo que de suso fas menҫon et
(Fol. 38) prometemos non vos demandar d'aqui endeante por la dita // rason en juizo nen fora del en algũo tenpo nen por algũa maneira, so pena do dobro da dita contia que vos pagemos por pena se contra elo viernos et a pena pagada ou non pagada todavia esta carta de pago et as cousas en ela contiudas fiquen firmes et vallan para senpre et nos os ditos Bernald Yanes et Gil Peres que presentes somos asi o reçebemos. Feita a carta enna dita çidade enno sobredito lugar, dia et mes et anno susoditos. Testemoyas que a esto foron presentes: Pero Afonso, notario da dita çidade et Vaas-

co Peres Abril et Juan Fernandes da Cana et Juan Ares do Vilar et Jacome Gomes, canbeador et Ruy Lourenço. criado de Alvaro Gil, vesiños et moradores enna dita çidade. Feita et dada a os ditos procuradores.

1418, marzo, 23.

Viinte et tres dias do mes de março. Sabean quantos esta carta viren como eu Diego Lopes de Toledo, outorgo et connosco que reçebi de vos Pero Leiteiro, procurador do conçello da çidade de Santiago dous mill moravedis, contando blanqua en tres dineiros, os quaes me pagastes en nome do dito conçello que mos mandou dar este anno da feita desta carta por ajudas et boas obras que de min reçeberon et dos quaes ditos dous mill maravedis me outorgo por entrego et ben pagado et renunçio a eixençon do aver non dado nen contado nen reçebido nen pagado en presença do notario et testemoyas et a toda outra eixençon que nunca delo diga o contrario et por que esto seja çerto, outorgey esta carta de pago por ante o notario publico et testemoyas infra scriptos. Feyta a carta enna dita çidade, anno, dia et mes susoditos. Testemoyas que a esto foron presentes Lopo Alvares de Leon et Afonso Dominges de Pontevedra, criados do dito Diego Lopes.

1418, marzo, 26.

Sabado viinte et seis dias do mes de março, este dito dia estando en Quintaa de Paaços en presença de min Rui Martines notario publico jurado da çidade de Santiago et das testemoyas adeante escritas paraesçeron Martin Galos alcalle enna dita çidade et Alvaro Afonso Juliate et Gomes Rodriges, bachiller en Decretos regidores jurados da dita çidade et Juan Garçia et Miguel Rodriges de Villar vesiños da dita çidade, os quaes o conçello et alcalles et regidores da dita çidade elegeron este dito anno para que por parte etc.. logo enton os sobreditos diseron que por quanto algũos vesiños da dita çidade foran peñorados et embargados enno Ribeiro da Avia por Rodrigo de Sandoval, meirino do Endeantado de Galicia et por outros algũos por seu mandado et o dito conçello se querelara delo noso señor o arçobispo, o qual lle mandara dar suas cartas de rogo para o dito Rodrigo de Sandoval et outra tal para Vaasco (...) seu

casteleiro da casa da Barreira, sobre rason da dita peñora, por ende que mandavan et mandaron a Alvaro Gil et Pero Leiteiro, procuradores do dito conçello que presentes estavan que de qualquer moravedis que por lo dito conçello recabdlavan ou avian de recabdar este dito anno // eles ou qualquer deles a Pero Afonso, escrivan do dito señor arçobispo que librara as ditas cartas dose moravedis blanqua a tres dineiros et outrosi que desen a Juan Ares Chantreiro para sua despensa porque avia de levar as ditas cartas aos sobreditos seseenta moravedis da dita moeda et que mandavan et mandaron que foren reçebidos en conta a os ditos procuradores ou a qualquer deles que os pagase os ditos moravedis. Esto fui enno dito lugar dia et mes et anno susoditos. Testemoyas que a esto foron presentes Vasco Fernandes Troque et Juan d'España et Juan Ares do Villar, vesiños da dita çidade.

1418, marzo, 29.

Martes viinte et nove dias do mes de março este dito seendo juntados en consistorio enna notaria de Rui Martines, notario da çidade de Santiago, Juan Ares da Cana alcalle da dita cidade et Fernan Gonçales do Preguntoiro et Afonso Fernandes Abril, Gomes Rodriges, bachiller en Decretos, regidores jurados enna dita çidade et en presença de min o dito notario et das testemoyas adeante escritas, logo enton, o dito alcalle, et regidores sobreditos diseron que por quanto noso señor el Rey avia de aver en cada hũu anno do conçello da dita çidade de seisçentos moravedis de moeda vella por los quaes mandava pagar mill et dusentos moravedis de moeda branqua a rason de quatro branquas por moravedi, os quaes ditos moravedis tĩinan por merçed en cada hũu anno do dito señor rey, Garçia Fernandes Xarmento, Endeantado Mayor de Galiza o qual dito Endeantado dera en prestamo en cada ũu anno os ditos moravedis que o dito conçello lle avia de dar por rason do dito jantar a Nuno Gonçales de Vilariño, seu escudeiro en quanto fose sua voontade segundo fora mostrado por carta do dito Endeantado et que agora lles fora dito por algũos vesiños da dita çidade que o dito Nuno Gonçales peñorara enno Ribeiro da Avia a algũas personas moradores enna dita çidade por rason dos ditos moravedis que asi avia de aver este dito anno. Por ende diseron os sobreditos que mandavan et mandaron a Pero Leiteiro, procurador do dito conçello que presente estava que de quaesquer maravedis que por lo dito conçello recabdara ou avia de

recabdar este dito anno que desen ende a Afonso de Vilamayor mercador, vesiño da dita çidade os ditos moravedis do dito jantar que montavan septecentos et viinte moravedis, contando branqua a tres dineiros que o dito conçello devia et avia de pagar por rason do dito jantar este dito anno segundo dito he et que lle mandavan et mandaron que quando lle dese os ditos moravedis que tomase del obligaçon para que trouxese carta de pago do dito Nuno Gonçales ou de aquel que en nome do dito Endeantado o ouvese de aver por maneira que o dito conçello fose delo quito. Testemoyas que a esto foron presentes: Pero Eanes Abraldes et Ares Chantreiro, vesiños da dita et Martin das Figueiras, bachiller en Decretos et outros.

Predito.- O dito alcalle et regidores sobreditos mandaron ao dito Pero Leiteiro, procurador, que dese a Juan Piqua, moordomo da dita çidade quoreenta moravedis, branqua a tres dineiros, que mandavan dar para sua despensa por yr a terra de
(Fol. 39 vº) Ruy Sanches de Moscoso a sacar pesquisa en hũu // con o moordomo do dito Rui Sanches sobre rason dos labradores que algũos vesiños do dito conçello tĩinan en terra do dito Rui Sanches aos quaes mandara repartir çertos moravedis a cada hũu por rason do pedido de noso señor el rey que fora repartido en sua terra çertos annos pasados et espeçialmente o anno que pasou de mill et quatroçentos et onse annos et que mandavan et mandaron que fosen reçebidos en conta et en pago a o dito Pero Leiteiro todos estes moravedis, que lle asi mandavan pagar segundo suso fas mençon. Testemoyas os sobreditos.

1418, abril, 1.

Esta feira, o primeiro dia do mes de abril. Sabean quantos esta carta viren como eu Mestre Fernando, sulurgian, vesiño da çidade de Santiago connosco et outorgo que reçebi de vos Alvaro Gil, procurador do conçello da dita çidade çento et çinquoeenta moravedis contando blanqua a tres dineiros, os quaes ditos moravedis me pagastes por mandado do dito conçello et alcalles et regidores da dita çidade que mos mandaron dar en enrnenda da custa que eu fise enno tenpo que por seu mandado estive regidentemente en esta dita çidade ata que eles me poseron selario de cada hũu anno et dos quaes ditos moravedis me outorgo por entrego et ben pagado et renunçio a ley do aver non dado nen contado en presença do notario et testemoyas et a toda outra eixençon que nunca delo diga o contrario et eu o dito Alvaro Gil, que presente soo asi o

reçebo Testemoyas que a esto foron presentes: Afonso Martines de Ferreira, escrivano del rey et Afonso de Santhome do arçobispo de Santiago et Afonso Peres, escrivan.

1418, abril, 2.

Dous dias do mes de abril. Sabean quantos esta carta viren como eu Afonso de Vilamayor, mercador, vesiño da çidade de Santiago connosco et outorgo que reçebi de vos Pero Leiteiro, procurador do dito conçello da dita çidade septeçentos et viinte moravedis, contando blanqua a tres dineiros, os quaes ditos moravedis me dades et eu reçebo de vos enna moeda sobredita, en presença do notario et testemoyas adeante escritas. E os quaes ditos moravedis me obligo de dar et pagar a Nuno Gonçales de Vilariño, escudeiro do Endeantado de Galiza que os ha de aver este anno da feita desta carta por rason do jantar que noso señor el rey ha en cada ũu anno enna dita çidade o qual dito jantar o dito Endeantado ten por merçed do dito señor rey et o dito Nuno Gonçales ten eso mesmo del en prestamo en cada ũu anno et obligo a min mesmo et a todos meus bẽes de vos dar carta de pago do dito Nuno Gonçales ou de aquel que o ouver de aver por el dos ditos moravedis por maneira que o dito conçello seja quito do dito jantar deste dito anno et non vos dando o dito alvala que torne ao dito conçello ou a vos en seu nome os ditos moravedis que así de vos reçebi segundo dito he para o qual asi cunplir et a gardar segundo et enna maneira que dito he obligo a elo a min mesmo et a todos meus bẽes moveles et raises avidos et por aver et so pena do dobro da dita contia que me obligo pagar por pena se o así non cunplir. Et eu o dito Pero Leiteiro que presente so en nome do dito conçello asi o reçebo; feita enna dita çidade, anno, dia et mes susoditos. Testemoyas que a esto foron presentes Gomes Rodriges, bachiller en
(Fol. 39 vº) Decretos et Ares Chantreiro et Vaasco Peres Abril, vesiños da dita çidade //.

1418, abril, 2.

Sabado dous dias do mes de abril este dito dia Juan Ares da Cana e Martin Galos, alcalles enna çidade de Santiago mandaron a Domingo Longo, servente e pregoeiro do conçello da dita çidade que presente estava que altas voses e con ana-

fil tangido pregoase por las portas e mercados da dita çidade estas cousas que se sigen: Oyde, que manda noso señor o arçobispo que non seja nihũu ousado de lavrar plata de dia en esta çidade de Santiago salvo ennas tendas da plaça dos oulives e qualquer que o contrario feser que page por cada ves seisçentos maravedis para a camara do dito señor arçobispo.

Outrosi quaesquer que tẽe tendas enna dita porta e portal dos Oulives que as non posan tẽer çarradas salvo dous dias santos a par e qualquer que a tever çarrada mais que dous dias enna semana continuus que perga o dereito que ouver enna tenda e o dito señor proveera de la a que for sua merçed.

Outrosi que non seja nihũu ousado de dar a comer galiña nen capon nen outra ave en voda nen batisteiro nen recolleita de casa nen en mortuoros nen en misa nova nen Avangeo nen Pistola e qualquer que feser o contrario, asi aquel que a der como aquel que a comer que page por cada ves que en elo encorrer seisçentos morabitinos e desto que seja a terça parte para o acusador e as duas terças partes para os muros do conçello da çidade. E logo o dito Domingo Longo por mandado dos ditos alcalles pregoou altas voses as cousas susoditas en Quintaa de Paaços, plaça publica da dita çidade en presença de min Ruy Martines, notario publico jurado da dita çidade e das testemoyas adeante scriptas e diso que asy o pregoaria publicamente por las outras plaças da dita çidade. Testemoyas que a esto foron presentes Gomes Rodriges bachiller en Decretos e Ares Chantreiro e Vasco Peres Abril, vesiños da dita çidade.

Iten despois desto en este dito dia en presença de min o dito Rui Martines, notario e das testemoyas adeante escriptas paraesçeu o dito Domingo Longo {e diso}[23] dou fe a mi o dito notario que el pregoara publicamente todas las cousas suso escriptas por las outras plaças da dita çidade e lugares acostumados. Testemoyas que a esto foron presentes: Juan Piqa, moordomo da dita çidade e Fernan Bieytes, servente do dito conçello e Fernan Montesiño, escrivan.

[23] Borrado o contido entre corchetes.

1418, abril, 7.

Quinta feira, septe dias do mes de abril. Este dito dia estando en hũa camara dos paaços do muy reverendo in Christo padre e señor don Lope de Mendoça, arçobispo de Santiago e estando ende presente o dito señor arçobispo en presença de min Rui Martines, notario publico jurado da cidade de Santiago e das testemoyas adeante escriptas, logo enton, o dito señor arçobispo diso que por quanto lle era feyta relaçon que as paandeiras (sic) da dita çidade vendian o pan falesçido do peso segundo que era ordenado por lo conçello da dita çidade e outrosi lle fora dito que se non guardavan as outras ordenanças feitas por lo dito conçello e por el confirmadas para proveemento {e bõo} regimento da dita sua çidade, por ende ende querendo remediar çerqua delo, que mandava e mandou a Juan Ares da Caña e Martin Galos, seus alcalles enna dita çidade, que presentes estavan, que fesesen pregoar
(Fol. 40) publicamente // por las plaças da dita çidade e mercados acostumados estas cousas que se adeante siguen, as quaes dou en escripto a min o dito notario e eu lii por seu mandado en presença dos sobreditos e do qual dito escripto que me asy fui dado por lo dito señor arçobispo, seu thenor del he este que se sigue: Lo primero, que qualquer panadera que vendiere el pan fallesçido del peso que la pongan en la picota. Iten que ninguna panadera non faga pan alguno salvo do dinero e que tenga marqua e qualquer que de otra gisa lo fesiere que sea obligada a la dicha penna. Iten que qualquer que quebrare los otros ordenamentos fechos por el conçejo e confirmados por nuestro señor el arçobispo que peche las pennas en ellos contenidos e los alcalles non exsecutando las pennas que por cada ves pechen seisçientos maravedis para los muros de la çibdad e de mas que quede a la merçed del arçobispo a les dar otras penas. O qual dito escripto liudo por min o dito notario o dito señor arçobispo diso que mandava e mandou a os ditos alcalles que fesesen pregoar as cousas susoditas, segundo que enno dito escripto se continan e que as exsecutasen contra as personas que o contrario delo fesesen. E os ditos alcalles diseron que eran prestes para elo que asy o farian e cunplirian segundo que a sua merçed lles mandava. Esto fuy enna dita çidade enno sobredito lugar, dia e mes e anno sobreditos. Testemoyas que a esto foron presentes: Juan Davila coengo enna igllesia de Santiago e Gomes Rodriges, bachiller en Decretos, jurado da dita çidade e Juan Afonso de Çamora contador do dito señor arçobispo e Pero Afonso, notario da dita çidade, familiares do dito señor arçobispo. Despois desto en este dito dia en presença

de min o dito notario e das testemoyas infrascriptas paresçeu Domingo Longo, servente e pregoeiro do conçello da dita çidade e diso que el por mandado dos ditos Juan Ares e Martin Galos, alcalles, pregoara altas voses con anafil tangido as ditas ordenanças feitas por lo dito señor arçobispo segundo que de suso he declarado por las praças da dita çibdade e lugares acostumados. Testemoyas que a esto foron presentes: Alvaro Gil e Pero Leiteiro, canbeadores, procuradores do dito conçello e Alonso Peres e Fernan Montesiño, escrivãos de min o dito notario.

1418, abril, 15.

Esta feira, quinse dias do mes de abril, este dito dia seendo {os alcalles e algũos regidores da çidade de Santiago} ajuntados en consistorio enna notaria de min Rui Martines, notario, segundo que han de costume presentes ende, Martin Galos e Juan Ares de Caña, alcalles da dita çidade e Fernan Gonçales do Preguntoiro e Alvaro Afonso Juliate e Afonso Fernandes Abril, regidores jurados enna dita çidade[24] e en presença de min o dito Rui Martines, notario e das testemoyas adeante escritas, paresçeu ende Afonso Rodriges, demandador, morador enna dita çidade e diso que por quanto el fasta aqui fora vesiño da dita çidade e pagara aquelo que lle fora repartido das rendas e tallas que enna dita çidade se colleran a derramaran, asi como cada hũu dos outros vesiños da dita çidade {e agora por algũas rasoes que o a elo movian} que el de aqui endeante non entendia faser vesindança algua enna dita çidade sen gosar dos previllejos e libertades de que gosavan os outros vesiños da dita çidade e por ende que en presença dos sobreditos se lançava e lançou de vesiñança a que protestava que se de aqui endeante en algunos maravedis fose repartido que non fose obligado de os pagare que se tornasen en fallas ao dito conçello. E de como o desia, que pedia a min
(Fol. 40 vº) o dito notario que lle dese delo testemoyo signado para sua garda. // E os ditos alcalles e regidores sobreditos diseron que se o dito Afonso Rodriges morase aqui endeante enna dita çidade que lle conviina de pagar aquelo en que fose repartido segundo que ata aqui pagara e segundo que pagavan os outros vesiños da dita çidade. Esto fui enna dita çidade enno sobredito lugar, dia, mes e anno susoditos. Testemoyas que a

[24] Borrado "de Santiago".

esto foron presentes, Pero Leiteiro e Alvaro Gil, procuradores do conçello da dita çidade e Vasco Fernandes Troquo, vesiños da dita çidade.

Predito.- Os ditos alcalles e regidores mandaron a Pero Leiteiro e a Alvaro Gil, procuradores do dito conçello que presentes estavan que de quaesquer maravedis que por lo dito conçello recabdavan ou avian de recabdar que desen ende a Juan de Voado, clerigo çento e çinquoeenta moravedis contando blanqua a tres dineiros que o dito conçello lle devia e avia de dar por rason do selario quel avia de aver por armar o relogio. E o qual dito selario lle era devido este anno agora corrente que se fiinçera por lo mes de março primeiro que ven. Outrosi lles mandaron que pagasen a Afonso Lourenço, clerigo, por la capelania dos Reys de quel he capelan çento e oyteenta moravedis, contando branqua a tres dineiros, os quaes moravedis o dito Afonso Lourenço avia de aver este dito anno por rason da dita capelania senalladamente ennos moravedis dos marquos que noso señor el rey ha en cada hũu anno en esta dita çidade.

E diseron, que mandavan e mandaron a os ditos procuradores que quando pagasen os ditos moravedis e os sobreditos que tomasen de cada hũu deles carta de pago e que con elas e con este mandolles serian reçebidos en conta os ditos maravedis. Testemoyas que a esto foron presentes Gomes da Costa escudeiro de noso señor o arçobispo e Vasco Fernandes Troquo e Juan Duran e Alonso Rodriges, demandador vesiños da dita çidade.

Predito.- Os ditos alcalles e regidores mandaron aos ditos procuradores que desen a Martin Garçia, porteiro de noso señor o arçobispo seseenta moravedis, contando blanqua a tres dineiros que era sua voontade delle mandar dar este dito anno por quanto era deligente a quaesquer vesiños da dita çidade ennas cousas que a seu ofiçio requerian quando algũos negoçios avian de librar con o dito señor arçobispo e que mandavan que lles fosen reçebidos en conta os ditos maravedis posto que non tomasen delo carta de pago do dito Martin Garçia. Testemoyas, os sobreditos.

1418, abril, 16.

(Fol. 41) Des e seis dias do mes de abril. Sabean todos que eu Juan de Voado, clerigo, conosco e outorgo que reçebi de vos Alvaro Gil, procurador do conçello da çidade de Santaigo çento e çinquoeenta moravedis, contando blanqua a tres dineiros, os quaes ditos maravedis me pagastes en nome do dito conçello por rason do selario que o dito con-

çello me ha de dar en cada hũu anno por armar o relogio e dos quaes ditos maravedis me outorgo por entrego e ven pagado e renunçio a ley do aver non dado nen contado en presença do notario e testemoyas e a toda outra eixençon que nunca delo diga o contrario. E estes ditos moravedis que me asi pagastes e que eu ouve de aver por la dita rason segundo dito he sondo selario que eu ey de aver este anno da feita desta carta e porque esto seja çerto outorgey esta carta de pago por ante o notario e testemoyas infra escritos. Feita a carta enna dita çidade de Santiago anno, dia e mes susoditos. Testemoyas que a esto foron presentes, Martin Serpe çidadãao de Santiago e Garçia da Mella armeiro e Afonso Peres, escrivan.

1418, abril, 20.

Viinte dias de abril. Sabean quantos esta carta viren como eu Afonso Lourenço raçioeiro de Santiago e capelan da capelania dos Reis que chaman Santa Catalina que he sita enna iglesia de Santiago connosco e outorgo que reçebi de vos Pero Leiteiro procurador do conçello da çidade de Santiago çento e oyteenta maravedis contando blanqua a tres dineiros os quaes maravedis eu ouve de aver este anno da feita desta carta por rason da dita capelania señalladamente ennos maravedis dos marquos que noso señor el rey ha en cada hũu anno enna dita çidade e dos quaes ditos maravedis me outorgo por entrego e ben pagado e renunçio e exençon do aver non dado nen contado nen reçebido nen pagado en presença do notario e testemoyas e a toda outra exençon que nunca delo diga o contrario. E porque esto seja çerto outorgey ende esta carta de pago por e ante o notario publico e testemoyas infra scriptos. Feita a carta enna dita çidade de Santiago, anno, dia e mes sobreditos.Testemoyas que a esto foron presentes: Ruy Freire e Afonso Vaasques Abril escudeiros, e Alvaro Martines plateiro, vesiños da dita çidade e Juan Gonçales da Cana, fillo de Gonçalvo Rodriges da Moeda, a que Deus perdona e Alvaro Peres, escrivan.

1418, abril, 29.

Viinte e nove dias do mes de abril. Sabean quantos esta carta viren como nos Sueiro Afonso e Pero Afonso, serventes do conçello da çidade de Santiago, con-

nosçemos e outorgamos que reçebemos de vos Pero Leyteiro procurador do dito conçello o vestuario que nos ouvemos de aver do dito conçello por rason dos ditos ofiçios o anno que pasou de mill et quatroçentos e des e ssepte annos que se fiinçeu por lo primeiro dia do mes de janeiro (en)[25] deste anno da feita desta carta e do qual dito vestuario nos outorgamos entregos e ben pagados et renunçiamos a toda eixepçon que nunca delo digamos o contrario. E a esto foron presentes, Fernan Yanes, notario del rey e Lopo de Vilaverde, notario et Fernan Montesiño, criados de min, notario ajuso escripto.

(Fol. 41 vº) Predito.- Sabean todos que seendo o conçello e alcaldes e regidores jurados e omes bõos da çidade de Santiago juntados en consistorio enno sobrado da notaria de min Rui Martines, notario publico jurado da dita çidade, segundo que ha de custume, presentes ende Martin Galos e Juan Aras da Cana, alcalles, e Alvaro Afonso Juliate e Afonso Fernandes Abril, Fernan Gonçales do Preguntoiro e Gomes Rodriges, bachiller en Decretos, jurados da dita çidade et en presença de mi o dito Rui Martines, notario e das testemoyas adeante scriptas, enton o dito conçello, alcalles e regidores e omes bõos sobreditos, mandaron a Alvaro Gil, procurador do dito conçello que presente estava que dese e pagase a Afonso da Cana, servente do dito conçello dusentos e noventa moravedis, branqua en tres dineiros, que o dito conçello lle devya por conta do seu selario do anno pasado de quatroçentos e des e septe que se fiinçeu por lo primeiro dia do mes de março deste anno que anda e que pagase a Gonçalo Peres, servente do dito conçello noveenta maravedis da dita moeda e aos herdeiros de Juan D'Oural outros noventa maravedis que lles eran devidos dos seus vistuarios e selarios do dito anno pasado fiinçido por lo dito primeiro dia de março e que tomase deles carta de pago e lle serian reçebidos en conta. Testemoyas Aras Chantreiro e Juan Duran, Vaasco Troquo, Bernald Yanes do Camino e Juan Dominges de Liñares, visiños da dita çidade.

[25] Borrado.

1418, maio, 9.

Daquy ajuso por lo scusador.

Nove dias do mes de mayo. Sabean todos que eu Afonso da Cana, servente do conçello da çidade de Santiago outorgo e connosco que reçebi de vos Alvaro Gil, procurador do dito conçello duzentos e noventa maravedis, branqua en tres dineiros, os quaes me eran devidos dos meus selarios e vistuarios dos annos pasados que se fiinçeron por lo primeiro dia do mes de março deste anno da feita desta carta e os quaes maravedis outorgo que ey en meu jur e poder e renunçio a toda eixençon que non diga ende o contrario e aa ley do aver non dado nen contado e pagado, visto nen reçebido en presença do notario e testemoyas e a a ley que dis que a dita eixençon se pode opõer en termino e tenpo çerto et dou por quito e livre a o dito conçello dos ditos maravedis para sempre et eu o dito Alvaro Gil que presente soo asi o reçebo Testemoyas. Garçia Peres de Buño, notario de Duvra e de Montãaos e Afonso Peres scripvan.

1418, xuño, 4.

Quatro dias do mes de juyo. Sabean todos que eu Domingo Longo servente do conçello da çidade de Santiago outorgo e connosco que reçebi de vos Pero Leiteiro, procurador do conçello da dita çidade çento e viinte maravedis, branqua en tres dineiros, os quaes me eran devido de meu selario do anno pasado de mill e quatroçentos e des e septe annos que se fiinçeu por lo primeiro dia do mes de janeiro pasado em este anno da feita desta carta e os quaes ey en meu jur e poder e renunçio a toda eixepçon que non diga ende o contrario. Testemoyas Afonso Peres escripvan e Fernan Bieytes, servente do conçello da dita çidade e Pero Afonso, criado de Ruy Martines, notario da dita çidade.

1418, xuño, 11.

Onse dias de junio. Sabean todos que eu Ignes Fernandes, moller de Juan D'Oural, servente que foy do conçello da çidade de Santiago, outorgo e connosco

que reçebi de vos Pero Leiteiro, procurador do conçello da dita çidade noventa maravedis, branquas en tres dineiros que ao dito seu marido eran devidos de seu vistuario e selario do anno pasado de mill e CCCCXVII annos e se fiinçeu o primeiro dia do mes de janeiro pasado en este anno da feyta desta carta e renunçio a ley etc. Testemoyas, Pero Niño, notario del rey e Afonso Peres, scrivan, Gomes d'Ordẽes, visiños da dita çidade.

1418, xuño, 13.

(Fol. 42) Dia lũus, trese dias do mes de juyo. Sabean todos que seendo o conçello e alcalles e regidores jurados e omes bõos da çidade juntados por crida de anafil, segundo que han de costume enno sobrado da notaria de Rui Martines, notario publico da dita çidade, presentes ende Martín Galos e Juan Ares da Cana, alcalles enna dita çidade, Afonso Fernandes Abril, Alvaro Afonso Juliate Fernan Gonçales do Preguntoiro e Gomes Rodriges, bachiller en Decretos, jurados e regidores enna dita çidade e en presença de min Fernan Yanes, notario publico de noso señor el rey enna sua corte e en todos los seus regnos e escusador por lo dito Ruy Martines e das testemoyas adeante escritas, enton o dito conçello, alcalles e regidores, mandaron a Alvaro Gil procurador do dito conçello que pagase a Pero Afonso notario da dita çidade o seu selario deste anno e mandaron a Pero Leiteiro, procurador eso mesmo do dito conçello que pagase a o dito Rui Martines, notario o seu selario e alcançasen deles carta de pago e lles serian reçebidos en conta. Testemoyas, Fernan Ares Xarpa çidadaao de Santiago e Bernald Yanes do Camino e Gonçalvo de Covas, canbeadores e Juan Ares Chantreiro, vesiños da dita çidade.

1418, xuño, 20.

Dia lũus viinte dias do mes de juyo. Sabean todos que seendo o Conçello e alcalles e regidores, jurados e omes bõos da çidade de Santiago juntados enno sobrado da notaria de Rui Martines, notario publico da dita çidade por crida de anafil segundo que han de uso e de costume, presentes ende Martin Galos e Juan Ares da Cana, alcalles, enna dita çidade e Alvaro Afonso Juliate e Afonso Fernandes Abril

e Fernan Gonçales do Preguntoiro e Gomes Rodriges, bachiller en Decretos, regidores, jurados e omes bõos enna dita çidade e presentes con eles Ares Chantreiro e Migell Rodriges e Juan Duran, elegidos este anno para os autos conçellaveles e en presença de min Fernan Eanes, notario publico de noso señor el rey enna sua Corte e en todos los seus regnos e escusador por lo dito Rui Martines, notario, e das testemoyas adeante escritas; enton o dito conçello, alcalles e regidores e omes bõos (Fol. 42 vº) diseron que por quanto eles abían mester // agora de presente algũos maravedis para algũos mesteres do dito Conçello e os non podian aver mais sen dapno que dos maravedis da renda da portajẽe e peso por ende que mandavan e mandaron a Afonso Dominges, morador enna Rua da Pena, da dita çidade, que presente estava, que dos maravedis que abia de pagar por la dita renda da portajẽe e peso que ten arrendada do dito Conçello que dese e pagase a Pero Leiteiro e a Alvaro Gil, procuradores do dito Conçello, que presentes estavan, os maravedis deste postromeyro terço que se fiinçera o postromeiro dia do mes de setenbro primeiro que ven en este dito anno e eso mesmo lles dese e pagase os maravedis dos dous terços do anno seginte do Nasçemento de Noso Señor Ihesu Christo de mill e quatroçentos e des e nove annos que se fiinçeran os ditos dous terços o postromeiro dia do mes de mayo do dito anno e que non recodisen con os maravedis dos ditos tres terços susodeclarados, salvo aos ditos Pero Leiteiro e Alvaro Gil ou a quen os por eles ouvese de aver aynda que non fosen procuradores o anno seginte, por quanto diseron que lles foran e eran carregados os ditos maravedis en sua conta e que o dito Afonso Dominges recabdase deles carta de pago e con este mandamento lle serían reçebidos en pago os ditos maravedis dos ditos tres terços e eso mesmo diseron que davan e deron poder a os ditos Pero Leiteiro e Alvaro Gil que podesen dar e desen carta de pago a o dito Afonso Dominges dos maravedis que asi del reçebesen e el avia de pagar dos ditos tres terços. Testemoyas que a esto foron presentes Juan Ares Chantreiro, e Juan Rodriges de Baldomar e Gonçalvo Tonla (?) e Afonso Peres, escrivan.

Dia lũus viinte e hũu dias do mes de novenbro. Sabean todos que estando Martin Galos e Juan Ares da Cana, alcalles enna çidade de Santiago, ennas casas de morada de Juan Piqua, moordomo enna dita çidade e estando ende presente Costança Fernandes, moller do dito Juan Piqua e en presença de min Fernan Yanes, notario etc e scusador etc e das testemoyas adeante scriptas enton os ditos alcalles fezeron pregunta aa dita Costança Fernandes que era de Lopo de Gravãal que fora preso en cadea e posto en poder do dito Juan Piqua como moordomo da dita çidade. Et a dita Costança Fernandes respondendo, disso que o dito Lopo de Gravãal fogira da dita cadea. E os ditos alcalles feseron pregunta a a dita Costança Fernan-
(Fol. 53) des onde era o dito Juan Piqua seu marido e ela diso que era ydo a buscar // ao dito Lopo de Gravãal para o tornar aa dita cadea se o podese achar. Et logo os ditos alcalles diseron que por quanto eles foron e eran requeridos por parte de Gomes de Rial, acussador o dito Lopo de Gravãal que procedesem enno negoçio sobre que

fora preso e eles viinan a darlle audiençia e o non achavan por seer fogido, segundo que a dita Costança Fernandes dezia, que protestavan e protestaron que a culpa non fose deles e que noso señor el rey e o arçobispo de Santiago e seus ofiçiaes se tornasem por elo ao dito Juan Piqua, carcereiro e a seus bẽes; e desto en como pasou os ditos alcalles pediron a min o dito notario e scusador que o dese asi signado para garda do seu dereito. Testemoyas que a esto foron presentes: Juan Ares Chantreyro e Afonso do Bando anro do dito Juan Piqua e Juan Rodriges, ome do dito Martin Galos.

1418, decembro, 1.

Dia quinta feira o primeiro dia do mes de dezenbro anno Domini Mº CCCCXVIIIº. Bernaldo Yanes do Canpo tenia en merçed el mayordomazgo que es [aora el portazgo][30].

1418, decembro, 1.

Dia esta feira, dous dias do mes de dezenbro. Sabean todos que seendo o conçello, alcalles, regidores e omes bõos jurados da çidade de Santiago juntados por crida de anafil, segundo que han de uso e de custume enna notaria de Rui Martines, notario publico da dita çidade, presentes ende Martin Galos e Juan Ares da Cana, alcalles, e Fernan Gonçales do Preguntoiro e Afonso Fernandes Abril e Gomes Rodriges, bachiller jurados enna dita çidade e en presença de min Fernan Yanes, notario etc, e scusador etc. e dos testemoyas adeante scriptos, pareçeu enno dito conçello Bernald Yanes do Canpo e diso que el tiiña en merçed de noso señor o arçobispo de Santiago don Lopo o ofiçio de moordomadgo da dita çidade con as rendas e dereituras a el perteeçentes e por quanto de presente el non posera nen avia posto quen por el tevese o dito ofiçio por lo ausentamento de Juan Piqua que o por el ata agora tevera, por ende que

[30] O comprendido entre corchetes: están repasadas as palabras posteriormente por outra man. No fondo están as palabras orixinais.

poyna e puso por moordomo enna dita çidade a Pero Gomes do Ciquelo, criado de Martin de Santiago a quen Deus perdom, para que tevese a cadea e gardase os presos que en ela fosen postos e fezese as remataçoes e exsecuçoes e husase do dito ofiçio segundo que avian husado os outros moordomos que foran por el enna dita çidade e que rogava e pedia ao dito Conçello, alcalles e jurados que reçebesen o dito Pero Gomes por moordomo e husasem con el enno dito ofiçio. Et o dito Conçello, alcalles e regidores, jurados e omes bõos dijeron (sic) que hoyan o que dezia o dito Bernald Eanes. Testemoyas que a esto foron presentes, Martin das Figueiras, bachiller en dereito e Vaasco d'Ardelos, scudeiro do dito Bernald Yanes Juan Ares do Vilar e Fernan Juliate, canbeadores e Juan Martines do Vilar, veziños da dita çidade. Item en este dito dia o dito Pero Gomes pareçeu ante os ditos alcalles e regidores e diso que reçebia e reçebeu o dito ofiçio de moordomadego e feso juramento sobre sinal de Crus que del
(Fol. 53 vº) reçebeu o dito // Juan Ares, alcalle que bem e verdadeiramente usaria do dito ofiçio e gardaria serviço e mandado de noso señor o arçobispo e prol e onrra do dito Conçello e veziños da dita çidade. Testemovas que a esto foron presentes, Pero Afonso, notario da dita çidade e os ditos Gomes Rodriges e Fernan Gonçales do Preguntoiro.

1419, xaneiro, 13.

ANNO DOMINI Mº CCCCXIX

Enno anno do nasçemento de Nosso Señor Jhesu Christo de mill e quatroçentos e dez e nove annos, dia esta feyra treze dias do mes de janeiro. Sabean todos que seendo o conçello, regidores, jurados e omes bõos da çidade de Santiago juntados por crida de anaffil segundo que han de custume enno moesteiro de San Payo d'Ante Altares da dita çidade, presentes ende Martin Galos e Alvaro Affonso Juliate e Fernan Gonçales do Preguntoyro e Johan Aras da Cana e Afonso Fernandes Abril e Gomes Rodriges, bachiller en Decretos, jurados e regidores da dita çidade e en presença de min Fernan Eanes, notario publico de nosso señor el rey enna sua corte e en todos los seus regnos e escusador por Rui Martines, notario publico da dita çidade e dos testemoyas adeante scriptos; enton o dito Martin Galos por mandado do dito Conçello e regidores e omes bõos sobreditos tomou juramento sobre signal de Cruz en lugar de Santos Avangeos do dito Gomes Rodriges, bachiller e de Vaasquo Fernandes Troquo que presentes eran, os quaes foron nomeados e dados e eligidos por parte de nosso

señor o arçobispo de Santiago don Loppe por Bernald Eanes do Canpo e por Afonso de Carrança, sobriño do dito señor arçobispo que fosen alcalles enna dita çidade este dito anno que eles ben e verdadeiramente husarian do dito offiçio de alcaldya e gardarian serviço de nosso señor el rey e do dito señor arçobispo e da sua Igllesia de Santiago e obedesçerian suas cartas e mandado e marian prol e onrra da dita çidade e visiños e moradores dela e gardarian dereito e justiça ao grande e ao menor. E os sobreditos Gomes Rodriges e Vaasquo Fernandes Troquo asy o juraron e prometeron de faser e conprir et feyto o dito juramento o dito conçello e regidores jurados e omes bõos disseron que reçebyan e reçeberon por alcalles da dita çidade este dito anno aos sobreditos Gomes Rodriges e Vaasco Fernandes Troquo. Testemoyas que a esto foron presentes Pero Eanes Abraldes, Johan da Caña, Aras Chantreiro, Alvaro Gil e Jacome Queijo, vizinos da dita çidade.

Predito.- O dito Conçello, alcalles, jurados, regidores e omes bõos, diseron que fasian e fezeron por seus procuradores doje este dia ata hũu anno primeiro seginte a Garçia Rodriges, canbeador, e a Juan Dominges de Lynares, visiños da dita cidade, para que podesen demandar e reçeber todas las contias de moravedis que en este anno fosen postos e lançados e repartidos enna dita çidade asy de rendas como de enprestidos e en outra qualquer maneira e todas las outras contias de moravedis que fosen devidas ao dito Conçello e gẽeralmente en todos los outros pleitos do dito conçello e negoçios movidos e por mover e para dar carta o cartas de pago do que reçebesen. Testemoyas os sobreditos.

Carta firme que ha de ser notada por la procuraçon dos procuradores do anno pasado.

Predito.- O dito Conçello, jurados e regidores, mandaron que os ditos procuradores ouvesen por seu traballo de procuratorio mill moravedis, branqua en tres dineiros cada ũu e fosen quitos de renda e pousadaria este dito anno. Testemoyas, os sobreditos.

(Fol. 54) Predito.- Mandaron o dito Conçello, alcalles e regidores dar cartas acustumadas a os visiños da dita çidade. Testemoyas, os sobreditos.

Predito. Deron licençia a Martin Galos e Juan Ares da Caña que podesen recabdar e demandar suas dereituras que lles eran devidas por rason de suas alcaldias do anno pasado ata tres meses segintes e dende endeante non as podesen demandar e que fesesen as peñoras por lo servente do dito Conçello. Testemoyas, os sobre ditos.

1419, xaneiro, 16.

Dia lũes des e seis dias do mes de janeiro. Sabean todos que seendo o Conçello, alcalles e regidores jurados e omes bõos da çidade de Santiago juntados enno sobrado da notaria de Rui Martines, notario da dita çidade por crida do anafil, segundo que han de uso e de custume, presentes ende Gomes Rodriges, bachiller en Decretos e Vaasquo Fernandes Troquo, alcalles enna dita çidade e Martin Galos e Alvaro Afonso Juliate e Afonso Fernandes Abril, jurados e regidores enna dita çidade e en presença de min Fernan Eanes, notario publico de Noso Señor el rey enna sua Corte e en todos los seus regnos e escusador por lo dito Rui Martines, notario e dos testemoyas infrascriptos; enton o dito conçello, alcalles e jurados e regidores, diseron que por quanto noso señor o arçobispo de Santiago avya dado regimento de como se regese esta sua çidade e entre as outras contiudas enno dito regimento e ordenança por el feyta sobre la dita rason abya mandado que o dito conçello, justiças e jurados eligiesen en cada hũa anno seis omes bõos visiños da dita çidade para que fosen con eles presentes por parte da comunidade ao repartir e derramar de algũas rendas e moravedis que se ouvesen de repartir enna dita çidade; por ende que eles en conprindo o que por lo dito señor arçobispo fora mandado, que eligian este dito anno a estas personas que aqui dira para que fosen presentes por parte da comunidade ao repartir e derramar dos ditos moravedis, quando se ouvesen de repartir e derramar, as quaes personas que para esto asy nomearon este dito anno son estes que se siguen: Afonso Eanes d'España, Bernald Yanes do Camiño, Gonçalvo Abril, Fernan Gomes, Johan Rodriges do Çiqueelo e Vaasquo Piqado, aos quaes asy nomeados diseron que mandavan e mandaron aos sobreditos que veesen aos conçellos e consistorios quando e cada que se ouvesen de faser. Testemoyas: Juan da Caña, Aras Chantreiro, Juan Bugeyrete e Alvaro Gil, Garçia Oanes, Juan Martines, Johan Abraldes, visiños da dita çidade.

Predito.- O dito Conçello, alcalles, jurados e regidores, deron poder a Pero Eanes Abraldes e a Juan Ares da Caña que con os procuradores da dita çidade tomasen conta de Alvaro Gil e Pero Leiteiro, procuradores que foron o anno pasado e eso mesmo de Alvaro Viçoso dos tres mill moravedis do enprestido que recabdou por lo conçello e fesesen relaçon das ditas contas ao dito conçello. Testemoyas, os sobreditos.

1419, xaneiro, 23.

Viinte e tres dias do mes de janeiro. Sabean quantos esta carta viren que eu Fernan Aras Xarpa, outorgo e conosco que reçebi de vos Juan Aras da Cana, jurado enna çidade de Santiago, mill et quatroçentos e noventa e quatro moravedis de moeda vella, os quaes me pagastes en nome do conçello da dita çidade e son dos marquos de noso señor el rey que del teño en merçed do anno pasado de mill e quatroçentos e des e oyto annos e renunçio a toda eixençon que non diga delo o contrario. Testemoyas, Jacome Garçia Queijo e Fernan Gonçales ome do dito Juan Ares e Gonçalvo Serpe e Gomes de Baltar, omes do dito Fernan Ares.

1419, xaneiro, 31.

Dia martes o postromeiro dia do mes de janeiro. Sabean quantos esta carta viren como eu Juan Fernandes da Cañas, coengo enna dita Igllesia de Santiago e recabdador de meu señor o arçobispo de Santiago don Loppo, outorgo e conosco que reçebi de vos Pero Leiteiro e Alvaro Gil, procuradores que fostes do conçello da çidade de Santiago o anno pasado de Naçemento de Noso Señor Ihesu Christo de mill e quatroçentos e dez e oyto annos, viinte e çinquo mill moravedis de moeda vella, contando blanqua en tres dineiros, os quaes me pagastes en nome do dito conçello e eu de vos reçeby en nome do dito señor arçobispo, (como seu recabdador), conven a saber: de vos o dito Pero Leyteiro doze mill e quinentos moravedis e de vos o dito Alvaro Gil outros doze mill e quinentos moravedis da sobredita moeda e asi son conpridos e pagados os ditos viinte e çinquo mill moravedis da dita moeda, con os quaes moravedis o dito conçello, serveu ao dito señor arçobispo o dito anno pasado. E os quaes eu en meu jur e poder e renunçio a toda eixençon que non diga delo o contrario e aa ley do aver non dado e contado, visto nen reçebido nen pagado en presença do notario e testemoyas e a todas outras eixençon e leys que en contrario desto poderia diser e alegar que o non diga nen alegue por min nen por outro en juiso nen fora del e por ende, por vigor do poder que para esto eu do dito señor arçobispo dou por quite e livre ao dito conçello e aos visiños e moradores da dita çidade dos ditos viinte e çinquo mill moravedis da dita moeda, por quanto me foron pagos segundo dito he. E nos, os ditos Pero Leiteiro e Alvaro Gil

que presentes somos, por nos e por lo dito conçello e moradores da dita çidade asy o reçebemos. Feyta e outorgada a carta de pago enna dita çidade, anno, dia e mes sobre ditos. Testemoyas que a esto foron presentes, Rui Garçia, capellan da capela de Santa Maria do Camiño e Aras de Guitar, clerigo do coro da dita igllesia e Afonso Rodriges, canbeador, moradores enna dita çidade e Juan Branquo, scripvan.

1419, febreiro, 10.

Dia, esta feyra, dez dias do mes de fevereiro. Sabean todos que seendo os alcalles et algũos dos regidores da çidade de Santiago, juntados en consistorio enno sobrado da notaria de Rui Martines, notario da dita çidade, segundo que han de usso e de custume, presentes ende Gomes Rodriges, bacniller en decretos e Vaasco Fernandes Troquo, alcalles // enna dita çidade e Martin Galos e Fernan Gonçales do Preguntoyro e Afonso Fernandes Abril e Johan Aras de Caña, omes bõos, jurados e regidores da dita çidade e en presença de min Fernan Eanes, notario publico de nosso señor el rey enna sua Corte et en todos los seus regnos e escusador (por lo dito) Roy Martines, notario, e dos testemoyas adeante scriptos; enton os sobre ditos mandaron a Garçia Rodriges e Juan Dominges de Lyñares, procuradores do dito conçello que desen os peñores que tiïna das pescadeiras a cada ũu dos serventes do dito conçello para que os vendesen (por los moravedis das pennas en que avyan encorrido) e que os ditos procuradores acadasen os moravedis que por eles desen para se pagaren a quen os avia d'aver, segundo a ordenança feyta en rason das pennas contra as ditas pescadeiras. Testemoyas: Pero Eanes Abraldes e Johan Bugeyrete, Alvaro Gil, Vaasco Gomes de Marçoa, Juan Ares do Vilar e Juan Rodriges do Çiqueelo e Juan Raposo, visiños da dita çidade.

(Fol. 55)

Predito.- Mandaron ao dito Garçia Rodriges que enprestase viinte moravedis, branqua en tres dineiros, e os dese a Sueiro da Enfesta, que enviavan con carta do Conçello a Roy de Sandoval. Testemoyas os sobreditos.

1419, marzo, 11.

Onse dias do mes de março, estando Gomes Rodriges, bachiller en decretos e Vaasco Fernandes Troquo, alcalles enna çidade de Santiago e Martin Galos e Juan

Ares da Cana, jurados enna dita çidade ante as portas da notaria de Roy Martines, notario da dita çidade e en presença de min Fernan Eanes, notario etc, e escusador etc e dos testemoyas adeante escriptos; enton os ditos alcalles e jurados diseron que por quanto Nuno Gonçales de Vilariño escudeiro do Endeantado de Galiza, tomara e tiña tomado e prendido a Vaasco Fernan de Piloño, veziño da dita çidade, que presente era, suas bestas e viño que ao presente tiiña enna çidade d'Ourẽes por los moravedis do jantar de noso señor el rey deste anno que anda, os quaes moravedis o dito Deantado tiiña en merçede do dito señor rey e o dito Nuno Gonçales eso meesmo os tiiña en merçede do dito Deantado; por ende e porque por los ditos moravedis non se fesesen mays peñora a Garçia Rodriges e a Juan Dominges de Liñares, procuradores do conçello da dita çidade, que presentes eran, que de quaesquer moravedi que se recabdasen por lo dito conçello desen e pagasen ao dito Nuno Gonçales ou a seu procurador, seteçentos e viinte moravedis de moeda vella, branqua en tres dineiros, do dito jantar deste dito anno que se começou o primeiro dia do sobre dito mes de março e que alcançasen deles carta de pago e con ela e con este mandamento lle seria reçebydos en conta os ditos seteçentos e viinte moravedis. Testemoyas, Fernan Gomes e Pero Leyteiro e Nuno Vinagre e Juan Fernandes e Afonso de Ribadiso, vesiños da çidade.

(Fol. 55 vº) Predito. Ante os ditos alcalles e jurados paresçeu Martin das Figeiras, bachiller en decretos e alcalle mayor do señor arçobispo de Santiago don Lopo en seu paaço e arçobispado e diso que el entendia de faser oje este dia justiça en Martin da Vãya que jazia preso enno castelo da Rocha Forte de Santiago e por quanto non podia fazer a dita justiça tan conpridamente como queria sen ajuda deles, por ende que lles rogava e pedia de graça que mandasen e desen liçençia a Domingo Longo, servente do Conçello da dita çidade, que presente era, que fose con el por las praças desta dita çidade a faser pregon, segundo que era custume de se fazer a os que eran julgados en caso semellante como o dito Martin da Vãya, e que eso meesmo rogava e pedia de graça espeçial aos ditos alcalles que lle fesesen conpania ata seer acabada a justiça que el entendia mandar faser enno dito Martin da Vãya e que esta graça e ajuda quelles pedia non fesesen enbargo nen perjuyso aos privilegios e libertades, usos e custume da dita çidade. E os ditos alcalles e jurados diseron que por honrra e rogo do dito Martin das Figeiras, que mandavan e mandaron e deran liçencia ao dito Domingo Longo que fose por las plaças da dita çidade con anafil ao fazer os apregõos, segundo lle fosen mandado por lo dito Martin das Figeiras,

protestando que por dar a dita liçencia e mandamento agora e daqui endeante ao dito Domingo Longo ou a outro que soçedese enno dito ofiçio enno que dito he, que non fesese perjuiso aos privilejos e libertades da dita çidade nen o dito Martin das Figeiras nen outro alcalle algũo da casa e arçobispado do dito señor arçobispo nen de seus subcesores non se podesen por elo chamar a uso nen a custume algũo e o dito Domingo Longo, diso que hyria por onde fosen os alcalles da dita çidade e que mays non era obligado. Testemoyas, os sobreditos.

1419, marzo, 13.

Dia lus, trese dias do mes de março. Sabean todos que seendo en consistorio Gomes Rodriges, bachiller en Decretos e Vaasco Fernandes Troquo, alcalles enna çidade de Santiago e Martin Galos e Alvaro Afonso Juliate e Fernan Gonçales do Preguntoyro e Afonso Fernandes Abril e Juan Ares da Caña, regidores, jurados e omes bõos da dita çidade enno sobrado da notaria de Roy Martines, notario da dita çidade, segundo que han de custume e en presença de min Fernan Yanes notario publico de noso señor el rey enna sua Corte e en todos los seus regnos e escusador por lo dito Roy Martines, notario, e dos testemoyas adeante escriptos; enton os ditos alcalles, regidores e homes bõos, diseron que por faseren graça e obra boa a Jacome Martines, veziño da dita çidade, que presente era, e por serviço que el fesera a o dito conçello em bandear e ajudar en todas las cousas aos viziños da dita çidade onde seu poder era (e porque outrosy o dito Jacome Martines e sua moller Maria de Fraga eran exsentos por elo faser luminaria da iglesia de Santiago), que mandavan e mandaron que o dito Jacome Martines non pagase desta renda e medio que agora se avya de recabdar enna dita çidade mays de triinta moravedis, branqua en tres dineiros e que os mays moravedis que acaesçian de pagar ao dito Jacome Martines enna dita renda e media que elles en nome do dito conçello os tomavan e mandavan tomar en fallas aos procuradores que agora eran do dito conçello e
(Fol. 56) outrosy que lles prazia e mandavan e mandaron// que o dito Jacome Martines dese e pagase doje este dia endeante en cada hũu anno triinta moravedis, branqua en tres dineiros, todas rendas e fallas e refallas e pedidos e de outros quaesquer moravedis que fosen repartidos e derramados enna dita çidade (e esto en quanto fose voontade do dito conçello e os pagase onde et a quen mandasen os da colaçon

onde el agora morava e morase d'aqui endeante) e que defendian e defenderon que nihũu postor nen encanavador nen repartidor que fosen enna dita çidade nen posesen nen repartisem nen encanavasem ao dito Jacome Martines nen (aa dita) sua moller en mais contias de moravedis que ennos ditos triinta moravedis, branqua en tres dineiros en cada ũu anno e se o posesen ou encanavasen ou repartisem en mais maravaedis que os pagasen e susubisen por si e por seus bẽes. Et desto o dito Jacome Martines pedio testemoyo. Testemoyas que a esto foron presentes, Pero Afonso, notario da dita çidade e Vaasco Gomes de Marçoa e Jacome Gome, canbeadores e Fernan de Pas e Rui de Poupelin, moradores enna dita çidade.

1419, marzo, 15.

(Á marxe: Mandamento dos procuradores)

Dia quarta feira, quinse dias do mes de março. Sabean todos que seendo o conçello, alcalles, regidores e omes bõos, jurados da çidade de Santiago juntados por crida de anafil, segundo que han de uso e de custume enno sobrado de notaria de Rui Martines, notario da dita çidade, presentes ende Gomes Rodriges e Vaasco Troquo, alcalles, e Alvaro Afonso e Martin Galos, Afonso Fernandes Abril, Juan Ares da Cana, jurados da dita çidade e en presença de min Roy Eanes, notario publico de noso señor el rey enna sua Corte e en todos los seus regnos e escusador por lo dito Rui Martines e dos testemoyas infrascriptos; enton os sobreditos mandaron a Garçia Rodriges e Juan Dominges, procuradores, que presentes eran, que adubasem e fezesen adubar e apostar as portas da dita çidade de aquelo que lles fezese mester e que lles seeria reçebido em conta. Testemoyas: Ruy de Neveiro, Ares Chantreiro, Garçia Gonçales Porra, Joan Garçia Onrrado, Joan Aras do Vilar, Pero Leiteiro, Joan Rodriges do Çequẽelo, Rui Nunes.

Predito.- Os sobreditos, alcalles e regidores quitaron o pleito e omenajẽe que Estevõo Rodriges Varela, jurado que fui da dita çidade tiiña feito por las chaves da porta e torre do Camiño, por quanto as presentava (e presentou) enno dito conçello Pero Varela juis de Luou, fillo do dito Estevõo Rodriges, as quaes chaves foron logo entregas en poder do dito Vaasco Troquo Abril, alcalle, o qual fezo por elas e por la dita porta e torre omenajẽe en mãaos de Ares Chantreiro, que estava presente e a del reçebeu. Testemoyas: os sobreditos.

Predito.- Juan Raposo, canbeador, feço pleito e omenaje por las chaves da Porta da Treydade en mãaos do dito Vaasco Troquo que a del reçebeu. Testemoyas, os sobreditos.

Predito. Quitaron o pleito a Aras Peres da Caña, que era absente, o pleito e omenajen da porta e torre de Maçarelas, as quaes entrego a Vaasco Peres Abril, que feso por elas pleito e menajen en mãao do dito Vaasco Troquo que a del reçebeu. Testemoyas, os sobreditos.

(Fol. 56 vº) Predito. Juan Ares da Cana feso pleito e omenaje en mãao de Vaasco Troquo que a del reçebeu por las chaves e porta das maano (sic). Testemoyas, os sobreditos.

Predito. Juan de Maçarelas feso pleito e omenaje en mãao de Vaasco Troquo que a del reçebeu por las chaves et Porta de San Françisquo. Testemoyas, os sobreditos. Estas omenajes sobreditas se ha de notar en forma se for neçesario de se sacaren.

1419, marzo, 29.

Viinte e nove dias do mes de março. Sabean quantos esta carta veren que eu Juan Peres, alfayate veziño e morador enna çidade de Santiago et procurador que soo de Nuno Gonçales de Vilariño, escudeiro do Deantado de Galiza, por carta de procuraçon signada de notario publico, da qual seu thenor he este que se sige: Sabean quantos esta carta de poder viren como eu Nuno Gonçales de Vilariño, escudeiro de meu señor o Endeantado de Galiza Garçia Fernandes Xarmento, conosco e outorgo que dou todo meu poder conprido por esta carta a Juan Peres, alfayate, veziño e morador na çidade de Santiago para que por min e en meu nome posa pedir, demandar, reçeber e recabdar dos homes bõos e regedores da dita çidade de Santiago deste anno da feita desta carta, mill e duzentos pares de branquas que eu teño de merçed do dito señor Endeantado, que son do jantar de noso señor el rey e para que posa dar e outorgar dos ditos moravedis e de parte dellos carta ou cartas de pago e de seu quitamento e entrar sobrelo en juizo e en pleito se mester for e faser frontas e requirementos e protestações e todas las outras cousas e cada hũa delas que eu meesmo enna dita rason poderia faser, diser, alegar, trabtar, presentar seendo para o quel todo o que sobre dito he en aver por firme e por estavel todo quanto for feito por lo dito Juan Peres sobre la dita rason obligo para elo a todos meus bẽes avidos e por aver adonquer que os eu aja e aver deva asy moulles como reises e porque esto seja çerto e non venan en dulda

outorgey[31] esta carta ante este notario e testemoyas de juso scriptos y por mays abstamento firmey aqui meu nome. Feita a carta en Cea, que he en terra de Volo da Senda, viinte e dous dias do mes de março, anno do Naçemento de Nosso Señor Ihesu Christo de mill e quatroçentos e dez e nove annos. Testemoyas que a esto foron presentes, Gonçalvo Sanches de Vorrageiro e Roy de Sian e Juan Vaasques, dito Conque. E eu Afonso Garçia, notario por Garçia Fernandes Xarmento. Endeantado mayor en Galiza por noso señor rey en todas suas terras, coutos e vilas e lugares, jurdiçon e señorio de Galiza a esto que dito he con os ditos testemoyas presente foy e a pedymento do dito Nuno Gonçales esta carta escripvi e meu nome e signal aqui fiz en testemoyo de verdade que tal he.

(Fol. 57) E a qual dita carta vay firmada do nome do dito Nuno Gonçales, Afonso Garçia, notario, Nuno Gonçales e o dito Juan Peres, por vertude do dito // poder outorgo e conosco que reçeby de vos Garçia Rodriges, canbeador, que presente sodes e de Juan Dominges de Liñares que he absente, procuradores que sodes do Conçello da çidade de Santiago seteçentos e viinte moravedis de moeda vella que montan mill e duzentos pares de branquas, os quaes vos o dito Garçia Rodriges e o dito Juan Dominges cada hũu enna meatade me pagastes en nome do dito Conçello e regidores del e eu de vos reçeby en nome do dito Nuno Gonçales en dineiro contados, os quaes vieron a meu jur e poder e renunçio a toda eixeçon que non diga delo o contrario e a ley do aver non dado nen contado, visto nen reçebydo nen pagado en presença do notario e testemoyas e outra qualquer ley e exeiçon que eu ou o dito Nuno Gonçales en contrario desto que dito he poderiamos diser ou alegar que o non agamos nen alegamos e os quaes moravedis son do jantar de noso señor el rey que o dito Endeantado ten del en merçede e o dito Nuno Gonçales ten do dito Endeantado e son deste anno de feyta desta carta que se començou o primeiro dia deste dito mes de março e en nome do dito Nuno Gonçales e por vertude do dito poder dou por quito e livre ao dito conçello e a vos os ditos procuradores en nome del dos sobreditos moravedis e obligo os bẽes do dito Nuno Gonçales, segundo que son obligados por lo dito poder para aver por firme e estavel esta sobredita carta de pago e todo o contiudo en ela e porque he çerto outorgey ende

[31] Otorgey, corrixido –ey).

esta carta por ante o notario e testemoyas infra scriptos que foy feyta e outorgada enna dita çidade, anno, dia e mes sobreditos. Testemoyas que a esto foron presentes, Nuno Vynagre e Vaasco de Piloño e Roy Lourenço, criado de Alvaro Gil e Gonçalvo de Millares, moradores enna dita çidade.

Conçejo e alcalles e onbres buenos de la çidade de Santiago. Yo el Endelantado de Galisia vos envio mucho saludar como a aquellos por quen queria que Dios diese mucha onrra e bonaventura. Bien sabedes como este anno de mill e quatroçentos e dies e sies annos me devedes e avedes a dar seisçentos moravedis de moeda veja, contando quatro branquas por maravedi de la jantar del rey, que montan en ellos mill e duzientos moravedis de moeda branqua, porque vos digo que recadedes e fagades recadar los dichos mill e duzientos moravedis de la dicha moeda branqua a Nuno Gonçales de Vilariño, mi escudero, por quanto los he de aver para en cuenta de su (...) que de mi tiene e recodilde con ellos este dicho anno e de aqui endelante en cada hun anno en quanto mi voluntad fuer e tomade del dito Nuno Gonçales su carta de pago e del que lo ouvier de recabdar por el que con ella e con esta mi carta o con su traslado della signado de scripvano publico en cada uno de
(Fol. 57 vº) los dichos annos vos seran reçebydos // en cuenta los dichos mill e duzentos morabetinos que lle vos asy dierdes e mientre mi voluntade fuer e para la dicha rason le do mi poder conprido para que vos faga e pueda fazer todas las prendas e premeas e requirementos e todas las otras cosas que vos yo poderia faser presente siendo. Fecha miercoles primero dia de julio, anno de mill e quatroçentos e dies e seis annos. Garçia Xarmento.

Era scripto ennas espaldas da dita carta escriptura que se sege. Anno Domini Mº CCCCº deçimo septe, çinquo dias do mes de setenbre, reçeby eu Juan Peres alfayate os moravedis deste recudimento deste dito anno en nome do dito Nuno Gonçales, os quaes me pagaron Bernald Yanes e Gil Peres, procuradores do Conçello da dita çidade e porque he çerto rogey a Fernan Martines, notario del rey e escusador por Roy Martines, notario da dita çidade que firmase aqui de seu nome. Testemoyas: Rui Nunes e Fernan Rodriges e Juan Serpe e Juan de Vilaside, veziños da dita çidade. Fernan Yanes, notario e escusador.

1419, abril, 4.

Quatro dias do mes de abril. Sabean todos que seendo o Conçello e alcalles e regidores, jurados da çidade de Santiago juntados por crida de anafil, segundo que han da custume notaria de Roy Martines notario publico da dita çidade, presentes ende Gomes Rodriges bachiller en Decretos e Vaasco Fernandes Troquo, alcalles enna dita çidade e Martin Galos e Afonso Fernan Abril e Alvaro Afonso Juliate e Fernan Gonçales do Preguntoiro e Juan Ares da Caña, jurados da dita çidade e en presença de min Fernan Yanes, notario etc, escusador etc e dos testemoyas adeante escriptos; enton o dito conçello e alcalles e regidores, jurados, homes bõos mandaron a Garçia Rodriges e a Juan Dominges de Liñares, procuradores do dito Conçello que pagasen a o dito Gomes Rodriges, bachiller, os moravedis dos marquos de noso señor o arçobispo de Santiago don Lopo, que o dito bachiller del ten em merçede; os quaes moravedis diseron que lle ouveran de seer pagos enno mes de março postromeiro pasada da feyta desta carta e que eran dos marquos deste dito anno e que recabdasen os ditos procuradores carta de pago do dito bachiller e con ela e con este mandamento que lles serian reçebydos en conta aos ditos moravedis dos ditos marquos. Testemoyas: Fernan Ares Xarpa e Alvaro Gil e Juan Raposo e Juan Ares Chantreiro e Gonçalvo (...) de Traço, veziños da dita çidade.

Predito. O dito conçello mandaron aos ditos procuradores que reçebesen os alvalaes das personas que enprestaron ennos tres mill moravedis que recabdou Alvaro Viçoso et os desatasen naqueles que os enprestaron enna renda que agora avian de pagar. Testemoyas os sobreditos.

(Fol. 58) Anparo del rey Don Juan a los de Santiago Carta de Noso señor el rey don Juan porque os viziños de Santiago non sejan penorados salvo por sus devdas propias. Don Juan por la graçia de Dios, rey de Castilla, de Leon, de Toledo, de Galisia, de Sevilla, de Cordova, de Murçia, de Jahen, del Algarve, de Algeçira e señor de Viscaya e de Molina. A vos el conde don Fradrique, mi tio, e Garçia Fernandez Sarmiento, mi Adelantado Mayor en el reyno de Galizia e al merino o merinos que por mi o por vos andan e andovieren agora o de aqui adelante en el dicho Adelantamiento, e a vos Diego de Astuñiga, mi vasallo, e garda del mi cuerpo e a todos los otros cavalleros e conçejos e corregidores e alcalles e jueses e jurados e merinos e algũaçiles e otras justiçias e ofiçiales qualesquier de la mi Corte e de las çibdades e

villas e lugares de los mis reynos e señorios e del dicho reyno de Galizia e a qualquier o a qualesquier de vos a quien esta mi carta fuere mostrada o el traslado della, signado de escripvano publico, salud e graçia. Sepades quel Conçejo e ofiçiales e omes buenos de la çibdat de Santiago se me enviaron querellar e dizen en como se resçelan que vosotros o algunos de vos, sin raçon o syn derecho que los prendaredes o faredes prendar por algunos maravedis o por otras cosas que hun Conçejo deva a otro o una persona a otra, non seyendo ellos nin algunos dellos tenudos de pagar los dichos maravedis e cosas, nin seyendo primeramente sobrello llamados nin oydos nin vençidos por fuero e por derecho por do devan e como devan, en lo qual disen que sy asy oviese de pasar, que resçibirian agravio; e enviaronme pedir por merçet que les proviese sobrello. E yo tovelo por bien, porque vos mando a cada uno de vos en vuestros logares e juresdiçiones que de aqui adelante non prendedes al dicho Conçejo e ofiçiales e omes buenos de la dicha çibdat de Santiago nin a algunos dellos por devda nin devdas que un conçejo deva a otro nin una persona a otra, salvo por sus devedas o fiadorias propias conosçidas o por los maravedis delas mis rentas a pechos e derechos, seyendo primeramente sobrello llamados e oydos e vençidos por fuero et por derecho por do devan e como devan. E los unos nin los otros non fagades ende al por alguna manera, so pena de la mi merçet e de diez mill maravedis para la mi Camara a cada uno por quien fincar de los asy faser e conplir e demas por qualquier ou qualesquier de vos por quien fincar de lo asy façer e conplir, mando al home que vos esta mi carta mostrare el dicho su traslado signado como dicho es, que vos enplase que parescades ante mi en la mi Corte del dia que vos enplaçaren fasta quynse dias primeros segientes, so la dicha pena a cada uno, a desir por qual rason non conplides mi mandado e de como esta dicha mi carta vos fuer mostrada o el dicho su traslado signado como dicho es e los unos e los otros la conpliredes, mando so la dicha pena a qualquier escripvano publico que para esto fuere llamado que de ende al que vos le mostrar testimonio escripto con su signo, porque yo sepa en como se cunple mi mandado. Dada en Madrit çinco dias de (no se lee el mes) anno del Nasçimiento de Nuestro Señor Ihesu Christo de mill e quatroçientos e diez e nueve annos. Yo el Rey. Yo Martin Gonçalvez la fize escripvir por mandado de Nuestro señor el rey con acuerdo de los de su Consejo. E ennas espaldas da sobredita carta avya escripto estes nomes que se siguen: El Condestable, El Almirante Per Afan Gutier Juan Rodriges. Registrada. (Al margen: Conçertada).

Este he o traslado da sobredita carta do dito noso señor el rey, a qual era escripta en papel e firmada de seu nome e seelada con o seu seelo da poridade posto sobre
(Fol. 58 vº) çera colorada e librada outrosi // ennas espaldas dos nomes suso contiudos a qual non era rasa nen cançelada nen en alguna parte sospeitosa segundo que por ela paresçia e a qual dita carta original, eu Roy Martines, notario publico da çidade de Santiago, jurado por la Igllesia de Santiago vi e lii e aqui ben e fielmente a fize trasladar de verbo a verbo a pedimento de Garçia Rodriges e Juan Dominges de Liñares, canbeadores e procuradores do Conçello da dita çidade, para o qual me deron poder abtoridade e interposeron seu decreto Gomes Rodriges, bachiller en Decretos, e Vaasco Fernandes Troquo, alcalles da dita çidade.

Esto foy enna dita çidade en Quintãa de Paaços a viinte e oyto dias do mes de abril, anno do Nasçemento de Nuestro Señor Ihesu Christo de mill e quatroçentos e des e nove annos. Testemoyas que foron presentes aa dita abtoridade, Fernan Gonçales do Preguntoiro e Afonso Fernandes Abril e Alvaro Afonso Iuliate, jurados da dita çidade e Pero Yanes Abraldes e Juan Ares Chantreiro veziños da dita çidade e eu en este traslado meu nome e signal puje en testemoyo de verdade, que tal he.

1419, maio, 12.

Dose dias do mes de mayo, confesou Juan de Boado, clerigo, que reçebera de Garçia Rodriges e de Juan Dominges, procuradores do Conçello de Santiago, çento e çinquoenta moravedis, branqua en tres dineiros que o dito Conçello lle dava en cada uun anno por seu traballo de armar e procurar o relojo da iglesia de Santiago e os quaes moravedis eran et son deste anno da feyta desta carta e renunçiou etc e a ley etc. E os quaes moravedis lle pagaran os ditos procuradores cada uun a meadade. Testemoyas, Juan do Gardo e Juan Ares Chantreiro e Fernan Rodriges da Triindade, viziños da dita çidade.

Predito. Pero Afonso, servente do Conçello da dita çidade confesou que reçebera do dito Garçia Rodriges noventa moravedis, branqua en tres dineiros, do seu vistuario do anno pasado de mill e quatroçentos e des e oyto annos. Testemoyas: Gonçalvo de Millares Alserte et Joan Gonçales ourives e Domingo Longo.

Predito. Domingo Longo confesou que reçebera do dito Garçia Rodriges, çento et viinte moravedis, branqua en tres dineiros do seu vestuario do anno pasa-

do de mill e quatroçentos e des e oyto annos. Testemoyas Joan Gonçales, ourive e Pero Afonso, servente e Gonçalvo de Millares.

Predito.- Sueiro da Enfesta confesou que reçebera do dito Garçia Rodriges, noventa moravedis, branqua en tres dineiros, que lle eran devidos de seu selario do anno pasado de mill et quatroçentos e des e oyto annos. Testemoyas, Joan Gonçales, ourives e Gonçalvo de Millares e Pero Afonso.

1419, maio, 17.

(Fol. 59) Des e septe dias de mayo, Afonso da Caña confesou que reçebera do dito Garçia Rodriges, çen maravedis branqua en tres dineiros, para en pago do seu selario que lle devya o dito conçello. Testemoyas: Garçia Oanes, canbeador, e Fernan Rodriges da Triindade.

1419, maio, 20.

Viinte dias do mes de mayo, Fernan Vietes, servente do conçello de Santiago, confesou que reçebera de Juan Dominges, procurador do dito conçello, noveenta maravedis, branqua en tres dineiros, de seu selario do anno pasado que se fiinçeu enno mes de janeiro pasado en este dito anno da feita desta carta. Testemoyas, Gonçalvo Rodriges, correeiro e Juan Fernandes, criado de Vaasco Troquo.

1419, xuño, 2.

Dous dias do mes de juyo. Sabean todos que seendo en consistorio enna notaria de Ruy Martines, notario publico da çidade de Santiago, Gomes Rodriges bachiller en Decretos e Vaasco Fernandes Troquo alcalles enna dita çidade e Martin Galos e Alvaro Afonso Juliate, Afonso Fernandes Abril, Fernan Gonçales do Preguntoiro e Juan Ares da Cana, jurados e regidores da dita çidade e en presença de min Fernan Yanes, notario publico de noso señor el rey enna sua Corte e en todos los seus regnos e escusador por lo dito Rui Martines, notario e das testemo-

yas adeante escriptas, enton os ditos alcalles, jurados e regidores mandaron a Garçia Rodriges e Juan Dominges, procuradores do dito conçello que presentes eran, que desen e pagasen a Afonso da Cana, servente do dito conçello todo o que lle era devido de seu selario [e vestuario] ata este presente dia e daqui endeante que lle pagasen o dito selario e vestuario en terços de cada ũu anno e que tomasen del carta de pago e con ela e con este mandamento lles serian resçebidos en conta todo o que lle asi pagasen. Testemoyas. Fernan Ares Xarpa, Pero Yanes Abraldes e Juan Bugeirete e Gonçalvo de Covas e Bernald Yanes do Camino, vesiños da dita çidade.

1419, xuño,3.

Tres dias do mes de juyo. Sabean quantos esta carta viren que eu Affonso da Caña, servente do concello da çidade de Santiago, outorgo e connosco que reçeby de vos Garçia Rodriges, procurador do conçello da dita çidade çinqueenta maravedis, branqua en tres dineiros para en pago do que me he devydo do meu selario e vistuario que ey de aver en cada hũu anno do dito conçello onde confeso etc renunçio etc a ley etc. Testemoyas: Lopo Prego, scudeiro de Pero Vermũuz de Montaaõs et Goter Gomes, scripvan e Pero Afonso, criado de Rui Martines, notario.

1419, xuño, 16.

Des e seis dias do mes de juyo. Sabean quantos esta carta viren como eu Affonso da Caña, servente do conçello da çidade de Santiago, outorgo e coñosco que reçeby de vos Garçia Rodriges e Juan Dominges de Lynares, procuradores do conçello da dita çidade, tresentos e çinquoenta maravedis de moeda vella, contando branqua en tress dineiros, os quaes me eran devydos de meu selario e vistuario de todos os annos pasados ata en fin deste mes de juyo que anda da feyta desta carta por conta çerta // (Fol. 59 vº) feyta entre min e vos por Gomes Rodriges, bachiller en Decretos e Martin Galos, jurados da dita çidade e dos quaes tresentos e çinquo maravedis da dita moeda me outorgo por entrego e ben pago e renunçio a toda eixençon que non diga ende o contrario e a a ley do aver non dado e pagado e contado, visto nen reçebido en presença do notario e testemoyas e aa ley de erro e enganno e que se fez a confesson so

asperança de paga e a todas las outras leys et eixenços e dereito que en contrario desto que dito he poderia diser e alegar que o non diga nen alegue e posto que o queira diser ou alegar que non seja sobre elo reçebido nen oydo nen outro por min en juiso nen fora del et dou por quite e livre ao dito conçello e a vos os ditos procuradores en nome del de todo o que me era devydo do dito selario e vestuario ata en fin deste dito mes segundo dito he. E nos os ditos Garçia Rodriges e Johan Dominges, procuradores sobreditos en nome do dito conçello asy o reçebemos. Testemoyas que a esto foron presentes, o dito Gomes Rodriges, bachiller e Johan Fernandes da Caña e Vaasquo Fernandes de Piloño e Fernan Pasete e Johan Rodriges d'Abilles, criado de Johan Sanches de Noya, moradores enna dita çidade.

D'aqui adeante por lo notario.

1419, xuño, 19.

Sabean quantos esta carta viren como nos o conçello e alcalles e regidores jurados e omes bõos da çidade de Santiago seendo ajuntados enno sobrado da notaria de Rui Martines, notario da dita çidade por crida de anafil segundo que avemos de uso e de costume, presentes ende Gomes Rodriges, bachiller en Decretos e Vaasco Fernandes Troquo, alcalles da dita çidade e Alvaro Afonso Juliate, Martin Galos, Fernan Gonçales do Preguntoiro, Afonso Fernandes Abril, Juan Ares da Cana jurados da dita çidade e Garçia Rodriges e Juan Dominges de Liñares, canbeadores, procuradores de nos o dito conçello, outorgamos e coñosçemos que reçebemos boa conta, çerta, leal e verdadeira asi por lo graande, como por lo miudo, de vos Alvaro Gil e Pero Leeteiro, canbeadores, nosos procuradores que fostes o anno que pasou de mill e quatroçentos e dez e septe annos que se comesçou a trese dias do mes de agosto do dito anno e se fiinçeu enno anno seginte de mill e quatroçentos e dez e oyto annos, de contia de triinta e nove mill e noveçentos e dez e nove maravedis e seis dineiros de moeda vella, contando blanqua a tres dineiros que vos por nos e en noso nome e asi como nosos procuradores reçebestes e recabdastes e ouvestes de reçeber e recabdar sobre dito anno segundo que aqui dira en esta guisa: Primeiramente reçebestes de Gil Peres e Bernald Yanes do Camiño que ficaron devendo do anno que foron procuradores çento e çinquoeenta e dous maravedis e tres dineiros. Item que reçebestes dos ditos Gil Peres e Bernald Yanes, quatro mill

e dusentos maravedis de moeda nova, blanqua en çinquo dineiros que acadaron de çertos conçellos do arçobispado para prosegimento dos pleitos de Ferrol e Neda que montaron de moeda vella dous mill e quinentos e viinte maravedis. Item que reçebestes de hũa renda que se derramou enna dita çidade o dito anno triinta mill maravedis blanqua en tres dineiros.

Item que reçebestes de trese molleyros e hũa viña dusentos e seteenta maravedis.

Item que reçebestes de Afonso Dominges da Peña, que devia de portajee de çinquo terços comesçados o primeiro dia de juyo do anno de mill e quatroçentos e des
(Fol. 60) e sete annos// e fiinçidos o postromeiro dia de janeiro do anno de mill e quatroçentos e dez e nove annos, çinquo mill e çento e trese maravedis descontados dusentos e viinte maravedis que Pero Rodriges Sopas avia daver enna dita renda do dito tenpo.

Item que reçebestes de Leonor Fernandes, moller de Vaasco Peres Cabeça quatroçentos maravedis que devia o dito Vaasco Peres ao dito conçello por hũa obligaçon.

Item que reçebestes de Juan Peres das Moças por la renda da casa do pescado que tevo arrendada do conçello de tenpo de dous annos fiinçidos o postromeiro dia de dezenbre do anno de mill e quatroçentos e des e nove annos mill e çen maravedis.

Item que reçebestes dos avuindos con o dito conçello que devian do dito anno, primeiramente, de Juan Costas quoreenta maravedis, de Maestre Rojel viinte maravedis, de dona Maria, moller que fui de Juan Nunes seseenta maravedis, de Afonso de Leon, sibicheiro triinta maravedis de Afonso Gomes quoreenta maravedis de Martin de Brion do foro das casas do Poço de Fajeiras çinquo maravedis e tres dineiros, de Fernan Gardado viinte e çinquo maravedis, de Martin de Burgos çinquoeenta maravedis, de Juan Paes viinte e quatro maravedis, de maestre Yufreu quoreenta maravedis, de Costança Asignada des maravedis; de Afonso Fernandes, peliteiro, viinte maravedis, que monta todo tresentos e seseenta e quatro maravedis e tres dineiros que montan estes maravedis que asi reçebestes e recabdastes por lo dito conçello e vos foron cargados o dito anno enna maneira que dita he triinta e nove mill e noveçentos e des e nove maravedis e seis dineiros, contando blanqua en tres dineiros, os quaes maravedis os sobreditos destes e pagastes por noso mandado en esta guisa que se sigue:

Primeiramente que pagastes a Fernan Ares Xarpa por los marquos del rey que el ten por merçed en cada anno, mill e seteçentos maravedis contando blanqua en tres dineiros que lle deviamos do anno pasado de mill e quatroçentos e des e septe annos.

Item que pagastes a Gomes Rodriges, bachiller, que lle deviamos nos o dito conçello do seu selario da avocaçia do dito anno de mill e quatroçentos e des e oyto, quatroçentos maravedis, blanqua en tres dineiros. Item que pagastes ao señor arçobispo e a Juan Fernandes de Canas seu recabdador viinte e çinquo maravedis. blanqua en tres dineiros, con que nos o dito conçello o servimos o dito anno.

Item que pagastes aos teendores do seelo das tavoas que lle deviamos do dito anno triinta e dous maravedis.

Item que pagastes a mestre Fernando, por seu selario de seer solorgian, do anno de mill e quatroçentos e des e septe annos çento e çinquoeenta maravedis, blanqua en tres dineiros.

Item que pagastes a Sueiro da Enfesta por levar a Pontevedra as cartas da ordenança viinte maravedis e por escrivir as ditas cartas e petiçon e ordenança e por las trasladar e pregoar outra bes, triinta e dous maravedis.

Item que pagastes a seis beesteiros que foron a Arçua por gia con o recabdador a levar os dineiros da reyña quoreenta e oyto maravedis.

Iten que pagastes a Gomes Rodriges, bachiller, que avia daver dos marquos de noso señor o arçobispo do mes de março do anno de mill e quatroçentos e des e oyto annos, mill e noveçentos e viinte maravedis, blanqua en tres dineiros.

Item que pagastes a Juan Pica por la pesquisa que fui sacar a terra de Rui Sanches dos labradores que non pagasen pedidos del rey, quoreenta maravedis, blanqua en tres dineiros.

Item que pagastes a Afonso de Vilamayor seteçentos e viinte maravedis, blanca
(Fol. 60 vº) en tres dineiros para pagar a Nuno Gonçales de Vilariño do jantar do rey // do dito anno que el ten en aprestamo do endeantado Garçia Fernandes Xarmento.

Item que pagastes a Diego Lopes de Toledo dous mill maravedis, blanqua en tres dineiros que lle mandamos dar por ajudas e obras boas que nos feso ennos pleitos que ouvemos e aviamos con os conçellos de Pontedeume e Ferrol e Vilalva sobre los pedidos del rey e por outras cousas en que nos ajudou.

Item que pagastes a Afonso Lourenço, raçoeiro por la capela dos Reys çento e oyteenta maravedis, blanqua en tres dineiros que avia daver dos marquos del rey deste dito anno de quatroçentos e des e oyto.

Item que pagastes a Juan de Voado por seu selario que ouvo de aver por armar o relogio o dito anno de mill e quatroçentos e des e oyto annos, çento e çinquoeenta maravedis, blanqua en tres dineiros.

Item que pagastes a Afonso da Cana por lo selario que lle deviamos do tenpo pasado ata o primeiro dia de março de mill e quatroçentos e des e oyto annos dusentos e noveenta maravedis, blanqua en tres dineiros.

(Fol. 69) Esta feira dez e sete dias do mes de novenbro, este dito dia seendo os alcalles e regidores da çidade de Santiago juntados en consistorio enna notaria de Rui Martines, notario da dita çidade, segundo que han de uso e de costume, presentes ende Gomes Rodriges, bachiller en decretos e Vaasco Fernandes Troquo, alcaldes da dita çidade e Fernan Gonçales do Preguntoiro, Martin Galos. Afonso Fernandes Abril, Johan Aras da Cana et Alvaro Afonso Juliate, regidores jurados enna dita çidade, en presença de min o dito Rui Martines, notario et das testimoyas infra scriptas, logo enton os sobreditos diseron que por quanto os moradores enna colaçon de San Johan Apostollo repartiran maliçiosamente a Fernan de Pereira, alfayate, veziño da dita çidade en çerta contia de maravedis enna renda que este dito anno se collera e recabdara enna dita çidade seendo el pobre e vello e çego e non teendo por donde se mantẽer nen esso mẽesmo para pagar os maravedis en que asi fora repartido. Por ende que eles considerando sua pobreza et infirmidade que mandavan e mandaron a os procuradores do dito conçello que non demandasen nen levasen do dito Fernan de Pereira os maravedis en que asi fora repartido nen o peñorasen por elo. E que mandavan que se tornasen en fallas ao dito conçello os maravedis en que asi fora repartido e encanavado. Et otrosy que mandavan que de aqui endeante en quanto fose voontade do dito conçello o dito Fernan de Pereira non fose repartido en maravedi algũos que enna dita çidade se ouvesen de repartir e coller e derramar asi de rendas e enprestidos e fallas como en outra maneira qualquer. Et aquel que o repartise en eles que fose obligado de pagar por el os maravedis en que o asi repartise. Et desto en como pasou Johan Ramos, escudeiro de Johan de Mendoça en nome do dito Fernan de Pereira pedeu a min o dito notario testemoyos signado para garda do dereito do dito Fernan de Pereira. Esto fuy enno dito lugar, dia, mes e anno susoditos. Testemoyas que a esto foron presentes Johan Bugeirete do Preguntoiro e Juan da Cana e Domingo Longo, vesinos da dita çidade. Feito e dado a o dito Fernan de Pereira.

1419, decembro, 1.

Esta feira o primeiro dia do mes de desenbre, este dito dia seendo o conçello, alcaldes e regidores jurados e homes bõos da çidade de Santiago juntados enno

sobrado da notaria de Rui Martines, notario, da dita çidade por crida de anafil segundo que han de uso e de custume, presentes ende Gomes Rodriges, bachiller en Decretos e Vaasco Fernandes Troquo, alcalles da dita çidade e Fernan Gonçalves do Preguntoiro, Alvaro Afonso Juliate, Martin Galos, Johan Aras da Cana, Afonso Fernandes Abril, regidores jurados enna dita çidade en presença de min o dito Rui Martines, notario e das testemoyas adeante escriptas, logo enton, o dito conçello, alcalles e regidores susoditos diseron que mandavan e mandaron a Pero Leyteiro e Alvaro Gil, procuradores que foron do dito conçello, os quaes eran abasentes que as prendas que tĩinan en seu poder que foran tomadas a algũas paandeiras da dita çidade por las penas en que avian encorrido por non fazeren o pam por lo pesso e hordenança que o dito conçello avia feyto e hordenado sobre elo que as desen e entregasen a aquel personas que asi foran peñoradas por la dita razon con tal condiçon que as ditas personas que asi foran peñoradas e cujas eran as ditas prendas de seu cabçon aos sobreditos Pero Leiteiro e Alvaro Gil antes que eles lles desen e entrega-
(Fol. 69 vº) sen as ditas prendas que se por // la ventura noso señor o arçobispo de Santiago, don Lopo lles mandar que pagen as ditas penas en que asy ouveren caydo por la dita rason que eles den e pagen as ditas penas a quen sua merçet mandar ou tornen aos sobreditos as ditas prendas que eles asi lles entregaren. E desto en como pasou, Fernan de Paz, veziño da dita çidade en nome das personas a quen tanje este dito negoçio pedeu a min o dito notario que lle dese este mandado signado de meu signo en maneira que fezese fe para sua garda. Esto fui enna dita çidade enno sobredito lugar, anno, dia e mes sobreditos Testemoyas que a esto foron presentes, Johan Dominges de Linares e Garçia Rodriges procuradores do dito conçello e Alvaro da Cana e Garçia Peres de Buño e Johan Bugeyrete do Preguntoiro e Juan Aras Chantreito veciños da dita çidade. Feito e dado ao dito Fernan de Paz.

Predito. Iten, en este dito dia o dito conçello, alcalles e regidores susoditos, mandaron a Juan Dominges, procurador do dito conçello que presente estava que se reparar a sobida do muro do conçello da dita çidade que esta entre a Porta do Camino e o Postigo da Algara por quanto estava algũa parte dela derribada e eso mẽesmo que fesese reparar e correjar outro pedaço do dito muro que jazia caydo e derrocado a par de Valdomar et que mandavan e mandaron que o que el gastase e despendese enna dita reparçon que lle fose reçebido em conta segundo que o el disese en sua conçiençia. Testemoyas, os sobreditos.

1419, decembro, 11.

Honze dias do mes de dezenbre. Sabean quantos esta carta viren como eu Fernand Ares Xarpa, fillo de Aras Gonçalves Xarpa, çidadãao que fui de Santiago outorgo e connosco que resçeby de vos Garçia Rodriges, canbeador, procurador do conçello da çidade de Santiago, seis çentos maravedis de moeda vella contando blanca en tres dineiros os quaes me pagastes en nome do dito conçello para en conta e en pago dos mill e seisçentos maravedis de moeda vella, dos marquos que noso señor el rey ha enna dita çidade, os quaes maravedis eu del teño por merçet en cada hũu anno e dos quaes ditos seiscentos maravedis da dita moeda me outorgo de vos por entrego e ben pagado e renunçio a exençon do aver non dado nen contado nen resçebido nen pagado en presença do notario e testemoyas e a toda outra exençon que nunca delo diga o contrario. E porque esto seja çerto outorgey ende esta carta ante o notario publico e testemoyas adeante scriptos. Feita e outorgada enna çidade de Santiago, anno, dia e mes sobreditos Testemoyas que a esto foron presentes: Juan Dominges de Liñares, procurador do dito conçello e Johan Raposo, canbeador e Gonçalvo Serpe e Garçia Janeiro, moradores enna dita çidade.

Predito. Sabean quantos esta carta viren como eu Ruy Martines, notario da çidade de Santiago, outorgo e coñosco que reçebi de vos Johan Dominges de Linares, procurador do conçello da dita çidade çento e viinte e dous maravedis e sete dineiros de moeda vella, contando blanca en tres dineiros por rason do meu selario que ey de aver en cada hũu anno [do dito conçello] por rason do dito ofiçio et os quaes mara-
(Fol. 70) vedis son deste dito anno que se fiinçera // en fin deste mes de dezenbre que agora anda et dos quaes ditos maravedis me outorgo de vos por entrego e ben pagado e renunçio a toda exençon que non diga ende o contrario et porque esto {seja}; çerto escripvi aqui meu nome. Feita anno, dia e mes sobreditos. Testemoyas que a esto foron presentes, Fernan Montesiño e Pero Alonso criados de min o dito notario.

Iten outorgo eu o dito Rui Martines que reçebi de vos o dito Johan Dominges e de Garçia Rodriges, procuradores do conçello da dita çidade quatro florĩis d'ouro do cuño d'Aragon os quaes florĩis me mandou dar o dito conçello por la Chancellaria de hũa carta de noso señor el rey que eu lles trouxe sobre razon das peñoras que fasian algũas personas aos veziños da dita çidade et dos quaes ditos florĩis me outorgo de vos por entrego e ben pagado. Feita anno e mes susoditos. Testemoyas, supra.

1419, decembro, 11.

Protesta de los alcaldes contra el arçobispo.

Sabean quantos esta carta viren como nos o conçello, alcalles, regidores e homes bõos da çidade de Santiago seendo ajuntados enno mosteiro de San Paayo d'Antealtares por crida de anafil segundo que avemos de uso e de costume, presentes enno dito conçello Gomes Rodriges, bachiller en decretos e Vaasco Fernandes Troquo, alcalles da dita çidade e Fernan Gonçales do Preguntoiro e Juan Aras da Cana, Alvaro Afonso Juliate, Afonso Fernandes Abril, Martin Galos, regidores enna dita çidade [por quanto] segundo custume antiigoias, aviinças e conposiçõos feitas e outorgadas e valadas so çerta pena e juramento ontre noso señor o arçobispo de Santiago e o Dean e cabidõo da sua egresia de Santiago da hũa parte e nos o dito conçello, justiças juradas e homes bõos da dita çidade de Santiago da outra parte, nos os dito conçello avemos de dar en cada hũu anno a o dito señor arçobispo ou a seu vicario doze homes bõos, veziños da dita çidade por cobres para que dos ditos doze homes bõos o dito señor ou seu vicario tomen dous deles quaes lle aprouver et os de por justiças aquel anno que lle fosen dados por cobres et por quanto o dito noso señor arçobispo a o presente he absente fora desta [sua] çidade e arçobispado de Santiago enna corte de noso señor el rey e non leixou vicario nen sabemos outro algũo a quen leexase poderio para reçeber os ditos cobres e para nos dar os dous deles por justiças segundo dito he. Et nos a comoquer que segundo as ditas aviinças e costume antigo non eramos nen somos tiudos nen obligados de enbiar os ditos cobres fora desta çidade e arçobispado de Santiago pero por reverençia de merçet do dito señor arçobispo e por lle conplazer, acordamos de enbiar os ditos cobres a a sua señoria porque a sua merçet provea sobre elo segundo que entender que conpre a seu serviço e a a sua merçet aprouver a o protestaçon que fezemos et fazemos {de aqui endeante} de nos non obligar {de aqui endeante} a enbiar os ditos cobres fora da dita çidade et arçobispado por costringemento nen por que a elo sejamos obligados segundo que o non somos e que por elo non nos seja feito perjuiso algũo nen entendemos por elo viir contra as ditas aviinças e conposiçõos e costume antigõo, ante protestamos que se garden e cunplan
(Fol. 70 vº) segundo que se deven gardar e conprir e segundo que senpre fui // gardado e usado e por ende so a dita protestaçon fasemos et otorgamos por nosos çertos, sufiçientes,

abastante compridos procuradores a Affon Peres de Vilamide, notario de noso señor el rey e escrivano do dito señor arçobispo e Johan Dominges, noso veziño [e a cada hũu deles][34] portador ou portadores desta presente carta a os quaes e a cada hũu deles damos e outorgamos todo noso libre e conprido poder e espeçial mandado para que por nos e en noso nome posan eles ou qualquer deles paresçer e parescan ante a merçet do dito señor arçobispo e presentar ante a sua merçet os ditos cobres e pedirlle que os resçeba e nos de douss dos ditos cobres por justiças enna dita çidade de Santiago o anno primeiro seginte de mill e quatroçentos e viinte annos e para que façan eles ou qualquer deles sobre esto que dito he requirimento o requirimentos, protestaçon ou protestaçoõs e todas las outras cousas e cada hũa delas que nos o dito conçello fariamos e fazer poderiamos, seendo a elo presentes (...) e sufiçientes procuradores poderian fazer et trautar et todo aquelo que sobre esto que dito he por los ditos nosos procuradores ou por qualquer deles for feito, presentado e procurado e pedido e protestado e requirido nos lo outorgamos e avemos e averemos por firme e estable para senpre e prometemos non yr contra elo so obligaçon dos bẽes do dito conçello que a elo obligamos e porque esto seja çerto outorgamos esta carta de poder ante o notario publiquo e testemoyas adeante scriptos. Feita e outorgada enna dita çidade enno sobredito lugar lũes honse dias do mes de desenbre, anno do nasçemento de Noso Señor Ihesu Christo de mill e quatroçentos e des e nove annos. Testemoyas que a esto foron presentes, Garçia Rodriges e Juan Dominges de Linares, procuradores do dito conçello Alvaro Gil e Vaasco Peres Abril e Juan Bugeirete do Preguntoiro e Vaasco Gomes de Marçoa, vesiños da dita çidade. Feita e dada ao dito Juan Dominges, procurador.

1419, decembro, 11.

Lũes honze dias do mes de desenbre, este dito dia seendo o conçello, alcalles, regidores et homẽes bõos da çidade de Santiago, juntados enno moesteiro de San Payo d'Ante Altares por crida de anafil, segundo han de uso e de custume, presentes enno dito conçello Gomes Rodriges, bacheller en Decretos, e Vaasco Fernandes Troquo,

[34] tachado.

alcalles enna dita çidade e Fernan Gonçales do Preguntoiro e Juan Ares da Cana, Alvaro Afonso Juliate e Alonso Fernandes Abril e Martin Galos, regidores da dita çidade en presença de min Roy Martines, notario publico jurado da dita çidade por la egresia de Santiago e das testemoias infra escriptas, logo enton o dito conçello alcalldes e regidores sobreditos diseron que por quanto segundo custume antiguo e as aviinças e conposições feitas e outorgadas e valadas su çertas penas e juramento ontre suso señor o arçobispo de Santiago e o dean e cabidõo da sua Igresia de Santiago da hũa parte e o dito conçello, alcalldes, jurados e homẽes bõos da dita çidade da outra parte o dito conçello avia de dar en cada hũu anno por dia de qaendas januarias ao dito señor arçobispo ou a seu vigario dose homẽes bõos por cobros que fosen vesiños da dita çidade para que dos ditos dose homẽes o dito señor arçobispo ou seu vigario nomease dous deles quaes lle aprovuese e os dese por justiças enna dita çidade en aquel anno que lle fosen dados e por quanto o dito señor arçobispo ao presente era absente desta sua çidade e arçobispado enna corte de noso señor el rey e non leixara vigario enno dito seu arçobispado nen sabian outro algũo a que leixase poderio para reçeber os ditos cobres e para lles dar os dous delles por justiças enna dita çidade o anno primeiro seguinte de mill e quatroçentos e viinte annos; por ende que eles considerando en como se açercava o dito tenpo // en que avian de elegir e nonbrar os ditos cobros para os enbiar ao (Fol. 71)
dito señor arçobispo por maneira que lle fosen presentados por lo dito dia de qaendas januarias, de guisa que o dito conçello non caese en pena algũa que acordavan e acordaron de faser logo os ditos cobros dos quaes [os nomes deles] deron en escripto a min o dito notario en esta maneira que aqui dira: Juan Ares da Cana, Fernan Ares Xarpa, Pero Yanes Abraldes, Afonso Fernandes Abril, Juan Fernandes Abril, Juan Bugeyrete, Vaasco Peres Abril, Ares Chantreiro, Alvaro Gil, Juan d'España, Vaasco Gomes de Marçoa, Nuno Vinagre, os quaes cobros asi nomeados o dito conçello mandou a min o dito notario que escrivise ou fisese escrivir os nomes dos susoditos segundo era de custume e que mandaran a Pero Yanes Abraldes que tiiña hũa das tavoas do seelo do dito conçello que seelase con ela o dito escrito de cobros pois ao presente non podian aver a outra taboa que soya tẽer Bernald Yanes do Canpo por quanto lles era dito que estava en poder de Ruy Sanches de Moscoso, herdeiro do dito Bernald Yanes e que mandavan a Juan Dominges de Linares e Garçia Rodriges procuradores do dito conçello que enbiasen logo os ditos cobros ao dito señor arçobispo con Juan Dominges, visiño da dita çidade a o qual avian dado seu poder espeçialmente para os presentar ao dito señor arçobispo en nome do dito conçello segundo se contiinan mays cunplida-

mente enna carta de poder que sobresta rason outorgaran por ante min o dito notario. Esto fui enno dito lugar, dia e mes e anno susoditos. Testemoyas que a esto foron presentes, Juan Bugeirete do Preguntoiro, Vaasco Peres Abril e Alvaro Gil e Vaasco Gomes de Marçoa visiños da dita çidade.

Predito. O dito conçello alcalles e regidores susoditos mandaron aos ditos procuradores que de quaesquer maravedis que por lo dito conçello recabdavan e avian de recabdar [este dito anno] que desen ende ao dito Juan Dominges tresentos e veinte maravedis, contando blanca en tress dineiros que lle mandavan dar para sua despensa e por levar os ditos cobros ao dito señor arçobispo e que mandavan que lles fosen reçebidos en conta os ditos maravedis o qual dito Juan Dominges se obligou ao dito conçello de presentar os ditos cobros ao dito señor arçobispo e sobredito dia de Kalendas januarias e mostrarlo por testemoio sinado de notario gardandoo Deus de outra ocasion algũa. Testemoyas, os sobreditos.

Item, que este dito dia o dito Juan Dominges outorgou e conosçeu que reçebera do dito Juan Dominges de Linnares os ditos tresentos e viinte maravedis da sobre dita moeda dos quaes se outorgou por entrego e ben pagado e renunçiou a ley etc. Testemoyas Alonso Vasques Abril e Rui Calvo e Juan Calvo, omẽes de Juan de Mendoça e Lopo de Vilaverde e Fernando Montesiño, criados de min notario infrascripto.

1419, decembro, 14.

Era sobredita, quinta feira, quatorse dias do mes de desenbre, este dito dia seendo o conçello e alcalles e regidores e omẽes bõos da çidade de Santiago, juntados enno moesteiro de San Payo d'Ante Altares por crida de anafil, segundo que han de uso e de costume, presentes enno dito conçello Gomes Rodriges, bachiller en Decretos e Vaasco Fernandes Troquo, alcalles enna dita çidade e Fernan Gonçales do Preguntoiro, Martin Galos, Sancho Sanches de Moscoso, Afonso Fernandes Abril, Alvaro Afonso Juliate, Juan Ares da Cana, regidores da dita çidade en presença de min Rui Martines, notario publico jurado da dita çidade por la Igresia de Santiago e das testemoias adeante escriptas, logo enton o dito conçello, alcalles e regidores e omẽes bõos susoditos, diseron que por quanto dia lũus primeiro que agora pasou que foron honse dias deste dito mes avian feito e eligido por ante min o dito notario os cobros que avian de
(Fol. 71 vº) enbiar a noso señor o arçobispo de Santiago o anno primeiro // seginte de mill e qua-

troçentos e veinte annos e por algũas rasões que os a elo moveran non fora gardada a ordenança antigua que era usada e apobrada de longos tenpos a esta parte [en faser ditos cobros] e outrosi por quanto ao tenpo que feseran os ditos cobros non poderan aver salvo a hũa taboa de seelo do seelo do dito conçello que ten Pero Yanes Abraldes con a qual mandaran seelar os ditos cobros porque non poderan aver de presente a outra taboa do seelo do dito conçello que suya tẽer Bernald Yanes do Canpo, a quen Deus perdon. Por ende que eles querendo gardar a ordenança antigua que de longo tenpo fora guardada [en faser os ditos cobros][35] e porque agora podian aver anbos os ditos seelos que davan e deron poder ao dito bachiller Gomes Rodriges para que nomease dous omẽes bõos do dito conçello quaes el quisese e vise que eran perteeçentes para elo para que os ditos dous omẽes por el nomeados nomeasen os honse e os ditos honse por eles nomeados que eligisen e nonbrasen os dose que avian de yr por cobros so seelo do dito conçello este dito anno, o qual dito bachiller nomeou logo a o dito Fernan Gonçales de Preguntoiro e a Pero Yanes Abraldes e os ditos Fernan Gonçales e Pero Yanes nomearon os honse, os quaes son estes que aqui dira, conven a saber: Juan Gonçales de Fajeiras demandador, e Juan Afonso de Fajeiras, çapateiro e Vaasco Fernandes carniçeiro e Pero Cochorro, escrivan e Afonso Bernaldes e Juan Jacob e Juan Martines do Vilar e Rodriges Yanes, fillo do Maestro da Obra, e Juan Fernandes d'Arouça e Garçia Yanes criado de Alvaro Afonso Juliate e Maestro Fernando çurugiano. E estes de susoditos nomearon logo por cobros este dito anno a estas personas que se sigen: Juan Ares da Cana. Fernan Ares Xarpa, Pero Yanes Abraldes, Afonso Fernandes Abril, Juan Fernandes Abril, Juan Bujeirete, Vaasco Peres Abril, Ares Chantreiro, Alvaro Gil, Juan d'España, Vaasco Gomes de Marçoa, Nuno Vinagre, os quaes asi nomeados por los sobreditos o dito conçello, alcalles e regidores sobreditos mandaron a min o dito notario que escrivise os nomes das ditas personas que asi nomeavan por cobros e mandaron aos que tĩina as taboas do seelo do dito conçello que posesen os ditos cobros so seelo do dito conçello segundo que era de custume [para que enbiase presentar os ditos cobros ao dito señor arçobispo por lo dito dia de kalendas januarias de guisa que o dito conçello non encorrese en penna algũa[36]]. Esto fui enno dito lugar, dia, mes e anno susoditos. Testemoyas que a esto forom pre-

[35] Borrado.
[36] Na parte inferior do escrito.

sentes, Alvaro Gil, Ares Chantreiro, Nuno Vinagre, Rui Freire, vesiños da dita çidade e Garçia Rodriges e Juan Dominges de Liñares, procuradores do dito conçello.

1420, xaneiro, 20.

Anno do Naçemento de Noso Señor Ihesu Christo de mill e quatroçentos e veynte annos dous dias do mes de janeiro, este dito dia seendo o conçello, alcalles e regidores, jurados e omẽes bõos da çidade de Santiago juntados enno moesteiro de San Payo d'Antealtares por crida de anaffil, segundo que han do usso e de custume, presentes enno dito conçello Gomes Rodriges, bachiller en Decretos e Vaasco Troquo, alcalles e Fernan Gonçalves do Preguntoiro, Sancho Sanches de Moscoso, Martin Galos, Alvaro Afonso Juliate, Johan Ares da Cana, regidores da dita çidade e en presença de min Ruy Martines, notario publico jurado da dita çidade por la iglesia de Santiago e dos testemoyas adeante scriptos, logo, enton, os ditos Gomes Rodriges e Vaasco Troquo por mandado do dito conçello et regidores jurados e omẽes bõos sobreditos, reçeberon juramento sobre signal de Cruz en lugar de Santos Avangeos, de Juan Fernandes Abril e de Vaasquo Peres Abril, que presentes eran, os quaes foron nomeados e dados e eligidos por parte de nosso señor o arçobispo de Santiago, Don Lopo, para seeren alcalles enna dita çidade este dito anno que eles ben e verdadeiramente husarian do dito ofiçio de alcaldia e gardarian serviço de noso señor el rey e do dito señor arçobispo e da sua igllesia de Santiago e obedeesçerian suas carta e mandado e amarian prol e onrra da dita çidade e visiños e moradores dela e gardarian dereito e justiça ao grande e ao menor. E os sobreditos Juan Fernandes e Vaasquo Peres asy o juraron e prometieron de faser e conprir, et feyto o dito juramento o dito conçello e regidores jurados e omẽes bõos diseron que reçebyan e reçeberon por alcalles da dita çidade este dito anno aos ditos Juan Fernandes et Vaasco Peres. Testemoyas que a esto foron presentes Ruy Sanches de Moscoso, Juan Bugeyrete, Gonçalvo de Covas, Juan Ares Chantreiro e Juan Garçia Nabeiro, visiños da dita çidade.

(Fol. 72) Predito. O dito conçello, alcalles e regidores jurados e omẽes bõos mandaron dar cartas acostumadas aos visiños da dita çidade e que davan liçençia aos sobreditos Gomes Rodriges e Vaasco Troquo, alcalles que foran enna dita çidade o anno pasado Domini, millesimo CCCCº deçimo nono para que podesen demandar e

recabdar suas dereituras que lles eran devydas por rason de suas alcaldias do dito anno, ata tres meses segintes e dende endeante non as podesen demandar e que fesesen as peñoras por los serventes da dita çidade. Testemoyas, os sobreditos.

1420, febreiro, 16.

Dez e seyss dias do mes de fevereiro. Sabean quantos esta carta viren como eu Vaasco Fernandes Troquo morador enna cidade de Santiago, outorgo e conosco que reçeby de vos Juan Dominges de Lyñares, procurador do conçello da dita çidade de mill e seteçentos morabedis, branqua en tres dineiros, en esta guisa: Os trezentos moravetinos por razon de meu oficio de alcaldia que ouve de aver o anno pasado do Nasçemento de Noso Señor Ihesu Christo de mill e quatroçentos e dez e nove annos e os mill e quatroçentos moravedis son de meu selario de coller a renda que se reparteu e poso enna dita çidade o dito anno que eu foy alcalde enna dita çidade e asy son conpridos os ditos mill e seteçentos maravedis da dita moeda e renuncio a toda eixençon que non diga ende o contrario e aa ley do aver non dado e contado e pagado visto nen reçebido en presencia do notario e testemoyas e que se fezo a confessen so a sperança da paga e a outra qualquer ley e dereito e eixen con que en contrario do que sobredito he poderia dizer ou alegar que o non diga nen alegue por min nen por outro en juiso nen fora del, antes dou por quito e livre ao dito conçello e a vos o ditos Juan Dominges en nome del dos sobreditos maravedis para senpre. E eu o dito Juan Dominges asy o reçebo. Testemoyas que a esto foron presentes, Juan Raposo, canbeador e Gomes Raposo seu criado e Fernan Garcia de Piloño e Afonso de Ribadiso ome do didto Vaasco Troquo.

1420, febreiro, 22.

Viinte e dous días do mes de fevereiro. Sabean todos que seendo o conçello, alcalles e regidores, jurados e omes bõos da çidade de Santiago juntados enno sobrado da notaria de min Rui Martines, notario publico jurado da dita çidade por crida de anafil, segundo que han de uso e de costume, presentes ende Juan Fernandes Abril e Vaasco Peres Abril, alcalles enna dita çidade e Fernan Gonçales do Preguntoiro,

Martin Galos, Gomes Rodriges, bachiller,Juan Ares da Cana, Afonso Fernandes Abril, Alvaro Afonso Juliate, jurados e regidores enna dita çidade, en presença de min o dito Rui Martines, notario e dos testemoyas adeante escriptos, enton o dito conçello, alcalles e regidores diseron que por quanto noso señor o arçobispo de Santiago avia dado Regimento de como se regese esta sua çidade e ontre as outras cousas contiudas enno dito Regimento e ordenança por el feita sobre la dita rason avia mandado que o dito concello, alcalles e jurados eligisen en cada ũu anno seis omes bõos veziños da dita çidade para que fosen con eles presentes por parte da comunidade ao repartir e derramar de algũas rendas e maravedis que se ouvesen de repartir enna dita çidade e ao tomar das contas que os procuradores do dito conçello; e outras quasquer personas ouvansen de dar ao dito conçello por ende que eles en conprindo o que por lo dito señor arçobispo fora mandado, que eligian e eligiron este dito anno a estas personas que aqui dira para que fosen presentes por parte da comunidade ao repartir e derramar dos ditos maravedis quando se ouvesen de repartir e derramar e ao tomar das ditas contas quando se ouvesen de dar; as quaes personas que para esto asi nomearon este dito anno son estas que se sigen: Pero Leal e Juan Dominges de Liñares e Alonso Rodriges, canbeador, Juan Fernandes, ferreiro,
(Fol. 72 vº) Juan de Vilaside // Goncalvo Yanes do Escurelo, mercador; os quaes asi nomeados diseron que mandavan e mandaron aos sobreditos que viesen aos conçellos e consistorios quando e cada que se ouvesen de fazer e estar aos ditos repartimentos e tomar de contas este dito anno. Testemoyas que a esto foron presentes Fernan Nunes do Camino, Ares Chantreiro, canbeador e Alvaro Garcia o moço, mercador, e Vaasco Fernandes Troquo, vesiños da dita çidade.

Predito.- O dito conçello, alcalles e regidores susoditos, diseron que por ajudas e boas obras que reçeberan e avian reçebido de Diego Lopes de Toledo e entendian reçeber a adeante e porque os ajudase en rasson das tomas que noso señor o arçobispo fesera en esta sua çidade certos annos pasados que acordavan e acordaron de lle dar de ajuda este dito anno dous mill maravedis, branqua a tres dineiros, e que mandavan e mandaron a Garcia Rodriges, procurador do dito conçello que dos maravedis que recabdara de Afonso Dominges da Pena da renda da portajẽe que dese ao dito Diego Lopes mil maravedis da dita moeda e que mandavan a o dito Afonso Dominges que os mill maravedis que avian de pagar a o dito conçello da dita renda da portajẽe da paga que se fiinçera por lo postromeiro dia de mayo que os dese ao dito Diego Lopes e que mandavan que fosen recibidos en conta a os

ditos Garcia Rodriges e Afonso Dominges os ditos dous mill maravedis que asi avian de pagar a o dito Diego Lopes segundo dito he.

Testemoyas que a esto foron presentes: Fernan Ares Xarpa, Goncalvo Abril, Vaasco Gomes de Marçoa, Juan de Cana, Juan Dominges de Liñares e Garcia Rodriges, procuradores do dito conçello, Goncalvo Yanes do Canpo, Vaasco Troquo, Rui Freire e Goncalvo Rodriges do Camino, Vaasco Fernandes de Piloño e Goncalvo de Covas e Juan de Vilazide, mercador e Diego Garcia d'Ansoe vesiños da dita çidade.

Predito.- O dito conçello alcalles e regidores susoditos mandaron a Garçia Rodriges e Juan Dominges de Liñares, procuradores do dito conçello que presentes estavan que de quaesquer maravedis que por lo dito conçello recabdavan o avian de recabdar este dito anno que desen ende a Fernan Ares Xarpa, vesiño da dita çidade os maravedis que lle eran devidos dos marquos que a noso señor el rey perteeçen en esta dita çidade, os quaes maravedis (o dito Ferna Ares ten en merçed do dito señor rey e os quaes) eran do anno pasado de mill e quatroçentos e des e nove annos e que tomasen del sua carta de pago e lles serian reçebidos en conta os ditos maravedis. Testemoyas, os sobreditos.

(Fol. 73) Predito.- Sabean quantos esta carta viren como eu Gomes Rodriges, bachiller en Decretos, jurado da çidade de Santiago, outorgo e conosco que reçebei de vos Garçia Rodriges, canbeador, procurador do conçello da dita çidade quatro mill e quatroçentos e viinte maravedis de moeda vella, contando branqua a tres dineiros, en esta guisa: os mill e noveçentos maravedis dos marquos de noso senor o arçobispo de Santiago, os quaes maravedis eu teño en merçed do dito señor arçobispo e os oytoçentos maravedis me eran devidos do meu selario da avocaçia que teño do dito conçello de dous annos pasados que se fiinçeron en este mes de fevereiro e os mill e quatroçentos e viinte maravedis me eran devidos por meu traballo de recabdar a renda que foi posta e derramada enna dita çidade e anno pasado de mill e quatroçentos e des e nove annos que eu fui alcalle enna dita çidade e os tresentos maravedis son por rason de meu ofiçio da dita alcaldia do dito anno e asi son conpridos os ditos quatro mill e quatroçentos e viinte maravedis da sobredita moeda e renunçio a toda exençon que non diga delo o contrario e aa ley do aver non dado e contado e pagado visto e recibido en presença do notario e testemoyas e aa ley que dis que se pode opoer esta exepçon e que se feso a confeson so asperança de paga e renunçio a ley que dis que as ditas exenções se poden opoer fasta certos tenpos e a outra qual-

quer ley e dereito e exençon que en contrario desto que dito he poderian diser ou alegar que o non diga nen alege por min nen por outro en juiso nen fora del, antes dou por quito e livre ao dito conçello e a vos o dito Garcia Rodriges en nome del dos sobreditos maravedis para senpre. E eu o dito Garcia Rodriges que presente sõo asi o reçebo. Testemoyas que desto foron presentes: Afonso Fernandes Abril e Fernand Ares Xarpa e Goncalvo Rodriges do Camiño, vesiños da dita çidade.

1420, febreiro, 24.

Sabado viinte e quatro dias do mes de fevereiro, en presença de min Rui Martines, notario publico jurado, da çidade de Santiago por la igllesia de Santiago e das testemoyas adeante escriptas paraeçeu Domingo Longo, pregoeiro do conçello da dita çidade e diso (e dou fe) que el por mandado do conçello, alcalles e regidores e omes bõos da dita çidade pregoara altas voses por las plaças e mercados acostumados da dita çidade o contiudo en hũu scripto que (diso) que lle fora dado da parte do dito conçello do qual o thenor he este que se sige:

Oyde que mandan os alcalles e omes bõos, jurados da çidade que todos los arrendadores que fosen este anno pasado desta çidade do anno de mill e quatrocentos e des e nove annos que vãa logo a casa de Fernan Gonçales recabdador a reçeber cartas de pago cada hũu da sua parte da alcavala que tevo[37] arrendada e faser pago do que deven ata domingo en todo o dia e o dito Fernan Gonçales lles tornara suas obligaçoes e recabdos que sobre cada hũu ten e non o fasendo asi os ditos arrendadores que eles e seus bẽes ou cada hũu deles sejan tiudos ao conçello dello pagar os maravedis da carta de toma que o arçobispo mandou tomar ennas ditas alcavalas o qual escripto presentado diso que fesera o dito pregon segundo dito avia e que eu o dito notario dese delo testemoyo a aquela persona ou personas que mo demandasen. Testemoyas que a esto foron presentes: Fernando Gonçales de Oviedo, visino de Abilles e Jacome Garcia Queijo e Juan Raposo, canbeador, e Fernand Peres escrivan e Juan Martines do Vilar, visiños da dita çidade

[37] Corrixido sobre a palabra te.

1420, marzo, 9.

(Fol. 73 vº) Enno anno do Naçemento de Noso Señor Ihesu Christo de mill e quatroçentos e viinte annos, nove dias do mes de março. Sabean quantos esta carta viren como nos o conçello e alcalle e regidores jurados e omes bõos da çidade de Santiago seendo juntados enno sobrado da notaria de Ruy Martines, notario da dita çidade por crida de anafil segundo que avemos de uso e de costume, presentes ende Juan Fernandes Abril e Vaasco Peres Abril, alcalles enna dita çidade e Martin Galos e Alvaro Afonso Juliate e Gomes Rodriges, bachiller en Decretos, Afonso Fernandes Abril e Fernan Gonçales do Preguntoiro, regidores jurados enna dita çidade e Pero Leal e Juan de Vilaside e Goncalvo Yanes do Escurelo, mercadores vesiños da dita çidade, os quaes nos o dito conçello e alcalles e regidores sobreditos elegimos para que por parte dos mercadores e dos outros ofiçios e comunidade da dita çidade aas posturas e repartimentos de quaesquer contias de maravedis que enna dita çidade se ouvesen de dar e coller e repartir e encanavar este dito anno e ao tomar das contas, outorgamos e conoscemos que reçebemos de vos Garcia Rodriges, canbeador, e Juan Dominges de Liñares, mercador, nosos procuradores que fostes o anno pasado do naçemento de Noso Señor Ihesu Christo de mill e quatroçentos e des e nove annos que se começou a trese dias do mes de janeiro do dito anno e se fiinçeu e cabou en este anno da feita desta carta boa conta, çerta, leal e verdadeira, asi por lo graado como por lo miudo de contia de quoreenta e çinquo mill maravedis de moeda vella contando branqua en tres dineiros de hũa renda e media que fui posta enna dita çidade o dito anno de voso procuratorio os quaes maravedis vos os sobreditos Garcia Rodriges e Juan Dominges por nos e en noso nome e como nosos procuradores reçebestes e recabdastes o sobredito anno en esta maneira que se sige: primeiramente que recabdastes de Afonso Dominges da Peña, da renda do peso e portajẽe que de nos o dito conçello ten arendado tres mill e noveenta maravedis, branqua en tres dineiros da paga de tres terços fiinçidos por lo postromeiro dia do mes de janeiro deste anno da feita desta carta e en estes maravedis entran os çento e des maravedis que o dito Afonso Dominges pagou a Pero Rodriges Sopas por la renda que avian de aver enna casa da carniçaria do dito conçello. Iten que recabdastes de Fernan Bernaldez da renda que ten feita da casa do pescado do dito conçello seisçentos e viinte maravedis dos oytoçentos maravedis porque el ten arrendada a dita casa. Iten que recabdastes mais de honse moleiros e hũa vella dusentos e triinta maravedis. Iten que recabdastes dos aviundos con nos o dito conçello esto que

aqui dira: de dona Maria, yrmãa de Bernald Yanes do Canpo seseenta maravedis, e de Afonso de Leon, zibicheiro, triinta maravedis e de Mestre Rojel. pichileiro, viinte maravedis e de Juan Costas, mercador, quoreenta maravedis, e de Martin de Burgos çinqoenta maravedis, e de Mestre Xufreu, quoreenta maravedis, de Fernan Gardado viinte e cinquo maravedis, de Afonso Gomes, canbeador, quoreenta maravedis, de Afonso Fernandes, peliteiro, viinte maravedis, de Costança Asinada des maravedis, de Martin de Brion çinquo maravedis e tres dineiros E asi monta e soma todo o que por nos recabdastes o dito anno de voso procuratorio quorenta e nove mill e tresentos maravedis e tres dineiros da sobredita moeda asi da dita renda e media como das outras devedas e rendas que a nos o dito conçello eran devidas por las personas suso declaradas, e os quaes sobreditos quoreenta e nove mill e tresentos maravedis e tres dineiros da dita moeda que vos os sobreditos Garcia Rodriges e Juan Dominges por nos e en noso nome reçebestes e recabdastes o dito anno enna maneira que dita he e segundo que suso he declarado por noso mandado destes e pagastes en esta guisa: Iten que pagastes a noso señor o arçobispo don Lopo triinta mill maravedis da dita moeda con que o servimos o dito anno de voso procuratorio. Iten que pagastes a çertas personas vesiños desta çidade tres mill maravedis que enprestaron a nos o dito conçello que nos foron neçesarios para çertos mesteres os quaes maravedis por nos recabdou das taes personas Alvaro Viçoso, vesiño desta dita cidade. Iten que pagastes a Fernand Ares Xarpa dos marquos de noso señor el rey que del ten en merçed mill e noveçentos e viinte maravedis. Iten que pagastes a Gomes Rodriges bachiller en Decretos dos marquos de noso señor o arçobispo mill e noveçentos e viinte maravedis. Iten que pagastes do jantar do Endeantado seteçentos e viinte maravedis, Iten que pagastes ao dito Gomes Rodriges bachiller e a Fernan Gonçales do Preguntoiro e a Martin Galos
(Fol. 74) e a Juan Ares da Cana cinquo floriins que avian enprestado para // hũu mandadeiro que enbiamos a Castela ao arçobispo. Iten pagastes mais ao dito Gomes Rodriges, bachiller, de seu salario da avocaçia oytoçentos maravedis que lle eran devidos de dous annos que se fiinceron en este anno da feita desta carta. Iten que pagastes aos alcalles desta çidade tres mill e quatroçentos maravedis que avian de aver por rason de seus ofiçios e salarios. Iten pagastes a mestre Fernando, çurugiano, tresentos maravedis que lle eran devidos de dous annos. Iten pagastes ao mestre do relogio çento e çinquenta maravedis. Iten pagastes ao capelan de Santa Catalina çento e oyteenta maravedis. Iten pagastes a Afonso da Cana quatroçentos maravedis de seu salario. Iten pagastes ao mandadeiro que fue a Valladolid e a Madrid sobre feito das alcaldias e das tomas,

quinentos e quoreenta maravedis. Iten pagastes a Rui Martines, notario, por la carta das peñoras que trouxo da Corte, cento e viinte maravedis. Iten pagastes a este Rui Martines e a Pero Afonso, notario, do salarios que de vos o dito conçello tẽen dosentos e çinquoenta e dous maravedis. Iten pagastes a quatro serventes tresentos e sesenta maravedis de seus salarios. Iten a Domingo Longo, pregoeiro do dito conçello, cento e viinte maravedis. Iten pagastes a hũu ome de Diego Lopes dous floriins porque levase uuas cartas a noso señor o arçobispo quando estava en Castela. Iten que pagastes a Sueiro da Enfesta, quando levou as cartas a Rodrigo de Sandoval viinte maravedis. Iten pagastes a Fernan Vieites quando enbiamos a a Cruña, quinse maravedis. Iten pagastes por noso mandado a Pero leiteiro e Alvaro Gil oyteenta maravedis. Iten pagastes a Pero Yanes Abraldes e a Rui Fernandes, notario apostolico das taboas do conçello viinte e seis maravedis. Iten vos reçebemos mais enna dita conta e paga certos maravedis de fallas que a nos foron cargados destas personas que aqui dira: de Afonso de Leon, zibicheiro, noveenta maravedis. Iten de Maria Franqua, pãadeira de San Domingo, quoreenta e oyto maravedis e de Fernan Afonso que mora açerqua das casas de Pero Vermũus seseenta maravedis. Iten de Vasco Troquo çento e seseenta e hũu maravedi. Iten de vos o dito Juan Dominges, procurador, çento e oyteenta e seis maravedis, e do çapateiro do arçobispo seseenta maravedis. Iten de Fernan de Pereira, seteenta e cinquo maravedis e de Jacome Martines quoreenta e cinquo maravedis e de vos o dito Garcia Rodriges çento e quinse maravedis. Iten da pãadeira do cabidõo des e oyto maravedis. Iten de Martin de Burgos, cinquoeenta maravedis. Iten de Juan Garcia, criado, de Goncalvo Freire triinta maravedis e de Gomes d'Ordẽes viinte e quatro maravedis. Iten para os muros dusentos maravedis. Iten do selario de vos os ditos procuradores dous mill maravedis. Iten que pagastes a Diego Lopes de Toledo mill maravedis. Iten de custos miudos que vos o dito Garcia Rodriges destes en conta que gastarades dusentos e cinquoeenta maravedis. Iten que pagastes a Afonso de Cana dusentos e seseenta maravedis de seu salario e vistuario que lle devian ata o postromeiro dia do mes de fevereiro postromeiro pasado. Iten de custos miudos que vos o dito Juan Dominges destes en conta triinta e cinquo maravedis. Iten que pagastes mais a Juan de Vilaside para en pago do jantar de noso señor el rey este dito anno çen maravedis E asi son conpridos e pagados todos los maravedis que vos os ditos Garcia Rodriges e Juan Dominges nosos procuradores que fostes o sobredito anno reçebestes e recabdastes en noso nome e destes e pagastes por noso mandado enna maneira que dita he, e segundo que de suso fas mençon e dos quaes ditos maravedis

nos outorgamos de vos por entregos e ben pagados e renunçiamos a exepçon do aver non dado nen contado nen reçebido nen pagado en presença do notario e testemoyas e a a ley que dis que se pode opeer esta exepçon e que se feso a confeson so asperança de paga e renunçiamos aas leis que disen que as ditas exepções se poden opoer fasta çertos tenpos. E damos por livres e quitos doje este dia endeante para todo senpre a vos os ditos Garcia Rodriges e Juan Dominges e a vosos bẽes e herdeiros e suçesores e de cada hũu de vos de todos los sobreditos maravedis da moeda sobredita que asi por nos e en noso nome reçebestes e recabdastes o sobredito anno por quanto os
(Fol. 74 vº) destes e pagastes por noso mandado enna // maneira que dita he e segundo que de suso he declarado e prometemos non vos demandar de aqui endeante sobre esto que dito he en juiso nen fora del en algũu tenpo nen por algũa maneira so pena do dobro dito contia que vos pagemos por pena se contra elo viermos e a pena pagada ou non pagada todavia esta carta de pago e as cousas en ela contiudas fiquen firmes e vallan para senpre. E eu o dito Garcia Rodriges que presente so por min e por lo dito Juan Dominges asi o reçebo. Feita e outorgada a carta de pago enna dita çidade enno sobredito lugar, anno, dia e mes sobreditos. Testemoyas que a esto foron presentes: Fernan Ares Xarpa, Pero Yanes Abraldes, Ares Chantreiro, Alvaro Gil, Juan Ares Chantreiro, Garcia Yanes Alfeu, Alvaro Viçoso, vesiños da dita çidade e Domingo Longo e Sueiro da Enfesta serventes do dito conçello.

Dada a Garcia Rodriges para sy e para Juan Dominges por lo escusador.

Predito. Afonso da Cana, servente do dito conçello outorgouse por pagado do salario e vistuario que ten do dito conçello de todo o tenpo pasado ata en fin do mes de fevereiro que agora pasou e renunçio a toda exepçon que non disese delo o contrario e aa ley etc. Testemoyas, os sobreditos.

1420, marzo, 27.

Quarta feira, viinte e sete dias do mes de março, este dito dia seendo o conçello, alcalles, jurados, regidores e omes bõos da cidade de Santiago juntados enno sobrado da notaria de min Rui Martines, notario publico jurado da dita çidade presentes ende Juan Fernandes Abril e Vaasco Peres Aril, alcalles e Martin Serpe e Alvaro Afonso Juliate, Fernan Gonçales do Preguntoiro, Gomes Rodriges, bachiller, Martin Galos e Afonso Fernandes Abril e Juan Ares da Cana, jurados e regi-

dores enna dita çidade e Pero Leal e Juan Fernandes, ferreiro, e Goncalvo Yanes, mercador, en presença de min o dito Rui Martines, notario e das testemoyas adeante escriptas, enton o dito conçello, alcalles e regidores sobreditos diseron que fasian e feseron por seus procuradores doje este dia ata hũu anno seginte a Nuno Gonçalves Vinagre e Juan Raposo, canbeador, vesiños da dita çidade, que presentes estavan aos quaes deron poder conprido para que en nome do dito conçello podesen demandar, reçeber e acadar todas las contias de maravedis e dineiros e outras quaesquer cousas que ao dito conçello devian e fosen devidos este dito anno en qualquer maneira e por qualquer rason e dar carta e cartas de pago do que reçebesen e acadasen e geeralmente os fasian procuradores en todos los pleitos e negocios do dito conçello movidos e por mover e para faser frontas e requerimentos e protestaçoes e todos los outros autos perteescentes a o dito conçello. Testemoyas. Fernan Ares Xarpa, Alvaro Gil e Juan Garcia de Vilarente e Garcia Rodriges, canbeador, vesiños da dita cidade.

Se se sacar esta procuraçon hase de notar por la nota de procuraçon dos que foron procuradores os annos pasados.

Predito. Sabean quantos esta carta viren como eu Fernan Ares Xarpa çidadão de Santiago outorgo e conosco que reçebi de vos Garcia Rodriges, canbeador, procurador que fostes do conçello da dita çidade o anno pasado de mill e quatroçentos e des e nove annos, mill e noveçentos e viinte maravedis, contando branqua en tres dineiros dos marquos de noso señor el rey, os quaes morabedis eu teño en merçed en cada anno do dito señor rey e os (ouve) de aver da dita merçed o dito ano pasado e renunçio a toda exepçon que non diga delo o contrario e aa ley do aver non dado e contado e pagado visto nen reçebido en presença do notario etc. e a ley que dis que se pode opoer esta exepçon e que se feso a confeson so asperança de paga e renunçio aas leis que disen que as ditas exepções se poden opoer ata certos tenpos e dou delo por quito e livre para senpre a vos o dito Garcia Rodriges en nome do dito conçello. E eu o dito Garcia Rodriges que presente soo asi o reçebo Testemoyas que foron presentes: Martin Serpe,Juan Ares da Cana e Fernan Gonçales do Preguntoiro e Alvaro Alonso Juliate, jurados da dita çidade:

(Fol. 75) Predito. O dito conçello, alcalles e regidores susoditos mandaron aos ditos alcalles que costrengesen e apremeasen aos moradores enna colaçon de Santo Andre que desen e pagasen a o bachiller Gomes Rodriges triinta e nove maravedis e medio contando banqua a tres dineiros, que o dito bachiller pagara por Garcia Rodriges e Maria

de Corvelle, sua moller, os quaes maravedis ouveran de sẽer descontados a os sobreditos da renda en que foron repartidos o anno pasado. Testemoyas, os sobreditos.

Predito. Seendo o conçello, alcalles e regidores e omes bõos da çidade de Santiago juntados por crida de anafil enno sobrado da notaria de min Rui Martines, notario publico jurado da dita çidade segundo que han de uso e de costume, presentes ende Juan Fernandes Abril e Vaasco Peres Abril, alcalles, Martin Serpe e Alvaro Afonso Juliate, Fernan Gonçales do Preguntoiro, Gomes Rodriges, bachiller Martin Galos e Juan Ares da Cana, regidores, jurados enna dita çidade e Pero Leal, Juan Fernandes, ferreiro, e Gonçalvo Yanes do Escurelo e Juan Agulla, correeiro, vesiños da dita çidade e en presença de min o dito Rui Martines, notario e dos testemoyas adeante escriptos, pareçeu enno dito conçello Juan Sanches, juis da vila de Noya e recabdador de noso señor o arçobispo de Santiago e presentou enno dito conçello e feso leer por min o dito notario hũa carta de toma do dito señor arçobispo escripta en papel e firmada de seu nome e seelada de seu seelo ennas espaldas posto sobre çera colorada da qual seu thenor he este que se sigue:

Nos el arçobispo de Santiago, capellan mayor de nuestro señor el rey e su notario mayor del reino de Leon e oydor de la su Audiençia, por rason que nos avemos de aver çiertos maravedis de nuestro señor el rey en este anno de mill e quatroçientos e veynte annos, de los quales fasta aqui non nos es fecho libramiento alguno e por quanto al presente estamos en menester para cunplir e faser algunas cosas que cunplen a serviçio de nuestro señor el rey e atreviendonos a la su merçed otorgamos e conoçemos que tomamos e fasemos toma de vos los fieles e cogedores de las alcavalas de la nuestra çibdad de Santiago deste anno de mill e quatroçientos e vinte annos de quantia de veynte mill maravedis de moeda blanqua, en çinquo dineros, en esta guisa: de vos los fieles e cogedores del alcavala del pan quinientos maravedis; de vos lo fieles e cogedores del alcavala del vino nueve mill e tresientos maravedis; de vos los fieles e cogedores del alcavala de la carne dos mill e quatroçientos maravedis; de vos los fieles e cogedores del alcavala del pescado mill e ocoçientos maravedis; de vos los fieles e cogedores del alcavala de los paños dos mill e quatroçientos maravedis, de vos los fieles cogedores de la alcavala de la çapateria mill maravedis; de vos los fieles e cogedores del alcavala del gros, quinientos maravedis; de vos los fieles e cogedores del alcavala de salvagina, seteçientos maravedis; de vos los fieles e cogedores del alcavala del fierro seisçientos maravedis; de vos los fieles e cogedores de la alcavala de la fruta dusientos maravedis; de vos los fieles e

Nomeamento de procuradores do Concello a favor de García Rodríguez, cambiador, e a Juan Domínguez de Linares, por un ano, salario de 1.000 maravedís e exención de impostos.

fol. 53 v

1419, xaneiro, 13.

O Concello dá as cartas de costume ós veciños da cidade.

fol. 54

1419, xaneiro, 13.

O Concello autoriza a Martín Galos e Juan Ares da Cana para que recaden e demanden, no prazo de 3 meses, as dereituras que lles eran debidas por razón das súas alcaldías o ano pasado.

fol. 54

1419, xaneiro, 16.

Elección dos seis homes bos para que concorresen ó Concello por mor de reparto e derramas.

fol. 54

1419, xaneiro, 16.

O Concello ordena que se tomen as contas de Alvaro Gil e Pedro Leiteiro, procuradores que foran o ano anterior e o mesmo a Alvaro Vizoso de 3.000 maravedís do empréstito que recadou para o Concello.

fol. 54

1419, xaneiro, 23.

Fernan Ares Xarpa recoñece ter recibido 1.494 maravedís, dos marcos que lle correspondían por mercede do Rei.

fol. 55

1419, xaneiro, 31.

Juan Fernández da Cana, coengo de Santiago, recadador do arcebispo don Lope, recoñece ter recibido 25.000 maravedís dos procuradores de
1418, importe do servicio que se pagaba ó prelado.

fol. 54 v

1419, febreiro, 10.

O Concello ordena ós procuradores que dean os peñores que tiñan das pescadeiras a cada un dos serventes para que os venderan e, do importe, o Concello se quedara coa cantidade para pagarlles ós que se lles deben.

fol. 55

1419, febreiro, 10.

O Concello manda ó procurador García Rodríguez preste a Sueiro da Enfesta 20 maravedís para levar unha carta a Rui de Sandoval.

fol. 55

1419, marzo, 11.

O Concello ordena pagar a Nuño González de Vilariño, escudeiro do Adiantado Maior de Galicia, os maravedís correspondentes ó xantar do Rei, e soltase ó veciño de Santiago Vasco Fernández de Piloño.

fol.55

1419, marzo, 11.

Martín das Figueiras, Bacharel en Decretos e Alcalde Maior do Arcebispo no seu pazo e arcebispado, solicita do Concello axuda para facer xustiza en Martín de Vaya, que estaba preso na fortaleza de Rochaforte, solicitaba que o pregoeiro Domingo Longo fose con el polas trazas da cidade para facer pregón segundo era costume en semellantes casos e que como gracia especial que os alcaldes acompañasen ó citado Alcalde Maior ata acabada a xustiza que el entendía mandar hacer. Todo esto sen prexuízo dos privilexios, liberdades, usos e costumes da cidade.

fol.55 v

1419, marzo, 13.

O Concello acorda que Jacome Martínez, pola axuda que en todo momento prestara ós veciños, non pagase máis de 30 maravedís da renda, o mesmo se concede á súa muller.

fol.55 v-56

1419, marzo, 15.

O Conello ordena arranxar e compoñe-las portas da cidade que o necesitasen.

fol.55 v-56

1419, marzo, 15.

O Concello levanta o preito homenaxe que fixera Esteban Rodríguez Varela, xurado que foi da cidade polas chaves da citada porta de Vasco Troco Abril, alcalde, que foi en mans de Ares Chantreiro.

fol. 56

1419, marzo, 15.

Juan Raposo, cambiador, fai preito homenaxe polas chaves da porta da Trindade, en mans de Vasco Troco.

fol. 56

1419, marzo, 15.

Juan Ares da Cana fai preito homenaxe polas chaves da Porta da Mámoa.

fol. 56 v

1419, marzo, 15.

Juan de Mazarelas, fai preito homenaxe polas chaves da Porta de San Francisco.

fol. 56 v

1419, marzo, 29.

Juan Pérez, alfaiate, recoñece ter recibido do Concello, 720 maravedís, que correspondían ó escudeiro Núñes González de Vilariño, do xantar do Rei, que tiña en mercede do Adiantado Maior de Galicia.

fol. 56 v-57

1419, abril, 4.

O Concello ordena que se paguen ó Bacharel Gómez Rodríguez os maravedís que tiña por mercede do arcebispo.

fol. 57

1419, abril, 4.

O Concello ordena ós procuradores que recadasen os alcabales das persoas que prestaran cartos ó procurador Alvaro Vizos e se lle descontase do que agora tiñan que pagar.

fo1.57 v

1419, abril, 5.

Juan II ordena que os veciños de Santiago non sexan peñorados polas débedas que un concello teña con outro, nin unha persoa con outra, senón que só o sexan polas débedas propias.

fol.58-58 v

1419, maio, 12.

Juan de Boado, crego, declara ter recibido dos procuradores do Concello, 150 maravedís, salario anual que recibía por armar e procurar o relojo da iglesia de Santiago.

fol.58 v

1419, maio, 17.

Afonso da Cana, confesa ter recibido 100 maravedís do seu salario de 1418.

fol.59

1419, maio, 20.

Fernan Vieites, declara ter recibido 90 maravedís do seu salario anual de 1418.

fol.59

1419, xuño, 2.

O Concello ordena ós procuradores que pagasen a Afonso da Cana, servente do mesmo todo o que lle era debido do seu salario e vestiario en tercio do ano O día 3 o interesado declara ter recibido os 50 maravedís que lle debían.

fol.59

1419, xuño, 16.

O mesmo Afonso da Cana declara ter recibido 350 maravedís do seu salario e vestiario dos anos pasados ata finais do mes de xuño.

fol.59 v

1419, xuño, 19.

O Concello aproba as contas dadas polos procuradores Alvaro Gil e Pedro Leiteiro, correspondentes a 1417 a agosto de 1418, por valor de 39.919 mravedís.

fol.59 v-61

1419, xuño, 19.

O Concello, por consideración á Orde de San Domingos, concede ó mosteiro de Bonaval que María Franqueira, panadeira do mesmo, non pague impostos o dito ano.

fol. 61 v

1419, xuño, 19.

Afonso Lorenzo, racioneiro da Igrexa de Santiago e capelán da Capela de Santa Catalina, declara ter recibido dos procuradores do Concello 180 maravedís do que lle correspondía por razón de dita capelanía.

fol. 61 v

1419, xuño, 20.

O cirurxián mestre Fernando declara ter recibido os 300 maravedís, importe do seu salario anual.

fol. 61 v

1419, xuño, 30.

O Concello diante da protesta de Juan de Trivyn, caldeireiro, na rúa do Castro, e vistas as súas razóns, rebáixalle a cantidade coa que figuraba nos impostos.

fol. 62

1419, xullo, 3.

Juan Ares da Cana, declara ter recibido 1.300 maravedís do salario polo seu oficio de alcaldía e derrama-la renda.

fol. 62 v

1419, xullo, 5.

En vista de que na cidade non había mordomo que coidase do cárcere, gardase os presos e fixese as entregas e execucións segundo o costume, o Concello delega nos procuradores para que fixesen as xestións diante de Bernal Yanes do Campo, que tiña o cargo de podelo nomear, que o fixese para garda da cidade.

fol. 62 v

1419, agosto, 30.

Fernán Gómez de Tordehumos, veciño de León, presenta carta do Rei, data 3 abril 1419, na que nomea coma recadador maior no arcebispado de Santiago, bispado de Tui e Mondoñedo e dos dezmos e alfolís, etc., a Diego Fernández de León. Acompáñanse os poderes deste a favor de Fernán Gómez de Tordehumos e a Pedro López de Saldaña.

fol. 63-66 v

1419, xullo, 28.

O Concello acorda disminuír 30 maravedís do imposto que se lle impuxera a María Fernández de Corvelle, muller do alfaiate García Rodríguez.

fol. 67

1419, setembro, 15.

O Concello acorda que por canto os moradores da colación de San Félix repartiran maliciosamente a Gómez Afonso e á súa muller Mayor Pérez na renda deste ano sendo el cego e pobre mendigante e non teendo por que pagar os maraedis polo que tendo en conta a enfermidade e pobreza, non debe paga-lo devandito imposto.

fol. 67 v

1419, outubro, 2.

Diante da protesta de moitos veciños de que a cantidade que se lles asigna para pagar no padrón de rendas non estaba conforme coa que lle correspondía acórdase facer novo padrón nomeando a varios veciños representantes de cada unha das colacións para que o fixesen.

fol. 67 v-68

1419, outubro, 2.

O Concello ordena que dos maravedís que repartira García Pérez, cambiador, non pagara máis de 18 e que considerase fallo da colación de San Xoán Bautista, onde moraba.

fol. 68 v

1419, novembro, 10.

O Concello ordena que se pague ó servente Afonso Da Cana todo o que se lle debía do seu salario.

fol. 68 v

1419, novembro, 10.

Martín Galos fai entrega de dous privilexios, un referido ás 400 moedas que Enrique III quitar ó Concello e outro ó privilexio dos portádegos; estes privilexios sacáronse da ucha del concejo y see entregaron al pelitero Juan Domínguez para que los llevase al notario de la ciudad Pedro Afonso, que de conseguir la confirmación del monarca.

fol. 68 v

1419, novembro, 10.

O Concello manda ós seus procuradores dean a Juan Domínguez 200 maravedís para os gastos da súa ida á Corte coa petición que enviaban ó arcebispo.

fol. 68 v

1419, novembro, 17.

O Concello, tendo en conta que os moradores da colación de San Xoán Apóstolo repartiran maliciosamente a Fernan de Pereira, alfaiate, sendo este pobre, vello e cego e non tendo con que se manter e menos paga-lo imposto, acorda que non se cobrase ningún ó devandito Fernan de Pereira.

fol. 69

1419, decembro, 1.

O Concello manda ós procuradores que o foran Pedro Leiteiro e Alvaro Gil, ausentes, que entreguen os peñores tomados ás panadeiras por non teren pagado as penas nas que incorreran.

fol. 69-69 v

1419, decembro, 1.

O Concello ordena ó procurador Juan Domínguez, que se reparase a muralla entre a porta do Camiño e o poxigo da Algara, parte da cal muralla estaba derrubada e que se mandase reparar e corrixir outro treito da dita muralla que estaba derrubada en Baldomar.

fol. 69 v

1419, decembro, 11.

O notario Rui Martínez recoñece ter recibido 122 maravedís e 7 diñeiros polo seu salario anual, e 4 floríns de ouro do cuño de Aragón, que o Concello lle mandara dar por la chancelleria de hua carta de noso senor el Rey que eu lles trouxe sobre os peñores que facían algunhas persoas nos veciños da cidade.

fol. 69 v-70

1419, decembro, 11.

Protesta dos Alcaldes contra o arcebispo porque durante a súa ausencia non deixara ó seu vigairo para recibi-los nomes do cobrado de 12 homes bos para a elección dos dous alcaldes, e que a pesar de non estar obrigado a presentalo ó arcebispo fóra da cidade, facíao este ano de xeito excepcional enviando como procuradores para leva-la relación ó notario Afonso Perez de Vilamide e Juan Domínguez.

fol. 70-70 v

1419, decembro, 11.

Relación dos doce nomes contidos no cobrado para que o arcebispo elixise os dos alcaldes.

fol. 70 v-71

1419, decembro, 11.

O Concello ordena ós procuradores dean 320 maravedís a Juan Domínguez para os gastos que orixinan o leva-los cobrados ó arcebispo. O mesmo día o interesado declara ter recibido a cantidade.

fol. 71

1419, decembro, 14.

O Concello e homes bos tendo en conta que na elaboración dos nomes que debían ir nos cobrados, non se cumpriran as ordenanzas, mandaron que se fixera de novo a elección.

fol. 71-71 v

1420, xaneiro, 20.

O Concello recibe o xuramento dos alcaldes nomeados polo arcebispo Don Lope para este ano, e admíteos coma tales alcaldes.

fol. 71 v

1420, febreiro, 16.

Vasco Fernández Troco, recoñece ter recibido do procurador do Concello, a cantidade de 1.700 maravedís, por diversos conceptos no exercicio da alcaldía no último ano.

fol. 72

1420, febreiro, 22.

O Concello, cumprindo as Ordenanzas nomea ós seis homes bos, para que en representación da Comunidade e xunto cos Alcaldes, estean presentes no reparto e derramas que se fagan na cidade.

costume.

fol. 72-72 v

1420, febreiro, 22.

O Concello ordena a entrega de 2.000 maravedís a Diego López de Toledo pola axuda e boas obras que del recibira.

fol. 72 v

1420, febreiro, 22.

O Concello ordena se pague a Fernan Ares Xarpa, os maravedís que lle eran debidos dos marcos que pertencían ó Rei na cidade que o antedito Fernan Ares tiña por mercede do monarca.

fol. 72 v

1420, febreiro, 22.

Gómez Rodríguez, Bacharel en Decretos, declara ter recibido do Concello 4.420 maravedís, suma total dos marcos que tiña por mercede do arcebispo, o seu salario de avogacía e polo traballo de recadación da renda durante
1419 e o desempeño da alcaldía.

fol. 73

1420, febreiro, 24.

O pregoeiro Domingo Longo, declara ter efectuado o pregón sobre que os arrendadores fosen á casa do recadador Fernan González.

fol. 73

1420, marzo, 9.

O Concello e os representantes da comunidade aproban as contas presentadas polos procuradores, que sumaban 45.000 maravedís.

fol. 73 v-74

1420, marzo, 9.

Afonso da Cana, servente do Concello, declara ter recibido o importe do seu salario e vestiario que lle correspondía.

fol. 73 v-74

1420, marzo, 27.

O Concello nomea procuradores polo prazo dun ano a Nuño González Vinagre e Juan Raposo.

fol. 74 v

1420, marzo, 27.

Fernan Ares Xarpa, declara ter recibido 1920 maravedís, dos marcos que ten por mercede do monarca.

fol. 75

1420, marzo, 27.

Carta do Rei comunicando que facía toma dos fieis e colledores das alcabalas da cidade de Santiago de 20 mil maravedís, sobre as fieldades que se citan.

fol. 75

1420, xullo, 21.

O Concello solicita ó arcebispo don Lope de Mendoza levantase as penas lanzadas sobre os habitantes e veciños de Santiago polas razóns contidas na carta do prelado.

fol. 76-76 v

1420, xullo, 30.

O arcebispo concede que estando el fóra da cidade, na Corte, o Concello presente os cobrados de 1421, ó seu sobriño Juan de Mendoza, Pertigueiro maior da Terra de Santiago.

fol. 76 v

1420, abril, 23.

O Concello ordena empezar a recada-lo importe do repartimento de 40 mil maravedís, para facer fronte ós gastos do servicio do arcebispo, xantar e marcos do Rei e salarios dos serventes.

fol. 77

1420, abril, 23.

O Concello ordena o pagamento dos maravedís que tiña por mercede do arcebispo nos marcos da cidade, ó bacharel Gómez Rodríguez.

fol. 77

1420, xuño, 7.

O Concello acorda que por canto Oliver Morin, bretón, bulseiro e a súa muller había pouco tempo que viñeran morar na cidade, e porque os extranjeiros que se vinan ou quisesen vinir morar a dita Çidade avian de aver boa conpannia e gasallado e non seren agraviados, non pagasen a renda na que agora foran repartidos na colación de San Xoán.

fol. 77 v

1420, xuño, 8.

O Concello ordena ós procuradores falen co arcebispo sobre a carta deste referente a empréstitos e acostamientos dos veciños da cidade e vasalos do prelado.

fol. 77 v

1420, xullo, 3.

O Concello ordena ós procuradores que unha vez que se fixese o pagamento dos servicios ó Arcebispo, se lle deran 1500 maravedís a Jacome García Queijo, veciño de Santiago, por unha obrigación que fixera.

fol. 77 v

1420, xullo, 3.

O Concello ordena que os peñores tomados por mor do pagamento das rendas e os que tomasen en diante os vendesen os procuradores, segundo o costume.

fol. 77 v

1420, xullo, 3.

O Concello ordena ó procurador que pagase a Martín Serpe e mais a Pedro Yanes o custo da viaxe que fixeron á Rocha Branca de Padrón para visitaren ó arcebispo.

fol. 77 v-78

1420, xullo, 3.

O procurador Juan Raposo dá poder a García da Fraga, tundidor, para que no seu nome demandase os maravedís da renda que o procurador tiña que recadar, así como os peñores que fosen tomados.

fol. 78

1420, xullo, 8.

O Concello manda ós procuradores que pagasen a Afonso da Cana, servente, o que se demostrase que lle era debido polo seu salario.

fol. 78

1420, agosto, 3.

O Concello ordena que se prestasen a Juan Sánchez de Alcalá 500 pares de brancas a fin de setembro.

fol. 78

1420, agosto, 8.

Domingo Longo, servente do Concello, declara ter recibido 120 maravedís, importe do seu salario anual.

fol. 78

1420, agosto, 10.

O Concello ordena que se pagase a García Rodríguez, cambiador, 20 maravedís, polo traballo de tomar testemuñas sobre o Concello de Melide para que viñese ó repartimento do pedido do Rei.

fol. 78 v

1420, agosto, 10.

O Concello ordena ós seus procuradores que paguen a Afonso da Cana, servente, o que lle correspondía polo seu salario, contestando o procurador que non podía facerse mentres non se pagase o importe do servicio ó arcebispo.

fol. 78 v

1420, agosto, 11.

Cuestións de competencia xurisdiccional entre o Concello e o Xuíz da Audiencia arcebispal.

fol. 78 v-79

1420, agosto, 12.

O Concello manda a Martín Serpe e Afonso Fernández, rexedores que examinasen os libros polo que se recadaban os impostos da cidade e se informaran de cantos maravedís fallaban dos 30.000 da dita renda, e que eses fallos se repartiran entre as distintas colacións da cidade, e que as colacións as repartiran entre os habitantes delas.

fol. 79

1420, agosto, 16.

O Concello, por facer gracia e axuda ó mosteiro de San Domingos, exime a María Franca, panadeira deste, do importe que lle correspondía no repartimento.

fol. 79 v

1420, agosto, 22.

O Concello ordena a Afonso Domínguez, ausente, que pagase a Jácome García Queijo, no nome de Fernan González de Avilés, 1.066 maravedís, do tercio de renda do peso deste ano, que o citado Afonso Domínguez tiña arrendado do Concello.

fol. 79 v

1420.

Carta do arcebispo (sen mes nin día), reclamando os maravedís que lle pertencían da renda do Rei, tomando dos fieis das alcabalas 20.000 maravedís. Hai testemuña de telos cobrado.

fol. 81-81 v

1420, outubro, 11.

O Concello, visto que o mestre Fernando, cirurxián, a quien Dios perdone, e a súa muller Leonor Garrida, estaban exentos de pagar renda por razón do seu oficio, e a súa muller husava do oficio e era muy cumplideira en el aos veciños, e non era casada e eso mesmo era poble e non conprava nen vendía, exímea do pagamento dos impostos.

fol. 82

1420, outubro, 21.

Jácome García Queijo, no nome de Fernan Gonzalez de Oviedo declara ter recibido de Afonso Domínguez 1.066 maravedís que debía pagar ó Concello por portaxe e peso, amais de 217 maravedís de cada procurador, que completaban os 1.500 que o Concello debía pagar ó citado Fernan González.

fol. 82 v

1420, outubro, 28.

Acordo do Concello e mordomo da cidade sobre as dereituras que habían dá-los moradores da cidade e os serventes de fóra dela.

fol. 82 v

1420, outubro, 28.

Gómez Rodríguez, Bacharel en Decretos, declara ter recibido dos procuradores do Concello 1.900 maravedís que lle correspondían este ano dos marcos do arcebispo que tiña mercede deste.

fol. 83

1420, outubro, 30.

O Concello, ordena que os procuradores paguen os salarios dos serventes, alcaldes, procuradores e do que sobrase pagasen ó notario Pedro Afonso 720 maravedís, que o Concello lle debía pola confirmación dos privilexios da cidade.

fol. 83

1420, outubro, 30.

O Concello afirma ter recibido do notario Pedro Afonso os privilexios confirmados polo rei e que unha vez recibidos por Martin Galos, os puxeran na hucha do Conçello con as outras scripturas que ende estavan.

fol. 83 v

1420, outubro, 30.

O Concello ordena ós procuradores que pagasen, en primeiro lugar as débedas do mesmo a Gómez Rodríguez, bacharel, que montaban 400 maravedís, como avogado.

fol. 83 v

1420, novembro, 7.

O Bacharel Gómez Rodríguez, declara ter recibido 200 maravedís dos 400 que lle correspondían como avogado do Concello.

fol. 83 v

1420, novembro, 18.

O Concello diante da situación na que se atopaba a cidade ordena que se tevese, comprise e agardase a dita Hermandade segundo e enna maneira que estava feita, designando como alcaldes da mesma a Gonzalo de Covas e Vasco Fernández Troco.

fol. 83 v

1420, novembro, 18.

Carta do arcebispo ordenando se entregue a Juan Sánchez, xuíz da vila de Noia, os 30.000 maravedís que o Concello de Santiago debía polo servicio ó prelado.

fol. 84

1420, decembro, 24 (di 1421).

Juan Rodriguez de Avilés, declara ter recibido, no nome de Juan Sánchez de Noia, recadador do arcebispo a cantidade de 30.000 maravedís do servicio ó prelado.

fol. 84-84 v

1420, decembro, 26 (di 1421).

O Concello indica ós procuradores que manden pecha-las portas da cidade, e que unha vez pechadas que ninguén se atrevese a abrilas sen permiso do Concello.

fol. 84 v

1420, decembro, 30 (di 1421).

O Concello manda ó procurador Nuño Vinagre, que mudase as gardas da fichadura da porta de Macarelas restaurase o tellado de dita torre e fixese apostar as portas da Algalia de Arriba, Camiño e poxigo de San Francisco.

fol. 84

1421, xaneiro, 2.

Juan Fernández Abril, alcalde durante 1420, toma xuramento a Martín Serpe e Gómez Rodríguez, nomeados para dito cargo durante o ano 1421.

fol. 84 v

1421, xaneiro, 2.

O Concello ordena que se dean as cartas de costume ós veciños da cidade, e sinala dous meses de prazo para os alcaldes do ano anterior para o cobro das súas dereituras.

fol. 84 v

1421, xaneiro, 2.

O Concello ordena ós procuradores que pescudasen o que se lles debía ós alcaldes polos seus salarios, e se lles pagasen.

fol. 84 v

1421, xaneiro, 9.

Translado do privilexio dado porJuan II o 22 de Febreiro de

1420, no que confirmando os de Enrique II, Juan I e Enrique III, no que se lle concedía ós veciños e moradores a exención de portádegos e peaxe en tódalas cidades do Reino polas mercadorías que trouxeran ou levaran á cidade.

fol. 85-87

1421, xaneiro, 9.

O Concello ordena se dean a Juan Ares Chantreiro, para que levase carta a dona Constanza, filla do conde don Pedro.

fol. 87 v

1421, xaneiro, 18.

Carta de dona Constanza, filla do conde don Pedro, na que asegura que a súa intención e a do Conde non é facer mal nin mandalo facer ós veciños de Santiago, polo que estes podían ir por todo o seu condado coas súas mercadorías, sen ningún medo.

fol. 87 v

1421, xaneiro, 13.

Gonzalo Pérez de Valdemar e Fernan Vieites, declaran ter recibido o importe do seu salario do ano 1420.

fol. 87 v

1421, febreiro, 12.

O Concello ordena se pague o seu salario ó servente do mesmo, Domingo Longo. O día 20, este declara que o recibiu.

fol. 88

1421, febreiro, 12.

O Concello ordena ás pescadeiras da cidade que vendesen o peixe fresco e seco a peso, segundo estaba establecido. Deuse pregón sobre esto.

fol. 88

1421, febreiro, 12.

O Concello ordena que Juan Pérez das Mozas non fose demandado polos maravedís de renda que se lle impuxeran.

fol. 88

1421, febreiro, 12.

Orde para que se pague ó notario o importe das escrituras que fixera para o Concello.

fol. 88

1421, febreiro, 12.

Afonso da Cana declara ter recibido os 400 maravedís do seu salario.

fol. 88 v

1421, marzo, 3.

Carta do conde don Fadrique, duque de Arjona, do 20 de febreiro, ratificando o seguro ós mercadores de Santiago e todo o territorio dos seus estados.

fol. 88 v-89

1421, marzo, 10.

O Concello ordena que se pague a Juan da Mámoa, veciño de Santiago, os gastos por levar ó arcebispo as apelacións sobre a sisa.

fol. 88 v-89

1421, marzo, 17.

O Concello manda ós procuradores que fixesen endereita-las portas da muralla de fechaduras e ferrollos e palmelas e pedra e madeira que lles fose neçcesaria. Ó mesmo tempo ordena que estivesen abertas as portas do Camiño, Mazarelas, Faxeiras e Trindade, poñendo nelas gardas e permanecendo as outras pechadas.

fol. 89 v

1421, marzo, 17.

Fernan Ares Xarpa, cidadán de Santiago, declara ter recibido dos procuradores os maravedís que tiña por mercede nos marcos do Rei.

fol. 89 v

1421, marzo, 17.

Juan de Boado, crego do Coro da Igrexa de Santiago, declara ter recibido 150 maravedís, salario por arma-lo reloxio.

fol. 89 v

1421, marzo, 17.

Afonso Lorenzo, racioneiro de Santiago e capelán da capela de Santa Catalina, declara ter recibido 150 maravedís que tiña por dita capelanía.

fol. 89 v

1421, marzo, 17.

O Concello acorda nomear procurador do mesmo a Rui Freire, escudeiro, ó que se lle sinalan mil maravedís de soldo e se lle toma xuramento.

fol. 90-91

1421, xuño, 2.

Rui Sánchez de Moscoso, vasalo do Rei, lembra que o seu tío Bernal Yañez do Campo, foi pusuidor dunha táboa do selo do Concello da cidade e que a el como herdeiro do seu tío pertenecíalle agora tela. Acéptao o Concello e tómalle o xuramento do preito homenaxe.

fol. 90

1421, xuño, 27.

O Concello acorda nomear procurador do mesmo a Rui Freire, escudeiro, ó que se lle sinalan mil maravedís de soldo e se lle toma xuramento.

fol. 90-91

1421, xuño, 27.

O Concello nomea unha comisión, para que xuntamente co novo procurador, tomase as contas a Nuño Vinagre e ós herdeiros de Juan Raposo, procuradores que foran durante o ano 1420.

fol. 91 v

1421, xuño, 27.

O Concello e comunidade ratificaba a Rui Sánchez de Moscoso na veciñanza da cidade, como fora Bernal Yañez do Campo, e gozase dos privilexios e liberdades de que gozaban os outros veciños.

fol. 91 v

1421, xullo, 27.

O Concello é sabedor e dá a súa conformidade ó disposto polo Rei Juan II, en carta do 10 de xullo, para que non se obedeza o disposto polo arcebispo don Lope de Mendoza sobre pagamento dos repartos feitos polo prelado sen o permiso do monarca.

fol. 91 v-92 v

1421, xullo, 27.

O Concello e vigairos das confrarías ordenan ó procurador que dea 150 maravedís ó crego Juan de Boado polo seu traballo de armar e procurar o relogio da igrexa catedral.

fol. 92 v

1421, agosto, 5.

Os representantes das confrarías, dan seguro do diñeiro prestado por Rui Tolán e Fernan Bernáldez con obxecto de presentar ó Rei certos privilexios e cartas de merce-de que entendían ganar do mesmo a favor das confrarías e dos moradores da cidade.

fol. 92 v-93

1421, agosto, 7.

O Concello e os vigairos das confrarías ordenan que se paguen as cantidades que se expresan ás persoas que se indican.

fol. 93-93 v

1421, agosto, 7.

Miguel Rodríguez, cambiador, no nome da súa muller require ó Concello que recibise as contas de Juan Raposo, marido que foi da citada Marina, e que fora procurador do Concello.

fol. 93 v-94

1421, agosto, 12.

O Concello e vigairos das Confrarías, diante da falta de efectivo para facer fronte ós gastos, reparten a cantidade de 10.000 maravedís da renda dos 30.000 maravedís da renda.

fol. 94 v

1421, agosto, 12.

O Concello acorda que se pague o salario ós alcaldes.

fol. 94 v

1421, agosto, 13.

Os vigairos das Confrarías declaran que revocaban os mandamentos que se fixeran dos pagamentos que mandaron facer efectivos a Rui Freire, non sendo os correspondentes ó bacharel Gómez Rodríguez, Vasco de Piloño e Gonzalo Eanes de Escurelo. Desconformidade do Concello.

fol. 94

1421, outubro, 9.

Gomez Rodríguez, bacharel en Decretos, recoñece ter recibido do procurador do Concello 700 maravedís dos marcos que tiña por mercede do arcebispo don Lope.

fol. 94 v

1422, maio, 16.

O Concello, diante da necesidade de paga-las débedas e os servicios do Rei e prelado, acorda se recade media renda utilizando os recadadores para facelo, os padróns que estaban.feitos. Os vigairos opuxéronse, alomenos ata que se tomasen as contas ós procuradores do ano pasado para sabe-lo que se debía e o que había que pagar.

fol. 94 v

1422, maio, 16.

O Concello ordena que o procurador pagase a Gómez Rodríguez, bacharel, os maravedís que lle estaban debendo, o mesmo que a outras persoas. O procurador declara que non ousara coller e recabdar por reçeo dos da comonidade que non querian pagar e avian contradito o mandamento sobre lo feito.

fol. 94 v

1422, maio, 16.

O Concello acorda nomear contadores para tomar conta dos procuradores Nuno Vinagre y Juan Raposo.

fol. 94 v

1422, maio, 22.

O Concello acorda que se recade a renda e tercia para paga-lo pedido do Rei e as outras débedas que houbera, e que a cantidade se repartise entre os veciños, segundo o padrón. Opuxéronse os vigairos.

fol. 96

1422, maio, 22.

O alcalde Juan Fernández Abril toma xuramento a Fernan Juliate, polo cargo de mordomo para o que fora nomeado.

fol. 96

1422, xuño, 30.

O Concello, coa presencia dos vigairos e Rui Sánchez de Moscoso, recibe a carta do Rei Juan II sobre que non se obedezan os mandamentos do prelado sobre pedidos e pechos extraordinarios (Está incompleta).

fol. 96 v

APÉNDICE

1418, outubro, 3.

O Concello dáse por sabedor, por carta de Juan II (Valladolid 20 de maio), do nomeamento de recadador maior a favor de Diego Fernández de León, e do poder dado por este a Fernán González de Oviedo (León 1 setembro).

fol. 1-9 v

1418, marzo, 4. Madrid.

Carta de Juan II nomeando a Diego Fernández de León, recadador maior no arcebispado de Santiago e bispado de Tui.

fol. 9 v-12 v

1420, agosto, 16.

O Concello dáse por sabedor da carta de Juan II nomeando racadador maior a Diego Fernández de León; de outra pola que este arrenda a metade das rendas a Pedro Fariña de Noya, criado de Diego López de León; do traspaso do dito arrendo a Diego Fernández de León e o poder dado por este a Fernán González de Oviedo.

fol. 13-21 v

1420, outubro, 14.

Carta de Diego Fernández de León dando poder a Fernan González de Oviedo para o cobro das rendas das alcabalas de Santiago, o seu Xiro, e xulgados de Vuillestro, Marrozos, Oexo, Arnes, San Estebo de Trasmonte, San Pedro de Busto e Igrixoa, terras do bispo de Cuenca en Ribadulla e as das vilas de Padrón e Pontevedra, así como a dos dezmos da mar e marcos da cidade de Santiago.

fol. 21 v-24

1421, agosto, 8. Arévalo.

Carta de Juan II nomeando recadador maior a Diego Fernández de León.

fol. 24 v-27

1421, novembro, 5.

Luís García de Avila arrendador maior das alcabalas do arcebispado de Santiago e bispado de Tui, comunica que Juan Fernández da Cana, o mozo arrendou del as rendas do Xiro da cidade de Santiago.

fol. 29-29 v

1420, decembro, 9.

O Concello dáse por sabedor de tódalas cartas anteriores (incompleto).

fol. 30

ÍNDICES DOS TEXTOS

INTRODUCIÓN

No Índice de Materias as voces que non teñen número de folio remiten ó Índice Onomástico se son nomes, e ó de Lugares e rúas de Santiago ou Toponímico se son topónimos.

No Índice de Topónimos os que van en letra maiúscula correspóndese coas grafías e nomes actuais mentres que os que van en letra minúscula correspóndense coas voces que aparecen no documento

ÍNDICE ONOMÁSTICO

D'AARIIN, GONÇALVO
fol. 4vº

ABRALDES, JUAN
fol. 19, 28vº, 36, 54, 77
encanavador por la colaçon de San Migell fol. 68
fiel da alcavala da salvagina fol. 11
fiel da alcavala do ferro fol. 11

ABRALDES, LOPO
mercador? fol. 5

ABRIL, GONÇALVO
fol. 2, 8vº, 11, 72vº, 91, 94vº
canbeador fol. 3vº, 68

AFAN DE RIBERA, PERO
adelantado mayor de la Frontera fol. 47

AFAN GUTIER, PER
almirante fol. 58

AFFONSO
criado do arçobispo fol. 17

AFONSO DE ÇAMORA, JUAN
contador do arçobispo fol. 26vº, 40

AFONSO DE DUANQUOS, PERO
fol. 61vº

AFONSO DE FAJEIRAS, JUAN
çapateiro fol. 71vº
vigario da confraria dos çapateiros fol. 92vº, 94

AFONSO JULIATE, ALVARO
fol. 1vº, 26vº, 71vº
regidor jurado da çidade de Santiago fol. 1, 9vº, 2, 2vº, 3vº, 5, 6vº, 8, 8vº, 11vº, 13vº, 14vº, 15vº, 16, 18vº, 19, 19vº, 22vº, 24, 26, 27vº, 28vº, 31, 32, 32vº, 38, 40, 41vº, 43vº, 44, 47, 49vº, 51, 52, 53vº, 54, 55vº, 56, 57vº, 58vº, 59, 59vº, 62, 67, 67vº, 69, 70, 70vº, 71, 71vº, 72, 73vº, 74vº, 75, 77, 77vº, 79, 79vº, 81vº, 82vº, 84vº, 85, 88, 89

AFONSO, JACOME
mercador fol. 62vº

AFONSO, PERO
notario fol. 6vº, 21, 31vº, 38, 40, 41vº, 42vº, 48vº, 52, 53vº, 56, 60vº, 68, 74, 76, 76vº, 77vº, 82, 82vº, 83, 84, 93vº

AFONSO, SUEIRO
servente do conçello fol. 40vº

AFONSO, FERNAN
fol. 74, 92vº

AFONSO, GOMES
fol. 67vº

AFONSO, GONÇALVO
sibicheiro fol. 47
cadrilleiro da colaçon de San Juan Bautista fol. 47

AFONSO, MARINA
moller de Miguel Rodrigues fol. 93vº

AFONSO, PERO
servente do conçello fol. 13, 13vº, 34vº, 41, 58vº, 60vº

AFONSO, PERO
escrivan do arçobispo fol. 38vº

AFONSO, PERO
fol. 32vº, 94vº

AFONSO, PERO
criado de Ruy Martines fol. 16, 41vº, 52, 59, 61vº, 67vº, 70, 84vº, 87vº

AFONSO, PERO
demandador fol. 48vº

AGGEDA, FERNANDO DE
fol. portada

AGULLA, JUAN
correeiro fol. 75, 92vº

ALFON DA ALGARA, FERNAN
fol. 34vº, 35vº, 36

ALFONSO DE ROBRES, FERNAN
fol. 47

ALFONSO XI
rey fol. 44vº

ALFONSUS
bachalarius in decretus fol. 87

ALFONSO, JUAN
dotor fol. 47

ALONSO DE COVAS, ÇONÇALVO
fol. 76vº

ALVARES DE LEON, LOPO
fol. 38
escudeiro de Diego Lopes fol. 17

ALVARES, FREY FERNAN
prior de Santa Maria de Bonaval fol. 61vº

ALVAROTE, JOHAN
fiel da alcavala da pedra et barro fol. 11vº

ANDRADE, PERO
fol. 65

ANDRÉS, JUAN
vigario da confraria dos çapateiros fol. 94vº

ANRRIQUES, ALFON
tio do rey. fol 47

ARAGON, FERNANDO DE
rey fol. 47

D'ARDELOS, VAASCO
escudeiro de Bemald Yanes fol. 53

ARES CHANTREIRO, JUAN
fol. 27vº, 28vº, 38vº, 41vº, 42vº, 44, 47, 48vº, 49, 53, 57vº, 58vº, 60vº, 69vº, 71vº, 74vº, 87vº, 90, 91, 92, 94, 94vº
notario. fol. 51

ARES DA CANA, JUAN
fol. 56vº, 73vº
regidor jurado da çidade de Santiago, regidor fol. 1, 2, 2vº, 3vº, 5, 6vº, 8, 8vº, 11vº, 12vº, 13vº, 14, 14vº, 15vº, 17, 17vº, 18vº, 19, 19vº, 20vº, 21vº, 22vº, 24, 26, 55vº, 57vº, 59, 59vº, 60vº, 61vº, 62vº, 67, 67vº, 68, 69, 70, 70vº, 71, 71vº, 72, 74vº, 75, 77, 77vº, 78, 79, 81vº, 82vº, 83vº, 85, 88, 89, 89vº, 90, 91vº, 93, 94, 94vº, 96vº
alcallde fol. 27, 27vº, 28, 29, 31, 32, 32vº, 33, 33vº, 39vº, 40, 41vº, 42, 43vº, 44, 49vº, 51, 52vº, 53, 53vº, 54, 61
cobre fol. 71, 71vº

ARES DO VILAR, JUAN
fol. 13vº, 14, 14vº, 15, 23vº, 24vº, 31vº, 38, 38vº, 47, 53, 55, 56, 68, 79vº, 88, 94, 94vº
canbeador fol. 22, 28vº
regidor e veedor dos feitos do çonçello 15vº
cadrilleiro da colaçon de Santo Andre fol. 47
fiel da alcavala do viño fol. 28vº

ARES XARPA, FERNAN
fol. 2vº, 27vº, 28, 28vº, 32, 34, 41vº, 51, 51vº, 54, 57vº, 59, 60, 61vº, 66, 71, 71vº, 72vº, 73, 73vº, 74vº, 75vº, 76, 77, 77vº, 89vº, 90, 91, 92, 94
justiça, alcalle. fol. 8vº, 11, 11vº, 12vº, 13vº, 14, 15vº, 16, 17, 17vº, 18, 19, 19vº, 20vº, 21vº, 22, 22vº, 24, 26, 28, 35vº
fillo de Aras Gonçalves Xarpa fol. 69vº
cobre fol. 71, 71vº

ARES, MAIOR
fol. 36
moller de Nuno Fernandes fol. 43vº

ARES, MARTIN
fol. 44

ARIAS SIERPE, FERNAN
fol. 12

ARIAS, FERRANT
fijo de Arias Garçia Serpa fol. 24vº

AROUÇA, PERO DA
canbeador fol. 24vº

ASINADA, CONSTANÇA
fol. 33vº, 60, 73vº

ASTUÑIGA, DIEGO DE
guarda do cuerpo do rey fol. 58

ASTUÑIGA, PEDRO DE
justiçia Mayor fol. 47

BALBOA, ARES DE
vigario dos piliteiros fol. 92vº

BALTAR, GOMES DE
fol. 28
ome de Fernand Ares Xarpa, fol. 24, 54
fiel da alcavala da salvagina fol. 11
fiel da alcavala da çera fol. 27vº

BANDO, AFONSO DE
anro de Juan Piqua fol. 53

BARCALA, VAASCO DE
fol. portada

BARQUO, AFONSO DO
fol. 34vº
çarralleiro fol. 7vº, 8vº
vigario da confraria dos ferreiros fol. 92vº

BERNALDES, AFONSO
fol. 71vº

BERNALDES, FERNAN
fol. 73vº, 91, 93
vigario da confraria de San Savaschaao fol. 92vº, 93vº, 94

BIEITES, FERNAN
fol. 25, 26vº, 30, 32vº, 74, 87vº
servente do conçello fol. 3vº, 5, 6, 6vº, 16, 18, 25vº, 26, 28, 34vº, 39vº, 41vº, 49vº, 59, 60vº, 82, 82vº

BOO, JUAN
fol. 36
clerigo do coro da Iglesia de Santiago fol. 2vº

BRANQUIO, JUAN
escrivan fol. 54vº

BRAVO, PERO
fiel da alcavala da çapateria fol. 11

BRION, ARAS DE
fol. 6

BRION, MARTIN DE
fol. 2, 33vº, 60, 73vº

criado de Bernald Yanes do Campo fol. 2

BUGEIRETE, JUAN
fol. 1, 9vº, 2vº, 3vº, 7vº, 11, 49, 51, 54, 55, 59, 62vº, 68, 69, 69vº, 70vº, 71, 71vº, 77vº, 78, 78vº, 79, 79, 79vº
cadrilleiro da colaçon de San Fiins fol. 47
cobre fol. 71

BUGEIROS, MARTIN DE
fol. 33vº, 36

BURGOS, MARTIN DE
fol. 60, 61, 73vº, 74

CABO, VAASCO DE
fol. 26vº
fiel da alcavala da carne fol. 27vº

CALVO, GONÇALVO
fol. 82vº

CALVO, RUI
ome de Juan Mendoça fol. 71

CANAS, GONÇALVO DE
fol. 13vº, 15vº

CANAS, JUAN DE
fiel da alcavala dos paños fol. 11

CANA, AFONSO DA
fol. 59, 74
carneçeiro fol. 5vº
servente do conçello fol. 7vº, 18, 18vº, 34vº, 41vº, 51, 52, 59, 60vº, 74vº, 78, 78vº, 88vº

CANA, ALVARO DA
fol. 69vº

CANES, GARÇIA
canbeador. fol. 94

CANNA, JUAN DA
fol. 12, 13, 15vº, 16, 20vº, 21, 22vº, 23vº, 24vº, 26vº, 31vº, 33, 47, 53vº, 54, 68, 69, 72vº
servente do conçello fol. 68
cambeador fol. 24
fiel da alcavala dos paños fol. 11, 17vº, 18

CARNEIRO, LOURENÇO
fol. 94vº
alfayate. fol. 79, 79vº
vigario dos alfayates fol. 94vº

CARRAL, LOURENÇO DO
vigario da confraria dos mercadores fol. 93

CARRANÇA, AFON DE
coengo enna iglesia de Santiago fol. 16

CASTRO, ALFON DE
tio de don Faldrique fol. 88vº

CASTRO, GOMES DE
fiel da alcavala das bestas fol. 11, 27vº

CASTRO, GONÇALVO DE
fiel da alcavala da çapataria fol. 28vº

CATALINA
fol. 47
reyna, madre de don Juan, tutora et regidora de seus regnos. fol. 1vº
mujer de don Enrique fol. 85

CERVIÑO O VELLO, PERO
fol. 26vº
ourives fol. 27vº, 93
fiel da alcavala da prata fol. 27vº

COCHIAS, GOMES
fiel da alcavala da pedra et barro fol. 11, 27vº

COCHORRO, PERO
escrivan fol. 71vº

COLYN
plateiro fol. 49vº

COMES o Vello, PERO
mercador fol. portada

CORVELLE, MARIA DE
v. MARIA FERNANDES DE CORVELLE

COSTANÇA
fila do conde don Pedro fol. 87vº

COSTAS, JUAN
fol. 33vº, 60, 84vº
mercador fol. 73vº

COSTA, GOMES DA
escudeiro do arçobispo fol. 40vº

COSTUMEIRO, GONÇALVO
fol. 93vº

COVAS, GONÇALVO DE
fol. 2, 13vº, 14vº, 17, 19, 30, 41vº, 59, 71vº, 72vº, 77vº, 85, 89, 94, 94vº
canbeador fol. 24
alcallde da hermandade fol. 47, 84
fiel da alcavala do viño fol. 11, 20vº
veedor do conçello fol. 15vº

COVA, JUAN DA
fol. 15

COXO, FERNAN
teneleyro fol. 22

CHANTREIRO, ARES
fol. 11vº, 15vº, 23vº, 30vº, 32, 38vº, 39vº, 41vº, 41vº, 42vº, 49, 51, 52, 53vº, 54, 56, 61vº, 67, 74vº, 89, 89vº, 90, 91vº, 94, 94vº
canbeador fol. 28vº, 72vº
procurador fol 34vº, 44
cobre fol. 71, 71vº

cadrilleiro da colaçon de San Migell fol. 47
fiel da alcavala da carne fol. 11
fiel da alcavala do viño fol. 28vº

CHOÇA, JUAN DE LA
sibicheiro fol. 93

ÇELA, LOPO DE
encanavador por la colaçon de Santa Susana fol. 68

ÇESURES, GONÇALVO DE
notario de Betanços fol 42vº

DAMIL, VAASCO
fol. portada

DANICO, JUAN
fol. portada

DAVILA, JUAN DE
fol. 29
coengo fol. 29, 40
justiça cleriga fol. 30

DIAS DA ALGARA, FERNAN
fol. 22vº

DIAS DE CADUERNIGA, GARÇIA
fol. 88vº

DIAS DE MESIA, GARÇIA
fol. 65

DIAS, GUTIERRE
fol. 85

DIAS, LOPO
coengo fol. 92vº

DIDACUS SANNI, VASCUS
in legibus bachalarius fol. 86

DIEGO
braçeiro e atamadiço fol. 61vº

DOMIGUES, AFONSO
fiel da alcavala do pan fol. 11

DOMINGES DA PENA, AFONSO
fol. 33vº, 42vº, 49, 59vº, 72vº, 73vº, 79vº, 82

DOMINGES DE LIÑARES, JUAN
fol. 15vº, 41vº, 70vº, 72vº, 73vº, 74, 74vº
procurador fol 53vº, 55, 56vº, 57vº, 58vº, 59, 59vº, 61, 61vº, 67, 67vº, 68, 69vº, 70, 70vº, 71, 71vº, 72, 72vº, 73vº, 74, 79
canbeador fol. 58vº, 59vº
mercador fol. 73vº
cadrilleiro da colaçon de San Migell fol. 47

DOMINGES DE PONTEVEDRA, AFONSO
criado de Diego Lopes de Toledo fol. 38

DOMINGES DE REYS, JUAN
vigario da confraria dos carniçeiros fol. 92vº, 93vº, 94

DOMINGES DE VAMELA, FERNAN
mercador fol. 93

DOMINGES, JUAN
fol. 71, 74, 89vº
peliteiro fol. 68

DOMINGES, JUAN
vigario dos carniceiros fol. 94vº

DOMINGES, MAYOR
avoa de Johan Boo fol. 2vº

DOMINGES, PERO
çapateiro fol. 93
vigario da confraria dos çapateiros fol. 94vº

DURAL, JUAN
fol. 41vº

DURAN, JUAN
fol. 2, 6, 6vº, 14, 30vº, 32, 32vº, 34vº, 40vº, 41vº, 43, 44, 48vº
mercador fol. 3vº, 5, 18, 31
fiel da alcavala dos paños fol. 11
fiel da alcavala do pescado fol. 27vº, 28vº

EANES ABRALDES, PERO
fol. 1, 2, 2vº, 3vº, 5vº, 18vº, 27, 31vº, 34, 34vº, 38vº, 48vº, 49, 51vº, 52, 53vº, 54, 55, 58vº, 59, 66, 68, 74, 74vº, 76vº, 77vº, 78, 78vº, 79, 79vº, 82vº, 84vº, 85, 88, 89, 89vº, 90, 91, 92, 92vº
justiça, alcallde fol. 8vº, 11vº, 12vº, 13vº, 14, 14vº, 15vº, 17, 17vº, 18, 19, 19vº, 22vº, 24, 26, 28, 35vº
cadrilleiro da colaçon de San Migell fol. 47
cobre fol. 71, 71vº

EANES DA MOEDA NOVA, GONÇALVO
vigario da confraria dos alfayates fol. 93vº, 94

EANES DE COVAS o Moço, GONÇALVO
mercador fol. 3vº, 5

EANES DE MALPIQUA, AFONSO
fol. 92vº

EANES DE TODA, AFONSO
mercador fol. 6vº

EANES DO CANPO, GONÇALO
fol. 72vº
mercador fol. 3vº

EANES DO CANPO, GONÇALO
vigario da confraria dos alfayates fol. 92vº, 93vº, 94
mercador fol. 3vº

EANES DO ESCURELO, GONÇALVO

fol. 75, 94
fol 72vº, 73vº, 74vº, 87vº

EANES, AFONSO
mercador fol. portada

EANES, AFONSO
alfayate fol. 22
procurador da confradia dos alfayates fol 92vº

EANES, FERNAN
notario e escusador fol. 9vº, 2vº, 3vº, 15, 15vº, 22, 22vº, 24, 40vº, 41vº, 44, 47, 49vº, 51, 52, 53, 53vº, 55, 55vº, 57vº, 59, 61, 61vº, 77, 77vº, 78, 78vº, 79vº, 81vº, 82vº, 83, 83vº, 84vº, 85, 87, 87vº, 88, 89, 89vº, 90, 91vº, 92, 92vº, 93vº, 94, 94vº, 96vº

EANES, GARÇIA
fol. 66
criado de Alvaro Afonso Juliate fol. 26vº, 71vº

EANES, GARÇIA
canbeador fol. 27vº, 47
cadrilleiro da colaçon de San Juan Apostollo fol. 47
fiel da alcavala da froyta fol. 27vº
fiel da alcavala da carne fol. 28vº

EANES, GOMES
alfayate fol. 94

EANES, JACOME
escrivano fol. 61vº

EANES, JUAN
criado de Ruy Sanches de Moscoso fol. 84vº, 91vº
moordomo de Ruy Sanches de Moscoso, fol. 91vº

EANES, PERO
criado de Pero Ferrandes de Trivaldes fol. 89vº

EANES, RODRIGO
fol. 28vº
criado de Ares Fernandes do Vilar fol. 27vº
fiel da alcavala do vinno fol 27vº

EANES, ROY
notario publico do rey fol. 56

ENFESTA, SUEIRO DA
fol. 24, 30, 32vº, 48vº, 55, 58vº, 60, 74
servente do conçello fol. 2vº, 8vº, 34vº, 60vº, 74vº

ENRIQUE II
rey fol. 85

ENRRIQUE III
rey fol. 47, 48, 68, 85, 85vº, 86, 86vº

D'ESPAÑA, JUAN

fol. 6vº, 38vº, 68, 87vº, 90
mercador fol. 84vº
cadrilleiro da colaçon de Santo Andre fol. 47
cobre fol. 71, 71vº

FADRIQUE
Conde de Trastamara. fol. 26º
tio de don Juan. fol. 58
duque d'Arjona fol. 88vº

FAGUNDES, MARTIN
fol. 1, 2, 2vº, 3vº, 5, 5vº
cadrilleiro da colaçon de Santa Maria do Camiño fol. 47

FALQUON, JUAN
alfayate fol. 27vº
fiel da alcavala do pan fol. 27vº

FARIÑA, PERO
vizino da vila de Padron fol. 32vº

FECHA, PERO DE
fol. 26vº

FERNADES MARIÑO, JUAN
fol. 3vº

FERNAN
mercador fol. 51

FERNAN PERES D'OVIEDO, DIEGO
recabdador enno arçobispado de Santiago fol. 52

FERNANDES ABRIL, AFONSO
fol. 42vº, 73, 88
regidor jurado da çidade de Santiago, fol. 1, 9vº, 2, 2vº, 3vº, 6vº, 8, 8vº, 11vº, 12vº, 13vº, 14, 14vº, 15vº, 16, 17, 17vº, 18vº, 19, 19vº, 20vº, 21vº, 22vº, 24, 26, 26vº, 27vº, 27vº, 28vº, 29, 31, 32, 32vº, 33, 33vº, 38vº, 40, 41vº, 43vº, 47, 49vº, 51, 52, 53, 53vº, 54, 55, 55vº, 56, 57vº, 59, 59vº, 62vº, 63, 67, 67vº, 68, 69, 70, 70vº, 71, 72, 73vº, 74vº, 76vº, 77, 77vº, 78vº, 79, 81vº, 82vº, 83, 83vº, 84vº, 85, 88, 89, 89vº, 90, 91vº, 93, 94, 94vº, 96vº
cobre fol. 71, 71vº

FERNANDES ABRIL, JUAN
fol. 14vº, 75vº, 94
alcalle fol. 71vº, 72, 73vº, 74vº, 75, 76vº, 77, 77vº, 78, 78vº, 79, 79vº, 81vº, 82vº, 83, 84vº, 85, 94vº, 96vº
procurador fol. 85
cobre fol. 71, 71vº

FERNANDES DA CANA, JUAN
fol. 13vº, 38, 49, 51vº, 66, 77, 88, 89vº, 90, 92vº, 93vº, 94vº
canbeador fol. 25vº, 26

FERNANDES DA CAÑA, ARES

fol. 11

FERNANDES DE BAMELA, AFON
fol. portada

FERNANDES DE BURGOS, DIEGO
fol. 2, 34vº, 60vº
bachiller en decretos et coengo enna iglesia de Santiago fol. 5, 6vº, 16, 42vº

FERNANDES DE CAÑAS, JUAN
fol. 13?, 15, 27, 49, 59vº
coengo et recabdador do arçobispo fol. 12vº, 14vº, 19vº, 20, 20vº, 27, 28vº, 32, 54vº, 60
canonigo fol. 76vº

FERNANDES DA COTIÑA, PERO
fol. 2

FERNANDES DE ATARES, JUAN
coengo de Santiago fol. 17

FERNANDES DE BOLAÑO, PERO
merino mayor de don Fadrique fol 88vº

FERNANDES DE BURGUEIROS, DIEGO
procurador fol. 34

FERNANDES DE CORVELLE, MARIA
moller de Garçia Rodrigues fol. 67, 75

FERNANDES DE GRADO, JUAN
fol. 1, 12, 62vº
escrivano del rey fol. 52, 87

FERNANDES DE GRUMMA, PERO
fol, 92vº

FERNANDES DE GUARDO, JUAN
fol. 48vº, 87vº

FERNANDES DE LEON, ALFONSO
fol. 65
escrivano del rey fol. 66
cardeal enna igllesia de Santiago fol. 92

FERNANDES DE LEON, DIEGO
fol, 22vº, 52, 65, 66
recabdador mayor fol. 11vº, 20, 24vº, 28, 51, 63, 63vº, 64, 64vº, 66, 66vº

FERNANDES DE MONDOÇA, PERO
dotor en leys et arçidiago de Tras Tamar fol.16

FERNANDES DE NOYA, FRANÇISQUO
escrivano del rey fol. 3vº

FERNANDES DE PERALTA, MARTIN
escudeiro, teedor da torre mayor da praça d'ante a igllesia de Santiago fol. 78vº

FERNANDES DE PILOÑO, VAASCO
fol. 47, 55, 57, 59vº, 61vº, 72vº, 77

FERNANDES DE QUINONES, DIEGO
merino mayor de Asturias fol. 47

FERNANDES DE TRIVALDES, PERO
coengo enna iglesia de Santiago fol. 13, 21, 89vº,92vº

FERNANDES DE VEIX, RUY
cardeal enna iglesia de Santiago fol. 21, 92vº

FERNANDES DO ESCURELO, JOHAN
fiel da alcavala da carne fol. 27vº

FERNANDES DO VILAR, ARES
fol. 8vº, 27vº, 28vº
canbeador fol. 19

FERNANDES D'AROUÇA, JUAN
fol. 71vº

FERNANDES MANRRIQUE, GONÇALVO
fol. 47

FERNANDES MARINO, JUAN
fol. 48vº

FERNANDES MARIN, JUAN
fol. 22vº

FERNANDES MONAPOLIO, MAARTIN
alcalle da reyna Catalina fol. 1vº

FERNANDES PONPELO, AFONSO
jurado fol. 51, 84vº

FERNANDES SARMIENTO, GARÇIA
endeantado mayor de Galiza fol. 4vº, 16, 38vº, 56vº, 58, 60vº

FERNANDES TROQUO, VAASCO
fol. 8vº, 11, 12, 13, 13vº, 14, 14vº, 18, 18vº, 20vº, 21, 24, 27vº, 28, 28vº, 38vº, 40vº, 49, 72, 72vº, 74, 77vº, 85
justiça, alcallde da çidade de Santiago, fol. 1, 2, 2vº, 3vº, 4vº, 5, 6vº, 8, 11vº, 34, 35vº, 53vº, 54, 54vº, 55vº, 56, 56vº, 57vº, 58vº, 59, 59vº, 61vº, 62vº, 63, 67, 67vº, 68, 69, 70, 70vº, 71, 71vº, 72
veedor do conçello fol. 15vº
alcallde da hermandade fol. 47, 84

FERNANDES, AFONSO
peliteiro fol. 33vº, 60, 73vº

FERNANDES, AFONSO
carpenteiro fol. 93vº

FERNANDES, ARES
mercador fol. 93vº

FERNANDES, ARAS
correiro fol. 26vº

FERNANDES, CONSTANÇA

moller de Juan Piqua fol. 52vº

FERNANDES, DIEGO
fol. 47
mariscal del rey fol. 47

FERNANDES, ESTEVOO
fol. 92vº

FERNANDES, IGNES
moller de Juan d'Oural fol. 41vº

FERNANDES, JACOME
cardeal fol. 92

FERNANDES, JUAN
home de Martin Serpe fol. 6

FERNANDES, JUAN
criado de Vaasco Troquo fol. 59

FERNANDES, JUAN
fol. 55

FERNANDES, LIONOR
moller de Vaasco Peres Cabeça fol. 25vº

FERNANDES, LOPO
juis do arçobispo fol. 52

FERNANDES, LOPO
vigario da confraria dos carniçeiros fol. 92vº, 93vº, 94

FERNANDES, NUÑO
jurado fol. 43vº

FERNANDES, ROY
mercador fol. 91

FERNANDES, RUI
fol. 34vº

FERNANDES, ROY
vigario dos piliteiros fol. 92vº

FERNANDES, RUI
notario fol. 2vº, 26vº, 48vº, 61vº, 74, 77vº

FERNANDES, RUY
fol. portada

FERNANDES, RUY
vigario da confraria dos correiros fol. 94

FERNANDES, SANCHO
fol. 64vº

FERNANDES, TURIBIO
zibicheiro fol. 26vº, 91, 94vº

FERNANDES, VAASCO
carniçeiro fol. 71vº

FERNANDI, DIDACUS
in legibus bachalarius fol, 86vº

FERNANDO

infante, hermano de don Enrique fol. 85

FERNANDO, MARTIN
soligian fol. 24

FERNANDUS
bachalarius in legibus fol. 87

FERO, PERO
fol. 27vº

FERREIRA, JUAN DE
çapateiro fol. 28vº
fiel da alcavala da çapataria fol. 28vº

FERREIRO, DIEGO DE
caldereyro fol. 8

FIEL, AFONSO
fol. 49, 87vº
ourives fol. 11vº, 27vº, 30
cadrilleiro da colaçon de Santa Maria Salome fol. 47
fiel da alcavala da prata fol 27vº

FIEL, VASCO
plateiro fol. 87

FIGEIRA, O VELLO, JUAN
vigario dos pedreiros e carpenteiros fol. 92vº, 93vº

FIGEIRAS, MARTIN DE
fol. 52, 84
bachiller en decretos fol. 13, 16, 38vº, 42vº, 53, 55vº
alcalde do arçobispo fol. 13, 16, 55vº

FRAGA, GARÇIA DA
tondidor fol. 78
home de Ruy Sanches de Moscoso fol. 96vº

FRAGA, MARIA DE
moller de Jacome Martines fol. 55vº

FRANÇISQUO
plateiro fol. 49vº

FRANQUA, MARIA
paadeira fol. 74, 79vº

FRANQUEIRA, MARIA
paadeira fol. 61vº

FRANQUO, JOHAN
çapateiro fol. 93

FREIRE, GONÇALVO
fol. 61, 74

FRESQUO, FERNAN
fol. 94vº

FREYRE D'ANDRADE, NUÑO
fol. 1vº, 6vº, 31vº, 32vº, 65

FREYRE, RUY
fol. 48vº, 51vº, 71vº, 72vº, 89vº, 90vº, 91, 91vº
escudeiro fol. 40vº, 90

procurador do conçello fol. 92vº, 93vº, 94, 94vº
cadrilleiro da colaçon de San Froytoso fol. 47

GALOS, GARÇIA
fiel da alcavala da salvagina fol. 11

GALOS, MARTIN
fol. 68, 73vº
